En caso de que o pneumático se monte no sentido do rodamento contrario, é imprescindible que conduza con máis coidado, pois o pneumático xa non se utiliza correctamente. Isto é de especial importancia se o firme está mollado. Cambie o pneumático o antes posible ou mónteo no sentido do rodamento correcto.

Traballos posteriores ao cambio de roda

- Coloque de novo os capuchóns dos parafusos de roda.
- Garde as ferramentas no seu lugar.
- Se a roda substituída non encaixa na cavidade da roda de reposto, gárdea de xeito seguro no maleteiro ››› **páx. 132**.
- Comprobe a presión de inflamento da roda que montou o antes posible.
- En vehículos con indicador da presión dos pneumáticos, modifique a presión e memorícea ››› **páx. 356**.
- Comprobe, o antes posible, o par de apertamento dos parafusos da roda cunha chave dinamométrica ››› **páx. 47**. Ata entón, conduza con precaución.
- Substitúa o pneumático picado o antes posible.

Cambio de gomas

Posición de servizo do limpaparabrisas



Fig. 36 Limpaparabrisas en posición de servizo.

Comprobe que as gomas non estean xeadas.

Co limpaparabrisas na posición de servizo poden dobrarse os brazos do limpaparabrisas ››› **fig. 36**.

- Peche o capó do motor ››› **páx. 335**.
- Conecte e desconecte o acendido.
- Prema a panca do limpaparabrisas brevemente cara abaixo ››› **páx. 121** ④.

Antes de comezar a marcha, debe baixar de novo os brazos do soporte das gomas. Cando a panca do limpaparabrisas está a funcionar, os brazos do soporte das gomas volven á súa posición inicial.

»

Aviso

- **Os brazos limpaparabrisas só se poden desprazar cara á posición para realizar o cambio, estando o capó do motor completamente pechado.**
- **A posición de servizo tamén se pode aproveitar, por exemplo, se cando aparca en inverno, cobre o parabrisas para evitar que se conxele.**

Cambio das gomas do limpaparabrisas e do limpaparabrisas traseiro



Fig. 37 Cambio das gomas do limpaparabrisas.



Fig. 38 Cambio da goma da fiestra traseira.

As gomas limpaparabrisas veñen de serie cunha capa de grafito. Esta capa é a responsable de que o varrido sobre o vidro sexa silencioso. Se a capa está danada, o ruído aumentará ao varrer a auga do cristal.

Comprobe a condición das gomas regularmente. **Se as gomas rascan o vidro**, deben substituírse en caso de deterioración ou limpalas se hai lixo ››› ❗.

Se isto non fose suficiente, pode ser que o ángulo de montaxe dos brazos do limpaparabrisas estea desaxustado. Neste caso, acuda a un taller especializado para que o controlen e axusten.

Se as gomas limpaparabrisas están danadas, deben ser substituídas de inmediato. Pódense comprar en talleres especializados.

Levantar e dobrar os brazos do limpaparabrisas

- Coloque o limpaparabrisas na posición de servizo ››› **páx. 47**.
- Agarre os brazos do limpaparabrisas **só** no punto de fixación da goma.

Limpeza das gomas limpacristais

- Levante os brazos do soporte das gomas.
- Retire con coidado o po e a sucidade das gomas limpacristais cun pano suave.
- Se estiveran moi sucias, aplique con coidado unha esponxa ou un pano ››› ❗.

Cambio das gomas limpacristais do parabrisas

- Levante e baixe os brazos do soporte das gomas.
- Manteña premida a tecla de desbloqueo ››› **fig. 37** ① puxando levemente da goma no sentido da frecha.
- Coloque unha goma nova, **da mesma lonxitude e tipo**, no brazo do soporte das gomas e encástea.
- Coloque de novo os brazos do soporte das gomas sobre o parabrisas.

Cambio da goma limpacristais da fiestra traseira

- Levante e baixe o brazo do soporte da goma.

- Xire a goma lixeiramente ››› **fig. 38** (frecha Ⓐ).
- Manteña premida a tecla de desbloqueo ① puxando da goma no sentido da frecha Ⓑ.
- Insira no brazo limpaparabrisas traseiro unha nova goma **da mesma lonxitude e tipo**, en sentido oposto a frecha Ⓑ ata que se encaste a tecla ①.
- Coloque de novo o brazo do soporte das gomas sobre a fiestra traseira.

⚠ ATENCIÓN

As gomas limpaparabrisas desgastadas ou sucias reducen a visibilidade e aumentan o risco de accidentes e lesións graves.

- **Substitúa as gomas limpaparabrisas sempre que estean danadas ou gastadas, ou cando xa non limpen ben o parabrisas.**

ⓘ PRECAUCIÓN

- **Se as gomas están danadas ou sucias, poden raiar o vidro.**
- **Se usa produtos con disolventes, esponxas ásperas ou obxectos afiados para limpar as gomas, a capa de grafito quedará danada.**
- **Nunca limpe os vidros con combustible, eliminador de esmalte, disolventes de pintura ou produtos similares.**
- **En caso de xeadas, comprobe se as gomas se conxelaron antes de poñer en marcha o limpaparabrisas. Se fai frío, ao estacionar o vehículo pode ser útil colocar o limpaparabrisas na posición de servizo** **››› páx. 47.**

ⓘ PRECAUCIÓN

- **Para evitar danos no capó do motor e nos brazos do limpaparabrisas, dóbreos só na posición de servizo.**
- **Antes de comezar a marcha, baixe sempre os brazos do limpador do limpaparabrisas.**

Axuda de arranque

Cables de emerxencia

Os cables de emerxencia deben ter unha sección suficientemente ancha.

Se o motor non arranca porque se descargou a batería, pode usar a batería doutro vehículo para poñer o seu en marcha.

Para realizar o arranque, necesita **cables de acordo coa norma DIN 72553** (consulte as instrucións do fabricante do cable). A sección do cable nos vehículos con motor de gasolina debe ser de polo menos 25 mm² e en vehículos con motor diésel de polo menos 35 mm².

ⓘ Aviso

- **Non debe haber contacto entre os dous vehículos, pois de ser así, a corrente podería fluír unindo os dous polos positivos.**
- **A batería descargada debe estar debidamente conectada á rede de a bordo.**

Axuda de arranque: descrición



Fig. 39 Esquema de conexión para vehículos con sistema Start Stop.

Conexión dos cables de emerxencia

1. Desconecte o acendido de ambos os vehículos ››› ⚠.
2. Emborne un extremo do cable de emerxencia *vermello* ao polo positivo ⊕ do vehículo coa batería descargada Ⓐ.
3. Emborne o outro extremo do cable de emerxencia *vermello* ao polo positivo »

(+) do vehículo que subministra a corrente (B).

4. Emborne un extremo do cable de emerxencia *negro* (C) a un terminal de masa axeitado, a unha peza de metal sólida que se aparafuse ao bloque motor ou ao mesmo bloque motor.
5. Emborne o outro extremo do cable de emerxencia *negro* (D), no vehículo coa batería descargada, a unha peza de metal sólida que estea aparafusada ao bloque motor ou ao mesmo bloque motor, pero o máis lonxe posible da batería.
6. Coloque os cables de maneira que non poidan quedar atrapados por ningunha peza xiratoria do van do motor.

Posta en marcha

7. Arranque o motor do vehículo que subministra corrente e deixe que funcione ao ralentí.
8. Arranque o motor do vehículo coa batería descargada e espere 2 ou 3 minutos, ata que o motor rode.

Desconexión dos cables de emerxencia

9. Antes de desembornar os cables de emerxencia, apague a luz de cruzamento se está acesa.
10. Active a turbina da calefacción e a fiestra traseira térmica do vehículo coa batería descargada de forma que se reduzan os picos de tensión que se producen ao desembornar.
11. Mentres os motores aínda están en funcionamento, desemborne os cables na orde inversa a como se embornaron.

Asegúrese de que as pinzas teñan suficiente contacto metálico cando as conecten aos polos.

Despois de 10 segundos, se o motor non arranca, ténteo de novo despois de aproximadamente 1 minuto.

⚠ ATENCIÓN

- **Observe as advertencias ao realizar traballos no van do motor** **›››** **páx. 335****.**
- **A batería que subministra a corrente debe ter a mesma tensión (12V) e a mesma capacidade (consulte o adhesivo da batería) que a batería descargada. De non ser así, existe perigo de explosión.**
- **Se unha das baterías está conxelada, nunca intente arrancar cos cables de emerxencia, pode provocar unha explosión. Mesmo despois de desconxelarse, pode sufrir queimaduras cando se derrama o electrólito. Substitúa a batería se está conxelada.**
- **Manteña calquera tipo de fonte de ignición (chamas, cigarros, etc.) suficientemente lonxe das baterías. De non ser así, pode causar unha explosión.**
- **Observe as instrucións de uso do fabricante dos cables de emerxencia.**
- **Non conecte no outro vehículo o cable negativo directamente ao polo negativo da batería descargada. No caso de que salten chispas, o gas detonante que saíra da batería podería inflamarse e podería producirse unha explosión.**
- **Nunca debe conectar o cable negativo do outro vehículo a compoñentes do sistema de combustible nin ás conducións de freo.**
- **Non toque as partes non illadas das pinzas de polos. Ademais, o cable embornado ao polo positivo da batería nunca debe entrar en contacto con pezas do vehículo condutoras de electricidade, xa que existe o perigo de que se produza un curtocircuíto.**
- **Os cables de emerxencia deberán colocarse de xeito que non poidan ser capturados por ningunha peza xiratoria do van do motor.**
- **Non apoie o corpo nas baterías, xa que podería sufrir queimaduras.**

Aviso

Non debe haber ningún contacto entre ambos os dous vehículos, pois de ser así, podería pasar corrente ao unir os polos positivos.

Arrancar por remolque e remolcar

Introdución ao tema

Arrancar por remolque é poñer o motor en marcha dun vehículo mentres outro puxa del.

Remolcar é puxar cun vehículo doutro que non está en condicións de circular.

Teña sempre en conta as disposicións legais sobre arranque por remolque e remolque.

Por motivos técnicos non se permite remolcar o vehículo se a batería está descargada. No seu lugar utilice a axuda de arranque >>> páx. 49.

Se o vehículo ten o sistema Keyless Access, só se permite remolcalo co acendido conectado.

A batería do vehículo vaise descargando se remolca o vehículo co motor apagado e o acendido conectado. Dependendo do estado de carga da batería, a caída da tensión pode ser tan grande, incluso despois de transcorrer só uns minutos, que non funcione ningún consumidor eléctrico do vehículo como, por exemplo, os intermitentes de emerxencia. En vehículos co sistema Keyless Access, o volante podería estar bloqueado >>> ⚠.

⚠ ATENCIÓN

Nunca remolque un vehículo que non teña corrente.

- **Durante o remolque, nunca retire a chave do contacto nin desconecte o acendido co botón de arranque. De non ser así, o bloqueo da columna de dirección podería quedar repentinamente encastado e sería imposible dirixir o vehículo. Isto podería provocar un accidente, lesións graves e perda do control do vehículo.**
- **Se durante o remolque do vehículo quedase sen corrente, deixe de remolcar inmediatamente e solicite a axuda de persoal especializado.**

⚠ ATENCIÓN

Durante o remolque dun vehículo, o comportamento de marcha e a capacidade de freada varían considerablemente. Para reducir o risco dun accidente ou de lesións graves, teña en conta o seguinte:

- **Como condutor do vehículo remolcado:**
  - **Debes pisar o freo con moita máis forza, xa que o servofreo non funciona. Sempre teña coidado de non chocar co vehículo tractor.**
  - **Necesitará máis forza no volante, xa que a dirección asistida non funciona co motor apagado.**
- **Como condutor do vehículo tractor:**
  - **Acelere con especial coidado e cautela.**
  - **Evite as freadas e manobras bruscas.**
  - **Free máis cedo do habitual e con máis suavidade.**

ⓘ PRECAUCIÓN

- **Para evitar danar o vehículo, por exemplo, a pintura, desmonte e monte a tapa e a argola de remolque con coidado.**
- **O combustible sen queimar pode chegar ao catalizador e danalo durante o remolque.**

Indicacións para o arranque por remolque

En xeral, non se debe arrancar un vehículo por remolque. No seu lugar utilice a axuda de arranque >>> páx. 49.

Por motivos técnicos, **non** se permite arrancar por remolque os seguintes vehículos:

- Vehículos con cambio automático.
- Se a batería do vehículo está descargada, xa que en vehículos con sistema de peche e arranque Keyless Access a dirección permanece bloqueada e non se pode desconectar o freo electrónico de estacionamento nin soltar o bloqueo electrónico da columna de dirección se estiveran conectados.

»

• Cando a batería está descargada, as unidades de control do motor poden non funcionar correctamente.

PRECAUCIÓN

Durante un arranque por remolque, o combustible sen queimar pode chegar ao catalizador e causar danos.

Aviso

Só se poderá realizar un arranque por remolque se o freo de estacionamento electrónico e, se fose necesario, o bloqueo electrónico da columna de dirección están desconectados. Se o vehículo quedase sen corrente ou se producira un fallo no sistema eléctrico, entón haberá que poñer o motor en marcha coa axuda de arranque para soltar o freo de estacionamento electrónico e o bloqueo electrónico da columna de dirección.

Indicacións para o remolque

Para remolcar un vehículo é necesario ter certa pericia e experiencia, especialmente se usa un cable de remolque. Ambos os condutores deberían coñecer ben as dificultades que supón o remolque. Por este motivo, os condutores inexpertos deberían absterse de remolcar.

Durante o remolque, debe asegurarse de que non se produzan forzas de tracción inadmisibles nin sacudidas. En manobras de remolque por estradas non pavimentadas, hai perigo de sobrecargar as pezas de fixación.

Durante o remolque, o cambio de dirección pode ser sinalizado no vehículo remolcado aínda que os intermitentes de emerxencia estean acendidos. Para iso, é necesario accionar a panca correspondente dos intermitentes co acendido activado. Durante este tempo os intermitentes de emerxencia permanecen apagados. Unha vez que se sitúa a panca dos intermitentes na posición básica, os intermitentes de emerxencia volveranse a conectar de xeito automático.

Condutor do vehículo remolcado:

• Deixe o acendido conectado para que a dirección non estea bloqueada, de xeito que o freo electrónico de estacionamento poida desconectarse e funcionen os intermitentes e o limpaparabrisas.

• Necesitará máis forza no volante, xa que a dirección asistida non funciona cando o motor está parado.

• Debes pisar o freo con moita máis forza, xa que o servofreo non funciona. Teña coidado de non chocar contra o vehículo tractor.

• Tea en conta a información e as instrucións do manual de instrucións do vehículo que vaia remolcar.

Condutor do vehículo tractor:

• Acelere con especial coidado e cautela. Evite manobras repentinas.

• Free máis cedo do habitual e con suavidade.

• Teña en conta a información e as indicacións do manual de instrucións do vehículo remolcado.

Cable de remolque ou barra de remolque

A barra de remolque é máis segura para remolcar e evita danos no vehículo. O cable de remolque só se debe usar se a barra de remolque non está dispoñible.

O cable de remolque debe ser elástico para que non se produzan danos nos vehículos. Use un cable de fibra sintética ou dun material elástico similar.

Fixe o cable ou a barra de remolque só nas argolas previstas para este fin ou no dispositivo de remolque.

Se o vehículo está **equipado cun dispositivo de remolque de fábrica só** se permite remolcar cunha barra de remolque que fose especialmente deseñada para o seu montaxe nun gancho de remolque >>> **páx. 319**.

Cando sexa preciso remolcar o vehículo:

Comprobe se o vehículo pode ser remolcado >>> **páx. 53, Casos nos que non se permite remolcar o vehículo**.

O vehículo pode remolcarse dun modo normal coa barra de remolque ou co cable de remolque, ou ben co eixe dianteiro ou traseiro levantado.

- Conecte o acendido.
- Mova a panca do selector á posición **N** >>> **páx. 243**.
- Non permita que o vehículo sexa remolcado a unha velocidade superior a 50 km/h (30 mph).
- Non permita que o vehículo se remolque máis de 50 km.
- Se usa un guindastre, no caso de vehículos con cambio automático só está permitido remolcalos coas rodas dianteiras suspendidas.

Remolcar vehículos de tracción total (4Drive)

Os vehículos con tracción total (4Drive) poden ser remolcados cunha barra ou un cable de remolque. Se o vehículo está remolcado co eixe dianteiro ou traseiro suspendido, o motor debe estar apagado, de non ser así, a transmisión podería resultar danada.

Casos nos que non se permite remolcar o vehículo

- Se, debido a unha falla, a caixa de cambios quedou sen lubricante.
- Se a batería está descarga, xa que a dirección permanece bloqueada e, dependendo do caso, o freo de estacionamento electrónico non se poderá desconectar e non se pode soltar o bloqueo electrónico da columna de dirección.
- Se ten que recorrer máis de 50 km.
- Cando, por exemplo, despois dun accidente, non se poida garantir o xiro sen problemas das rodas ou o funcionamento da dirección.

Cando o vehículo está remolcando outro vehículo:

- Teña en conta as disposicións legais a este respecto.
- Teña en conta as indicacións do manual de instrucións sobre o remolque de vehículo.

PRECAUCIÓN

No caso de que, debido a unha avaría, o cambio do seu vehículo non conteña máis lubricante, o vehículo só se deberá remolcar coas rodas motrices levantadas ou transportarse sobre unha camioneta ou remolque especial.

Aviso

O vehículo só se poderá remolcar se o freo de estacionamento electrónico e o bloqueo electrónico da columna de dirección están desconectados. Se o vehículo quedase sen corrente ou se producira un fallo no sistema eléctrico, entón haberá que poñer o motor en marcha coa axuda de arranque >>> **páx. 49** **para desconectar o freo de estacionamento electrónico e soltar o bloqueo electrónico da columna de dirección.**

Argola de remolque dianteira



Fig. 40 No lado dereito do parachoques dianteiro:retirar a tapa.

Fig. 41 No lado dereito do parachoques dianteiro:argola de remolque roscada.

A cavidade da argola de remolque enroscada sitúase no lado dereito do parachoques dianteiro detrás dunha tapa ››› **fig. 40**.

A argola de remolque sempre ten que ir no vehículo.

Teña en conta as indicacións para o remolque ››› **páx. 52**.

Montar a argola de remolque dianteira

- Saque a argola de remolque das ferramentas de a bordo do maleteiro ››› **páx. 40**.
- Extraia a tapa do anel premendo cara a fóra co dedo a través do orificio a través da reixa ››› **fig. 40**.
- Retire a tapa e déixaa colgado do vehículo.
- Enrosque a argola de remolque na cavidade, xirándoa ao máximo **no sentido contrario ao das agullas do reloxo** ››› **fig. 41** ››› ❶. Use un obxecto adecuado co que poida enroscar totalmente e con firmeza a argola de remolque na súa cavidade.
- Despois de remolcar desenrosque a argola **no sentido das agullas do reloxo** cun obxecto axeitado.
- Coloque de novo a tapa inseríndoa primeiro pola parte de abaixo e premendo ata que encaste no parachoques.
- Se fose necesario, limpe a argola e volva a gardala no maleteiro coas demais ferramentas de a bordo.

ⓘ PRECAUCIÓN

A argola de remolque debe estar sempre enroscada totalmente e con firmeza. De non ser así, podería saír da cavidade durante o arranque por remolque ou durante o remolque.

Argola de remolque traseira



Fig. 42 No lado dereito do parachoques traseiro:retirar a tapa.



Fig. 43 No lado dereito do parachoques traseiro:argola de remolque roscada.

A cavidade da argola de remolque enroscada está situada no lado dereito do parachoques traseiro detrás dunha tapa ››› **fig. 42**.

Os *vehículos equipados de serie cun dispositivo de remolque* **non** dispoñen dun

aloxamento para a argola de remolque enroscada detrás da tapa. Neste caso, hai que extraer o enganche de bóla e empregalo para o remolque ››› páx. 319, ›››.

Teña en conta as indicacións para o remolque ››› páx. 52.

Montar a argola de remolque traseira (vehículos sen dispositivo de remolque da fábrica)

- Saque a argola de remolque das ferramentas de a bordo do maleteiro ››› páx. 40.
- Prema sobre a parte superior da tapa ››› **fig. 42** para desencaixala.
- Retire a tapa e déixaa colgado do vehículo.
- Enrosque a argola de remolque na cavidade, xirándoa ao máximo **no sentido contrario ao das agullas do reloxo** ››› **fig. 43** ›››. Use un obxecto adecuado co que poida enroscar totalmente e con firmeza a argola de remolque na súa cavidade.
- Despois de remolcar desenrosque a argola **no sentido das agullas do reloxo** cun obxecto axeitado.
- Insira a pestana superior da tapa na abertura do parachoques e prema sobre a parte inferior da tapa ata que a pestana encaste no parachoques.
- Se fose necesario, limpe a argola e volva a gardala no maleteiro coas demais ferramentas de a bordo.

PRECAUCIÓN

- **A argola de remolque debe estar sempre enroscada totalmente e con firmeza. De non ser así, podería saír da cavidade durante o arranque por remolque ou durante o remolque.**
- **Se o vehículo está equipado cun dispositivo de remolque de fábrica só se permite remolcar cunha barra de remolque que fose especialmente deseñada para o seu montaxe nun enganche de bóla. Se usa unha barra de remolque inadecuada, tanto o enganche da bóla como o vehículo poderían resultar danados. No seu lugar, cómpre usar un cable de remolque.**

Fusibles e lámpadas

Fusibles

Introdución ao tema

En principio, un fusible pode estar asignado a varios dispositivos. Pola contra, é posible que a un dispositivo lle correspondan varios fusibles.

Substitúa os fusibles só se a causa do erro foi resolta. Se un fusible volve a fundirse pouco despois de cambialo, o sistema eléctrico deberá ser verificado nun taller especializado.

ATENCIÓN

Coa alta tensión do sistema eléctrico pode recibir choques e queimaduras graves, podendo provocar a morte.

- **Nunca toque os cables eléctricos do sistema de acendido.**
- **Evite provocar un curtocircuíto no sistema eléctrico.**

ATENCIÓN

Usar fusibles inadecuados, reparar fusibles e facer unha ponte nun circuíto de corrente sen fusibles poden producir un incendio e lesións graves.

- **Nunca empregue fusibles de maior valor. Substitúa os fusibles só con fusibles da** »

mesma amperaxe (mesma cor e gravado) e tamaño.

- Nunca substitúa os fusibles por unha tira metálica, un clip ou similar.

PRECAUCIÓN

- Para evitar danar o sistema eléctrico do vehículo, antes de substituír un fusible, o acendido, as luces e demais dispositivos eléctricos deben estar sempre apagados e debe sacar a chave do acendido.
- Protexa as caixas de fusibles abertas para evitar a entrada de lixo ou humidade, xa que poden causar danos no sistema eléctrico.

Aviso

- Varios fusibles poden corresponder a un dispositivo.
- Un fusible tamén pode pertencer a varios dispositivos.
- Hai máis fusibles no vehículo dos indicados neste capítulo.

Fusibles no interior do vehículo



Fig. 44 Vehículos con volante á esquerda:tapa da caixa de fusibles debaixo do taboleiro de instrumentos do lado do condutor



Fig. 45 Portaluvas (volante á dereita):acceso á caixa de fusibles.

Abrir e pechar a caixa de fusibles situada debaixo do taboleiro de instrumentos (volante á esquerda)

- *Abrir:* abata a cuberta cara abaixo ›› **fig. 44**.
- *Pechar:* abata a cuberta cara arriba ata que encaixe.

Fusibles detrás do portaluvas (volante á dereita)

- Abra o portaluvas e, se é necesario, baléireo.
- Desmonte o freo de apertura ››› **fig. 45** Ⓐ en dous pasos: primeiro desbloquee o freo puxando deste cara atrás (frecha ①) e despois despráceo lixeiramente cara á dereita (frecha ②). Desmonte a guía cando a tapa estea en apertura normal (30°).
- Libere os pivotes laterais Ⓑ e desbloquee a tapa ata a segunda abertura (60°).
- Proceda en orde inversa para colocar de novo o portaluvas na posición de servizo.

Distinción mediante cores dos fusibles situados baixo o taboleiro de instrumentos

Cor	Intensidade da corrente en amperes
Negro	1
Lila	3
Marrón claro	5
Marrón	7,5
Vermello	10
Azul	15
Amarelo	20
Branco ou transparente	25
Verde	30
Laranxa	40

PRECAUCIÓN

- **Desmonte as tapas das caixas de fusibles e mónteas de novo correctamente para evitar danos no vehículo.**
- **Protexa as caixas de fusible abertas para evitar que penetre lixo ou a humidade. O lixo e a humidade nas caixas de fusibles poden causar danos no sistema eléctrico.**

Fusibles no compartimento do motor



Fig. 46 No van motor:tapa da caixa de fusibles.

Abrir a caixa de fusibles do compartimento do motor

- Abra o capó do motor ⚠ ››› **páx. 335**.
- Prema as pestanas de bloqueo para desbloquear a tapa da caixa de fusibles ››› **fig. 46**.
- Retire a tapa cara arriba.
- Para **montar** a tapa, colóquea sobre a caixa de fusibles. Empurre as pestanas cara abaixo ata que fagan clic.

Substituír un fusible fundido



Fig. 47 Representación dun fusible fundido.

Preparativos

- Desconecte o acendido, as luces e todos os dispositivos eléctricos.
- Abra a caixa de fusibles correspondente ››› **páx. 56**, ››› **páx. 57**.

Recoñecer un fusible fundido

Recoñecerá un fusible fundido se a tira de metal está fundida ››› **fig. 47**.

»

- Ilumine o fusible cunha lanterna para ver se está fundido.

Substituír un fusible

- Elimine o fusible.
- Substitúa o fusible fundido cun novo de amperaxe *idéntica* (mesma cor e gravado) e tamaño *idéntico*.
- Coloque de novo a cuberta ou peche a tapa da caixa de fusibles.

Dotación de fusibles

Substitúa os fusibles só con fusibles da mesma amperaxe (mesma cor e gravado) e tamaño.

Dotación de fusibles no habitáculo

N°	Consumidores/Amperes	
4	Bucina alarma	7,5
5	Gateway	7,5
6	Panca de cambio automático	7,5
7	Panel de control do climatizador/calefacción, calefacción da fiestra traseira, calefacción estacionaria	10
8	Diagnóstico, conmutador do freo de estacionamento electrónico, conmutador das luces, luz de marcha atrás, iluminación interior, modo de condución, calcañeira iluminada	7,5
9	Columna de dirección	7,5
10	Pantalla radio	7,5
11	Luces esquerda	40
12	Radio	20
14	Ventilador do climatizador	40
15	Desbloqueo columna de dirección	10
16	Connectivity Box	7,5
17	Cadro de instrumentos, OCU	7,5
18	Cámara posterior	7,5
19	Kessy	7,5
20	SCR, relé motor 1.5	10/15
21	Unidade de control 4x4 Haldex	15
22	Remolque	15
23	Teito eléctrico	30
24	Luces dereita	40
25	Porta esquerda	30
26	Asentos quentes	30

N°	Consumidores/Amperes	
27	Luz interior	30
28	Remolque	25
31	Unidade de control para o portón traseiro	30
32	Unidade de control axuda aparcamento, cámara frontal e radar	7,5/10
33	Airbag	7,5
34	Interruptor marcha atrás, sensor de clima, espello electrocrómico, tomas de corrente posteriores (USB)	7,5
35	Diagnóstico, central de faros, regulador de faros	7,5
36	Faro Led dereito	7,5
37	Faro Led esquerdo	7,5
38	Remolque	25
39	Porta dereita	30
40	Toma 12V	20
42	Cierre centralizado	40
43	Beats Audio can e most.	30
44	Remolque	15
45	Asento eléctrico do condutor	15
47	Limpaparabrisas traseiro	15

N°	Consumidores/Amperes	
49	Motor de arranque, sensor do embrague	7,5
52	Modo de condución	15
53	Fiestra traseira térmica	30

Fusible aéreo	Amperes
Tomas de corrente posteriores	7,5

Dotación de fusibles no compartimento do motor

N°	Consumidores/Amperes	
1	Unidade de control do ESP	25
2	Unidade de control do ESP	40/60
3	Unidade de control do motor	15
4	Sensores motor	10
5	Sensores motor	10
6	Sensor da luz de freo	7,5
7	Alimentacións motor	7,5/10
8	Sonda lambda	10/15
9	Motor	10
10	Unidade de control gasolina	15
11	PTC	40
12	PTC	40

N°	Consumidores/Amperes	
13	Bomba cambio	30
14	Parabrisas calefactado	40
15	Claxon	15
16	Bomba gasolina	20
17	Unidade de control do motor	7,5
18	Borne 30 (positivo de referencia)	7,5
19	Limpacristais dianteiro	30
21	Unidade de control do cambio automático	15
22	Unidade de control motor	7,5
23	Motor de arranque	30
24	PTC	40
31	Bomba presión	15
37	Calefacción estacionaria	20

Aviso

- **Hai máis fusibles no vehículo dos indicados neste capítulo. Estes deben ser substituídos exclusivamente nun taller especializado.**
- **As posicións que non están ocupadas por ningún fusible non aparecen nas táboas.**
- **Algúns dos equipamentos relacionados nas táboas pertencen só a certas versións do modelo, ou constitúen un equipamento opcional.**
- **Pregámoslle que teña en conta que as táboas reflicten os datos dispoñibles ao momento de imprimir este manual, polo que están suxeitos a cambios.**

Cambiando lámpadas

Introdución ao tema

Faros full-LED

Os faros full-LED inclúen todas as funcións luminosas (luz diúrna, posición, intermitente, luz de cruzamento e luz de ruta) con díodos electroluminiscentes (LED) como fonte de luz.

Os faros full-LED foron deseñados para durar toda a vida do coche e as fontes de luz non poden ser substituídas. En caso de avaría do faro, vai a un taller autorizado para a súa substitución.

Lámpadas incandescentes posteriores

	Tipo
Luz intermitente	PY21W LL
Luz de marcha atrás	W16W
O resto de funcións son con LED	

»

PRECAUCIÓN

- **Antes de traballar no sistema eléctrico, hai que extraer a chave do contacto. De non ser así, pode producirse un curtocircuíto.**
- **Apague as luces e a luz de aparcamento antes de cambiar unha lámpada de incandescencia.**
- **Teña coidado de non danar ningunha peza.**

Nota sobre o medio ambiente

Nas tendas especializadas poderase informar de como desbotar as lámpadas incandescentes defectuosas.

Aviso

- **Comprobe con regularidade que todos os equipos de iluminación do seu vehículo funcionan á perfección, en especial as luces exteriores. Isto non só redunda na súa seguridade, senón tamén na dos demais condutores.**
- **Adquira a nova lámpada antes de comezar a substituír a lámpada defectuosa.**
- **Non toque a ampola de vidro da lámpada coa man, é mellor usar un anaco de tea ou papel, xa que os restos deixados pola pegada dactilar evaporaríanse pola calor da lámpada incandescente, precipitaríanse na superficie do espello e acabarían danando o reflector.**

Lámpadas posteriores situadas na carrozaría



Fig. 48 Maleteiro:acceso ao parafuso de fixación da unidade de luz traseira.



Fig. 49 Lingüetas de fixación na parte posterior da unidade de luz traseira.

– Comprobe cal é a lámpada avariada.

– Abra o portón traseiro.

– Retire a tapa facendo panca co lado plano dun desaparafusador no rebaixe ››› **fig. 48** ①.

– Extraia o conector da lámpada.

– Desenrosque coa man ou con axuda dun desaparafusador o parafuso de fixación do piloto ››› **fig. 48** ②.

– Extraia o piloto da carrozaría, puxando cara a vostede con coidado e depositeo sobre unha superficie limpa e lisa.

– Desmonte o portalámpadas desbloqueando as lingüetas de fixación ››› **fig. 49** ①.

– Cambie a lámpada defectuosa.

– Proceda en sentido inverso para a súa montaxe e preste especial atención ao colocar o portalámpadas. As lingüetas de fixación teñen que encaixar de forma audible.

PRECAUCIÓN

Desmonte a unidade de luz traseira con coidado para non danar ningunha peza nin a pintura.

Aviso

- **Coloque un pano suave como base para evitar danar a unidade de luz traseira ao depositala.**
- **No caso dos pilotos LED, cambiar só a luz do intermitente.**

Lámpadas posteriores situadas no portón traseiro



Fig. 50 Portón traseiro aberto:retirar a tapa.



Fig. 51 Desmontar o portalámpadas.

As lámpadas substitúense co portón traseiro aberto.

– Retire a tapa do portón na dirección da frecha ››› **fig. 50**.

– Desbloquee as lingüetas de fixación do portalámpadas ››› **fig. 51** ①, ou ben, xire o portalámpadas cara á esquerda ② e ③.

– Extraia o portalámpadas do seu sitio.

– Prema sobre a lámpada defectuosa lixeiramente cara ao portalámpadas, xírea a continuación cara á esquerda e retírea.

– Coloque a lámpada nova, introdúzaa na súa base facendo un pouco de presión e xírea á dereita ata chegar ao tope.

– Limpe o corpo de vidro das lámpadas cun pano para eliminar as pegadas dactilares que poida haber.

– Verifique o funcionamento das lámpadas de incandescencia.

– Proceda en sentido inverso para a súa montaxe e preste especial atención en colocar o portalámpadas, comprobando que as lingüetas de fixación estean correctamente suxeitas.

Aviso

No caso do piloto LED, só se pode cambiar a lámpada de marcha atrás.

Cambio de lámpadas da luz de matrícula.



Fig. 52 No parachoques posterior:luz de matrícula.



Fig. 53 Luz de matrícula:desmontar o portalámpadas.

Realice as operacións na secuencia indicada:

– Prema a pestana da luz de matrícula na dirección da frecha ››› **fig. 52**.

– Extraia un pouco a luz da matrícula.

»

– Prema no bloqueo do conector no sentido da frecha ››› **fig. 53** ① e extraia o conector.

– Xire o portalámpadas no sentido da frecha ››› **fig. 53** ② e extráiao xunto coa lámpada.

– Substitúa a lámpada avariada por unha lámpada nova idéntica.

– Encaixe o portalámpadas na luz da matrícula e xíreo ata o tope en sentido contrario ao da frecha ››› **fig. 53** ②.

– Enchufe o conector no portalámpadas.

– Encaixe a luz da matrícula coidadosamente na abertura do parachoques. Asegúrese de colocar a luz da matrícula na posición correcta.

– Introduza a luz da matrícula no parachoques premendo ata que se encaste de forma audible.

Aviso

Dependendo do nivel de equipamento do vehículo, as luces de matrícula poden ser con LED. Os díodos LED teñen unha vida estimada superior á vida do coche. En caso de avaría dunha luz con LED, acuda a un taller autorizado para a súa substitución.

Intermitentes laterais



Fig. 54 Intermitente integrado no espello retrovisor

Os intermitentes laterais son LED e están integrados nos espellos retrovisores exteriores.

Se non funcionan, diríxase a un taller autorizado para substituílos.

Luz de freo adicional

Tendo en conta que está formada por lámpadas LED, o cambio debería facerse nun servizo técnico.



Fig. 55 Posto de condución.

Operación

Posto de condución

Vista interior

Cadro xeral

① Asa da porta
② Interruptor para peche centralizado 94
③ Mando para o axuste eléctrico dos retrovisores exteriores 124
④ Difusores de aire 149
⑤ Panca de mando para:
– Intermitentes e luz de estrada 115
– Sistema de aviso de saída do carril (Lane Assist) 276
– Asistente da luz de estrada 116
– Regulador de velocidade (GRA) 258
⑥ Segundo equipamento:
– Panca do regulador de velocidade 258
⑦ Volante con bucina e
– Airbag do condutor 25
– Mandos para o computador de a bordo 80
– Teclas de operación para radio, teléfono, navegación e sistema de operación por voz 152
– Levas para a operación do tiptronic (cambio automático) 245
⑧ Cadro de instrumentos 66
⑨ Panca de mando para:
– Limpa/lavaparabrisas 121
– Limpa/lavaparabrisas traseiro 121
– Computador de a bordo 71
⑩ Sistema Easy Connect (navegación, radio, TV/vídeo) 152
⑪ Dependendo do equipamento, teclas para:
– Sistema Start-Stop 241
– Sistema de asistencia para aparcar 306
– Intermitentes de emerxencia 118
– Interruptor presión pneumáticos 357
– Indicador de desconexión do airbag 26
⑫ Dependendo do equipamento, portaluvas con: 141
– Lector CD* e/ou tarxeta SD* 195
⑬ Airbag do acompañante 25
⑭ Interruptor do airbag do acompañante 26
⑮ Mando do asento térmico do acompañante 150
⑯ Mandos para o climatizador automático 146
⑰ En función do equipamento:
– Entrada USB/AUX-IN 235
– Acendedor/toma de corrente . . . 143
– Connectivity Box / Wireless Charger* 235
– Portaobxectos 140
⑱ Panca do cambio automático, DSG 243
⑲ Mando rotativo (Driving Experience button) para modos de condución 253
⑳ Conmutador do Auto Hold 292
㉑ Conmutador do freo de estacionamento electrónico 289
㉒ Botón de arranque (sistema de peche e arranque sen chave Keyless Access) 237
㉓ Mando do asento térmico do condutor 150
㉔ Leva para axustar a columna de dirección 15
㉕ Airbag de xeonllos 27
㉖ Desbloqueo do capó 336
㉗ Conmutador de luces 113
㉘ Alzavidros eléctrico . . . . . 107 »

Aviso

- **Algúns dos equipamentos relacionados pertencen só a certas versións do modelo ou son equipamentos opcionais.**
- **En vehículos con volante á dereita*, a disposición dos mandos difire parcialmente da que se amosa en ››› páx. 64. Os símbolos dos mandos son, porén, os mesmos.**

Instrumentos e indicadores de control

Cadro de instrumentos

Introdución ao tema

Despois de poñer o motor en marcha coa batería de 12 voltios profundamente descargada ou recentemente substituída, algúns axustes do sistema (como a hora, a data, os axustes de confort personalizados e as programacións) poden terse desaxustado ou borrado. Comprobe e corrixa estes axustes unha vez que a batería estea suficientemente cargada.

⚠ ATENCIÓN

Calquera distracción pode ocasionar un accidente, co consecuente risco de lesións.

- **Non opere os mandos do cadro de instrumentos durante a condución.**
- **Para reducir o risco de causar un accidente e de que se produzan lesións, só faga os axustes para as indicacións da pantalla do cadro de instrumentos e para as indicacións da pantalla do sistema de infotainment cando o vehículo estea parado.**

Cadro de instrumentos dixital (Digital Cockpit)



Fig. 56 Digital Cockpit no taboleiro de instrumentos (vista clásica).

Explicacións sobre os instrumentos:

① **Indicador da temperatura do refrixerante do motor** ›› **páx. 78**

② **Contador de revolucións**. Revolucións por minuto do motor de marcha ›› **páx. 77**.

③ **Marcha engrenada ou posición da panca selectora seleccionada actualmente**

④ **Indicacións da pantalla** ›› **páx. 69**

⑤ **Velocímetro**

⑥ **Indicador dixital da velocidade**

⑦ **Indicador do nivel de combustible** ›› **páx. 78**.

⑧ **Perfís de información** ›› **páx. 67**.

O Digital Cockpit é un cadro de instrumentos dixital cunha pantalla TFT en cor de alta resolución. Ten 4 vistas accesibles mediante a tecla VIEW do volante multifunción. Ao seleccionar diferentes perfís de información pode ver indicacións adicionais ás dos instrumentos circulares clásicos, como datos da navegación, multimedia ou datos de viaxe.

As 4 vistas son:

– *Vista Clásica*
– *Digital maps* (sen perfís de información)
– *Semicircular watches*
– *Sport*

Todas as vistas amosarán información na pantalla sobre audio, teléfono, datos de viaxe, estado do vehículo, navegación e asistentes de condución.

Na *Vista Clásica* e en *Semicircular watches* ten a posibilidade de personalizar a información que aparece en **Perfís de información** ›› **fig. 56 ⑧**.

Perfís de información

Mediante a opción **CUADRO INSTRUM** (tecla de infotainment > **Vista > Cuadro instrum.**) pode elixir entre as diferentes opcións de visualización da información que aparecerá no Digital Cockpit. »

Vista Clásica

As agullas de revolucións por minuto e velocímetro aparecen en toda a súa lonxitude ››› fig. 56.

Ver 1, 2, 3 ou AUTOMÁTICA*[1)]

Personalización da información que aparecerá no Digital Cockpit. Só poderán aparecer 2 destas informacións simultaneamente, pero o usuario é o que determina cales delas desexa que se visualicen e en que orde o farán desprazando o dedo verticalmente sobre as esferas.

Dependendo da versión, as Vistas poden memorizarse saíndo do menú ou premendo a tecla **Vista** correspondente.

- **Consumo**. Representación gráfica do consumo actual e indicación dixital do consumo medio.
- **Audio**. Indicación dixital da reprodución de audio actual.
- **Altitud**. Indicación dixital da altura actual por riba do nivel do mar.
- **Brújula**. Indicación dixital do compás.
- **Información sobre la llegada al destino**. Indicación dixital do tempo de viaxe restante, da distancia ao destino e da hora estimada de chegada.
- **Autonomía**. Indicación dixital da autonomía restante.
- **Duración de viaje**.
- **Guía al destino**.
- **Trayecto**. Indicación dixital do traxecto percorrido.
- **Asistentes**. Representación gráfica de diferentes sistemas de asistencia.
- **Señales de tráfico**. Visualización dos sinais de tráfico detectados.
- **Navegación**. Representación gráfica de navegación por frechas.

Dependendo do equipamento, o número e o contido dos perfís de información elixibles poden variar.

Mapa de navegación no Digital Cockpit*

Fig. 57 Sistema de infotainment:tecla de traspaso de mapa

Dependendo do equipamento, o Digital Cockpit pode amosar un mapa detallado. Para facelo, seleccione a opción de menú **Navegación** no cadro de instrumentos ››› páx. 70.

Dependendo do equipamento, o mapa de navegación pode amosarse no Digital Cockpit, no sistema de Infotainment ou en ambos á vez. Cando se amose só no sistema de Infotainment, só se amosarán as frechas das manobras no Digital Cockpit.

[1)] Informacións prefixadas en función do “Modo de Condución” seleccionado.

Traspaso de mapa de navegación

Usando a tecla de transferencia do mapa ››› **fig. 57**, o mapa transfírese do sistema de Infotainment ao Digital Cockpit e viceversa.

A través da roda dereita do volante multifunción, estando no menú **Navegación**, pode volver a traspasar o mapa ao Sistema de Infotainment.

Indicacións na pantalla

Posibles indicacións na pantalla do cadro de instrumentos

Na pantalla do cadro de instrumentos pode amosarse diversa información en función do equipamento do vehículo:

- Portas, capó do motor e portón traseiro do maleteiro abertos
- Mensaxes de advertencia e de información
- Contaquilómetros
- Hora ››› **páx. 77**
- Indicacións da radio e do sistema de navegación
- Indicacións do teléfono
- Temperatura exterior
- Indicación do compás
- Posicións da panca selectora
- Recomendación de marcha (modo Tiptronic) ››› **páx. 250**
- Indicación dos datos de viaxe (indicador multifunción) e menús para facer diversos axustes ››› **páx. 70**
- Indicador de intervalo de servizo ››› **páx. 79**
- Advertencia de velocidade ››› **páx. 71**
- Advertencia de velocidade para os pneumáticos de inverno
- Indicación do estado do sistema Start-Stop ››› **páx. 241**
- Sinais detectados polo sistema de detección de sinais de tráfico ››› **páx. 74**
- Indicacións dos sistemas de asistencia ao condutor ››› **páx. 258**
- Copyright

Portas, capó do motor e portón traseiro do maleteiro abertos

Despois de desbloquear o vehículo e durante a marcha, a pantalla do cadro de instrumentos amosa se está aberta algunha das portas, o capó do motor ou o portón do maleteiro e, se é necesario, tamén o indica mediante un sinal acústico. Dependendo da versión do cadro de instrumentos, a representación pode variar.

Posicións da palanca selectora (cambio de dobre embrague DSG®)

A posición actual da panca selectora amósase á beira da panca igual que na pantalla do cadro de instrumentos. Cando a panca está na posición **D/S**, así como na posición Tiptronic, segundo sexa o caso amósase na pantalla do cadro de instrumentos a marcha engrenada en cada momento.

Indicador da temperatura exterior

Se a temperatura exterior é inferior a aprox. +4 °C (+39 °F), no indicador da temperatura exterior ilumínase adicionalmente o “símbolo do cristal de xeo” ❄. Este símbolo permanece acendido ata que a temperatura exterior supera os + 6 °C (+43 °F) ››› ⚠.

Cando o vehículo está parado, cando a calefacción independente está conectada ou cando se circula a unha velocidade moi baixa, a temperatura exterior indicada pode ser maior que a temperatura real debido ao calor emitido polo motor.

O rango de medida varía dende -45 °C (-49 °F) a +76 °C (+169 °F).

Recomendación de marcha

Na pantalla do cadro de instrumentos, pódese amosar durante a condución unha recomendación da marcha que se debería escoller para aforrar combustible ››› **páx. 250**.

Contaquilómetros

O *contaquilómetros total* rexistra o quilometraxe total percorrido polo vehículo. »

O *contaquilómetros parcial* (**trip**) indica os quilómetros percorridos dende a última vez que se puxo a cero.

- Poña o contaquilómetros parcial a cero mediante o sistema de infotainment ou o volante multifunción ››› **páx. 71**.

Advertencia de velocidade para os pneumáticos de inverno

Se supera a velocidade máxima axustada, indícase na pantalla do cadro de instrumentos ››› **páx. 70**.

No sistema de infotainment pode facer axustes para a advertencia de velocidade, a través da tecla infotainment > **AJUSTES** > **Asistencia al condutor** ››› **páx. 84**.

Indicación do compás

Dependendo do equipamento, cando o acendido está conectado, na pantalla do cadro de instrumentos indícase a dirección na que se circula cun símbolo, por exemplo, NO, para o noroeste.

Cando o sistema de infotainment está acendido e non hai ningunha guía para o destino activa, tamén se amosa a representación gráfica dun compás.

Copyright

Texto legal sobre os dereitos de propiedade e de autor do cadro de instrumentos.

⚠ ATENCIÓN

Mesmo se a temperatura exterior é maior que o punto de conxelación, pode haber xeo nas estradas e pontes.

- **O "símbolo de cristal de xeo" indica que pode haber perigo de xeadas.**
- **A temperaturas exteriores superiores a +4 °C (+39 °F), tamén pode haber xeo aínda que o "símbolo do cristal de xeo" non se acenda.**
- **O sensor de temperatura exterior realiza unha medición de orientación.**

Aviso

- **Hai varios cadros de instrumentos, polo que poden variar as versións e as indicacións da pantalla. No caso das pantallas sen visualización de mensaxes informativos ou de advertencia, as anomalías só están indicadas mediante indicadores de control.**
- **Algunhas indicacións da pantalla do cadro de instrumentos poden estar agochadas por algún evento súbito, por exemplo, unha chamada entrante.**
- **Dependendo do equipamento, algúns axustes e indicacións poden realizarse ou amosarse tamén no sistema de infotainment.**
- **Se existen varias advertencias, os símbolos correspondentes se iluminarán sucesivamente durante uns segundos. Os símbolos permanecerán acendidos ata que a causa se elimine.**
- **Se cando conecta o acendido amósanse advertencias sobre anomalías existentes, é posible que non se poidan realizar axustes e que non se poida amosar a información do xeito descrito. Neste caso, vaia a un taller especializado e solicite a reparación das anomalías.**

Menús do cadro de instrumentos

O número de menús e de indicacións informativas dispoñibles depende do sistema electrónico e do equipamento do vehículo.

Nun taller especializado pode programar outras funcións ou cambiar as existentes segundo o equipamento do vehículo. CUPRA recomenda acudir para iso a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.

Algunhas opcións de menú só se poden abrir co vehículo parado.

- **Datos de viaje** ››› **páx. 71**
- **Asistentes**
  - Lane Assist On/Off ››› **páx. 276**
  - Front Assist On/Off ››› **páx. 263**
  - Detector de ángulo morto On/Off ››› **páx. 283**
  - ACC (só visualización) ››› **páx. 268**

- **Navegación**
- **Audio**
- **Teléfono**
- **Estado del vehículo** ››› **páx. 72**

Menú Servizo

No menú Servicio poden realizarse diversos axustes en función do equipamento.

Abrir o menú Servicio

Para abrir o menú **Servicio**, seleccione o perfil de información **Autonomía** dentro do menú **Datos de viaje** e manteña premida a tecla OK do volante multifunción durante 4 segundos aprox., ao soltala amósase o menú **Servicio**. Agora pode navegar polo menú coas teclas do volante multifunción do xeito habitual.

Reiniciar o indicador de intervalos de servizo

Seleccione o menú **Servicio** e siga as indicacións da pantalla do cadro de instrumentos.

Reiniciar o servizo de aceite

Seleccione o menú **Restabl. Servicio de aceite** e siga as instrucións da pantalla do cadro de instrumentos.

Reiniciar os datos de viaxe

Seleccione o menú **Restablecer trip** e siga as indicacións da pantalla do cadro de instrumentos para reiniciar o valor desexado.

Letras distintivas do motor (LDM)

Seleccione o menú **Letras distintivas del motor**. As letras distintivas do motor amosaranse na pantalla do cadro de instrumentos abaixo á esquerda.

Axustar a hora

Seleccione o menú **Hora** e axuste a hora correcta xirando a roda dereita do volante multifunción.

Indicador dos datos de viaxe (indicador multifunción)

O indicador dos datos de viaxe (indicador multifunción) amosa diversos datos de viaxe e valores de consumo.

Cambiar dunha indicación a outra

- Xire a roda dereita do volante multifunción ››› **páx. 81**.

Cambiar de memoria

Dende **Datos de viaje > Información general** prema a tecla OK do volante multifunción para cambiar entre as 3 memorias[1]:

- **Dende a saída:** Se interrompe a marcha durante máis de 2 horas, bórrase a memoria.
- **Dende a recarga:** Visualización e memorización dos datos de viaxe e dos valores de consumo recollidos. Ao recargar, bórrase a memoria.
- **Cálculo total:** Esta memoria recolle os datos de viaxe ata un máximo de 19 horas e 59 minutos ou 99 horas e 59 minutos, ou ata un máximo de 1999,9 km ou 9999,9 km. Cando se supera un destes valores máximos (varía de acordo coa versión do cadro de instrumentos), bórrase a memoria.

Borrar as memorias dos datos de viaxe

- Seleccione a memoria que desexe eliminar.

»

[1] Deste xeito, visualizaranse en pantalla de xeito simultáneo os datos: distancia percorrida, consumo medio, velocidade media e autonomía.

• Manteña premida a tecla OK do volante multifunción uns 2 segundos.

Seleccionar as indicacións

No sistema de infotainment, no menú dos axustes do vehículo, pode axustar os datos de viaxe que se deben amosar ››› páx. 84.

- **Consumo actual:** A indicación do consumo actual faise durante a condución en l/100 km; co motor en marcha e o vehículo parado en l/h.
- **Consumo medio:** O consumo medio de combustible amósase despois de percorrer aprox. 300 metros.
- **Duración da viaxe:** Indica as horas (h) e os minutos (min) transcorridos dende que se conectou o acendido.
- **Autonomía:** Distancia aproximada en km que aínda se pode percorrer se mantén o mesmo estilo de condución.
- **Percorrido:** Distancia percorrida en km despois de conectar o acendido.
- **Velocidade media:** A velocidade media amósase unha vez percorridos aprox. 100 metros.
- **Indicador dixital da velocidade:** Velocidade actual visualizada en forma dixital.
- **Consumidores de confort:** Amósase unha listaxe dos sistemas de confort conectados que aumentan o consumo de enerxía, por exemplo, o climatizador.

Axustar unha advertencia de velocidade

• Seleccione a indicación **Advertencia a --- km/h** ou **Advertencia a --- mph**.

• Prema a tecla OK do volante multifunción para memorizar a velocidade actual e activar o aviso.

• *Activar:* axuste a velocidade desexada en 5 segundos xirando a roda no volante multifunción. A continuación, prema de novo a tecla OK ou agarde uns segundos. A velocidade memorízase e a advertencia está activada.

• *Desactivar:* prema a tecla OK. A velocidade memorizada bórrase.

A advertencia pódese axustar a velocidades entre os 30 km/h (18 mph) e os 250 km/h (155 mph).

Indicación Temperatura del aceite

O motor acada a súa temperatura de servizo cando, en condicións normais de condución, a temperatura do aceite está entre os **80 °C** (176 °F) e os **120 °C** (248 °F). Se se require un grande esforzo do motor e a temperatura exterior é elevada, pódese aumentar a temperatura do aceite do motor. Isto non representa ningún inconveniente ata que aparezan na pantalla os indicadores ou ››› páx. 338.

Mensaxes de advertencia e de información (Estado do vehículo)

Cando está conectado o acendido ou durante a marcha, verifícase o estado de determinadas funcións e compoñentes do vehículo. As anomalías aparecen na pantalla do cadro de instrumentos en forma de símbolos de advertencia vermellos e amarelos acompañados de mensaxes e, dependendo do caso, dun sinal acústico ››› páx. 82. A representación das mensaxes e símbolos pode variar segundo a versión do cadro de instrumentos.

As anomalías existentes tamén se poden consultar manualmente. Para iso ten que abrir o menú **Estado vehículo** ou **Vehículo** ››› páx. 70.

Aviso con prioridade 1 (en vermello)

O símbolo escintila ou acéndese (parcialmente acompañado por sinais acústicos de advertencia). **Non continúe a marcha!** Perigo! Comprobe a función que falla e elimine a causa. Se é necesario, solicite a axuda de persoal especializado.

Advertencia con prioridade 2 (en amarelo)

O símbolo escintila ou acéndese (parcialmente acompañado por sinais acústicos de advertencia). Os erros de funcionamento ou a falta de líquidos operativos poden causar

danos no vehículo e a avaría deste. Comprobe a función que falla o antes posible. Se é necesario, solicite a axuda de persoal especializado.

Mensaxe informativa

Proporciona información sobre os procesos no vehículo.

Detección de cansazo (recomendación de pausa)*

Fig. 58 Na pantalla do cadro de instrumentos:símbolo de detección de cansazo.

A detección de cansazo informa ao condutor cando o seu comportamento de condución amosa cansazo.

Funcionamento e operación

A detección de cansazo determina o comportamento de condución do condutor ao comezar unha viaxe e facendo un cálculo de cansazo. Isto compárase constantemente co comportamento actual de condución. Se o sistema detecta cansazo no condutor, advírtese acusticamente cun son e opticamente cun símbolo na pantalla do cardo de instrumentos. ››› **fig. 58** relacionado cunha mensaxe de texto complementaria. A mensaxe na pantalla do cadro de instrumentos amósase durante aproximadamente 5 segundos e, se é necesario, repítese novamente. O sistema memoriza a última mensaxe amosada.

A mensaxe na pantalla do cardo de instrumentos pódese desconectar premendo a tecla OK do volante multifunción ››› **páx. 80**.

A través do indicador multifunción ››› **páx. 71** a mensaxe pode recuperarse na pantalla do cadro de instrumentos.

Condicións de funcionamento

O comportamento de condución só se calculará a velocidades por encima de 65 km/h (40 mph) ata uns 200 km/h (125 mph).

Activar e desactivar

A detección de cansazo pódese activar ou desactivar no sistema Easy Connect coa tecla > **AJUSTES** > **Asistencia al conductor** ››› **páx. 84**. Unha marca indica que o axuste está activado.

Restricións de funcionamento

A detección de cansazo ten certas limitacións inherentes ao sistema. As seguintes condicións poden facer que a detección de cansazo sexa limitada ou non funcione:

- A velocidades inferiores a 65 km/h (40 mph).
- A velocidades superiores a 200 km/h (125 mph).
- En traxectos con curvas.
- En vías en mal estado.
- En condicións climatolóxicas desfavorables.
- Cun estilo deportivo de condución.
- En caso de distracción grave do condutor.

A detección de cansazo restaurarase cando o vehículo estea máis de 15 minutos detido, o acendido se desconecte ou o condutor desabroche o cinto e abra a porta.

No caso de conducir lentamente por moito tempo (menos de 65 km/h, 40 mph) o sistema restaurará o cálculo da cansazo automaticamente. Ao conducir máis rápido, o comportamento de condución será recalculado.

⚠ ATENCIÓN

O maior confort provisto pola detección do cansazo non deberá inducir a correr ningún risco. En caso de viaxes longas, faga descansos regulares e suficientemente longos. »

- **O condutor sempre ten a responsabilidade de conducir con plenas capacidades.**
- **Nunca conduza se está canso.**
- **O sistema non detecta a cansazo do condutor en todas as circunstancias. Consulte a información no apartado** **›››** **páx. 73, Restricións de funcionamento****.**
- **Nalgunhas situacións, o sistema pode interpretar mal unha manobra de condución intencionada como cansazo do condutor.**
- **Non hai ningún aviso no caso dos chamados microsonos!**
- **Observe as indicacións do cadro de instrumentos e actúe segundo os requirimentos.**

Aviso

- **A detección de cansazo só se desenvolveu para conducir en estradas e vías ben pavimentadas.**
- **En caso de avaría do sistema, vaia a un taller especializado para que o revisen.**

Sistema de detección de sinais de tráfico*[1)]



Fig. 59 Na pantalla do cadro de instrumentos:exemplos de limitacións de velocidade ou prohibicións de adiantamento recoñecidas cos seus respectivos paneis complementarios.

O sistema de detección de sinal de tráfico rexistra mediante unha cámara situada na base do retrovisor interior os sinais de tráfico estandarizados que se atopen diante do vehículo e informa sobre as limitacións de velocidade e as prohibicións de adiantamento que recoñeza. Dentro das súas limitacións, o sistema tamén amosa sinais adicionais como, por exemplo, prohibicións limitadas no tempo, sinais de condución cun remolque **›››** **páx. 319** ou limitacións que só son válidas en caso de choiva. Incluso en traxectos sen sinais, o sistema pode amosar as limitacións de velocidade que se aplican.

O sistema de detección de sinais de tráfico non funciona en todos os países. Teña presente isto ao viaxar ao estranxeiro.

Visualización na pantalla

En Alemaña, en autovías e estradas para automóbiles o sistema amosa, ademais das limitacións de velocidade e as prohibicións de adiantamento, os sinais de fin de prohibición. En todos os outros países, amósase no seu lugar o límite de velocidade válido nese momento.

Os sinais de tráfico detectados polo sistema amósanse na pantalla do cadro de instrumentos **›››** **fig. 59** e, dependendo do sistema de navegación montado no vehículo, tamén no sistema de infotainment **›››** **páx. 84**.

[1)] Sistema dispoñible segundo o país.

Mensaxes do sistema de detección de sinais de tráfico:

No hay señales de tráfico disponibles

- O sistema está na fase de inicialización.
- **OU BEN:** a cámara non recoñeceu ningún sinal obrigatorio ou prohibitivo.

Error: Detección de las señales de tráfico

- Hai unha avaría no sistema Acuda a un taller especializado para que revise o sistema.

Advertencia de velocidade non dispoñible neste momento.

- A función de advertencia de velocidade do sistema de detección dos sinais de tráfico está avariada. Vaia a un taller especializado e solicite a revisión do sistema.

Detecc. de las señales de tráfico: ¡Limpie el parabrisas!

- O parabrisas está sucio na zona da cámara. ¡Limpie el parabrisas!

Detección de señales de tráfico: Limitada en este momento

- Non hai transmisión de datos por parte do sistema de navegación. Comprobe se o sistema de navegación dispón de mapas actuais.
- **OU BEN:** o vehículo atópase nunha rexión non incluída no mapa do sistema de navegación.

No hay datos disponibles

- O sistema de detección de sinais de tráfico non funciona no país polo que circula actualmente.

Activar e desactivar a visualización dos sinais de tráfico no cadro de instrumentos

A visualización permanente dos sinais de tráfico no cadro de instrumentos pódese activar ou desactivar no sistema de infotainment mediante a tecla > **AJUSTES** > **Asistencia al conductor**.

Visualización dos sinais de tráfico

Co sistema de detección de sinais de tráfico conectado, unha cámara situada na base do retrovisor interior rexistra os sinais de tráfico existentes diante do vehículo. Despois de revisar e avaliar a información da cámara, do sistema de navegación e dos datos actuais do vehículo, amósanse ata tres sinais de tráfico vixentes ››› fig. 59 B cos seus paneis complementarios.

Primeiro lugar: O sinal actualmente válido para o condutor aparece no lado esquerdo da pantalla. Por exemplo, a prohibición de circular a máis de **130 km/h** (**100 mph**) ››› fig. 59 A.

Segundo lugar: En segundo lugar, só se amosa un sinal válido en determinadas circunstancias, por exemplo **100 km/h** (**60 mph**) co panel complementario de choiva.

Panel complementario: Se o limpaparabrisas está a funcionar durante a marcha, o sinal co panel complementario de choiva amosarase primeiro á esquerda xa que é o que está en vigor nese momento.

Terceiro lugar: En terceiro lugar, amósase un sinal que só é válido con restricións, por exemplo, a prohibición de adiantar a determinadas horas ››› fig. 59 C.

Advertencia de velocidade

Se o sistema detecta que se superou a velocidade permitida nese momento, pode avisar acusticamente cun “gong” e opticamente cunha mensaxe na pantalla do cadro de instrumentos.

A advertencia de velocidade pode axustarse ou desactivarse completamente no sistema de infotainment mediante a tecla > **AJUSTES** > **Asistencia al conductor** ››› pág. 84. O axuste ten lugar en pasos de 5 km/h (3 mph) nun rango comprendido entre 0 km/h (mph) e 20 km/h (12 mph) por encima da velocidade máxima permitida. »

Modo para remolque

En vehículos con enganche para remolque montado de fábrica e un remolque conectado electricamente, pode activar ou desactivar a visualización de sinais de tráfico específicos para vehículos que circulen cun remolque, como poden ser as limitacións de velocidade ou as prohibicións de adiantamento. A activación ou desactivación realízase no sistema de infotainment mediante a tecla 🚘 > **AJUSTES** > **Asistencia al conductor** ››› **páx. 84**.

Para o modo de remolque pode axustar a indicación das limitacións de velocidade vixentes ao tipo de remolque ou ás disposicións legais. O axuste ten lugar en pasos de 10 km/h (5 mph) dentro dun rango entre 60 km/h (40 mph) e 130 km/h (80 mph). Se definimos unha velocidade superior á permitida no país en cuestión para circular cun remolque, o sistema amosa automaticamente as limitacións de velocidade habituais, por exemplo, en Alemaña 80 km/h (50 mph).

Se a advertencia de velocidade para o remolque está desactivada, o sistema amosa as limitacións de velocidade coma se non se levase o remolque.

Funcionamento limitado

O sistema de detección de sinais de tráfico ten certas limitacións. Os seguintes casos poden provocar que o sistema funcione de forma limitada ou que non funcionen:

- No caso de mala visibilidade, por exemplo, en caso de neve, choiva, brétema ou néboa de auga intensa.
- No caso de cegamento, por exemplo, polo tráfico no sentido contrario ou pola radiación solar.
- No caso de circulación a gran velocidade.
- No caso de que a cámara estea cuberta ou sucia.
- No caso de que os sinais de tráfico estean fóra do campo de visión da cámara.
- No caso de que os sinais de tráfico estean parcial ou completamente tapados, por exemplo, por árbores, neve, sucidade ou outros vehículos.
- No caso de sinais de tráfico que non cumpran a normativa.
- No caso de sinais de tráfico que estean danados ou arqueados.
- No caso de sinais de mensaxes variables situados nos marcos de sinalización (indicación variable das sinais de tráfico mediante LED ou outras unidades de iluminación).
- No caso de utilizar mapas non actualizados no sistema de navegación.
- No caso de adhesivos pegados en vehículos que representen sinais de tráfico, por exemplo, limitacións de velocidade nos camións.

⚠ ATENCIÓN

A tecnoloxía que incorpora o sistema de detección de sinais de tráfico non pode superar os límites impostos polas leis físicas e só funciona dentro dos límites do sistema. O maior confort provisto polo sistema de detección de sinais de tráfico non debe inducir a correr ningún risco. O sistema non pode substituír a atención do condutor.

- **Adapte a velocidade e o estilo de condución ás condicións de visibilidade, climatolóxicas, da calzada e do tráfico.**
- **A mala visibilidade, a escuridade, a neve, a choiva e a néboa poden facer que o sistema non amose ou que amose de xeito incorrecto os sinais de tráfico.**
- **Se o campo de visión da cámara está sucio, cuberto ou danado, pode verse afectado o funcionamento do sistema.**

⚠ ATENCIÓN

As recomendacións para a condución e os sinais de tráfico amosados polo sistema de detección de sinais de tráfico poden diferir da situación real.

- **O sistema non pode recoñecer nin amosar todos os sinais de tráfico correctamente.**
- **Os sinais de tráfico da calzada e as normas de tráfico prevalecen sobre as**

recomendacións e as indicacións do sistema.

⚠ ATENCIÓN

Se ignora as mensaxes que puideran aparecer, o vehículo podería quedar parado en medio do tráfico e causar un accidente e lesións graves.

- **Nunca ignore as mensaxes que se visualicen.**
- **Deteña o vehículo en canto sexa posible e seguro.**

Aviso

Para non prexudicar o funcionamento correcto do sistema, teña en conta os seguintes puntos:

- **Limpe periodicamente o campo de visión da cámara e mantéñao limpo, sen neve e sen xeo.**
- **Non cubra o campo de visión da cámara.**
- **Substitúa sempre as gomas limpacristais danadas ou desgastadas de forma oportuna para evitar franxas no campo de visión da cámara.**
- **Asegúrese de que o parabrisas non estea danado pola área do campo de visión da cámara.**
- **O uso de mapas antigos no sistema de navegación pode provocar que os sinais de tráfico se amosen de xeito incorrecto.**
- **No modo de navegación cos puntos de percorrido do sistema de navegación, o sistema de detección de sinais de tráfico só está dispoñible de xeito limitado.**
- **Se ignora os indicadores de control que se acendesen e as correspondentes mensaxes, poderían producirse danos no vehículo.**

Hora

Axustar a hora no sistema de infotainment

- Prema a tecla do infotainment.
- Prema o botón de función **AJUSTES > Fecha y hora** para axustar a hora ››› **páx. 84**.

Axustar a hora no Digital Cockpit

- Dentro do menú **Datos de viaje** seleccione a función **Autonomía** (tecla de infotainment > **Vista > Datos de viaje > Autonomía**).
- Prema a tecla OK do volante multifunción ata que se amose o menú Servicio na pantalla do cadro de instrumentos ››› **páx. 71**.
- Seleccione o menú **Hora**.
- Axuste a hora correcta xirando a roda dereita do volante multifunción.

Contador de revolucións

O contador de revolucións amosa o réxime de revolucións do motor por minuto.

O contador de revolucións ofrécelle, xunto coa indicación das marchas, a posibilidade de utilizar o motor do seu vehículo nu réxime de revolucións axeitado.

O inicio da zona vermella do contador de revolucións indica o réxime máximo en calquera marcha despois da rodaxe e co motor quente. Antes de chegar á zona vermella, recoméndase colocar a panca selectora en **D** ou retirar o pé do acelerador ›››.

Recoméndase evitar os réximes de revolucións altos e orientarse segundo as recomendacións da indicación das marchas. Consulte a información adicional en ››› **páx. 250, Seleccionar a marcha óptima**.

PRECAUCIÓN

- **Para non danar o motor, a agulla do contador de revolucións non poderá manterse na zona vermella máis dun curto período de tempo.**
- **Cando o motor estea frío, evite un réxime alto de revolucións, non pise a fondo o acelerador e non someta o motor a esforzos.**

»

Nota sobre o medio ambiente

Cambiando rapidamente as marchas é posible reducir o consumo, as emisións e o nivel de ruído.

Indicador do nivel de combustible

Fig. 60 Indicador do nivel de combustible.

Indicadores de control

Ilumínase, e ademais, o díodo luminoso inferior ilumínase en vermello

Depósito de combustible case baleiro. Alcanzouse o nivel de reserva de combustible ››› ⚠. Recargue en canto teña oportunidade.
Cando o nivel de combustible é moi baixo, o díodo luminoso inferior escintila en vermello.

O indicador só funciona co acendido conectado.

A autonomía do nivel de combustible amósase na pantalla do cadro de instrumentos.

Se desexa coñecer a capacidade do depósito de combustible do seu vehículo, pode consultalo en ››› **páx. 377**.

⚠ ATENCIÓN

Se circula cun nivel de combustible moi baixo, o vehículo podería quedar parado no tráfico e poderían producirse accidentes e lesións graves.

- **Se o nivel do depósito de combustible é demasiado baixo, o combustible podería chegar ao motor de forma irregular, especialmente ao subir ou baixar pendentes.**
- **A dirección e os sistemas de asistencia ao condutor e á freada non funcionan se o motor marcha irregularmente ou se apaga por falta de combustible ou por unha alimentación irregular deste.**
- **Recargue mentres quede só un cuarto de combustible no depósito para evitar que o vehículo quede parado por falta de combustible.**

PRECAUCIÓN

Nunca apure completamente o depósito de combustible. Se a alimentación de combustible é irregular, poden producirse fallos na combustión e podería chegar combustible sen queimar ao sistema de escape. O catalizador ou o filtro de partículas poderían resultar danados!

Aviso

A frecha pequena situada no indicador do nivel de combustible ao lado do símbolo do surtidor de combustible sinala cara ao lado do vehículo onde se atopa a tapa do depósito de combustible.

Indicador de temperatura do líquido refrixerante do motor



Fig. 61 Indicador de temperatura do líquido refrixerante do motor.

››› **fig. 61**:

Ⓐ **Zona fría** O motor aínda non alcanzou a temperatura de servizo. Evite réximes elevados do motor e someter o motor a grandes esforzos mentres non alcance a temperatura de servizo.

Ⓑ **Zona normal.** A altas temperaturas exteriores e cando o motor está sometido a

grandes esforzos, os díodos luminosos poden seguir iluminándose e alcanzar a parte superior. Isto non ten importancia sempre que o indicador de control non se acenda.

Ⓒ **Zona de advertencia.** Se o motor está sometido a grandes esforzos, especialmente a altas temperaturas exteriores, os díodos luminosos poden acenderse na zona de advertencia.

O indicador para a temperatura do líquido refrixerante só funciona co acendido conectado.

Indicador de control e de advertencia

Ilumínase en vermello

Non prosiga a marcha!
Nivel de líquido refrixerante do motor demasiado baixo, temperatura do refrixerante demasiado alta.

Escintila en vermello

Anomalía no sistema de líquido refrixerante do motor.

- Pare o vehículo, apague o motor e déixeo arrefriar.
- Comprobe o nivel do líquido refrixerante do motor ››› **páx. 341**.
- Se o indicador de advertencia non se apaga aínda que o nivel de líquido refrixerante sexa correcto, solicite a axuda de persoal especializado.

PRECAUCIÓN

- **Para lograr unha longa vida útil do motor, recoméndase evitar réximes de revolucións altos, pisar o acelerador a fondo e someter ao motor a grandes esforzos durante aproximadamente os primeiros 15 minutos, mentres o motor estea frío. A fase ata que o motor está quente tamén depende da temperatura exterior. Neste caso, oriéntese pola temperatura do aceite do motor*** **››› páx. 72.**
- **Se monta uns faros adicionais ou outros accesorios diante das entradas de aire, a capacidade de refrixeración do líquido redúcese. Ao someter o motor a grandes esforzos e altas temperaturas exteriores, existe o risco de que se quente en exceso.**
- **O faldrón dianteiro tamén serve para distribuír correctamente o aire de refrixeración durante a condución. Se o spoiler estivese danado, o efecto refrixerante empeora e hai un risco de que o motor se quente en exceso. Solicite a axuda de persoal especializado.**

Intervalos de servizo

A indicación dos intervalos de servizo aparece na pantalla do cadro de instrumentos e no sistema de Infotainment.

Existen diversas versións de cadros de instrumentos e de sistemas de infotainment, de aí que poidan variar as versións e as indicacións das pantallas.

CUPRA distingue entre os servizos *cun* cambio do aceite do motor (por exemplo, o Servizo de cambio de aceite) e os servizos *sen* cambio do aceite do motor (por exemplo, a inspección).

En vehículos con **Servizo baseado no tempo ou na quilometraxe**, os intervalos de servizo xa están predefinidos.

Nos vehículos con **Servizo a longo prazo**, os intervalos se determinan individualmente. Grazas ao avance da técnica, os traballos de mantemento reducíronse considerablemente. Coa tecnoloxía utilizada por CUPRA, con este servizo, só hai que cambiar o aceite cando o vehículo o requira. Para calcular este cambio (máx. 2 anos), téñense en conta as condicións de uso do vehículo e o estilo de condución. O preaviso aparece por primeira vez 20 días antes da data calculada para o servizo correspondente. Os km restantes indicados sempre se redondean a 100 km e o tempo, a días completos. A mensaxe do servizo actual non se pode consultar ata 500 km despois do último servizo. Ata entón, no indicador só aparecerán guións.

Recordatorio de inspección

Se fose necesario realizar un servizo ou unha inspección en breve, aparecerá un **recordatorio de Servizo** ao conectar o acendido. »

A cifra indicada son os quilómetros que ánda se poden percorrer ou o tempo restante ata o próximo servizo.

Data de inspección

Cando **sexa hora de realizar un servizo** ou **inspección**, soará un sinal acústico ao conectar o acendido e durante uns segundos pode aparecer na pantalla do cadro de instrumentos o símbolo da chave fixa, así como unha das seguintes mensaxes:

- **¡Servicio ahora!**
- **Solicite que se realice la inspección.**
- **¡Servicio de aceite necesario!**
- **¡Servicio de aceite e inspección necesarios!**

Consultar unha notificación de servizo

Con acendido conectado, o motor parado e o vehículo detido, é posible consultar a **notificación de servizo** actual:

Consulta da data do servizo actual no sistema de infotainment

- Prema a tecla de infotainment.
- Prema o botón de función **AJUSTES** ››› **páx. 84**.
- Seleccione a opción de menú **Servicio** para amosar a información sobre os servizos.

Consulta da data no cadro de instrumentos dixital

- A data do servizo só se pode consultar a través do menú Servicio ››› **páx. 71**.

Poñer a cero o indicador de intervalos de servizo

Se o servizo non se realizou nun concesionario especializado CUPRA ou calquera concesionario da rede SEAT, pode reiniciar o indicador do modo seguinte:

- O indicador de intervalos de servizo só se pode reiniciar a través do menú Servicio ››› **páx. 71**.

Non reinicie o indicador entre os intervalos de servizo; pois de ser así, as indicacións serán incorrectas.

Se reinicia o servizo de cambio de aceite manualmente, o indicador de intervalo de servizo cambia a un intervalo de servizo fixo, tamén nos vehículos co **Servizo de cambio de aceite flexible**.

Aviso

- **A mensaxe de servizo desaparecerá despois duns segundos, cando se poña en marcha o motor ou cando prema a tecla OK no volante multifunción.**
- **En vehículos con servizo de longa duración cuxa batería estivera desembornada durante un longo período de tempo, non se poderá calcular a data do próximo servizo. Polo tanto, as indicacións de servizo poden amosar cálculos erróneos. Neste caso, deberíanse ter en conta os intervalos máximos de mantemento permitidos** **››› páx. 360**.
- **Se poñemos o indicador a cero manualmente, o próximo intervalo de servizo indicarase coma nos vehículos con intervalos de servizo fixos. Por este motivo, recomendámoslle que a posta a cero do indicador de intervalos de servizo a realice un servizo autorizado.**

Operación do cadro de instrumentos

Introdución ao tema

Co acendido conectado, é posible consultar as diferentes funcións da pantalla navegando polos menús.

O indicador multifunción só se pode operar coas teclas do volante multifunción.

Algunhas opcións de menú só se poden consultar co vehículo parado.

ATENCIÓN

Calquera distracción do condutor pode provocar accidentes e lesións.

- **Nunca empregue os menús da pantalla do cadro de instrumentos durante a marcha.**

Aviso

Despois de cargar ou cambiar a batería de 12 voltios, comprobe os axustes do sistema. En caso de interrupción da alimentación de corrente, pode ser que os axustes do sistema estean desaxustados ou borrados.

Funcionamento mediante o volante multifunción



Fig. 62 Lado dereito do volante multifunción:teclas para usar os menús e as indicacións informativas do cadro de instrumentos.

Mentres haxa una advertencia con prioridade 1 ››› **páx. 72**, non se poderá acceder a ningún menú. Algunhas advertencias pódense confirmar e ocultar coa tecla OK do volante multifunción ››› **fig. 62**.

Seleccione un menú ou unha indicación informativa

- Conecte o acendido.
- Se aparece unha mensaxe ou o pictograma do vehículo, prema a tecla OK ››› **fig. 62**; se fose necesario, varias veces.
- Para cambiar de menús empregue as teclas ◁ ou ▷ ››› **fig. 62**.
- Para abrir o menú ou a indicación informativa que se amosa, prema a tecla OK ››› **fig. 62** ou agarde uns segundos ata que o menú ou a indicación informativa se abra automaticamente.

Realizar axustes nos menús

- No menú visualizado, xire a roda dereita do volante multifunción ››› **fig. 62** ata que se seleccione a opción de menú desexada. A opción aparece enmarcada.
- Prema a tecla OK ››› **fig. 62** para realizar as modificacións desexadas. Unha marca indica que a función ou o sistema en cuestión están activados.

Volver á selección de menús

Prema a tecla ◁ ou ▷ ››› **fig. 62**.

Aviso

Se cando conecta o acendido amósanse advertencias sobre anomalías existentes, é posible que non se poidan realizar axustes e que non se poida amosar a información do xeito descrito. Neste caso, vaia a un taller especializado e solicite a reparación das anomalías.

Tecla para os sistemas de asistencia ao condutor*



Fig. 63 Na panca de intermitentes e de luz de estrada:tecla para os sistemas de asistencia ao condutor (dependendo das versións).

»

Coa tecla da panca de intermitentes e de luz de estrada pódense activar ou desactivar os sistemas de asistencia ao condutor amosados no menú **Asistentes**.

Activar ou desactivar un sistema de asistencia ao condutor

- Prema brevemente a tecla ››› **fig. 63** ① ou ② para abrir o menú **Asistentes**.
- Seleccione o sistema de asistencia ao condutor e actíveo ou desactíveo ››› **páx. 80**. Unha marca indica que o sistema de asistencia ao condutor está conectado.
- A continuación, confirme a selección coa tecla OK do volante multifunción.

Os sistemas de asistencia ao condutor tamén se poden conectar e desconectar no sistema de infotainment, no menú dos axustes do vehículo ››› **páx. 84**.

Indicadores de control

Indicadores de control e de advertencia

Os indicadores de control e advertencia son indicadores de avisos ››› ⚠, anomalías ou funcións determinadas. Algúns indicadores de control e de advertencia ilumínanse ao conectar o acendido e deben apagarse cando o motor estea en funcionamento ou ben durante a marcha.

Segundo o modelo, poderían visualizarse na pantalla do cadro de instrumentos mensaxes de texto adicionais, informativas ou que requiran que realice algunha acción ››› **páx. 66, Cadro de instrumentos**.

Dependendo do equipamento do vehículo, é posible que no canto de acender un indicador, se visualice un símbolo na pantalla do cadro de instrumentos.

Cando se acenden determinados indicadores de control e de advertencia, tamén soa un sinal acústico.

Indicadores vermellos

⚠	Indicador central de aviso: información adicional na pantalla do cadro de instrumentos.
(P)	Freo de estacionamento conectado ››› **páx. 289**.
(!)	Anomalía no sistema de freos ››› **páx. 289**.
!	Anomalía na dirección ››› **páx. 252**.
	O condutor ou o acompañante non se colocaron o cinto de seguridade ››› **páx. 16**.
	Pise o pedal do freo ››› **páx. 269**.

Indicadores amarelos

⚠	Indicador central de aviso: información adicional na pantalla do cadro de instrumentos.
	Pastillas de freo dianteiras gastadas ››› **páx. 289**.
	Anomalía no ESC ou desconexión provocada polo sistema; **OU BEN** ESC ou ASR actuando ››› **páx. 294**.
OFF	ESC no modo Sport; **OU BEN** ESC desactivado manualmente ››› **páx. 294**.
ABS	Anomalía no ABS ››› **páx. 294**.
	Luz antinéboa traseira acesa ››› **páx. 113**.
	Anomalía no sistema de control de emisións ››› **páx. 333**.
EPC	Anomalía na xestión do motor de gasolina ››› **páx. 333**.
	Filtro de partículas obstruído ››› **páx. 333**.
!	Anomalía na dirección ››› **páx. 252**.
(!)	Sistema de control dos pneumáticos ››› **páx. 356**.
	Depósito de combustible case baleiro ››› **páx. 78**.

	Anomalía no sistema de airbags e de tensores dos cintos ››› pág. 24.
OFF	O airbag frontal do acompañante está desconectado ››› pág. 24.
ON	O airbag frontal do acompañante está conectado ››› pág. 24.
	Asistente de aviso de saída de carril (Lane Assist) ››› pág. 276.
	Erro no sistema de aviso de saída de carril (Lane Assist) ››› pág. 276.
	Anomalía na iluminación do vehículo ››› pág. 113.
	Nivel de aceite do motor ››› pág. 338.
	Anomalía no cambio ››› pág. 249.
	Nivel do líquido lavaparabrisas demasiado baixo ››› pág. 121 .

Outros indicadores luminosos

	Intermitentes ou luces de emerxencia acesas ››› pág. 113.
	Intermitentes do remolque ››› pág. 113.
	Auto Hold activado ››› pág. 292.
	Pise o pedal do freo ››› pág. 243.

	Regulador de velocidade (GRA) ››› pág. 258; **OU BEN** limitador de velocidade ››› pág. 260; **OU BEN** Control adaptativo de velocidade (ACC) ››› pág. 269.
	Asistente de aviso de saída de carril (Lane Assist) ››› pág. 276.
	Luz de estrada acesa ou lampos accionados ››› pág. 113.
	Porta(s), portón traseiro ou capó aberto ou non pechado correctamente ››› pág. 69.
	Líquido refrixerante do motor ››› pág. 78.
	Presión do aceite do motor ››› pág. 338.
	Anomalía na batería ››› pág. 346.
	Asistente da luz de estrada (Light Assist) ››› pág. 113.
	Asistente de descenso (HDC) ››› pág. 251.
	Indicador de intervalo de servizo ››› pág. 79.
	Teléfono móbil conectado a través de Bluetooth® ››› pág. 223.
	Estado de carga da batería do teléfono móbil ››› pág. 223.
	Risco de xeadas ››› pág. 69.
	Sistema Start-Stop activo ››› pág. 241.
	Sistema Start-Stop non dispoñible ››› pág. 241.

⚠ ATENCIÓN

Se non se teñen en conta os indicadores de advertencia e as mensaxes, o vehículo podería quedar parado no tráfico ou poderíanse provocar accidentes e feridos graves.

- **Nunca ignore os indicadores de aviso nin as mensaxes de texto.**
- **Tan pronto como sexa posible e seguro, deteña o vehículo.**
- **Un vehículo avariado representa un alto risco de accidente para si mesmo e para outros usuarios da estrada. Se é necesario, acenda as luces de emerxencia e coloque o triángulo de presinalización para chamar a atención doutros condutores.**
- **Antes de abrir o capó, apague o motor e permita que se arrefríe suficientemente.**
- **En calquera vehículo, o compartimento do motor é un área que alberga perigos e pode causar lesións graves** ››› pág. 335.

Sistema Easy Connect

Introdución ao tema

O sistema de infotainment concentra importantes funcións e sistemas do vehículo nunha única unidade central de mando, por exemplo, axustes de menús, equipo de radio ou sistema de navegación.

Información xeral sobre o funcionamento

No seguinte apartado recolleuse toda a información relevante para realizar axustes no menú **Ajustes del vehículo**. A información xeral sobre o funcionamento do sistema de infotainment, así como sobre as indicacións de advertencia e de seguridade que hai que ter en conta, atópase en ››› pág. 152

⚠ ATENCIÓN

Calquera distracción pode ocasionar un accidente, co consecuente risco de lesións. A xestión do sistema Easy Connect pode distraelo do tráfico.

Axustes do menú Vehículo

Fig. 64 Easy Connect:Menú principal.

Fig. 65 Easy Connect:Menú Vehículo.

Abrir o menú Ajustes del vehículo

- Conecte o acendido.
- Se estivera apagado, conecte o Sistema de Infotainment.
- Prema a tecla de Infotainment e despois o botón de función **Vehículo** ››› **fig. 64**.
- **OU BEN:** Prema a tecla de Infotainment para ir ao menú **Vehículo** ››› **fig. 65**.
- Prema o botón de función **AJUSTES** para abrir o menú **Ajustes del vehículo**.
- Dentro do menú, para seleccionar a función, prema o botón desexado.

Menú	Submenú	Posible axuste	Descrición
Sistema ESC	–	Selección do modo ESC Sport ou desactivación do sistema electrónico de estabilidade (ESC Sport).	››› páx. 294
Pneumáticos	Sistema de control dos pneumáticos	Memorización das presións dos pneumáticos (calibrar)	››› páx. 356
	Pneumáticos de inverno	Activación e desactivación da advertencia de velocidade, axuste do valor da advertencia de velocidade	››› páx. 354
Iluminación	Asistente de iluminación	Dynamic Light Assist, Light Assist, luz de autoestrada, tempo de conexión, regulación do alcance das luces, luz automática en caso de choiva, luz diúrna, intermitentes de confort, modo de viaxe.	››› páx. 113
	Iluminación del habitáculo	Intensidade da iluminación de cadro de instrumentos e mandos	››› páx. 120
	Función Coming/Leaving Home	Tempo de acendido das funcións “Coming home” e “Leaving home”	››› páx. 117
Asistencia al conductor	ACC (control de crucero adaptativo)	Activación e desactivación: nivel de distancia predeterminado, perfís de condución.	››› páx. 268
	Front Assist (sistema de vixilancia)	Activación e desactivación: Front Assist, preaviso, visualización da advertencia da distancia	››› páx. 263
	Lane Assist (asistente de aviso de saída de carril)	Activación e desactivación asistente de aviso de saída de carril, orientación adaptativa no carril	››› páx. 276
	Detección de las señales de tráfico	Amosar no cadro de instrumentos, activación e desactivación da advertencia de velocidade	››› páx. 74
	Detección de remolque	Detección de remolques (visualización de sinais de tráfico para vehículos con remolques), uso para o cálculo da ruta, velocidade máxima para o remolque	››› páx. 76
	Detección de cansazo	Activación e desactivación	››› páx. 73

»

Menú	Submenú	Posible axuste	Descrición
Aparcar e maniobrar	ParkPilot	Activar automaticamente, volume frontal, nitidez do son frontal, volume traseiro, nitidez do son traseiro, atenuar volume Infotainment	››› páx. 307, ››› páx. 311
	Auto Hold	Activar e desactivar ao iniciar a marcha	››› páx. 292
	Freno de estacionamiento eléctrico	Activar e desactivar automaticamente	››› páx. 291
	Función de freada en manobra	Activar e desactivar	››› páx. 310
	Mostrar el espacio de aparcamiento	Activar e desactivar	
Iluminación ambiental	–	Activar e desactivar, seleccionar intensidade, cor, área ou total	››› páx. 120
Retrovisores e limpiaparabrisas	Retrovisores	Regulación sincronizada, baixar retrovisor ao dar marcha atrás (función bordo), dobrar despois de aparcar, calefacción retrovisores exteriores, atenuar na escuridade	››› páx. 124
	Limpiaparabrisas	Activar e desactivar limpaparabrisas automático en caso de choiva, varrido de fiestra traseira ao dar marcha atrás	››› páx. 121
Apertura e peche	Alzavidros	Apertura de confort, peche automático en caso de choiva, peche automático co peche centralizado	››› páx. 108
	Cierre centralizado	Desbloqueo das portas, confirmación acústica “Easy Open”, axuda de acceso “Easy Entry”, apertura automática do portón traseiro, vixilancia do habitáculo	››› páx. 91
Cadro de instrumentos	Indicador multifunción	Consumo actual, consumo medio, consumidores confort, consellos ecolóxicos, duración da viaxe, percorrido, velocidade media, indicador dixital de velocidade, aviso de exceso de velocidade, temperatura do aceite, temperatura do líquido refrixerante, restablecer datos “dende a saída”, restablecer datos do “cálculo total”, detección dos sinais de tráfico	››› páx. 71
Data e hora	–	Fonte horaria, hora, seleccionar franxa horaria, formato da hora, data, formato de data	››› páx. 77
Unidades	–	Distancia, velocidade, temperatura, volume, consumo, consumo GNC, consumo de electricidade, presión	–
Servizo	–	Número de bastidor, data da próxima inspección, data do próximo servizo de cambio de aceite	››› páx. 79

Menú	Submenú	Posible axuste	Descrición
Ajustes de fábrica	Restablecer todos os axustes/datos	Restablecer todos os axustes	–
	Restablecer axustes/datos por separado	Luces, asistencia ao condutor, aparcamento e manobra, iluminación ambiental, retrovisores e limpaparabrisas, apertura e peche, cadro de instrumentos	–

Cando está marcada a caixa de verificación da tecla de función ☑, a función está activada.

Premendo na tecla de menú ⮌ activarase sempre o último menú activado.

Os cambios feitos nos menús de axustes memorízanse automaticamente despois de pechar os menús.

O número de menús dispoñibles e a denominación das diferentes opcións dependen da electrónica e do equipamento do vehículo.

Volante multifunción

Funcionamento do sistema audio, teléfono e navegación con control por voz



Fig. 66 Mandos no volante.

O volante incorpora módulos multifunción dende os cales é posible controlar as funcións de audio, telefonía e radionavegación do vehículo sen que sexa necesario desviar a atención da condución. »

Tecla	Radio	Media (excepto AUX)	AUX	Teléfono*	Navegación*
Ⓐ *Xirar*	Subir/baixar o volume.	Subir/baixar o volume.	Subir/baixar o volume.	Subir/baixar o volume.	Subir/baixar volume de locución.
Ⓐ *Premer*	Silenciar volume.	Silenciar volume.	Silenciar volume.	Silenciar chamada entrante.	Silenciar a locución de navegación
Ⓑ[a)]	Activar/desactivar o control por voz[b)]. Esta función pode realizarse dende calquera modo, excepto no caso dunha chamada activa.				
Ⓒ / Ⓓ	Procura emisora anterior/posterior[c)].	*Pulsación curta:* Cambiar á pista anterior/seguinte. *Pulsación longa:* Retroceso/avance rápido[d)].	Sen función	– *Non hai chamada activa:* funcionalidade de Radio/Media (excepto AUX) – *Chamada activa:* sen función	Sen función para o resto de modos (navegación, asistentes, estado do vehículo, datos de viaxe).
Ⓔ / Ⓕ[a)]	Cambio de menú do cadro de instrumentos.[b)]				
Ⓖ	*Pulsación curta*[b)]: cambiar vistas **Classic Info** / **Digital Maps** / **Reloxos semicirculares** / **Sport**. *Pulsación longa*[b)]: acceder á vista de configuración dos "Perfís Individualizados".				
Ⓗ *Xirar*	Listaxe de fontes dispoñibles (audio/media).	Listaxe de fontes dispoñibles (audio/media).	Sen función	– *Non hai chamada activa:* Listaxe últimas chamadas. – *Chamada activa:* acceder á listaxe das opcións de chamada (chamada en espera, colgar, silenciar micrófono, número privado, etc.).	– *Navi System Plus:* Zoom in-out (con e sen ruta activa). – *Navi System:* Se hai un mapa no Cadro Dixital: Zoom in-out (con e sen ruta activa). Si non hai ningún mapa no Cadro Dixital: pasa o mapa da pantalla do sistema de Infotainment ao Cadro Dixital (con e sen ruta activa).
Ⓗ *Premer*	Sen función	Sen función	Sen función	Sen función	Auto Zoom/Manual Zoom se está o mapa no Cadro Dixital.

a) Segundo equipamento do vehículo.

b) Esta función pode realizarse dende calquera modo (audio, media, navegación, asistentes, estado do vehículo, datos de viaxe).

c) Esta acción pode realizarse sempre que se estea a escoitando a radio, non é necesario estar no modo auto-radio.

d) Estas accións poden realizarse sempre que estea escoitando media, non necesita estar no modo de audio-media.

Apertura e peche

Xogo de chaves do vehículo

Chave do vehículo



Fig. 67 Teclas da chave con mando a distancia.

Lenda da ››› **fig. 67**

① Desbloquear o vehículo

② Bloquear o vehículo

③ Desbloquear só o portón do maleteiro. Prema a tecla ata que os intermitentes do vehículo escintilen brevemente. Dispón de 2 minutos para abrir o portón. Transcorrido este tempo, bloquearase de novo. Ademais, o indicador da chave escintila.

④ Despregar e pregar o espadín da chave

Coa chave do vehículo pode bloquear e desbloquear o vehículo dende lonxe ››› **páx. 91**.

O emisor coa pila está incorporado na chave do vehículo. O receptor está no habitáculo do vehículo. O radio de alcance da chave do vehículo coa nova pila é de varios metros ao redor do vehículo.

Se non se pode abrir ou pechar o vehículo usando a chave, será necesario sincronizala novamente ››› **páx. 91** ou mudar a pila da mesma ››› **páx. 90**.

Poden usarse varias chaves do vehículo.

Indicador de control na chave do vehículo

Cando se preme brevemente un botón na chave do vehículo, o indicador de control escintila ››› **fig. 67** (frecha) unha vez brevemente, pero se o preme durante máis tempo, escintilará varias veces, por exemplo, na apertura de confort.

Cando o indicador de control da chave do vehículo non se ilumina cando se preme o botón, será necesario cambiar a pila da chave ››› **páx. 90**.

Chave de reposto

Para mercar unha chave de reposto ou outras chaves do vehículo necesita o número do bastidor do vehículo.

Cada nova chave do vehículo contén un microchip que debe estar codificado cos datos do inmobilizador electrónico do vehículo. Unha chave do vehículo non funciona se non contén un microchip ou contén un microchip non codificado. Isto tamén é válido no caso de chaves fresadas especialmente para o vehículo.

As chaves do vehículo ou as chaves de reposto poden adquirirse nun Servizo especializado CUPRA ou nun Servizo Oficial SEAT, un taller especializado ou en servizos de chaves autorizados e cualificados para realizar estas chaves.

As chaves novas ou de reposto deben sincronizarse antes do seu uso ››› **páx. 91**.

⚠ ATENCIÓN

- **Non deixe nunca nenos nin persoas desvalidas sós no vehículo, xa que non poderían saír do vehículo nin valerse por si mesmos en caso de emerxencia.**
- **O uso incontrolado da chave por parte de terceiros pode provocar o arranque do motor ou o accionamento dalgún equipamento eléctrico (como os alzavidros), co conseguinte perigo de accidente. As portas do vehículo poden quedar bloqueadas pola chave con mando a distancia, o que dificulta a axuda en caso de emerxencia.**
- **Non deixe nunca as chaves dentro do vehículo. O uso non autorizado do vehículo por parte de terceiros pode causar danos** »

neste ou facilitar o seu roubo. Polo tanto, leve sempre con vostede a chave ao saír do vehículo.

- Non extraia nunca a chave do contacto co vehículo en marcha. De non ser así, podería bloquearse a dirección e sería imposible xirar o volante.

PRECAUCIÓN

Todas as chaves do vehículo conteñen compoñentes electrónicos. Protéxaas contra danos, golpes fortes e humidade.

Aviso

- Prema só o botón da chave do vehículo cando realmente sexa necesaria a función correspondente. Ao premer o botón de xeito innecesario, pode desbloquear o vehículo involuntariamente ou disparar a alarma. Isto tamén é válido aínda que crea que se atopa fóra do radio de acción.
- O funcionamento da chave do vehículo pode verse influenciado temporalmente pola superposición das emisoras situadas preto do vehículo que traballen no mesmo marxe de frecuencias, por exemplo, emisoras de radio ou teléfonos móbiles.
- Os obstáculos entre a chave do vehículo e o vehículo, as condicións meteorolóxicas adversas, así como a descarga progresiva das pilas, reducen o alcance do control remoto.
- Se preme os botóns da chave do vehículo ou un dos botóns do peche centralizado ››› páx. 94 repetidamente durante un curto período de tempo, o peche centralizado desconéctase brevemente como protección contra a sobrecarga. O vehículo está entón desbloqueado. Bloquéeo se é necesario.
- O seu servizo técnico pode proporcionarlle outras chaves con mando a distancia que deben sincronizarse no propio establecemento.
- Pódese utilizar un máximo de cinco chaves con mando a distancia.

Cambia a pila



Fig. 68 Chave do vehículo:apertura da tapa do compartimento para a pila.



Fig. 69 Chave do vehículo:extracción da pila.

CUPRA recoméndalle acudir a un taller especializado para cambiar a pila.

A pila está situada na parte traseira da chave do vehículo, baixo unha tapa.

Cambio da pila

- Despregue o espadín da chave do vehículo ››› páx. 89.
- Retire a tapa na parte traseira da chave do vehículo ››› **fig. 68** na dirección da frecha ››› ❗.
- Retire a pila do compartimento cun obxecto fino axeitado ››› **fig. 69**.
- Coloque a pila nova tal como se amosa ››› **fig. 69** e prema nela dentro do compartimento da pila no sentido contrario á frecha ››› ❗.
- Coloque a tapa como se amosa ››› **fig. 68** e prema nela na carcasa da chave do vehículo

no sentido contrario á frecha ata que encaste.

PRECAUCIÓN

- **Se a pila non se cambia correctamente, a chave do vehículo pode verse danada.**
- **O uso de pilas incorrectas pode danar a chave do vehículo. Polo tanto, substitúa sempre a pila gastada por outra pila nova de igual voltaxe, tamaño e especificacións.**
- **Ao montar a pila, comprobe que a polaridade é correcta.**

Nota sobre o medio ambiente

Elimine as pilas gastadas de xeito respectuoso co medio ambiente.

Sincronizar a chave do vehículo

Se preme frecuentemente o botón 🔓 fóra do campo de acción, é posible que o vehículo xa non se poida bloquear ou desbloquear coa chave do vehículo. Neste caso, será necesario volver sincronizar a chave do vehículo como se indica a continuación:

- Despregue o espadín da chave do vehículo ››› páx. 89.
- Se é preciso, retire a tapa da asa da porta do condutor ››› páx. 101.
- Prema o botón 🔓 da chave do vehículo. Para iso, deberá permanecer preto do vehículo.
- Abra o vehículo antes dun minuto co espadín da chave. A sincronización finalizou.
- Se é necesario, monte a tapa.

Cierre centralizado

Introdución ao tema

O peche centralizado funciona correctamente cando todas as portas e o portón traseiro están pechados por completo. Se a porta do condutor está aberta, o vehículo *non* se pode bloquear coa chave do vehículo.

Se o vehículo ten o sistema de peche e arranque sen chave Keyless Access, só se poderá bloquear co acendido desconectado e a porta do condutor pechada.

Un vehículo desbloqueado que está estacionado durante moito tempo (por exemplo, no propio garaxe) pode facer que a batería se descargue e o motor non arranque.

ATENCIÓN

O uso incorrecto do peche centralizado pode causar lesións graves.

- **O peche centralizado bloquea todas as portas. Un vehículo bloqueado dende o interior pode impedir que persoas non autorizadas abran as portas dende o exterior e accedan ao vehículo. Non obstante, en caso de emerxencia ou de accidente, as portas bloqueadas dificultan o acceso ao interior do vehículo para axudar aos ocupantes.**
- **Nunca deixe sós a nenos ou persoas desvalidas dentro do vehículo. O botón do peche centralizado permite bloquear todas as portas dende o interior. Con iso, os ocupantes quedarán encerrados no vehículo. As persoas encerradas poderían verse expostas a temperaturas moi altas ou moi baixas.**
- **Dependendo da época do ano, nun vehículo pechado pode haber temperaturas moi altas ou moi baixas que poidan causar feridas e enfermidades graves ou provocar a morte, especialmente en nenos pequenos.**
- **Nunca abandone persoas nun vehículo bloqueado. En caso de emerxencia, estas persoas poderían non estar en disposición de abandonar o vehículo por si mesmas ou de recibir axuda.**

Descrición

O peche centralizado permite bloquear e desbloquear todas as portas, o portón traseiro e a tapa do depósito de combustible de forma centralizada:

- Dende o exterior, coa chave do vehículo ››› páx. 93.
- Dende o exterior, co sistema Keyless Access ››› páx. 94,
- Dende o interior, co botón de peche centralizado ››› páx. 94.

Dispón de varias funcións que permiten mellorar as condicións de seguridade do vehículo:

- Sistema de seguridade “Safe” ››› páx. 97
- Sistema de autobloqueo por apertura involuntaria
- Sistema de desbloqueo selectivo
- Sistema de autobloqueo por velocidade e autodesbloqueo (Auto Lock)
- Sistema de desbloqueo de seguridade

Sistema de autobloqueo por apertura involuntaria

É un sistema de seguridade antirroubo e evita que o vehículo quede aberto por descoido. Se o vehículo se desbloquea e despois de 30 segundos non se abre ningunha porta nin o portón traseiro, volverase bloquear automaticamente.

Desbloqueo selectivo das portas

Ao pechar coa chave, as portas e o portón traseiro quedan bloqueados. Se o desexa, ao abrir a porta pode desbloquear *só* a porta do condutor ou todo o vehículo. Para iso, faga o axuste no Easy Connect* ››› páx. 93.

Bloqueo automático (Auto Lock)*

A función Auto Lock bloquea as portas e o portón traseiro a partir dunha velocidade aproximada de 15 km/h (9 mph).

O vehículo desbloquearase de novo cando se saque a chave de acendido. Ademais, o vehículo pode desbloquearse activando a función de apertura do mando do peche centralizado ou unha das pancas de apertura da porta.

Ademais, en caso de que se disparen os airbags nun accidente, as portas desbloquearanse automaticamente para permitir o acceso de axuda externa ao interior do vehículo.

Intermitentes

Os intermitentes escintilan dúas veces ao desbloquear e unha vez ao bloquear.

Se non escintila, é porque algunha porta, ou o portón traseiro ou o capó non están pechados.

Peche non intencionado do vehículo

Nos seguintes casos evítase, se deixou a chave do vehículo, que este quede pechado:

- Se a porta do condutor está aberta, o vehículo non se bloqueará cando se use o conmutador do peche centralizado ››› páx. 94.

Bloquee o seu vehículo coa chave por control remoto unha vez que todas as portas e o portón traseiro estean pechados. Isto evitará pechar o vehículo sen querer.

Aviso

- **Ao transportar obxectos que ocupen unha praza, nunca permita que ninguén viaxe nesa praza.**
- **Non deixe obxectos duros, afiados ou de peso soltos no portaobxectos aberto do vehículo, sobre a cuberta situada detrás do respaldo do asento traseiro ou sobre o taboleiro de instrumentos.**
- **Saque os obxectos duros, afiados ou pesados das prendas de roupa e das bolsas que leve no habitáculo e gárdeos de forma segura.**

⚠ ATENCIÓN

Ao transportar obxectos pesados, as propiedades de marcha do vehículo cambian e aumenta a distancia de freada. As cargas pesadas que non estean correctamente colocadas ou fixadas poderían provocar a perda de control do vehículo e producir lesións graves.

- **Nunca cargue o vehículo de xeito excesivo. Tanto a carga como a súa distribución no vehículo afectan o comportamento de marcha e a capacidade de freada.**
- **Ao transportar obxectos pesados, as propiedades de marcha do vehículo varían debido ao desprazamento do centro de gravidade.**
- **Distribúa sempre a carga no vehículo de xeito uniforme e tan horizontal como sexa posible.**
- **Coloque os obxectos pesados no maleteiro sempre diante do eixe traseiro e o máis lonxe posible do mesmo.**

- Os obxectos que se transportan no maleteiro sen fixar poderían moverse de súpeto e modificar o comportamento de marcha do vehículo.
- Adapte sempre a velocidade e o estilo de condución ás condicións de visibilidade, climatolóxicas, da calzada e do tráfico.
- Acelere con especial coidado e cautela.
- Evite as freadas e manobras bruscas.
- Free con máis antelación do habitual.

⚠ ATENCIÓN

- Non perda de vista o vehículo, especialmente cando o portón traseiro estea aberto. Os nenos poderían acceder ao maleteiro e pechar o portón dende dentro; quedarían pechados, non poderían saír sen axuda e correrían perigo de morte.
- Peche con chave todas as portas e o portón traseiro cando saia do vehículo. Asegúrese, antes de pechar o vehículo, que non hai ninguén no seu interior.

PRECAUCIÓN

Os filamentos eléctricos ou, dependendo do equipamento, a antena integrados nas fiestras traseiras poderían resultar danados, incluso de xeito irreparable, se os roza algún obxecto.

Aviso

Nas tendas de accesorios pódense atopar cintas de transporte para suxeitar a carga que se poden adaptar ás argolas de amarre.

Maleteiro

Bandexa do maleteiro



Fig. 105 No maleteiro:desmontar e montar a bandexa.



Fig. 106 No maleteiro:desmontar e montar a bandexa.

Desmontar

- Desenganche os tirantes de suxeición ››› **fig. 105** Ⓑ dos aloxamentos Ⓐ.
- Desencaixe a bandexa dos soportes laterais ››› **fig. 106** puxando da mesma cara arriba e extraia a bandexa.

Se é necesario, a bandexa pódese gardar debaixo do dobre piso do maleteiro ››› **páx. 134**.

Montar

- Introduza a bandexa horizontalmente facendo coincidir a “ferradura” sobre o eixe dos soportes ››› **fig. 106**, e prema cara abaixo ata que encaixe.
- Enganche os tirantes de suxeición ››› **fig. 105** Ⓑ no portón traseiro.

»

⚠ ATENCIÓN

Se transporta animais ou obxectos soltos ou fixados incorrectamente sobre a bandexa do maleteiro, poderían causar feridas graves en caso de freada, manobra repentina ou accidente.

- **Non leve obxectos duros, afiados ou de peso soltos ou en bolsas sobre a bandexa do maleteiro.**
- **Nunca leve animais sobre a bandexa do maleteiro.**

PRECAUCIÓN

- **Asegúrese, antes de pechar o portón, de que a bandexa do maleteiro estea ben colocada.**
- **O exceso de volume de carga do maleteiro pode provocar un mal asentamento da bandexa do maleteiro e con iso unha posible deformación ou rotura.**
- **En caso do exceso de volume de carga do maleteiro, recoméndase extraer a bandexa.**

Aviso

Teña en conta que, ao depositar na bandexa prendas de roupa, non quede reducida a visibilidade a través da fiestra traseira posterior.

Gardar a bandexa do maleteiro

Fig. 107 No maleteiro:tapas para gardar a bandexa.

Fig. 108 No maleteiro:colocación da bandexa.

Dependendo do equipamento, unha vez desmontada a bandexa do maleteiro, póde-se gardar debaixo do piso do maleteiro.

- Extraia as tapas esquerda e dereita ››› **fig. 107**.
- Coloque a bandexa do maleteiro no soporte proporcionada para este fin ››› **fig. 108**.
- Volva colocar as tapas esquerda e dereita na súa posición orixinal.

Piso variable do maleteiro



Fig. 109 Piso variable do maleteiro: A posición alta; B posición baixa.



Fig. 110 Piso variable do maleteiro:posición inclinada.

Piso variable en posición alta

- Para pasar da posición baixa á alta, levante o piso pola asa ››› **fig. 109** ①, puxe cara atrás ata que a parte dianteira do pise supere totalmente os soportes ②.
- Desprace sobre estes o piso cara adiante ata que faga tope no respaldo dos asentos posteriores e, a continuación, baixe o piso coa asa ①.

Piso variable en posición baixa

- Para pasar da posición alta á baixa, levante o piso pola asa ››› **fig. 109** ①, puxe cara atrás ata que a parte dianteira do piso supere totalmente os soportes ②.
- Deixe caer a parte anterior contra o piso e empúxeo cara adiante ata que faga tope no respaldo dos asentos posteriores baixando ao mesmo tempo o piso coa asa ①.

Piso variable en posición inclinada

Co piso variable inclinado pode acceder á zona da roda de reposto ou ao kit antipicadas.

- Co piso variable en posición alta, levánteo pola asa ››› **fig. 109** ①, puxe dela e empuxe cara ao respaldo dos asentos posteriores ata que se dobre o piso pola liña de bisagra e a parte móbil do piso repouse sobre el.
- Apoie o piso sobre os aloxamentos previstos para tal uso ››› **fig. 110** (frechas).

Piso variable en posición con asentos abatidos

- Para pasar da posición alta á baixa, levante o piso variable pola asa ››› **fig. 109** ① e puxe cara atrás un pouco.
- Empuxe o piso variable cara aos asentos posteriores coa asa ① facendo un pouco de presión cara abaixo para que a parte móbil do piso estea en liña cos respaldos dos asentos posteriores.

⚠ ATENCIÓN

- **Fixe sempre os obxectos, mesmo cando o piso do maleteiro estea levantado correctamente.**
- **Entre o asento traseiro e o piso do maleteiro levantado só se poden transportar obxectos que non superen os 2/3 da altura do piso.**

»

- **Entre o asento traseiro e o piso do maleteiro levantado só está permitido transportar obxectos que non superen un peso de aproximadamente 7,5 kg.**

PRECAUCIÓN

- **O peso máximo que pode soportar o piso variable do maleteiro na posición superior é de 100 kg.**
- **Non deixe caer o piso do maleteiro ao pechalo, guíeo sempre cara abaixo de forma controlada. De non ser así, os revestimentos e o piso do maleteiro poderían resultar danados.**

Argolas de amarre*



Fig. 111 No maleteiro:argolas de amarre.

Na parte dianteira e traseira do maleteiro hai unhas argolas de amarre ››› **fig. 111** para fixar obxectos soltos e equipaxe con correas de amarre e cintas de fixación ou de suxeición.

Para usar as argolas de amarre dianteiras, hainas que levantar previamente.

ATENCIÓN

Se usan correas de amarre, cintas de fixación ou cintas de suxeición inadecuadas ou danadas, poderían romperse en caso de freada ou accidente. Os obxectos poderían ser lanzados polo habitáculo e causar lesións graves ou mortais.

- **Use sempre correas de amarre, cintas de fixación ou cintas de suxeición axeitadas e en boas condicións.**
- **Tense as correas de amarre, as cintas de fixación e as cintas de suxeición en cruz sobre a carga situada no chan do maleteiro e fíxeas ás argolas de agarre de forma segura.**
- **Nunca exceda a carga máxima de tracción das argolas de amarre ao asegurar os obxectos.**
- **Asegúrese de que, especialmente no caso de obxectos planos, o bordo superior da carga estea máis elevado que as argolas de amarre.**
- **Dependendo do equipamento, teña en conta os sinais indicativos do maleteiro sobre como colocar a carga.**
- **Nunca fixe un asento para nenos ás argolas de amarre.**

Aviso

- **A carga de tracción máxima que poden soportar as argolas de amarre é de aprox. 3,5 kN.**
- **Nos establecementos especializados, pódense adquirir cintas de fixación, cintas de suxeición e sistemas de fixación da carga axeitados. CUPRA recomenda acudir para iso a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.**
- **As argolas de amarre quedan inutilizables para versións con roda de recambio de dotación.**

Bolsa de rede*



Fig. 112 No maleteiro:bolsa de rede enganchada case tocando o piso.



Fig. 113 No maleteiro:argolas ① e ganchos ② para enganchar a bolsa de rede.

A bolsa de rede do maleteiro impide que a equipaxe lixeira se mova. Na bolsa de rede, provista dunha cremalleira, poden gardarse obxectos pequenos.

A bolsa de rede pódese enganchar no maleteiro de diferentes maneiras.

Enganchar a bolsa de rede no piso do maleteiro

Se é necesario, despregue previamente as argolas dianteiras ››› **páx. 136**.

- Fixe os ganchos da rede nas argolas de amarre ① e ② ››› **fig. 112** ›››⚠. A cremalleira da bolsa ten que quedar cara arriba.

Enganchar a bolsa de rede xunto o limiar de carga

- Fixe os ganchos curtos da rede nas argolas de amarre ››› **fig. 113** ① ›››⚠. A cremalleira da bolsa ten que quedar cara arriba.
- Fixe as cintas nos ganchos para colgar bolsas ②.

Desmontar a bolsa de rede

A bolsa de rede enganchada está tensa ›››⚠.

- Desenganche a bolsa de rede das argolas de amarre.
- Garde a bolsa de rede no maleteiro.

⚠ ATENCIÓN

Para fixar a bolsa de rede elástica nas argolas de amarre do maleteiro, hai que estirala. Unha vez enganchada queda tensa. Se engancha e desengancha a bolsa de rede de xeito incorrecto, os ganchos desta poderían causar lesións.

- **Suxeite sempre ben os ganchos da bolsa para que non se solten de forma incontrolada das argolas de amarre cando se enganchen e se desenganchen.**
- **Ao enganchar e desenganchar os ganchos, protéxase os ollos e a cara para evitar lesións se os ganchos sóltanse sen control.**
- **Enganche sempre os ganchos da bolsa de rede na orde descrita. Se un gancho sae de súpeto, poden producirse lesións.**

Ganchos para bolsas



Fig. 114 No maleteiro:ganchos para bolsas.

A ambos lados do maleteiro pode haber ganchos para colgar bolsas ››› **fig. 114**.

Os ganchos para bolsas foron deseñados para fixar bolsas de compra lixeiras.

»

⚠ ATENCIÓN

Nunca use ganchos para suxeitar a equipaxe ou outros obxectos. En caso de freada ou accidente, os ganchos poderían romperse.

PRECAUCIÓN

O peso máximo que cada gancho pode soportar é de 2,5 kg.

Trapela para transporte de obxectos longos*

Fig. 115 No respaldo do asento traseiro:apertura da trapela.



Fig. 116 No maleteiro:apertura da trapela.

No asento traseiro, detrás do repousabrazos central, hai unha trapela para poder transportar obxectos longos no habitáculo como por exemplo uns esquís.

Para evitar ensuciar o interior, os obxectos que estean sucios deberanse envolver (por exemplo nunha manta) antes de ser introducidos na trapela.

Cando o repousabrazos está baixado, non está permitido que viaxe ninguén na praza central do asento traseiro.

Abrir a trapela

- Baixe o repousabrazos central.
- Puxe da panca de desbloqueo na dirección da frecha e abata completamente a tapa da trapela ››› **fig. 115** (1) cara adiante.
- Abra o portón traseiro.
- Introduza os obxectos longos a través do oco dende o maleteiro.
- Fixe ben os obxectos co cinto de seguridade.
- Peche o portón traseiro.

Pechar a trapela

- Levante a tapa da trapela ata que encaixe. Non deberá verse a marca vermella no lado do maleteiro.
- Peche o portón traseiro.
- Se é necesario, levante o repousabrazos central.

Aviso

A trapela tamén se pode abrir dende o maleteiro. Para iso hai que premer na panca de desbloqueo cara abaixo, no sentido da frecha, e da tapa cara adiante ››› fig. 116.

Portaequipaxes de teito*

Introdución ao tema

O teito do vehículo foi deseñado para optimizar a aerodinámica. Por este motivo, non se poden montar nos verteaugas do teito as barras transversais e os sistemas portaequipaxes convencionais.

Como os verteaugas están incorporados no teito para diminuír a resistencia ao aire, só se

poden usar barras transversais e sistemas portaequipaxes homologados por CUPRA.

Casos nos que deberían desmontarse as barras transversais e o sistema portaequipaxes

- Cando non se usan.
- Cando se lave o vehículo nun túnel de lavado.
- Cando a altura do vehículo supere a altura do paso necesaria, por exemplo, nalgúns garaxes.

⚠ ATENCIÓN

- **Fixe sempre a carga correctamente con correas ou cintas adecuadas e en boas condicións.**
- **A carga voluminosa, pesada, longa ou plana ten un efecto negativo sobre a aerodinámica, o centro de gravidade e o comportamento de marcha do vehículo.**
- **Evite as freadas e as manobras bruscas.**
- **Adapte sempre a velocidade e o estilo de condución ás condicións de visibilidade, climatolóxicas, da calzada e do tráfico.**

ⓘ PRECAUCIÓN

- **Desmonte as barras transversais e o sistema de portaequipaxes sempre antes de entrar nun túnel de lavado automático.**
- **A altura do vehículo aumenta coa montaxe de barras transversais e un sistema de equipaxe, así como coa carga que se transporte neles. Polo tanto, asegúrese de que a altura do vehículo non exceda o límite de altura para atravesar, por exemplo, pasos subterráneos ou portas de garaxes.**
- **As barras transversais, o sistema de portaequipaxes e a carga fixada neles non deberán interferir coa antena do teito nin obstruír a área do camiño do teito corredizo panorámico e a portón traseiro.**
- **Cando abra o portón traseiro, asegúrese de que non choque coa carga do teito.**

Nota sobre o medio ambiente

Cando se montan as barras transversais e un sistema portaequipaxes, o consumo de combustible aumenta debido a unha maior resistencia aerodinámica.

Fixar as barras transversais e o sistema portaequipaxes



Fig. 117 Puntos de fixación das barras lonxitudinais para o portaequipaxes do teito.

As barras transversais son a base dunha serie de sistemas portaequipaxes especiais. Por motivos de seguridade, é necesario utilizar sistemas específicos para transportar equipaxe, bicicletas, táboas de surf, esquís e embarcacións. Nos concesionarios especializados CUPRA ou en calquera concesionario da rede SEAT pódense adquirir accesorios adecuados.

Fixe sempre correctamente as barras transversais e o sistema portaequipaxes. Teña sempre en conta as instrucións de montaxe que se proporcionan coas barras transversais e o sistema portaequipaxes en cuestión. »

As barras transversais están montadas nas barras laterais do teito. A distancia entre as barras transversais ››› **fig. 117** Ⓐ debe estar entre 70 e 90 cm e a distancia das barras transversais cos soportes das barras laterais do teito Ⓑ deberá ser de 15 cm.

⚠ ATENCIÓN

A fixación e uso incorrecto das barras transversais e do sistema portaequipaxes pode facer que todo o sistema se separe do teito e provoque un accidente e lesións.

- **Teña sempre en conta as instrucións de montaxe do fabricante.**
- **Comprobe as conexións roscadas e as fixacións antes de iniciar a marcha e, se é necesario, apérteas despois dun curto percorrido. Cando faga viaxes longas, verifique as conexións roscadas e as fixacións en cada descanso que faga.**
- **Non realice ningún tipo de modificación ou reparación nas barras transversais nin no sistema portaequipaxes.**

ⓘ Aviso

Lea atentamente as instrucións de montaxe que se proporcionan coas barras transversais e o sistema portaequipaxes correspondente e léveas sempre no vehículo.

Cargar o sistema portaequipaxes

A carga só se poderá fixar con seguridade se as barras transversais e o sistema portaequipaxes están montados correctamente ››› ⚠.

Carga máxima autorizada sobre o teito

A carga máxima autorizada que se permite transportar sobre o teito é de **75 kg**. Esta cifra é a suma do peso do sistema portaequipaxes, as barras transversais e a carga transportada sobre o teito ››› ⚠.

Infórmese sempre do peso do sistema portaequipaxes, as barras transversais e a carga a transportar; se é necesario, péseos. Nunca supere a carga máxima autorizada sobre o teito.

No caso de utilizar barras transversais e sistemas portaequipaxes con menor capacidade de carga, non se poderá aproveitar ao máximo a carga autorizada. Neste caso, só se permite cargar o sistema portaequipaxes ata o peso límite que figura nas instrucións de montaxe.

Distribuír a carga

Distribúa a carga de forma uniforme e fíxea correctamente ››› ⚠.

Controlar as fixacións

Unha vez montadas as barras transversais e o sistema portaequipaxes, verifique as conexións aparafusadas e as fixacións despois dun curto percorrido e, posteriormente, con certa frecuencia.

⚠ ATENCIÓN

- **Nunca supere a carga indicada sobre o teito, as cargas autorizadas sobre os eixes ou o peso máximo autorizado do vehículo.**
- **Non exceda a capacidade de carga das barras transversais e do sistema portaequipaxes, aínda que non se alcanzara a carga máxima permitida sobre o teito.**
- **Fixe sempre os obxectos pesados o máis adiante posible e distribúa a carga en xeral de forma uniforme.**

⚠ ATENCIÓN

Se a carga está solta ou non está fixada correctamente, podería caer do sistema portaequipaxes e causar accidentes e lesións.

- **Use sempre correas ou cintas axeitadas e en boas condicións.**

Portaobxectos

Introdución ao tema

Use os portaobxectos só para depositar obxectos pequenos ou lixeiros.

⚠ ATENCIÓN

A presenza de obxectos na zona repousapés do condutor pode dificultar o manexo dos pedais. Isto pode causar a perda de control do vehículo e aumentar o risco de lesións graves.

- **Asegúrese de que nada poda impedir manexar os pedais en todo momento.**
- **Fixe sempre a alfombra na área repousapés.**
- **Nunca coloque outras alfombras ou ningún outro tipo de recubrimento na alfombra xa instalada.**
- **Evite que caian obxectos na zona repousapés do condutor durante a marcha.**
- **Co vehículo aparcado, retire os obxectos que se atopen na zona repousapés.**

⚠ ATENCIÓN

Se deixa chisqueiros no vehículo, poderíanse danar ou acender de forma inadvertida. Isto podería causar graves queimaduras e danos no vehículo.

- **Antes de axustar un asento, asegúrese sempre de que non haxa chisqueiros na área das partes móbiles do asento.**
- **Antes de pechar un portaobxectos, asegúrese sempre de que non haxa chisqueiros na zona de peche.**
- **Nunca deixe un chisqueiro nun portaobxectos nin sobre outra superficie do vehículo porque podería acenderse debido ás altas temperaturas que se poderían alcanzar nestas superficies, especialmente no verán.**

ⓘ PRECAUCIÓN

- **Non almacene obxectos, alimentos ou medicamentos sensibles ao calor ou ao frío no habitáculo. A calor e o frío poderían estragalos ou deixalos inutilizables.**
- **Os obxectos compostos de materiais transparentes que queden no vehículo, como lentes, luvas ou ventosas transparentes fixadas nas fiestras, poden concentrar a luz solar e causar danos no vehículo.**

Portaluvas

Fig. 118 No lado do acompañante:portaluvas.

En función do equipamento, o lector de CD e de tarxetas SD atópase no portaluvas. O seu manexo descríbese en ››› **páx. 187**.

Abrir e pechar o portaluvas

Apertura: Tire da asa ››› **fig. 118** e abra o portaluvas.

Peche: Prema o portaluvas cara arriba.

⚠ ATENCIÓN

Se deixa aberto o portaluvas, pode aumentar o risco de que se produzan lesións graves en caso de accidente, freada ou manobra repentina.

- **Manteña o portaluvas sempre pechado durante a marcha.**

Portaobxectos baixo asentos dianteiros*



Fig. 119 Portaobxectos debaixo dos asentos dianteiros.

Apertura: Prema a asa situada no tirador da gabeta e puxe da gabeta cara a fóra.

»

Peche: Empuxe a gabeta debaixo do asento ata que encaixe.

⚠ ATENCIÓN

Se deixa a gabeta aberta, isto podería dificultar o funcionamento dos pedais. Isto podería provocar accidentes e lesións graves.

- **Manteña a gabeta sempre pechada durante a marcha. De non ser así, a gabeta e os obxectos que puidesen saír do seu interior poderían acabar na zona repousapés do condutor e impedirlle manexar os pedais.**

PRECAUCIÓN

A gabeta pódese cargar cun máximo de 1,5 kg.

Outros portaobxectos

Atopará máis portaobxectos, compartimentos e soportes en diferentes lugares do vehículo:

- Na consola central.
- Na parte superior do portaluvas en vehículos que non teñan reprodutor de CD. A carga non debe superar os 1,2 kg.
- Nos asentos traseiros, á esquerda e á dereita dos asentos, atópanse outros portaobxectos.

Nos montantes centrais das portas e nas asas traseiras do teito hai uns colgadoiros.

⚠ ATENCIÓN

As roupas colgadas poderían reducir a visibilidade do condutor, o que podería provocar accidentes e lesións graves.

- **Colgue sempre as prendas de roupa nos colgadoiros de tal forma que non reduzan a visibilidade do condutor.**
- **Nos colgadoiros do vehículo colgue só roupa lixeira. Nunca deixe obxectos pesados, duros ou afiados nos petos destas roupas.**
- **Para non reducir a eficacia dos airbags para a área da cabeza, recoméndase non usar perchas para a roupa.**

Portabebidas

Introdución ao tema

Nos portaobxectos das portas do condutor e do acompañante hai un portabotellas.

⚠ ATENCIÓN

O uso incorrecto dos portabebidas pode causar lesións.

- **Nunca coloque bebidas quentes nos portabebidas. En caso de freada ou accidente durante a marcha, as bebidas quentes depositadas nos portabebidas poderían derramarse e causar queimaduras.**
- **Evite que as botellas ou outros obxectos caian na zona repousapés do condutor durante a marcha, xa que poderían impedir que manexara os pedais.**
- **Nunca coloque vasos, alimentos ou outros obxectos pesados nos portabebidas. Estes obxectos pesados poderían ser arroxados polo habitáculo en caso de accidente e causar lesións graves.**

⚠ ATENCIÓN

As botellas pechadas poderían estalar no vehículo debido ao efecto do calor ou do frío.

- **Nunca deixe botellas pechadas no vehículo se a temperatura deste é moi alta ou moi baixa.**

PRECAUCIÓN

Durante a marcha, non deixe envases abertos nos portabebidas. Se a bebida se derrama (debido a unha freada, por exemplo), poderían producirse danos no vehículo e no sistema eléctrico.

Aviso

Os elementos interiores dos portabebidas poden extraerse para a súa limpeza.

Portabebidas dianteiro

Fig. 120 Consola central:portabebidas dianteiro.

Na consola central atópanse dous posavasos ››› **fig. 120**.

Tomas de corrente

Tomas de corrente do vehículos



Fig. 121 Tomas de corrente de 12 voltios do vehículo.



Fig. 122 No lado esquerdo do maleteiro:toma de corrente de 230 voltios.

Tomas de corrente de 12 voltios ››› **fig. 121**:

① Na consola central

② No lado esquerdo do maleteiro

③ Na parte posterior da consola central (tomas USB).

Na consola central

- Extraia o tapón situado na consola central da toma de corrente ››› **fig. 121** ①.
- Insira o conector do aparello eléctrico na toma de corrente.

No maleteiro*

- Levante a tapa da toma de corrente ››› **fig. 121** ②.
- Insira o conector do aparello eléctrico na toma de corrente.

Tomas de corrente USB

En función do equipamento e do país, o vehículo pode dispor tamén de conectores USB con función **exclusivamente de carga ou toma de corrente**.

Estas entradas USB atópanse na parte posterior da consola, entre os asentos anteriores ››› **fig. 121** ③. Estes conectores poden funcionar a unha potencia máxima de ata 10,5 W por porto.

Non están deseñados para a reprodución de arquivos. »

Consumo máximo de potencia

Toma de corrente	Consumo máximo de potencia
12 voltios	120 watts
230 voltios	150 watts (pico de 300 watts)

Á toma de corrente de 12 voltios pode conectarse calquera accesorio eléctrico.

Asegúrese de que non se supere o consumo de potencia máximo que figura en cada toma de corrente. O consumo de potencia dos dispositivos móstrase na placa de modelo.

Ao conectar dous ou máis dispositivos eléctricos ao mesmo tempo, asegúrese de que o consumo total de todos eles non exceda nunca os 190 watts ››› ❗.

Toma de corrente de 230 voltios*

Co motor en marcha, a toma de corrente ››› **fig. 122** actívase automaticamente logo de enchufar un conector. Se hai suficiente enerxía disponible, en caso necesario, aínda se pode seguir a usar a toma de corrente co motor apagado ››› ⚠

Conectar un aparato eléctrico: Abra a tapa e insira o conector na toma de corrente ata o tope para desbloquear o seguro para nenos integrado. A toma só subministra corrente unha vez desbloqueado o seguro para nenos.

Indicador LED na toma de corrente	
Luz verde permanente:	O seguro para nenos está desbloqueado. A toma de corrente está lista para funcionar.
Luz verde intermitente:	O acendido está desconectado, pero hai suficiente enerxía disponible para seguir alimentando a toma de corrente con corrente durante un máximo de 10 minutos. Se desenchufa o conector antes de que transcorra este tempo, desconéctese a toma de corrente e non se pode usar de novo ata que se conecte de novo o acendido.
Luz vermella intermitente:	Hai algunha anomalía, por exemplo, desconexión por sobrecorrente ou sobrequentamento.

Desconexión por sobrequentamento

Cando a temperatura supera un determinado valor, o convertedor da toma de corrente de 230 voltios desconéctase automaticamente. A desconexión evita o sobrequentamento cando o consumo de potencia dos dispositivos conectados é excesivo ou a temperatura ambiente moi alta. A toma de corrente de 230 voltios pode usarse de novo despois dun tempo de arrefriamento, para iso hai que desenchufar primeiro o conector do dispositivo que estivera conectado e, a continuación, conectalo de novo. Deste xeito evita que o dispositivo eléctrico se acenda de novo sen que así se desexe.

⚠ ATENCIÓN

¡O sistema eléctrico está baixo alta tensión!

- **Non derrame líquidos na toma de corrente.**
- **Non enchufe adaptadores ou prolongacións na toma de corrente de 230 voltios. De non ser así, o seguro para nenos integrado desbloquearase e a toma de corrente funcionará.**
- **Non insira obxectos condutores (por exemplo, unha agulla de punto) na toma de corrente de 230 voltios.**

⚠ ATENCIÓN

A toma de corrente só funciona co acendido conectado. O seu uso indebido pode causar feridas serias ou mesmo un incendio. Polo tanto, os nenos non deben quedar no vehículo, sen atendelos, se a chave está no vehículo. De non ser así, hai risco de que se lesionen.

ⓘ PRECAUCIÓN

Para que as tomas de corrente non sofran danos, pregámoslle que só use conectores axeitados para elas.

ⓘ PRECAUCIÓN

- **Toma de corrente de 230 voltios:**
  - **Non deixe dispositivos ou conectores demasiado pesados (por exemplo,**

unha fonte de corrente) colgados directamente da toma de corrente.

– Non conecte lámpadas de neon.

– Conecte á toma de corrente só dispositivos cuxa voltaxe coincida co da mesma.

– A función de desconexión por sobrecarga incorporada evita que se acendan os dispositivos eléctricos que necesitan unha alta corrente de arranque. Neste caso, desacople o alimentador do dispositivo eléctrico e tente de novo a conexión despois de aproximadamente 10 segundos.

Aviso

- Se hai accesorios eléctricos conectados co motor parado descargarase a batería.
- Se o aparello conectado está moi quente, apágueo inmediatamente e desconécteo da rede eléctrica.
- Antes de conectar e desconectar o acendido, desenchufe os aparellos conectados aos portos USB para protexelos dos posibles danos causados pola oscilación da tensión eléctrica.
- É posible que algúns dispositivos non funcionen correctamente cando estean conectados a tomas de 230 voltios por falta de potencia (watts).

Climatización

Calefacción, ventilación e refrixeración

Introdución

O **Climatronic** refrixera e deshumidifica o aire. O seu rendemento óptimo conséguese coas fiestras e o teito de vidro pechados.

Prema a tecla correspondente para activar unha función específica. Para desconectar a función, prema a tecla de novo.

O LED de cada un dos mandos ilumínase para indicar que a función respectiva dun mando está activada.

Filtro de po e pole

O filtro de po e pole con cartucho de carbono activo reduce as impurezas do aire que se introduce no habitáculo.

O filtro de po e pole debe cambiarse regularmente para que a potencia do climatizador non se vexa afectada.

Se o rendemento do filtro diminúe prematuramente por utilizar o vehículo nun ambiente no que o aire contén moitas impurezas, o filtro deberá cambiarse sen esperar o tempo previsto.

⚠ ATENCIÓN

Se non hai boa visibilidade a través de todas as fiestras do vehículo, aumentará o risco de sufrir un accidente con consecuencias graves.

- Asegúrese sempre de que todos os cristais estean libres de xeo e neve e que non estean embazados para manter unha boa visibilidade cara ao exterior.
- Póñase en marcha só cando teña boa visibilidade.
- Asegúrese sempre de usar correctamente o climatizador, así como a fiestra traseira térmica para ver ben o que acontece no exterior.
- Nunca deixe funcionar a recirculación de aire por un longo período. Cando o sistema de refrixeración está desconectado e o modo de recirculación de aire activado, as fiestras poden embazarse moi rápido, limitando considerablemente a visibilidade.
- Desconecte o modo de recirculación do aire cando non o precise.

⚠ ATENCIÓN

O aire viciado aumenta o cansazo e a perda de concentración do condutor, o que pode causar un accidente de consecuencias graves.

- Nunca deixe o ventilador desconectado durante moito tempo, nin use o modo de recirculación por un longo período de

»

tempo, xa que non se renovará o aire do habitáculo.

PRECAUCIÓN

- Para a substitución do filtro de pole sempre deberá acudir a un servizo técnico.
- Se sospeita que o climatizador pode estar danado, apágueo. Isto evitará danos adicionais. Faga que revisen o climatizador nun taller especializado.
- Calquera reparación do climatizador require coñecementos específicos e ferramentas especiais. CUPRA recoméndalle acudir ao Servizo especializado CUPRA ou ao Servizo Oficial SEAT.

Aviso

- Cando o sistema de refrixeración estea desconectado, non se deshumidificará o aire que entre dende fóra. Para evitar se embacen os vidros, CUPRA recomenda deixar o sistema de refrixeración (compresor) conectado. Para facelo, prema a tecla A/C. O indicador da tecla deberá iluminarse.
- A máxima potencia calorífica e a desconxelación máis rápida posible dos cristais conséguense cando o motor alcanza a súa temperatura de funcionamento normal.
- Para non prexudicar o rendemento da calefacción ou da refrixeración e para evitar que os vidros se embacen, a entrada de aire diante do parabrisas non debe quedar obstruída por xeo, neve ou follas.
- O aire que sae polos difusores e que circula por todo o habitáculo é evacuado a través das rañuras dispostas no maleteiro para este efecto. Por iso, deberá evitarse obstruír estas rañuras con calquera tipo de obxecto.
- Coa recirculación de aire conectada non se debería fumar, porque o fume que aspira o sistema recala no evaporador do grupo refrixerador producindo cheiros desagradables.
- É aconsellable conectar o aire acondicionado polo menos unha vez ao mes, para que as xuntas do sistema se lubriquen e para previr a aparición de fugas. Se observa unha diminución na potencia frigorífica, diríxase a un servizo técnico para comprobar o sistema.
- Cando se require un esforzo extremo do motor, desconectarse o compresor momentaneamente.

Mandos do Climatronic

Fig. 123 Na consola central:mandos do Climatronic.

Modo automático AUTO

Axuste automático da temperatura, do ventilador e da distribución do aire. O modo automático desactívase cando a ventilación modifícase manualmente.

Modo de refrixeración A/C

Prema a tecla para conectar ou desconectar o sistema de refrixeración.

Temperatura ①/②

A temperatura dos lados dereito e esquerdo pode axustarse separadamente cos reguladores. A temperatura seleccionada amósase na pantalla do panel de mandos do climatizador.

Sincronización: prema a tecla SYNC para que os axustes do posto de condución se apliquen ao lado do acompañante. Accione o regulador de temperatura para o lado do acompañante para axustar unha temperatura diferente.

Ventilador

A potencia do ventilador regúlase automaticamente.

Xirando o regulador, o ventilador tamén se axusta manualmente.

Distribución do aire / /

O fluxo de aire axústase automaticamente de xeito cómodo. Tamén pode distribuírse manualmente á zona desexada premendo a tecla correspondente:

- O aire está dirixido cara ao tórax
- O aire está dirixido cara a zona repousapés.
- O aire está dirixido cara ao parabrisas.

Máxima potencia de refrixeración A/C MAX

A recirculación do aire e o sistema de refrixeración conéctanse automaticamente e a distribución do aire axústase automaticamente á posición .

Función de desconxelación/desembazamento MAX

O aire exterior aspirado está dirixido cara ao parabrisas e a recirculación do aire desactívase automaticamente. Para desembazar o parabrisas máis rápido, o aire deshumidifícase a temperaturas superiores a +3 °C (+38 °F) aproximadamente e o ventilador opera nun rendemento óptimo.

Sistema de infotainment SETUP

Amosarase o menú de control e axustes do climatizador na pantalla do sistema Easy Connect.

Fiestra traseira térmica

Funciona só co motor en marcha e desconéctase automaticamente, como máximo, ao cabo de 10 minutos.

Deberá desconectarse axiña que o cristal recobre a súa nitidez. O menor consumo de corrente repercute favorablemente sobre o consumo de combustible.

Para evitar unha posible deterioración da batería, pódese producir unha desconexión temporal automática da función, recuperándose esta unha vez restablecidas as condicións normais de funcionamento.

Recirculación do aire

››› páx. 149

Calefacción dos asentos

››› páx. 150

Desconectar

Prema a tecla OFF ou ben axuste o ventilador manualmente a 0.

Uso do Climatronic a través do sistema Easy Connect*



Fig. 124 Pantalla do Easy Connect:menú Climatizador.

No sistema Easy Connect tamén se poden levar a cabo diversos axustes para o Climatronic.

Abrir o menú Climatizador

- Prema a tecla **SETUP** do panel de mandos do Climatronic.

Na pantalla visualízanse os axustes actuais, por exemplo, a temperatura axustada cara ao lado do condutor e do acompañante. As temperaturas ata +22 °C (+72 °F) represéntanse con frechas azuis e as temperaturas superiores a +22 °C (+72 °F) con frechas vermellas.

Para conectar ou desconectar unha función ou para seleccionar un submenú, hai que premer o botón de función correspondente.

Botón de función: Función
OFF: Desconéctase o Climatronic.
ON: Conéctase o Climatronic.
SYNC: Sincronizar as temperaturas de condutor e acompañante.
AJUSTES: Ábrese o submenú dos axustes de climatización. Poden configurarse os seguintes axustes:
Calefactor adicional automático: para activar ou desactivar o acendido automático da calefacción adicional para países fríos (só os motores con calefacción adicional). Coa opción desactivada, dependendo da temperatura exterior, a calefacción pode precisar máis tempo do normal para alcanzar a temperatura de confort.
Parabrisas térmico automático*: para conectar e desconectar o parabrisas térmico automático >>> páx. 151.
Recirculación de aire automática: para conectar e desconectar a recirculación de aire automática >>> páx. 149.
Atrás ↩: Pecha o submenú.
*: Permite activar ou desactivar o parabrisas térmico de maneira manual.
*: Permite activar ou desactivar o PureAir e abre o submenú.

Instrucións de uso do climatizador

O sistema de refrixeración do habitáculo só funciona cando o motor está en marcha e o ventilador está acendido.

Uso económico do aire acondicionado

Co aire acondicionado conectado, o compresor consume potencia do motor e inflúe no consumo de combustible.

O mellor rendemento do climatizador conséguese coas fiestras e o teito panorámico corredizo pechados. Non obstante, se o habitáculo quentouse excesivamente por ter estado exposto ao sol, arrefecerase máis rápido mantendo as fiestras e o teito panorámico corredizo abertos por un momento.

Cambiar a unidade de temperatura

O cambio da indicación da temperatura de Celsius a Fahrenheit na pantalla do sistema de infotainment incorporado de fábrica faise mediante a tecla de infotainment > **Ajustes > Unidades**.

Non se pode activar o sistema de refrixeración

Se a refrixeración non funciona, pode deberse ás seguintes causas:

- O motor non está en marcha.
- O ventilador está desconectado.

- O fusible do climatizador está fundido.
- A temperatura exterior é inferior a +3 °C (+38 °F), aproximadamente.
- O compresor do climatizador desconectouse temporalmente porque o refrixerante do motor quentouse demasiado.
- O vehículo presenta outro tipo de avaría. Faga que revisen o climatizador nun taller especializado.

Particularidades

Cando a humidade e a temperatura exterior son altas, a **auga condensada** polo evaporador do sistema de refrixeración podería gotear formando un charco baixo o vehículo. Isto é normal e non significa que haxa fugas.

Aviso

Despois de poñer o motor en marcha, a humidade residual acumulada no climatizador pode embazar o parabrisas. Conecte a función de desconxelación para desembazar o parabrisas o antes posible.

Difusores de aire

Para garantir a calefacción, refrixeración e ventilación dentro do habitáculo, os difusores de aire deberían permanecer abertos.

- Para abrir e pechar os difusores de aire, xire a roda correspondente na dirección desexada. Cando a roda estea en posición ▶ o difusor de aire correspondente está pechado.
- Orientar a dirección do aire co tirador da reixa de ventilación.

Hai outros difusores de aire adicionais e non axustables no taboleiro de instrumentos, nas áreas repousapés e na zona posterior do habitáculo.

Aviso

Nunca coloque alimentos, medicamentos ou outros obxectos que sexan sensibles ao calor ou o frío diante dos difusores de aire porque poden deteriorarse ou quedar inservibles debido ao aire.

Recirculación de aire

No modo de recirculación do aire, impídese a entrada de aire dende o exterior ao habitáculo.

Se a temperatura externa é demasiado alta, debería seleccionarse o modo manual de recirculación de aire durante un curto período de tempo para arrefecer o habitáculo máis rápido.

Por motivos de seguridade, a recirculación do aire desconéctase cando se preme a tecla MAX ou se xira o distribuidor de aire a .

Conectar e desconectar a recirculación manual do aire

- Prema a tecla para conectar ou desconectar a recirculación manual do aire.

Modo automático de recirculación de aire

Cando se activa o modo de recirculación do aire automático, o aire fresco pode acceder ao habitáculo. Cando o sistema detecta unha elevada concentración de substancias nocivas no aire exterior, a recirculación do aire actívase automaticamente. Cando o nivel de impurezas volve a estar nun intervalo normal, o modo de recirculación desconéctase.

O sistema non é capaz de detectar cheiros desagradables.

- A activación e desactivación da recirculación automática do aire realízase no menú do climatizador ››› **pág. 148**.

A recirculación do aire **non** se conecta automaticamente en versións sen sensor de humidade e coas seguintes condicións externas:

- A temperatura ambiente é inferior a +3 °C (+38 °F).
- O sistema de refrixeración está desconectado e a temperatura ambiente é inferior a +10 °C (+50 °F).

»

• O sistema de refrixeración está desconectado, a temperatura ambiente é inferior a +15 °C (+59 °F) e o limpaparabrisas está conectado.

⚠ ATENCIÓN

Teña en conta as advertencias de seguridade ››› **⚠ en Introdución da páx. 145.**

• Cando o sistema de refrixeración está desconectado e o modo de recirculación do aire activado, os fiestras poden embazarse moi rápido, limitando considerablemente a visibilidade.

• Desconecte o modo de recirculación do aire cando non o precise.

PRECAUCIÓN

En vehículos con climatizador non se aconsella fumar cando a recirculación do aire estea activada. O fume aspirado pode depositarse no vaporizador do sistema de refrixeración, así como no cartucho de carbono activo do filtro para po e pole, causando un olor desagradable permanente.

Aviso

Climatronic: ao estar en marcha atrás, e mentres funcione o limpaparabrisas, a recirculación do aire actívase para evitar que os gases de escape ou os cheiros desagradables entren no habitáculo.

Calefacción dos asentos

Co acendido conectado, a banqueta e o respaldo dos asentos poden quentarse electricamente.

Usar a calefacción dos asentos

• Prema a tecla ou do panel de mandos para conectar a calefacción do asento á máxima potencia.

• Prema a tecla ou varias veces ata axustar o nivel desexado.

• Para desconectar a calefacción do asento, prema a tecla ou repetidamente ata que non se acenda ningún LED.

Se conecta de novo o acendido dentro dos próximos 10 minutos aprox., a calefacción do asento do condutor conéctase automaticamente no nivel axustado por última vez.

Casos nos que non se debería conectar a calefacción dos asentos

Se cumpre algunha das seguintes condicións, non conecte a calefacción do asento:

• O asento non está ocupado.

• O asento está cuberto cunha funda.

• Sobre o asento hai montado un asento para nenos.

• A banqueta do asento está húmida ou mollada.

• A temperatura exterior ou a do habitáculo é superior a +25°C (77°F).

⚠ ATENCIÓN

As persoas que, debido a medicamentos, parálise ou enfermidades crónicas (por exemplo, diabetes), non perciban a dor ou a temperatura, ou teñan a percepción limitada, e os nenos poden sufrir queimaduras nas costas, nádegas ou pernas cando se usa a calefacción dos asentos.

• As persoas cunha percepción limitada da dor e da temperatura non deben usar nunca a calefacción do asento.

• En caso de detectar calquera tipo de anomalía co control de temperatura do dispositivo, faga que o revisen nun taller especializado.

⚠ ATENCIÓN

Se o tecido do coxín está mollado, pode afectar negativamente o funcionamento da calefacción do asento, aumentando o risco de queimaduras.

• Comprobe que a banqueta está seca antes de utilizar a calefacción do asento.

• Non sente con roupa húmida ou mollada no asento.

• Non deixe obxectos nin roupa húmida ou mollada no asento.

• Non derrame líquidos sobre o asento.

PRECAUCIÓN

- **Para evitar danar os elementos calefactores da calefacción do asento, non se axeonlle sobre eles nin someta a banqueta ou o respaldo a unha presión excesiva concentrada nun só punto.**
- **Os líquidos, os obxectos afiados e os materiais illantes (por exemplo, unha funda ou un asento para nenos) poden danar a calefacción do asento.**
- **Cando se produce algún olor, hai que desactivar inmediatamente a calefacción do asento e levalo a revisar a un taller especializado.**

Nota sobre o medio ambiente

Manteña acendida a calefacción dos asentos só durante o tempo necesario. De non ser así, supón un consumo de combustible innecesario.

Parabrisas térmico*



Fig. 125 Sensor de temperatura e humidade do parabrisas.

O parabrisas térmico está formado por un conxunto de fíos calefactados situados entre as capas do parabrisas que, aplicando corrente eléctrica sobre os mesmos, quéntanse e provocan que suba a temperatura do cristal.

A súa función é axudar ao sistema de climatización a previr que o parabrisas se embace, ou a desembazalo máis rapidamente cando se embace.

O sistema pódese conectar manual ou automaticamente.

Conexión manual

- Prema a tecla **SETUP** do panel de mandos do Climatronic.
- Prema o botón de función para conectar ou desconectar o parabrisas térmico.

Conexión automática

Para facilitar o uso do parabrisas térmico, hai dispoñible unha conexión automática.

O panel de mandos do Climatronic é capaz de detectar o perigo de que o parabrisas se embace grazas aos seus sensores de temperatura e humidade e, en consecuencia, activar ou desactivar o sistema. Ademais, tamén se activará automaticamente cando se prema a tecla **MAX** do panel de control Climatronic.

Para que se conecte automaticamente debe realizar o seguinte axuste:

- Prema a tecla **SETUP** do panel de mandos do Climatronic.
- Prema o botón de función **AJUSTES** do sistema de infotainment.
- Conecte ou desconecte a función premendo o botón de función **Parabrisas térmico automático**.

Sistema Infotainment

Introdución

Advertencias de seguridade

Indicacións de seguridade relativas ao sistema de infotainment

Lembre que só debe usar as amplas posibilidades que ofrece a operación do sistema de infotainment cando a situación do tráfico realmente o permita.

⚠ ATENCIÓN

- Antes de iniciar a viaxe, convén familiarizarse coas diferentes funcións do sistema de infotainment.
- O volume elevado pode representar un perigo para vostede e para outros. O oído pode danarse se o volume é demasiado alto, aínda que sexa por pouco tempo.
- Os axustes do sistema infotainment deberían realizarse co coche parado ou ben os debería realizar o acompañante.

⚠ ATENCIÓN

O tráfico actual esixe a máxima atención dos usuarios das vías públicas. Calquera distracción do condutor pode provocar accidentes e lesións. Xestionar o sistema de infotainment pode distraer a atención do tráfico.

- Conduza sempre prestando a máxima atención ao tráfico e de forma responsable.
- Axuste o volume de xeito que os sinais procedentes de fóra (por exemplo, sirenas e bucinas dos vehículos de emerxencia) se poidan escoitar en todo momento.

⚠ ATENCIÓN

Ao cambiar ou conectar unha fonte de audio, o volume pode subir de súpeto.

- Baixe o volume básico antes de conectar unha fonte de audio ou cambiala.

⚠ ATENCIÓN

As recomendacións para a condución e os sinais de tráfico amosados polo sistema de navegación poden diferir da situación real.

- Os sinais de tráfico e as normas de circulación prevalecen sobre as recomendacións e as indicacións do sistema de navegación.

⚠ ATENCIÓN

A conexión, introdución ou extracción dun soporte de datos mentres conduce pode distraer a atención do tráfico e provocar un accidente.

⚠ ATENCIÓN

Coloque os cables de conexión dos equipos externos para que non interfiran coa mobilidade do condutor.

⚠ ATENCIÓN

Os equipos externos que non estean suxeitos correctamente, poderían saír disparados polo habitáculo e ocasionar danos ou lesións en caso de manobra repentina ou accidente.

- Evite colocar dispositivos externos nas portas, no parabrisas, no volante, no taboleiro de instrumentos, nos respaldos dos asentos, enriba ou preto da zona marcada coa palabra “AIRBAG” ou entre estas zonas e os ocupantes. Poderían causar feridas graves en caso de accidente, especialmente se os airbags están despregados.

⚠ ATENCIÓN

O repousabrazos* debe estar sempre pechado durante a marcha, xa que podería limitar os movementos do condutor.

⚠ ATENCIÓN

Se a carcasa dun reprodutor de CD ou DVD ábrese, poden producirse lesións debido á radiación láser invisible.

- A reparación dos reprodutores de CD ou DVD só se debe encargar a talleres especializados.

PRECAUCIÓN

Se insire un soporte de datos inadecuado ou se introduce incorrectamente, o sistema de infotainment pode resultar danado.

- Ao introducilo, asegúrese de que o fai na posición correcta.
- Se preme con forza pode danar irreparablemente o seguro da rañura para tarxetas de memoria.
- Use só tarxetas de memoria compatibles.
- Procure inserir ou extraer os CD e DVD de forma perpendicular á parte frontal do lector de CD/DVD sen inclinalos para non raialos.
- Se insire un CD ou DVD cando hai un dentro ou cando se está a expulsar outro, o lector de CD/DVD podería resultar danado. Agarde sempre que a saia o soporte de datos por completo.

PRECAUCIÓN

Se un CD e DVD leva adheridos corpos estraños ou se non é redondo, o reprodutor podería sufrir danos.

- Use só CD ou DVD convencionais limpos de 12 cm.
  - Non pegue adhesivos ou similares nos soportes de datos. Os adhesivos poden desprenderse e danar o lector.
  - Non use obxectos de datos impresos. As impresións e revestimentos poden desprenderse e danar o lector de CD/DVD.
  - Non insira “singles” de 8 cm ou CDs ou DVDs con formas atípicas.
  - Non insira DVD-Plus, Dual Disc nin Flip Disc, xa que son máis grosos que os CD convencionais.

PRECAUCIÓN

Se o volume de reprodución é excesivo ou está deformado, poden verse danados os altofalantes do vehículo.

Aviso

Para o correcto funcionamento do sistema de infotainment, é importante que a hora e a data do vehículo estean axustadas correctamente.

Cadro xeral do equipo

Navi System / Navi System Plus



Fig. 126 Imaxe xeral dos mandos.

① Modo Radio (cambio de banda de frecuencias ››› **páx. 179**

② Touchscreen (pantalla táctil) ››› **páx. 159**

③ Modo Navegación ››› **páx. 204**

④ Modo Multimedia (cambio fontes de audio) ››› **páx. 187**

⑤ Modo Teléfono ››› **páx. 223**

⑥ Operación por voz ››› **páx. 165**

⑦ Full Link ››› **páx. 169**

⑧ Axustes do vehículo ››› **páx. 84**, ››› **páx. 219**

⑨ Menú principal ››› **páx. 158**

⑩ Volume. Apagar/acender ››› **páx. 158**

⑪ Sensor de proximidade ››› **páx. 161**

⑫ Botón de axustes (busca e selección) ››› **páx. 158**

Menús principais.



Fig. 127 Resumo dos menús.

Radio ››› páx. 179

Menú principal RADIO ››› páx. 179
Servizos de datos de radio RDS ››› páx. 180
Modo de radio dixital ››› páx. 181
Teclas de memoria ››› páx. 182
Memorizar logotipos de emisoras ››› páx. 183
Seleccionar, sintonizar e memorizar emisoras ››› páx. 183
Reproducción automática SCAN ››› páx. 184
Información de tráfico TP ››› páx. 184
Axustes ››› páx. 185

Media ››› páx. 187

Soporte de datos e arquivos ››› páx. 187
Orde de reprodución ››› páx. 190 ››› páx. 190
Cambiar a fonte de media ››› páx. 192
Cambiar de pista ››› páx. 193
Selección dun álbum por portada ››› páx. 193
Selección dunha pista dunha lista de pistas ››› páx. 194
Vista de banco de datos ››› páx. 195
Inserir ou expulsar un CD ou DVD ››› páx. 195
Tarxeta de memoria ››› páx. 196
Soporte de datos externo conectado ao porto USB. ››› páx. 196
Fonte de audio externa conectada á toma multimedia AUX-IN. ››› páx. 197
Fonte de audio externa con Bluetooth® ››› páx. 198
Imaxes ››› páx. 203
Axustes ››› páx. 204

Navegación ››› páx. 204

Destino novo ››› páx. 207
Opcións de ruta ››› páx. 208 ››› páx. 208
Meus destinos ››› páx. 209
Destinos especiais (POI) ››› páx. 211
Vista ››› páx. 211
Ventá adicional ››› páx. 211
Representación do mapa ››› páx. 212
Boletíns de tráfico e guía dinámica ››› páx. 213
Navegación preditiva ››› páx. 214
Importar vCards ››› páx. 214
Navegación con imaxes ››› páx. 214
Sinais de tráfico ››› páx. 214
Guía ao destino no modo Demo ››› páx. 215
Axustes ››› páx. 215
Modo Offroad ››› páx. 217

Vehículo

Cadro de instrumentos ››› páx. 219
Sport ››› páx. 220
Offroad ››› páx. 220
Consumidores ››› páx. 221
Datos de viaje ››› páx. 221
Ecotrainer ››› páx. 222
Estado del vehículo ››› páx. 223

Tráfico ››› páx. 213

Información do tráfico (TP) ››› páx. 184
Boletíns de tráfico e guía dinámica ››› páx. 213

Teléfono ››› páx. 223

Bluetooth® ››› páx. 225
Vinculación ››› páx. 225
Teclas de función ››› páx. 227
Introducir número ››› páx. 229
Axenda ››› páx. 229
Mensaxes curtas (SMS) ››› páx. 231
Listaxe de chamadas ››› páx. 231
Teclas de marcación rápida ››› páx. 232
Axustes ››› páx. 233

Sonido ››› páx. 164

Full Link ››› páx. 169

Requisitos ››› páx. 170
Activación de Full Link ››› páx. 171
Vinculación de dispositivos portátiles ››› páx. 172
MirrorLink® ››› páx. 173
Apple CarPlay™ ››› páx. 173
Android Auto™ ››› páx. 174
Preguntas frecuentes ››› páx. 175

Media Contr. ››› páx. 175

Punto de acceso WLAN ››› páx. 176

Imaxes ››› páx. 203

Clima ››› páx. 148

Axustes ››› páx. 163

Instrucións xerais a operación

Introdución

Se modifica os axustes poden variar as indicacións na pantalla e pode que o sistema de infotainment se comporte dun xeito diferente ao descrito neste manual de instrucións.

Aviso

- **Para usar as funcións do sistema de infotainment, só ten que premer suavemente unha tecla ou brevemente a pantalla.**
- **O software dos equipos depende do mercado en cuestión, pode que non estean dispoñibles todos os botóns de función nin todas as funcións descritas. Polo tanto, se non aparece un botón de función mencionado, non é un defecto do equipo.**
- **Dependendo das disposicións legais do país en cuestión, algunhas funcións poden non estar dispoñibles na pantalla a partir dunha velocidade determinada.**
- **A utilización do teléfono móbil no interior do vehículo pode provocar ruídos nos altofalantes.**
- **Nalgúns países poden existir restricións en canto á utilización de dispositivos con tecnoloxía Bluetooth®. Para máis información ao respecto consulte ás autoridades locais.**
- **Nos vehículos con ParkPilot, o volume do audio redúcese automaticamente ao engrenar a marcha atrás. A redución de audio pódese axustar no menú `Sonido` > `Volumen`.**

Esquema dos menús

Fig. 128 Menú principal

Na pantalla táctil do sistema de infotainment pode seleccionar os diferentes menús principais.

Prema a tecla do infotainment para abrir a sinopse dos menús.

A vista do menú principal na pantalla táctil pode modificarse de “mosaico” a “carrusel” e viceversa a través do menú **`Ajustes`** > **`Pantalla`** ››› **pág. 163**.

Aviso

Dependendo da versión do Infotainment, pode haber máis iconas na segunda páxina. Neste caso, para ver as iconas restantes prema o botón de función ››› **fig. 128** **(frecha) ou deslice o dedo horizontalmente sobre a pantalla.**

Botóns xiratorios e teclas do infotainment

Botóns xiratorios

O botón xiratorio esquerdo ⏻ é o botón de acendido/apagado cando se preme e o regulador do volume cando se xira.

O botón xiratorio dereito é o botón de busca cando se xira e de selección cando se preme.

Teclas do infotainment

As teclas do infotainment utilízanse *premendoas* ou *manténdoas premidas*.

Acender e apagar

Ao acender o sistema iníciase co volume co que se apagou, sempre que non exceda o volume de acendido máximo preestablecido. Seleccione **`Sonido`** > **`Volumen`**.

O equipo apagarase automaticamente cando se saque a chave do contacto ou ao premer o botón de acendido (dependendo do

equipamento ou do vehículo). Se acende de novo o sistema de infotainment, este apagarase automaticamente despois duns 30 minutos (apagado retardado).

Aviso

- **O sistema de infotainment pertence ao vehículo. Non se pode empregar noutro vehículo.**
- **Se desemborna a batería, antes de acender de novo o sistema de infotainment, ten que conectar o acendido.**

Cambiar volume básico

Subir ou baixar o volume ou suprimir o son

Aumentar o volume: xire o regulador de volume ⏻ no sentido horario ou xire a roda esquerda do volante multifunción cara arriba △.

Reducir o volume: xire o regulador do volume ⏻ no sentido antihorario ou xire a roda esquerda do volante multifunción cara abaixo ▽.

Os cambios do volume represéntanse na pantalla mediante unha barra de volume. O volume pode controlarse dende os mandos do volante. Neste caso, os cambios de volume están representados na pantalla do cadro de instrumentos mediante unha barra de volume.

Algúns axustes e adaptacións do volume poden predefinirse. Seleccione ▦ > **Sonido** > **Volumen**.

Suprimir o son do sistema de infotainment

- Xire o regulador do volume ⏻ no sentido contrario ao das agullas do reloxo ata que se amose 🔇.
- **OU BEN:** prema a roldana esquerda do volante multifunción.

Durante o modo Media (excepto AUX), a reprodución está en pausa. Na pantalla amósase 🔇.

Funcionamento dos botóns de función e das indicacións na pantalla



Fig. 129 Vista dalgúns dos botóns de función na pantalla.



Fig. 130 Menú de axustes de son

As zonas activas da pantalla táctil que representan unha función chámanse "botóns de función" e úsanse *pulsándoos* brevemente na pantalla ou *manténdoos premidos*.

Os botóns de función indícanse neste manual como un "botón de función" e un símbolo de tecla (dentro dun rectángulo).

Estes activan funcións ou abren submenús. Nos menús amósase na barra de título o menú seleccionado ››› **fig. 129** Ⓐ nese momento.

Non se poden seleccionar os botóns de función inactivos (en gris). »

Aumentar ou diminuír o tamaño das imaxes visualizadas na pantalla

O tamaño da imaxe do mapa de navegación e na visualización de imaxes pode aumentarse ou reducirse. Para facelo, deslice 2 dedos pola pantalla separándoos ou xuntándoos.

Cadro xeral das indicacións e dos botóns de función

Indicacións e botóns de función: uso e efecto	
Ⓐ	Na barra de título amósase o menú seleccionado ou outros botóns de función.
Ⓑ	Prema para abrir outro menú.
Ⓒ	A barra de desprazamento amósase á dereita. Desprace a barra deslizando verticalmente o dedo ››› pág. 160, Abrir entradas de listaxes e procurar en listas.
Ⓓ	**Cursor desprazable**: Mova o cursor deslizando o dedo pola pantalla.
	OU BEN: Prema nun punto da pantalla cara onde desexe orientar o son.
	Cruz reticular fixa: Prema nas frechas para mover o son de acordo coas súas preferencias.
	OU BEN: Prema o botón central para colocar o son estéreo no centro do habitáculo

Indicacións e botóns de función: uso e efecto	
🗀	Prémao nalgunhas listaxes para ir subindo niveis paso a paso.
ATRÁS ⮌	Tecla para volver ao menú anterior ou subir do nivel de cartafoles.
▽	Preméndoo ábrese unha ventá emerxente (ventá de opcións) na que se amosan outras opcións de axuste.
☑ / ☐	Algunhas funcións actívanse ☑ ou desactívanse ☐ premendo sobre esta caixa.
OK	Prémao para confirmar unha entrada ou selección.
×	Prémao para pechar unha ventá emerxente ou unha máscara de entrada.
+ / –	Prémaos para cambiar axustes paso a paso.
▭	Mova o botón desprazable pola pantalla deslizando o dedo.

Abrir entradas de listaxes e procurar en listas



Fig. 131 Entradas dunha listaxe dun menú de axustes.

As entradas das listaxes poden activarse preméndoas na pantalla ou co botón de axuste.

Marcar entradas dunha listaxe co botón de axuste e abrilas

- *Xire* o botón de axuste para buscar e seleccionar na listaxe.
- *Prema* o botón de axuste para activar a entrada da listaxe marcada.

Buscar nas listaxes (desprazando a pantalla)

A barra de desprazamento amósase á dereita e o seu tamaño depende das entradas da listaxe ››› **fig. 131** ①.

- *Sobre a barra:* Prema por arriba ou por debaixo da marca ou deslice o dedo verticalmente sobre a marca ata chegar á posición desexada.

Máscaras de entrada con teclado na pantalla

Fig. 132 Máscara de entrada con teclado na pantalla.

O teclado na pantalla úsase, por exemplo, para introducir o nome dunha memoria, para seleccionar un enderezo de destino ou para ingresar un termo para procura en listaxes grandes.

Na barra superior da pantalla está a liña de entrada co cursor. Aquí se amosarán as entradas que están feitas.

Máscaras de entrada de "texto libre"

Nas máscaras de entrada de texto libre poden introducirse letras, cifras e caracteres en calquera combinación.

Máscaras de entrada para seleccionar unha entrada almacenada (por exemplo, un enderezo de destino)

Só se poden introducir letras, cifras e caracteres que correctamente combinados correspondan a unha entrada almacenada.

Na liña de entrada proponse as coincidencias ››› **fig. 132** ④. No caso dos nomes compostos, tamén se debe introducir o espazo en branco.

Cadro xeral dos botóns de función*

Icona e texto de función: uso e efecto	
Letras e cifras	Prémaas para copialas na liña de entrada.
①	Prémao para cambiar o teclado a outro idioma. Os idiomas do teclado poden seleccionarse no menú **Ajustes del sistema > Idioma**.
②	Prémeo para amosar símbolos no teclado.
③	Se son menos de 99, amosa o número de entradas seleccionables e premendo abre a lista de acordo co que se introduciu.
④	Barra de desprazamento, o seu tamaño depende do número de entradas coincidentes.
⑤	Ao manter premida a tecla amósanse os caracteres especiais baseados nesa letra. Copie os caracteres desexados preméndoos. Algúns caracteres especiais poden transcribirse (por exemplo, "AE" para "Ä").
␣	Barra espazadora
⌫	Borrar os caracteres da liña de entrada, de dereita a esquerda.
	Mantéñao premido para borrar varios caracteres.
ATRÁS ⮌	Pechar a máscara de entrada.

Sensor de proximidade

O sistema de infotainment ten un sensor de proximidade integrado ››› **fig. 126** ⑪.

A pantalla cambia do modo de visualización ao modo de operación automaticamente ao aproximar a man. No modo de operación, os botóns de función resáltense automaticamente para facilitar a súa utilización.

Sensores de movemento (control de xestos)*

Dependendo da versión, o sistema de infotainment dispón de sensores de movemento cos que cambiar certas funcións, por exemplo a seguinte emisora, o seguinte banco de memorias, a pista anterior, etc.

- Prema a tecla do infotainment > **Ajustes > Pantalla > activar/desactivar sensor de proximidad**.

Se os sensores están activos, cando coloque a man na pantalla, visualizarase a silueta dunha man no canto inferior dereito.

Con esta función o sistema cambia á emisora anterior ou seguinte, á pista, ao banco de memorias, etc., movendo a man de esquerda a dereita ou viceversa, diante da pantalla, acompañada dun sinal acústico.

Indicacións adicionais e opcións de visualización

As indicacións da pantalla poden variar dependendo dos axustes e poden ser diferentes das descritas aquí.

Na barra de estado da pantalla, por exemplo, pódese amosar a hora e a temperatura exterior actual.

Todas as indicacións só se poderán ver unha vez que se reinicie totalmente o sistema de infotainment.

Asistente para a configuración inicial



Fig. 133 Asistente para a configuración inicial

Axudaralle a configurar o seu sistema de Infotainment a primeira vez que acceda a el.

Cada vez que conecte o sistema Infotainment, aparecerá a pantalla inicial de configuración ››› **fig. 133** se non configurou todos os parámetros ou se non premeu a tecla de función **NUNCA**.

Botón de función: función	
CERRAR	Pecha o Asistente para a configuración, aparecerá o menú principal ou o último modo en que utilizou o seu sistema de Infotainment.
NUNCA	Desactiva a capacidade de configurar o sistema de Infotainment. Para configurar o sistema deberá ir a: **Ajustes del sistema** e seleccionar **Asistente para la configuración**.
INICIAR	Inicia o asistente para a configuración.
Ⓐ	Para configurar o día e a hora, se dispón de navegación, configúrase automaticamente por GPS.
Ⓑ	Busca e memoriza as emisoras de radio coa mellor recepción nese momento en todas as bandas dispoñibles.
Ⓒ	Vincula o seu teléfono móbil ao sistema de Infotainment.
Ⓓ	Engadir o enderezo de casa usando a posición actual ou a entrada manual dun enderezo.
ANTERIOR **SEGUINTE**	Anterior ou seguinte parámetro a configurar. Cando se configurou algún parámetro o único xeito de volver a configuralo é dende o menú principal, premendo nel, non mediante as teclas Anterior/Seguinte. Cando configure algún parámetro, sobre el aparecerá ☑.

Botón de función: función	
FINALIZAR	Unha vez aplicados un ou máis axustes, no menú principal do asistente, finalizar a configuración. Se non axustou todos os parámetros, a próxima vez que conecte o sistema de Infotainment, iniciarase o Asistente para a configuración inicial.

Axustes de menús e do sistema

Dependendo do país e do equipo en cuestión, e dependendo do equipamento do vehículo, varía a selección dos axustes.

- Prema a tecla do infotainment e logo prema o botón de función AJUSTES.

Prema o botón de función do menú principal ou das funcións para as que desexa realizar os axustes. Todos os axustes aplícanse automaticamente ao pechar os menús.

Botón de función: función
Pantalla: Para facer os axustes na pantalla.
Menú: Para seleccionar o modo de visualización do menú principal (**Mosaico** ou **Carrusel**).

Botón de función: función
Desconexión de la pantalla (en 10 s): Se esta función está activa e non se usa o sistema de infotainment, a pantalla desconectarase automaticamente despois de aproximadamente 10 segundos. Premendo na pantalla ou premendo unha das teclas do infotainment, acenderase de novo a pantalla.
Brillo: Para seleccionar o nivel de brillo da pantalla.
Día/Noche: Para seleccionar o tipo de visualización (**Día**, **Noche** ou **Automático**).
Tono de la pantalla táctil: O ton de confirmación cando se preme un botón de función está activo.
Sensor de proximidad: Os sensores de proximidade están activos. Véxase tamén ›› pág. 161, Sensor de proximidade.
Mostrar hora en el modo de espera: No modo de espera, a hora amósase na pantalla do sistema de infotainment.
Fecha y hora: Realizar os axustes da hora e da data.
Fuente horaria: Para seleccionar a fonte da hora (GPS ou manual).
GPS: A hora e a data pódense seleccionar mediante o botón de función Franja horaria. Neste caso, os botóns de función Hora e Fecha para a entrada manual non estarán activos.
Manual: A hora e a data poderanse axustar manualmente cos botóns de función Hora y Fecha.
Hora: Para axustar a hora manualmente.
Franja horaria: Para axustar a franxa horaria desexada.

Botón de función: función
Formato de la hora: Para seleccionar o formato da indicación da hora (12 ou 24 horas).
Fecha: Para axustar a data actual.
Formato de la fecha: Para seleccionar o formato da indicación da data (**DD.MM.AAAA**, **AA-MM-DD** ou ben **MM-DD-AA**).
Idioma/Language: Para seleccionar o idioma desexado para os textos e as localizacións no sistema de operación por voz.
Idiomas adicionales del teclado: Para seleccionar os idiomas adicionais do teclado.
Unidades: Para fixar as unidades de medida das indicacións do vehículo: distancia, velocidade, temperatura, volume, consumo e presión.
Transferencia de datos para aplicacións de SEAT
Transferencia de datos para aplicacións de SEAT: Permite o intercambio de datos entre o vehículo e as aplicacións de SEAT. Non son datos de carácter persoal.
Manejo con aplicaciones : Cambia o nivel de interacción coas aplicacións.
Desactivar: Limita funcións específicas que requiren un maior nivel de seguridade. Confirmar: Permite o 100% das funcións da aplicación, tendo que confirmar certas accións específicas sobre o sistema Infotainment. Permitir: Permite a execución dende a aplicación de todas as funcións dispoñibles.
Manejo por voz: Para facer os axustes da operación por voz ››› pág. 165.

»

Botón de función: función
Retirar con seguridad: Para expulsar o soporte de datos (tarxeta SD/USB) do sistema. Despois de expulsar o soporte de datos do sistema, o botón de función pasa a estar inactivo (cor gris).
Ajustes de fábrica: Ao restablecer o estado orixinal de fábrica **bórranse** as **entradas e axustes realizados** en función dos axustes seleccionados.
Bluetooth: Para facer os axustes do Bluetooth® ›› páx. 233.
WLAN[a]: Para facer os axustes do punto de acceso WLAN ›› páx. 201.
Información del sistema: Visualización da información do sistema (número de aparato, versións do hardware e software).
Actualizar: Para actualizar os datos de navegación ›› páx. 204 **Non** retire a tarxeta de memoria mentres se están a instalar os datos de navegación.
Copyright: Información sobre os dereitos de autor.
Asistente para a configuración: Abre o asistente para a configuración inicial do sistema Infotainment.

[a] Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus.

Aviso

Para o correcto funcionamento do sistema de infotainment, é importante que a hora e a data do vehículo estean axustadas correctamente.

Axustes de volume e son

Dependendo do país e do equipo en cuestión, e dependendo do equipamento do vehículo, varía a selección dos axustes.

- Prema a tecla do infotainment e logo prema o botón de función Sonido.
- Prema o botón de función do menú principal para o que hai que facer os axustes. Todos os axustes aplícanse instantaneamente.

Cadro xeral das indicacións e dos botóns de función

Botón de función: función
Volumen: Para facer os axustes do volume.
Avisos: Para axustar o volume de reprodución dos avisos, por exemplo, os avisos de tráfico.
Locucións da navegación: Para axustar o volume de reprodución das recomendacións acústicas para a condución.
Manejo por voz: Para axustar o volume de reprodución da manipulación por voz.
Volumen máximo al encender: Para axustar o volume máximo ao acender o equipo.
Adaptación del volumen a la velocidad (GALA): Para fixar o grao de adaptación do volume en función da velocidade. O volume do audio aumentará automaticamente a medida que a velocidade do vehículo aumenta.

Botón de función: función
Atenuar volumen Entertainment al aparcar: Para axustar a redución desexada do volume de audio co ParkPilot activo.
Atenuar vol. Entertainment (locuc. navegación): Axusta o volume de reprodución cando hai unha locución de navegación.
Volumen: Para axustar o volume de reprodución das fontes de audio conectadas por medio da toma multimedia AUX-IN (**Bajo**, **Medio** ou **Alto**). Véxase tamén ›› páx. 164, Cadro xeral das indicacións e dos botóns de función.
Audio Bluetooth: Para axustar o volume de reprodución das fontes de audio conectadas por Bluetooth® (**Bajo**, **Medio** ou **Alto**). Véxase tamén ›› páx. 164, Cadro xeral das indicacións e dos botóns de función.
Ecualizador: Para axustar as propiedades do son.
Balance - Fader: Para axustar a distribución do son. O cursor indica a distribución actual do son no habitáculo. Para modificar a distribución do son, prema brevemente a vista do habitáculo sobre a posición desexada ou use as teclas con frecha para realizar a modificación paso a paso. Para centrar a distribución do son na vista do habitáculo, prema o botón de función central situado entre as frechas.
Enfoque del sonido: Optimiza o son no habitáculo.
Subwoofer*: Axusta o volume do altofalante de subgraves.
Tono de la pantalla táctil: O ton de confirmación cando se preme un botón de función está activo.

Botón de función: función

Desactivar locuciones de navegación en llamada: Durante unha conversa telefónica non se emitirán recomendacións acústicas para a condución.

Adaptar o volume de reprodución de fontes de audio externas

Se desexa aumentar o volume de reprodución da fonte de audio externa, baixe antes o volume básico no sistema de infotainment.

Se a fonte de audio conectada se escoita **moi baixa**, aumente o **volume de saída** na fonte de audio externa. Se non é suficiente, regule o **volume de entrada** a **medio** ou **alto**.

Se a fonte de audio externa conectada se escoita **demasiado forte ou distorsionada**, reduza o **volume de saída** na fonte de audio externa. Se non é suficiente, regule o **volume de entrada** a **medio** ou **baixo**.

Operación por voz

Funcionamento



Fig. 134 Operación por voz:pantalla principal

Moitas das funcións da radio, media, teléfono e navegación pódense facer mediante comandos por voz.

A operación por voz do sistema de infotainment tan só estará dispoñible para o idioma seleccionado en *Ajustes del sistema* ››› **páx. 163**.

- Axustes da operación por voz ››› **páx. 167**.

Iniciar e deter a operación por voz

- Para activar a operación por voz, prema brevemente a tecla do volante multifunción ou do sistema de infotainment.
- Ao activar a operación por voz soará un ton de inicio de diálogo e amosarase a pantalla principal de control por voz, ››› **fig. 134**, (a pantalla principal aparecerá no formato seleccionado en Ajustes da operación por voz ››› **páx. 167**). As indicacións faladas guíanlle a través do seguinte "diálogo".
- Diga a orde desexada e siga as instrucións do "diálogo". Moitas veces pode activarse unha función mediante diversas ordes faladas. En caso de dúbida, tente pronunciar unha orde ou diga **Axuda**.
- Cando se realice unha acción (por exemplo, chamar a un contacto), a operación por voz finaliza automaticamente, deberá activala de novo se quere continuar con ela. Hai certas ordes despois das cales a operación por voz non termina e agarda cun **Que quere facer agora?**.
- Para finalizar manualmente a operación por voz, manteña premida a tecla ata que soe o sinal de confirmación correspondente, ou ben, poida realizar dúas pulsacións breves na tecla , ou ben, premendo o botón de función ✕ na esquina superior dereita da pantalla.
- Tamén pode finalizar a operación por voz pronunciando as ordes: **Finalizar** ou **Cancelar**.

Axuda para a operación por voz

Recoméndase escoitar a Axuda a primeira vez que use a operación por voz.

- Active a operación por voz .

»

• Pronuncie a orde **Ayuda** para iniciala no idioma indicado en **Ajustes del sistema**, e siga as instrucións do diálogo. A orde **Ayuda** tamén se pode pronunciar seguida dunha función do sistema de infotainment, como, por exemplo, "**Ayuda con la navegación**".

Interacción co modo de diálogo

Iconas na esquina superior esquerda:

O sistema espera unha orde do usuario.

O sistema recoñeceu unha orde e actuará en breve.

O sistema transmite unha orde falada e confirma a orde dada.

O sistema está en modo pausa. (máximo 3 minutos).

△ / ▽ Ocultar ou amosar o menú control por voz ››› **fig. 134**.

Operación durante o diálogo

Mentres o sistema de infotainment transmite unha indicación falada, na pantalla do mesmo amosarase o símbolo .

• Pódese parar a locución premendo na icona superior esquerda da pantalla ou na tecla e reanudarase o recoñecemento de voz para o usuario.

IMPORTANTE: O sistema recoñecerá SÓ unha orde cando o símbolo se amose como "activo" no cadro ou na pantalla táctil.

Se comete un erro ao pronunciar unha orde, ou se o pronuncia incompleta, o que non produce ningún efecto, pode repetir a orde. O símbolo permanece activado.

• Prema brevemente a tecla repetir a orde.

Indicacións para a operación por voz

Para un funcionamento óptimo da operación por voz, siga as seguintes indicacións:

• Fale, na medida do posible, de xeito lento e claro. O sistema non recoñecerá palabras pronunciadas sen claridade, así como palabras e cifras nas que falten sílabas.

• Os números de teléfono deberán indicarse cifra a cifra ou por bloques de números dados por unidades, decenas ou centenas.

• Fale cun volume normal, sen entoar esaxeradamente, nir realizar pausas longas.

• Evite ruídos exteriores e nas proximidades (por exemplo, conversas dentro do vehículo). Peche todas as portas, fiestras e o teito corredizo.

• Non dirixa o aire dos difusores cara ao teito do habitáculo.

• Se circula a gran velocidade, fale un pouco máis alto.

Ao activar o control por voz o sistema lévao á pantalla principal ››› **fig. 134** na que aparecerán os contextos nos que funciona o sistema e as ordes principais.

Desde aquí vostede poderá ordenarlle ao sistema en que contexto quere actuar ou dar directamente unha orde de voz.

Ao seleccionar cada un dos contextos (Navegación, Teléfono, Radio, Media, Operación por voz) aparecerá un menú no que se relacionan as ordes principais e, dentro de cada unha delas, breves explicacións sobre como levalas a cabo a modo de axuda.

Operación por voz (RADIO)

Efecto	Orden de voz
ESCOITAR RADIO	Escoitar radio
SELECCIONAR EMISORA	Emisora NAME STATION 1
	Sintonizar emisora
SELECCIONAR FRECUENCIA	Frecuencia 87.9
	Sintonizar frecuencia
CAMBIO DE BANDA	Banda FM
	Cambiar banda

Manejo por voz (MEDIA)

Efecto	Orden de voz
SELECCIÓN DE FONTES	Reproducir Jukebox[a)]
	Escoitar CD
SELECCIÓN DE MÚSICA	Seleccionar pista / álbum / intérprete / xénero
REPRODUCIR TÍT. SIMILAR[a)]	Reproducir títulos similares

[a)] Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Operación por voz (TELÉFONO)

Efecto	Orden de voz
CHAMAR A CONTACTOS	Llamar a Nombre Apellido Fijo
	Llamar a Nombre Apellido Móvil
CHAMAR A NÚMEROS	Llamar al 01234
	Llamar al número
LISTAXE DE CHAMADA	Mostrar todas las llamadas
	Llamadas perdidas
REMARCACIÓN	Remarcación
CHAMAR Á CAIXA DO CORREO DE VOZ	Llamar al buzón de voz
SMS	Leer SMS
SERVIZO	Llamada de asistencia
INFORMACIÓN	Llamada de información

Operación por voz (NAVIGACIÓN)*

Efecto	Orden de voz
INTROD. DO ENDEREZO	Introducir dirección
	Guía hacia Ciudad, Calle, número[a)]
BUSCA DE DEST. ESPEC.[a)]	Busca aparcamientos
	Busca restaurantes cerca de destino
ENDEREZO DE CASA	Enderezo de casa
ÚLTIMOS DESTINOS	Últimos destinos
NAVIGACIÓN A CONTACTOS	Guía hacia Nombre Apellido
GUÍA AO DESTINO	Iniciar guía ao destino
	Información de la ruta

[a)] Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Operación por voz

Efecto	Orden de voz
OPERACIÓN POR VOZ	Repita, por favor
	Atrás
	Menú principal
	Cancelar manejo por voz
	Interrumpir manejo por voz
AXUDA	Ayuda
	¿Qué puedo decir?
TECLA DE VOZ	

Aviso

Durante as manobras de aparcamento, a operación por voz non está dispoñible

Axustes da operación por voz

- Prema a tecla de infotainment > **Ajustes** > **Manejo por voz**.

Ao pechar un menú, os cambios faranse automaticamente. »

Tecla de función: función
Comandos de exemplo (sistema infotainment): Visualización dos exemplos de control por voz na pantalla do sistema infotainment.
Comandos exemplo (cadro instrum.)[a]: Visualización dos exemplos de control por voz no cadro de instrumentos.
Tono de inicio da operación por voz: ao activar a operación de voz, emitirase un sinal. Prema para desactivar o sinal.
Tono de fin de operación por voz: ao desactivar a operación por voz, emitirase un sinal. Prema para desactivar o sinal.
Ton de entrada no diálogo: o ton de entrada para confirmar unha orde está activado.
Ton de finalización no diálogo: o ton de finalización para confirmar unha orde está desactivado.

[a] Dispoñible segundo equipamento

Conectividade

Transferencia de datos

Introdución ao tema

Esta comunicación pode permitir a lectura e/ou escritura de datos.

Dende o menú **AJUSTES > Transferencia de datos para aplicaciones de SEAT** atópase unha caixa de verificación para activar ou desactivar a función e un menú despregable chamado **Manejo con aplicaciones** que regula o nivel de interacción das Apps sobre o Sistema.

Full Link*

Descrición da tecnoloxía Full Link

A conexión con Full Link lévase a cabo a través do cable USB.

O sistema Full Link agrupa aquelas tecnoloxías que permiten a comunicación entre o Sistema Infotainment e os dispositivos móbiles:

- MirrorLink®
- Android Auto™
- Apple CarPlay™

Interfaces

Para acceder ao sistema Full Link, prema a tecla do infotainment ou prema a tecla do infotainment e logo seleccione o contexto **Full Link**.

⚠ ATENCIÓN

Aquelas aplicacións que non sexan axeitadas ou que se executen incorrectamente poden causar danos no vehículo, accidentes e lesións graves.

- CUPRA recomenda usar as Apps que SEAT ofrece para este vehículo.
- Para o uso completo das Apps de SEAT é necesario activar a opción de **Ajustes > Transferencia de datos para aplicaciones de SEAT**.
- O nivel de interacción das Apps no sistema debería ser: **Permitir**.
- Protexa o terminal móbil coas súas aplicacións dun mal uso.
- Nunca faga modificacións nas aplicacións.
- Consulte o manual de instrucións do terminal móbil.

⚠ ATENCIÓN

O uso de aplicacións durante a condución pode distraer a atención do tráfico. Calquera distracción do condutor pode provocar accidentes e lesións.

- Conduza sempre prestando a máxima atención ao tráfico e de forma responsable.

PRECAUCIÓN

- Nos lugares onde se aplica unha regulación especial ou a prohibición do uso de móbiles, debe permanecer sempre desconectado. A radiación que emite o móbil cando está acendido pode provocar interferencias en equipos técnicos e médicos sensibles, podendo mesmo provocar un funcionamento anómalo ou unha avaría dos mesmos.
- CUPRA non se fai responsable dos danos causados no vehículo debido ao uso de aplicacións de mala calidade ou defectuosas, a insuficiente programación das aplicacións, a cobertura insuficiente da rede, a perda de datos durante a transmisión ou o uso indebido de móbiles.

Aviso

- O uso de tecnoloxía Full Link podería aumentar a súa tarifa de datos.
- CUPRA recomenda usar o dispositivo conectado a Full Link cun nivel alto de carga da batería.
- CUPRA recomenda configurar correctamente os axustes de “Fecha y hora” para o uso de Full Link. Seleccione **Ajustes > Fecha y Hora**.

»

- **As aplicacións de SEAT están orientadas á comunicación co vehículo e á interacción con el a través da conexión Full Link.**
- **En www.cupraofficial.com, nos concesionarios especializados CUPRA ou en calquera concesionario da rede SEAT recibirá información sobre requisitos técnicos, dispositivos compatibles, aplicacións adaptadas e dispoñibilidade.**

Full Link está bloqueado?



Fig. 135 Mensaxe na pantalla do sistema infotainment.

O seu vehículo non dispón Full Link, deberá adquirilo como accesorio no seu concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT ››› **fig. 135**.

Requisitos para Full Link



Fig. 136 Requisitos Full Link

① **Full Link Activado**: Se non ten a funcionalidade Full Link no seu vehículo, consulte o seu Servizo Autorizado onde a poderá adquirir como accesorio.

② **Teléfono Compatible**. Consulte as webs de MirrorLink®, Android Auto™ ou Apple CarPlay™ para confirmar que o seu teléfono é compatible co sistema

Mirror Link

– Comprobe a compatibilidade con Smartphones: www.mirrorlink.com/phones

– MirrorLink® 1.1 ou superior

– Algunha das aplicacións certificadas por SEAT ou CCC debe estar instaladas no dispositivo.

Android Auto

– Comprobe a compatibilidade con Smartphones. Android Auto™: www.android.com/auto/

– Android 5.0 (Lollipop) ou superior

– Instalar Android Auto™ App

Apple CarPlay

– Comprobe a compatibilidade con Smartphones. Apple CarPlay™: www.apple.com/ios/carplay/

– iPhone 5 ou superior e iOS 7.1 ou superior

– Activar SIRI asistente persoal (mirar axustes de teléfono)

③ **Cable USB conectado coche-teléfono**: Utilice o cable USB homologado e subministrado co teléfono.

Activación de Full Link



Fig. 137 Axustes Full Link

Fig. 138 Menú Full Link

Para establecer a conexión do Smartphone con Full Link, non é necesario conexión de datos a través de Wifi ou SIM.

Para ter todas as funcionalidades das aplicacións, será necesario ter conexión de datos, a través de Wifi ou SIM[1].

Para usar Full Link, continúe así:

- Acenda o equipo de Infotainment
- Conecte o Smartphone ao porto USB do vehículo mediante un cable USB >>> **páx. 235**.
- No menú principal dos axustes de Full Link, seleccione **`Activar transferencia datos para aplicaciones de SEAT`** >>> **fig. 137**.

Finalmente, aparecerá unha mensaxe informando que se o dispositivo está conectado, comezará a transferencia de datos. Teña en conta que se o dispositivo móbil está conectado ao vehículo, transfíranse os datos. Debe premer **OK**. Unha vez seleccionado, xa pode usar a tecnoloxía compatible co seu dispositivo.

Aviso

Dependendo do teléfono é necesario desbloquealo para facer a conexión.

Que facer se non se conecta?

Reinicie o dispositivo móbil.

Comprobe o cable USB. Comprobe se o cable USB está danado. Comprobe que as dúas conexións (USB/micro USB) non estean danadas ou deterioradas.

Verifique a conexión correcta dos portos USB. Comprobe que o porto USB do vehículo e o do dispositivo non estean danados e/ou deteriorados.

- Limpe os portos USB (dispositivo e vehículo).
- Ténteo con outro dispositivo móbil compatible.
- Substitúa o porto USB nun concesionario autorizado.
- Repare ou substitúa o dispositivo móbil.

[1] Poderán existir taxas adicionais ao usar a conexión de datos para transferir as aplicacións do Smartphone a Full Link. Por favor, consulte as tarifas co seu operador.

Vinculación de dispositivos portátiles que admiten as tecnoloxías de MirrorLink®, Android Auto™ e/ou Apple CarPlay™

Fig. 139 Menú Full Link

Cando se entra por primeira vez en Full Link amósanse as tecnoloxías dispoñibles para vincular o dispositivo portátil.

Unha vez que o dispositivo estea conectado a través de USB, o sistema ofreceralle as tecnoloxías dispoñibles para establecer a conexión.

No caso de conexión simultánea de dous dispositivos con diferentes sistemas operativos, darase a opción de seleccionar con cal se fará a conexión ››› **fig. 139**.

Vista da listaxe de dispositivos

Os dispositivos iPhone™ só admiten Apple CarPlay™.

Existen dispositivos Android que admiten MirrorLink® e Android Auto™.

Teña en conta que o dispositivo, unha vez conectado, non estará dispoñible como fonte de audio.

Axustes de Full Link

Botón de función: función
Activar transferencia datos para aplicaciones de SEAT: Permitir o intercambio de información entre o vehículo e as aplicacións autorizadas por SEAT.

Last Mode

Cando se cesa a conexión do teléfono só desenchufando o cable, a próxima vez que conecte o dispositivo, a sesión iniciarase sen que o usuario teña que facer ningunha acción[1)].

Información

Consulte o manual do dispositivo móbil.

Dependen de cada tecnoloxía:

1. Dispoñibilidade nun país
2. Aplicacións de terceiros

Para máis información:

MirrorLink®:
www.mirrorlink.com

Apple CarPlay™:
www.apple.com/ios/carplay

Android Auto™:
www.android.com/auto

Aviso

- **Para utilizar a tecnoloxía de Android Auto™ é necesaria a descarga da aplicación Android Auto™ localizada en Google Play™.**
- **Só se poderán usar aplicacións compatibles segundo a tecnoloxía conectada.**

[1)] A non ser que o dispositivo necesite desbloquear a pantalla para establecer a conexión.

MirrorLink®



Fig. 140 Botóns de función na vista xeral das aplicacións compatibles.

Fig. 141 Outros botóns de función de MirrorLink.

MirrorLink® é un protocolo co que un dispositivo pode comunicarse co sistema de infotainment.

Con el é posible representar e xestionar os contidos e funcións do dispositivo na pantalla do sistema de infotainment.

Para evitar distraer o condutor, só se poden usar aplicacións especialmente adaptadas durante a marcha ›››⚠ **en Descrición da tecnoloxía Full Link da páx. 169**.

Requisitos

Para o uso de MirrorLink®, deben cumprirse os seguintes requisitos:

- O dispositivo debe ser compatible con MirrorLink®.
- Dependendo do dispositivo usado, debe estar instalada unha aplicación adecuada para o uso de MirrorLink®.

Comezar a conexión

- Para iniciar a conexión co dispositivo só é necesario conectalo a través do cable USB ao sistema de infotainment.
- Aparecerá unha ventá emerxente que solicitará a aceptación do dispositivo.

Botóns de función e indicacións posibles

Botón de función:	función
Full Link	Para volver ao menú principal de Full Link.
CERRAR APPS	Prema para pechar as aplicacións abertas. A continuación, prema as aplicacións que desexe pechar ou o botón de función Cerrar todas para pechar todas as aplicacións abertas.
1 : 1	Prémao para moverse á pantalla do dispositivo móbil.
AJUSTES	Para abrir os axustes de Full Link
››› fig. 141 ①	Prémao para volver ao menú principal de MirrorLink®.
››› fig. 141 ②	Prémao para amosar os botóns de función na marxe inferior dereita ou superior dereita da pantalla.
››› fig. 141 △ / ▷ **OU BEN:** Botón de axuste dereito	Permite ocultar ou amosar os botóns ① e ②

Axustes de MirrorLink®

Botón de función:	función
Activar ventanas emergentes de MirrorLink	Permite as ventás emerxentes de MirrorLink® das aplicacións que o admitan.

Apple CarPlay™*

✓ Válido para teléfonos móbiles compatibles iPhone™. Do mesmo xeito, os teléfonos móbiles iPhone™ só admiten Apple CarPlay™

Apple CarPlay™ é un protocolo co que se pode comunicar un teléfono co sistema de infotainment. »

Con el é posible representar e xestionar os contidos e funcións do dispositivo na pantalla do sistema de infotainment.

Requisitos

Para o uso de Apple CarPlay™ deben cumprirse os seguintes requisitos:

- Asegúrese de que non ten Apple CarPlay™ restrinxido en: **Ajustes > General > Restricciones > CarPlay > ON**.
- O dispositivo móbil debe ser compatible con Apple CarPlay™.

Comezar a conexión

Para iniciar a conexión co dispositivo só é necesario conectalo a través do cable USB ao sistema de infotainment.

- Aparecerá unha ventá emerxente que solicitará a aceptación do dispositivo.
- En caso de iniciar a sesión baixo a tecnoloxía Apple CarPlay™ non será posible vincular outro dispositivo a través de Bluetooth®. No menú principal *Teléfono* aparecerá o aviso seguinte:

Por favor, desconecte primero Apple CarPlay, para poder conectar otro teléfono móvil.

Cunha prema longa na tecla iniciarase o "motor" de voz de Apple™.

Para volver ao contido básico do sistema de infotainment, prema a icona **SEAT**.

Android Auto™*

✓ Válido para teléfonos móbiles compatibles con Android

Android Auto™ é un protocolo co que se pode comunicar un dispositivo co sistema de infotainment.

Con el é posible representar e xestionar os contidos e funcións do dispositivo na pantalla do sistema de infotainment.

Requisitos

Para o uso de Android Auto™, deben cumprirse os seguintes requisitos:

- O dispositivo móbil debe ser compatible con Android Auto™.
- O dispositivo móbil debe ter descargada e instalada a aplicación de Android Auto™.

Comezar a conexión

Para iniciar a conexión co dispositivo, só é necesario conectalo a través do cable USB ao sistema de infotainment e seguir as instrucións do dispositivo a vincular.

- A primeira conexión a Android Auto™ debe facerse co vehículo parado.
- Unha vez que se acepta a ventá emerxente sobre a aceptación da transferencia de datos entre o coche e o dispositivo, aparecerá unha mensaxe que lle pedirá que comprobe no dispositivo móbil as confirmacións necesarias para conectalo ao sistema de infotainment.
- En caso de iniciar a sesión baixo a tecnoloxía Android Auto™ dispositivo conéctase tamén automaticamente a través de Bluetooth® ao sistema de infotainment e non será posible vincular ningún outro dispositivo a través de Bluetooth®.

Cunha prema longa na tecla iniciarase o "motor" de voz de Android™.

Para volver ao contido básico do sistema de infotainment, prema a tecla .

Aviso

Algúns dispositivos requiren un cambio do modo de conexión USB para o uso de Android Auto™.

- **Asegúrese de que o seu dispositivo está en "Modo de transferencia de medios (MTP)" antes de conectarse co sistema Infotainment.**

Aviso

Android Auto™ require o uso dos servizos Google™, así como dalgunhas aplicacións básicas do sistema Android.

• Asegúrese de que sempre teña actualizados os servizos de Google™ ao último nivel para o uso da tecnoloxía.

Preguntas frecuentes sobre Full Link

Cal é o método de conexión?

Cable USB.

Será subministrado o cable USB co vehículo?

Non. Recoméndase usar o cable USB subministrado co dispositivo.

¿Hai algunha posibilidade de navegar?

En cada unha das tecnoloxías de Full Link é posible navegar se no seu país a tecnoloxía está dispoñible e ten unha aplicación de Navegación.

Cal é a diferenza de usar un navegador do sistema Full Link (a través do dispositivo) en lugar doutro navegador?

Vantaxes: Actualizacións diarias.
Desvantaxes: o consumo de datos, fallos na recepción.

Podo enviar mensaxes de voz?

Con aplicacións certificadas, pode responder, non enviar.

Que aplicacións serán visibles durante a condución?

Dependendo da tecnoloxía:
– para MirrorLink®: as aplicacións certificadas por SEAT e CCC,
– para Android Auto™: as aplicacións seleccionadas por Google™,
– para Apple CarPlay™: as aplicacións seleccionadas por Apple™.

Onde podo atopar as aplicacións compatibles?

As aplicacións compatibles amósanse nas seguintes ligazóns:
www.mirrorlink.com/
www.android.com/auto/
www.apple.com/es/carplay/

Onde podo descargar as aplicacións?

En Google Play™ para Android Auto™/MirrorLink® e en Apple Store™ para Apple CarPlay™.

Se Full Link deixa de funcionar, onde podo ir para reparalo?

Se o problema está no coche, deberá ir ao concesionario. Se o problema está no dispositivo móbil, debe dirixirse ao seu provedor de telefonía móbil.

WhatsApp estará certificado?

A situación de WhatsApp depende da tecnoloxía.

Está dispoñible MirrorLink® no meu país?

Si, MirrorLink® está dispoñible en todos os países e rexións onde se atopa CUPRA.

Cales son as diferenzas entre MirrorLink®, Android Auto™ e Apple CarPlay™?

MirrorLink® non é compatible con Android Auto™ e Apple CarPlay™, xa que son diferentes tecnoloxías. Todos eles conviven dende Full Link, pero Android Auto™ está deseñado para teléfonos con sistema operativo Android™ e Apple CarPlay™ para iPhone.

¿É posible instalar MirrorLink® nun modelo anterior de CUPRA?

Non, non é posible.

Onde podo atopar máis información sobre Full Link?

En caso de dúbida, consulte as seccións de *Innovación/Conectividade* do noso sitio web: www.seat.es ou www.seat.com ou envíe a súa consulta a seat-responde@seat.es

Media Control*

Introdución

Coa aplicación **Media Control**[1] pódense controlar remotamente algunhas funcións »

[1] A súa dispoñibilidade depende do país.

parciais no modo *Radio*, *Media* e *Navegación*. A información pode intercambiarse entre un dispositivo e o Sistema de Infotainment.

A xestión das funcións realízase mediante unha tableta ou parcialmente mediante un teléfono móbil.

Requisitos para o funcionamento:

- Unha tableta ou un teléfono móbil.
- A aplicación debe estar dispoñible no dispositivo correspondente.
- Debe establecerse unha conexión WLAN entre o Sistema de Infotainment e o dispositivo. Seleccione **Menu > Media > Ajustes > WLAN > Compartir conexión mediante WLAN > Configuración**.

Asegúrese de que a transferencia de datos está activada para aplicacións:

- Dende o menú **AJUSTES > Transferencia de datos para Aplicaciones SEAT** atópase unha caixa de verificación para activar ou desactivar a función e un menú despregable chamado **Manejo con aplicaciones** que regula o nivel de interacción das Apps sobre o Sistema. Seleccione **Menú > Ajustes > Transferencia de datos de dispositivos móviles**.

No sitio web de CUPRA, nos concesionarios especializados CUPRA ou en calquera concesionario da rede SEAT recibirá información sobre os requisitos técnicos.

As funcións de teléfono non forman parte desta aplicación.

Transmisión de datos e funcións de control



Fig. 142 Menú principal Media Control

Con **Media Control** pódese operar o Sistema de Infotainment dende outras prazas do vehículo nos modos *Radio* e *Media* e, dependendo do país e do equipo, pódese intercambiar a seguinte información entre un dispositivo e o Sistema de Infotainment:

- Destinos de navegación.
- Información de tráfico.
- Contidos das redes sociais.
- Transmisión de audio
- Indicación dos datos do vehículo.
- Información específica da localización, por exemplo, POI.

Punto de acceso WLAN*

Introdución

O Sistema de Infotainment pode usarse para compartir unha conexión WLAN con ata 8 dispositivos ››› **páx. 177, Configuración para compartir conexión mediante WLAN**.

O sistema de Infotainment tamén pode usar o punto de acceso WLAN dun dispositivo externo para poder ofrecer internet aos dispositivos conectados ao punto de acceso (hospot) (cliente WLAN) ››› **páx. 177, Configure acceso a Internet**.

Aviso

- **A transmisión de datos necesaria pode ser de pago. Debido ao gran volume de datos intercambiados, CUPRA recomenda utilizar unha tarifa plana para a transmisión de datos. Os operadores de telefonía móbil poden proporcionar información sobre isto.**
- **Co intercambio de paquetes de datos, pódense xerar custos adicionais en función**

da súa tarifa de telefonía móbil, especialmente se isto se realiza no estranxeiro (tarifas de roaming, por exemplo).

Configuración para compartir conexión mediante WLAN

Establecer a conexión coa rede sen fíos (WLAN)

- Prema a tecla Infotainment e despois prema o menú **Ajustes**.
- Active a rede sen fíos. Para facelo prema o botón de función **WLAN**.
- Active a rede sen fíos (WLAN) no dispositivo a conectar, consulte o manual de instrucións do fabricante para iso.
- Activar a asignación do dispositivo de telefonía móbil no Sistema de Infotainment. Para iso prema o botón de función **Habilitar conexión WLAN** e active a caixa de verificación.
- Introduza e confirme a clave de rede que se amosa no dispositivo.

Tamén se pode facer os seguintes axustes no menú **Compartir conexión**:

- **Nivel de seguridade:** Coa codificación WPA2, xérase automaticamente unha chave de rede.
- **Contrasinal de rede:** Clave de rede xerada automaticamente. Prema o botón de función para cambiar a clave de rede manualmente. A clave de rede debe ter polo menos 8 caracteres e un máximo de 63.
- **SSID:** Nome da rede WLAN (máximo de 32 caracteres).
- **Non enviar nome de rede (SSID):** Seleccione a caixa de verificación para desactivar a visibilidade da rede sen fíos (WLAN).

Establécese a conexión WLAN (sen fíos). Para completar a conexión pode ser necesario introducir outros datos no dispositivo.

Repita este proceso para conectar outros dispositivos.

Wi-Fi Protected Setup (WPS)[1)]

Wi-Fi Protected Setup permite crear unha rede sen fíos local con codificación de forma sinxela e rápida.

- Estableza a conexión coa rede sen fíos (WLAN) ››› páx. 200.
- Prema a tecla WPS do encamiñador WLAN ata que o indicador comece a escintilar no encamiñador. Se o encamiñador WLAN non admite WPS, a rede debe configurarse manualmente.
- **OU BEN:** Manteña premida a tecla WLAN no encamiñador WLAN ata que o indicador WLAN no encamiñador comece a escintilar.
- Prema a tecla WPS no dispositivo WLAN. Establécese a conexión WLAN (sen fíos).

Repita este proceso para conectar outros dispositivos.

Configure acceso a Internet

O Sistema de Infotainment pode usar o punto de acceso WLAN dun dispositivo externo para establecer a conexión a internet.

Establecer a conexión coa rede sen fíos (WLAN)

- Active e comparta un punto de acceso sen fíos con internet no dispositivo externo, consulte a este respecto o manual de instrucións do fabricante.
- Prema a tecla do Infotainment e, a continuación, prema o menú **Ajustes**; **OU BEN** »

[1)] Esta función depende do equipo e do país en cuestión.

acceda ao modo **Media** ou **Media Contr.** e prema o menú **AJUSTES**.

- Prema no menú **WLAN > Habilitar conexión WLAN** y active la caixa de verificación.
- Prema o botón de función **Buscar** e seleccione o dispositivo desexado na listaxe.
- Se é necesario, introduza a clave de rede do dispositivo no Sistema de Infotainment e confirme con **OK**.

Axustes manuais:

- Para introducir manualmente os axustes de rede dun dispositivo (WLAN) externo.

Establécese a conexión WLAN (sen fíos). Para completar a conexión pode ser necesario introducir outros datos no dispositivo.

Aviso

Debido á gran cantidade de dispositivos dispoñibles, non hai garantía de que todas as funcións se executen sen problemas.

Modos de funcionamento

Radio

Menú principal RADIO

Fig. 143 Menú principal RADIO.

Fig. 144 Modo Radio:listaxe de emisoras (FM).

Prema a tecla do infotainment para abrir o menú principal *Radio* ››› **fig. 143**.

Botóns de función do menú principal RADIO

Botón de función: función	
①	Teclas de memoria (1 a 18 memorias, 3 bancos (pantallas) ››› **páx. 182**)
BANDA	Seleccionar la banda.
EMISORAS	Listaxe coas emisoras de radio que se poden sintonizar.
MANUAL	Seleccionar a frecuencia de xeito manual.
VISTA	Seleccionar a información que se amosa na pantalla. Só está dispoñible no modo DAB.
AJUSTES	Menú de axustes para a banda de frecuencias actual.
⏮ / ⏭	Anterior ou seguinte emisora memorizada ou da listaxe de emisoras. Ver Ajustes ››› **páx. 185**.
Scan	Detén a busca de emisoras (visible só se está en execución ››› **páx. 185**).

Indicacións e posibles iconas

Indicación: Significado	
Ⓐ	Frecuencia ou nome da emisora ou do radiotexto. O nome da emisora e do radiotexto só se visualiza co RDS activo.
RDS desactivado	O servizo de datos por radio RDS está desactivado.
TP	A información de tráfico pode sintonizarse: seleccione **`Radio > Ajustes > Emisora de tráfico`**.
TP	Non se pode sintonizar ningunha emisora con información de tráfico.
☆	A emisora de radio está memorizada nunha tecla de memoria.

Aviso

- **As bandas AM e DAB estarán dispoñibles segundo os países e/ou equipamento. Nese caso, non se amosará o botón de función BANDA.**
- **Nos subterráneos, túneles, zonas con edificios altos ou montañosas, a recepción da radio pode verse interferida.**
- **As láminas ou adhesivos con capas metálicas sobre os cristais das fiestras poden perturbar a recepción nos vehículos con antenas integradas nos cristais.**
- **As emisoras de radio son responsables do contido da información que transmiten.**

Servizos de datos de radio RDS (banda FM)

Fig. 145 Representación estándar:menú listaxe de emisoras FM

O RDS (Radio Data System) ou servizo de datos de radio ofrece información adicional en FM como a visualización do nome da emisora, o seguimento automático de emisoras (AF), os textos emitidos por radio (Radiotexto), os avisos de tráfico (TP) e o tipo de emisora (PTY).

Dependendo do país e do equipo en cuestión, o RDS pódese desactivar no menú de **Ajustes de FM** ››› **páx. 185**.

En xeral **sin RDS** non se dispón dos **servizos de datos de radio**.

Nome da emisora e seguimento automático de emisoras

Se dispón da función RDS, no menú principal *RADIO* e na **Lista de emisoras** poden visualizarse os nomes das emisoras.

As emisoras de FM transmiten en distintas frecuencias rexionais baixo o mesmo nome (por exemplo, Station 3) outros contidos de xeito temporal ou permanente.

En xeral, o seguimento automático de emisoras é o responsable de cambiar durante a marcha á frecuencia coa mellor recepción da emisora que está a sintonizar nese momento. Non obstante, isto pode provocar a interrupción dunha emisión rexional.

O cambio automático de frecuencia e o seguimento automático de emisoras pódense desactivar nos **Ajustes de FM** ››› **páx. 185**.

Fixar un nome de emisora

En certos casos, o nome da emisora é excesivamente longo. Este texto pódese bloquear/desbloquear premendo uns 3 segundos sobre o nome da emisora ata que se escoite un sinal acústico (aparecerá/desaparecerá un punto á dereita e á esquerda do nome da emisora).

Radiotexto

Algunhas emisoras que dispoñen de RDS transmiten información adicional en texto, o chamado radiotexto.

O radiotexto amósase na metade superior da pantalla por riba das teclas de memoria ››› **fig. 143** Ⓐ.

A visualización do radiotexto pode desactivarse nos **Ajustes** ››› **páx. 185**.

Orde da listaxe de emisoras

As emisoras que están dispoñibles nun determinado momento amósanse na pantalla da listaxe de emisoras (tecla de función **EMISORAS**). Esta listaxe pode clasificarse por grupo de emisión, xénero ou alfabéticamente ››› **fig. 145**.

Aviso

Debido á súa infraestrutura, nalgúns países a funcionalidade RDS será limitada, sen dispor de anuncios de tráfico (TP), seguimento automático de emisoras (AF) e tipo de emisora (PTY).[1)]

[1)] Depende do mercado e do equipo en cuestión.

Modo de radio dixital (DAB, DAB+ e audio DMB)*

Fig. 146 Visualización das teclas de memoria no modo DAB.

Fig. 147 Visualización da información da emisora no modo DAB.

O sintonizador de radio DAB admite os estándares de transmisión DAB, DAB+ e audio DMB.

En Europa, a radio dixital transmítese a través das frecuencias da banda III (de 174 MHz a 240 MHz).

As frecuencias denomínanse "**canles**" e teñen unha abreviatura (por exemplo, **12 A**).

Nunha canle agrúpanse varias emisoras DAB dispoñibles nun "**conxunto**".

Iniciar o modo de radio Dixital

• Prema no menú principal *RADIO* o botón de función BANDA e seleccione DAB.

Reproducirase a última emisora DAB seleccionada se aínda se pode sintonizar nese lugar.

A emisora DAB seleccionada amósase na barra superior da pantalla , o conxunto de emisoras seleccionado amósase debaixo ››› **fig. 146**.

Emisoras adicionais DAB (Secondary Service Components)

Algunhas emisoras DAB ofrecen de xeito temporal ou permanente **emisoras adicionais** (por exemplo, para a transmisión de eventos deportivos).

As emisoras DAB que conteñen emisoras adicionais identifícanse na listaxe de emisoras mediante o símbolo ▶.

Seleccionar emisoras adicionais

Prema o nome da emisora principal no menú principal DAB para seleccionar unha emisora adicional. Ou ben, seleccione a emisora adicional da listaxe de emisoras.

No menú principal DAB amósase o nome da emisora adicional sintonizada á dereita xunto ao nome abreviado da emisora DAB principal.

Non se poden memorizar as emisoras adicionais.

Seguimento automático de emisoras

Actualmente a radio DAB non está dispoñible en todas partes. No modo de radio DAB amósase nas áreas sen cobertura DAB.

Se a emisora DAB que se está a escoitar xa non se pode sintonizar (por exemplo, non hai cobertura DAB), o sistema de infotainment tenta atopar e sintonizar esa emisora nas diferentes bandas de frecuencias dispoñibles. Se a emisora non se pode atopar de novo, suprimirase o son da radio. O seguimento automático de emisoras pódese activar nos Axustes DAB nas seguintes modalidades ››› **páx. 186**:

• **Seguimento de programas DAB - DAB:** A radio tenta sintonizar a mesma emisora nunha frecuencia DAB alternativa. Para o seguimento da emisora é necesario que ambas »

emisoras DAB emitan a mesma identificación de emisora ou que se sinalice a través do DAB a que outra emisora DAB corresponde.

- **Cambio automático DAB - FM:** A radio tenta sintonizar a mesma emisora na banda de frecuencias FM. Para o seguimento da emisora é necesario que a emisora DAB e a emisora FM emitan a mesma identificación de emisora ou que se sinalice a través do DAB a que emisora FM corresponde. Cando atope a emisora FM correspondente, móstrase "FM" detrás do nome da emisora. Se a emisora DAB correspondente está dispoñible de novo, despois dun tempo, volve ao modo DAB e ocúltase a identificación "FM".
- **Cambio a emisora similar:** Permite aos provedores de servizos indicar emisoras alternativas con contidos similares. Deste xeito, se a radio perde a cobertura dunha emisora DAB e non atopa unha frecuencia alternativa en FM ou DAB, é posible sintonizar unha emisora con contido similar.

Radiotexto

Algunhas emisoras transmiten información adicional en texto, o chamado radiotexto.

O radiotexto amósase na metade superior da pantalla por riba das teclas de memoria ›› fig. 146 ou nas pantallas de Información da emisora ou Radiotexto do menú **Pantalla** ›› páx. 182.

Pódese desactivar a visualización do radiotexto nos Ajustes de DAB ›› páx. 186.

Presentación

Algunhas emisoras transmiten información visual adicional en forma de imaxes.

Estas imaxes amósanse como unha presentación secuencial nas pantallas Emisoras ou Presentación do menú **Pantalla** ›› páx. 182.

A visualización da presentación pódese facer a pantalla completa premendo na imaxe actual.

Menu Pantalla

Os botóns de función fan referencia ao menú que aparece cando se preme o botón Vista ›› fig. 146.

Botón de función: función
Memorias: Visualización das teclas de memoria ›› fig. 146.
Emisoras: Visualización simultánea de radiotexto e presentacións en lugar das teclas de memoria ›› fig. 147.
Radiotexto: Amósase o radiotexto en lugar das teclas de memoria.
Presentación: As presentacións amósanse a pantalla completa.

Aviso

Non todas as emisoras DAB transmiten radiotexto e presentacións.

Teclas de memoria

Fig. 148 Menú principal RADIO.

No menú principal *Radio* poden memorizarse as emisoras da banda de frecuencias sintonizadas nos botóns de función numerados. Estes botóns de función denomínanse "teclas de memoria".

Memorizar emisoras nas teclas de memoria

Ver: Memorizar emisoras ›› páx. 184.

Cambiar o banco de memorias (pantallas)

- Pase o dedo pola pantalla de dereita a esquerda ou viceversa.

• **OU BEN:** Prema un dos botóns de función ››› **fig. 148** Ⓐ

Seleccionar emisoras mediante a teclas de memoria

• Prema a tecla de memoria da emisora desexada.

As emisoras memorizadas só se reproducen premendo a tecla de memoria correspondente, cando se sintonizan no lugar onde se atopa nese momento.

Memorizar os logotipos de emisoras nas teclas de memoria

Ás emisoras memorizadas pódenselles asignar logotipos ››› **páx. 183**.

Memorizar logotipos de emisoras

Memorizar automaticamente (só en modo FM e DAB)

Cando se memoriza unha emisora asígnaselle automaticamente o logotipo da emisora.

Se hai 2 ou máis logotipos na base de datos, déixase a opción de elixir a correcta.

Memorizar manualmente

Os logotipos das emisoras pódense importar dende un soporte de datos compatible (por exemplo, tarxeta de memoria ou memorias con porto USB).

• Prema a tecla de función Ajustes e, seguidamente Logotipos de emisoras.

• Prema a tecla de emisoras memorizadas na que desexe memorizar o logotipo dunha emisora.

• Seleccione a fonte na que se memorizou o logotipo (por exemplo, Tarjeta SD 1). Recoméndase poñer os logotipos no directorio raíz da unidade de memoria.

• Seleccione o logotipo da emisora.

• Repita o proceso para asignar outros logotipos; prema a tecla de infotainment para volver ao menú principal Radio.

• Se desexa cambiar o logotipo dunha tecla de memoria na que xa existe un memorizado, deberá borrarse previamente desa tecla en cuestión.

Aviso

Non todas as emisoras están na base de datos, polo que non sempre hai a posibilidade de asignar logotipos automaticamente.

Seleccionar, sintonizar e memorizar emisoras

Seleccionar emisoras	
Seleccionar a emisora coas teclas con frecha	Prema o botón de función ⏮ ou ben ⏭ ››› **fig. 143**. Cambiarase entre as emisoras sintonizables ››› **páx. 185**.
Seleccionar emisoras da listaxe de emisoras	Prema o botón de función Emisoras ››› **fig. 143** para abrir a listaxe de emisoras.
	Examine a listaxe e sintonice a emisora que desexe premendo nela.
	Para pechar a listaxe prema o botón de función ATRÁS ↩ ››› **fig. 144**. Se non se usa, a listaxe pecharase automaticamente despois dun certo tempo.

Sintonizar a frecuencia dunha emisora manualmente	
Visualizar a banda de frecuencias	Prema o botón de función Manual ››› **fig. 143**.
Cambiar a frecuencia paso a paso	Xire o botón de axuste.
	OU BEN: Prema as teclas + ou – do dial que aparece na pantalla.

»

Sintonizar a frecuencia dunha emisora manualmente

Rastrexar a banda de frecuencia rapidamente	Manteña premida unha das teclas de frecha á esquerda do volante multifunción. Despois de soltala, pasa automaticamente á seguinte emisora de radio sintonizable.
	OU BEN: Manteña o dedo sobre o botón desprazable na banda de frecuencias e mova o dedo para desprazar o botón.
Ocultar a banda de frecuencias	Prema brevemente o botón de axuste.
	Cando selecciona unha emisora coa tecla de memoria tamén finaliza a selección manual de frecuencias. Se non se realiza ningunha operación, despois dun certo tempo ocúltase a banda de frecuencias.

Memorizar emisoras

Memoriza a emisora que está a escoitar	*Manteña premida* a tecla de memoria desexada ››› **fig. 143** ata que se escoite un sinal.
	A emisora sintonizada memorizarase nesa tecla de memoria.

Memorizar emisoras

Memorizar unha emisora da listaxe de emisoras	Prema o botón de función Emisoras ››› **fig. 143** para abrir a listaxe de emisoras.
	As emisoras que xa están memorizadas nunha tecla de memoria están marcadas na listaxe de emisoras co símbolo ☆ ››› **fig. 144**.
	Seleccione a emisora desexada *manténdoa premida* na pantalla. Ábrese unha pantalla para memorizar a emisora nas teclas de memorias.
	Prema a tecla de memoria onde se almacenará a emisora.
	Escóitase un sinal e a emisora memorízase na tecla de memoria. Para continuar memorizando outras emisoras da listaxe, repita o proceso.
Borrar emisoras memorizadas	No menú **Ajustes** , pódense eliminar conxuntamente todas as emisoras memorizadas ou por separado ››› **páx. 185**.

Reprodución automática (SCAN)

Coa reprodución automática activa, escóitanse todas as emisoras sintonizables da banda de frecuencias seleccionada durante aproximadamente 5 segundos.

Iniciar e rematar a reprodución automática

Iniciar a reprodución automática	Prema o botón de función Ajustes e, a continuación, seleccione Scan.
Finalizar a reprodución automática	Prema o botón de función SCAN para deter a reprodución automática na emisora que está a escoitar.
	A reprodución automática tamén termina ao selecionar manualmente unha emisora mediante as teclas de memoria ou ao cambiar de pantalla.

Información de tráfico (TP)

O seguimento da información do tráfico coa función TP só é posible sempre que se poida sintonizar esa emisora. As emisoras con función de información do tráfico indícanse no menú principal *RADIO* e na listaxe de emisoras co símbolo **TP** ››› **fig. 143** e ››› **fig. 144**.

Algunhas emisoras sen información do tráfico propia admiten a función TP emitindo os avisos de tráfico doutras emisoras (EON).

Activar e desactivar a función TP

- No menú **Ajustes (FM, AM, DAB)** active ☑ ou desactive ☐ o botón de función Emisora de tráfico (TP) preméndoo ››› **páx. 185**.

Función TP activa e selección de emisoras

Os avisos de tráfico reprodúcense no modo Audio.

Cando se selecciona unha emisora sen función **TP** no modo FM, a radio tenta atopar emisoras con esta función en segundo plano. Se non atopa ningunha amosarase á esquerda da pantalla a media altura.

No **modo AM** ou no **modo Media** sintonízase automaticamente unha emisora de tráfico en segundo plano, sempre e cando exista algunha sintonizable. Dependendo da situación, esta operación pode levar algún tempo.

Aviso de tráfico entrante

No modo Audio cando se recibe un aviso de tráfico, reprodúcese automaticamente.

Mentres se está a reproducir o aviso de tráfico, amósase unha ventá emerxente e a radio cambia, se é necesario, á emisora de información do tráfico.

O modo Media interrómpese e o volume regúlase segundo o axustado ››› **páx. 164**.

O volume do aviso de tráfico pode modificarse co regulador do volume ⏻. O volume modificado permanece para os seguintes avisos.

- Prema o botón de función Cancelar para finalizar o aviso de tráfico en curso. A función TP permanece activa.
- **OU BEN:** Prema o botón de función Desactivar para finalizar o aviso de tráfico en curso e desactivar a función **TP** permanentemente. A función pódese reactivar no menú **Ajustes**.

Axustes (FM, AM, DAB)

Axustes FM

Seleccione a banda de frecuencias **FM** premendo a tecla do infotainment.

OU BEN: Prema o botón de función BANDA e seleccione a banda de frecuencias **FM**.

Prema o botón de función AJUSTES para abrir o menú **Ajustes de FM**.

Botón de función: función
Sonido: Axustes de son ››› **páx. 164**.
Scan: Reprodución automática (función SCAN). Coa reprodución automática activa reprodúcese cada unha das emisoras sintonizables da banda de frecuencias seleccionada durante aproximadamente 5 segundos ››› **páx. 184**.
Modo de búsqueda: Para fixar o axuste para as teclas con frecha ⏮ e ⏭. O axuste aplícase a todas as bandas de frecuencias (FM, AM e DAB).

Botón de función: función
Memorias: Coas teclas con frecha vanse pasando todas as emisoras memorizadas da banda de frecuencias seleccionada.
Emisoras: Coas teclas con frecha vanse pasando todas as emisoras sintonizables da banda de frecuencias seleccionada.
Emisora de tráfico (TP): A función TP (seguimento das emisoras de información do tráfico) está activa ››› **páx. 184**.
Eliminar memorias: Para borrar todas ou algunhas das emisoras memorizadas.
Logotipos de emisoras: Para asignar ou eliminar manualmente os logotipos das emisoras memorizadas nas teclas de memoria ››› **páx. 183**.
Radiotexto: O radiotexto está activo ››› **páx. 180, Radiotexto**.
Ajustes avanzados [a]: Axustes dos servizos de datos por radio RDS.
Memorización automática (Logotipos de emisoras) [a]: Ás emisoras memorizadas nas teclas de memoria asignaránselle de xeito automático os logotipos das emisoras se están dispoñibles no sistema de infotainment. Véxase tamén ››› **páx. 183**.
Región para logotipo de emisora [a]: Permite seleccionar a rexión (país) onde se atopa o vehículo. Isto optimiza a asignación automática de logotipos das emisoras. A opción tamén permite a selección automática da rexión por parte do sistema.

»

Botón de función: función

Cambio automático de frecuencia (AF)[a]: O seguimento automático de emisoras está activo. Coa caixa de verificación ☐ desactivada o botón de función RDS rexional estará inactivo (cor gris).

Sistema de datos de radio (RDS)[a]: O sistema de datos por radio RDS está desactivado ››› **páx. 180**. Se a caixa de verificación ☐ está desactivada as funcións emisora de información do tráfico (TP), radiotexto, nome de emisora e tipo de programa non estarán dispoñibles.

RDS regional[a]: Axuste o **seguimento automático de emisoras** por RDS ››› **páx. 180**.

Fijo: Só se sintonizan frecuencias alternativas da emisora axustada cun programa rexional idéntico.

Automático: Sempre se cambia á frecuencia da emisora axustada que actualmente teña a mellor sintonización, aínda que isto interrompa unha emisión rexional en curso.

[a] Depende do país e do equipo en cuestión.

Axustes AM

Seleccione a banda de frecuencias **AM** premendo a tecla do infotainment.

OU BEN: Prema o botón de función BANDA e seleccione a banda de frecuencia **AM**.

Prema o botón de función AJUSTES para abrir o menú **`Ajustes AM`**.

Botón de función: función

Sonido: Axustes do son ››› **páx. 164**.

Scan: Reprodución automática (función SCAN). Coa reprodución automática activa reprodúcese cada unha das emisoras sintonizables da banda de frecuencias seleccionada durante aproximadamente 5 segundos ››› **páx. 184**.

Modo de búsqueda: Para fixar o axuste para as teclas con frecha ⏮ e ⏭. O axuste aplícase a todas as bandas de frecuencias (FM, AM e DAB).

Memorias: Coas teclas con frecha vanse pasando todas as emisoras memorizadas da banda de frecuencias seleccionada.

Emisoras: Coas teclas con frecha vanse pasando todas as emisoras sintonizables da banda de frecuencias seleccionada.

Emisora de tráfico (TP): A función TP (seguimento das emisoras de información do tráfico) está activa ››› **páx. 184**.

Eliminar memorias: Para borrar todas ou algunhas das emisoras memorizadas.

Logotipos de emisoras: Para asignar os logotipos ás emisoras memorizadas en teclas de memoria ››› **páx. 183**.

Axustes DAB

Seleccione a banda de frecuencias **DAB** premendo a tecla do infotainment.

OU BEN: Prema o botón de función BANDA e seleccione a banda de frecuencias **DAB**.

Prema o botón de función AJUSTES para abrir o menú **`Ajustes de DAB`**.

Botón de función: función

Sonido: Axustes do son ››› **páx. 164**.

Scan: Reprodución automática (función SCAN). Coa reprodución automática activa reprodúcese cada unha das emisoras sintonizables da banda de frecuencias seleccionada durante aproximadamente 5 segundos ››› **páx. 184**.

Modo de búsqueda: Para fixar o axuste para as teclas con frecha ⏮ e ⏭. O axuste aplícase a todas as bandas de frecuencias (FM, AM e DAB).

Memorias: Coas teclas con frecha vanse pasando todas as emisoras memorizadas da banda de frecuencias seleccionada.

Emisoras: Coas teclas con frecha vanse pasando todas as emisoras sintonizables da banda de frecuencias seleccionada.

Emisora de tráfico (TP): A función TP (seguimento das emisoras de información do tráfico) está activa ››› **páx. 184**.

Eliminar memorias: Para borrar todas ou algunhas das emisoras memorizadas.

Logotipos de emisoras: Para asignar os logotipos ás emisoras memorizadas en teclas de memoria ››› **páx. 183**.

Radiotexto: O radiotexto está activo ››› **páx. 180**, **Radiotexto**.

Axustes avanzados: Axustes dos servizos DAB.

Memorización automática (logotipos emisoras)[a]: Os logotipos das emisoras asígnanse automaticamente cando se memorizan as emisoras de radio nas teclas de memoria ››› **páx. 183**.

Botón de función: función
Avisos de tráfico DAB: Os avisos de tráfico DAB reprodúcense igual que os avisos de tráfico TP en calquera modo do equipo.
Otros avisos DAB: Os avisos DAB (noticias, información deportiva, do tempo, advertencias, etc.) reprodúcense mentres o modo Radio DAB está activo.
Seguimiento de programas DAB - DAB: O seguimento automático de emisoras dentro do rango de frecuencias DAB está activo.
Cambio automático DAB-FM: Para o seguimento automático das emisoras permítese o cambio á banda de frecuencia FM.
Cambio a emisora similar: Permite aos provedores de servizos indicar emisoras alternativas con contidos similares.[b)]

[a)] Depende do país e do equipo en cuestión.

[b)] Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Media

Introdución

Denominamos "**fuentes de Media**" ás fontes de audio ou imaxe que conteñan arquivos en diferentes soportes. Estes arquivos pódense reproducir a través dos lectores correspondentes ou das entradas de audio do sistema de infotainment.

Só se amosan e reproducen os arquivos de audio reproducibles. O resto dos arquivos son ignorados.

Dereitos de autor

Teña en conta as disposicións legais sobre a propiedade intelectual dos arquivos de audio e vídeo.

Aviso

- **A tecnoloxía de codificación de audio MPEG-4 HE-AAC e patentes teñen licencias Fraunhofer IIS.**
- **Este produto está protexido por certos dereitos de autor e propiedade de Microsoft Corporation. Queda prohibido o uso ou a comercialización de tecnoloxía deste tipo fóra da configuración deste produto sen a licenza de Microsoft ou unha sucursal de Microsoft autorizada.**
- **O sistema de infotainment só reproduce os arquivos de audio compatibles que non estean danados; ignóranse os demais arquivos.**
- **Consulte a listaxe de dispositivos compatibles no sitio web de SEAT.**

Requisitos para os soportes de datos e os arquivos

Os lectores de CD e DVD montados na fábrica pertencen á clase 1 segundo DIN IEC 76 (CO) 6/ VDE 0837.

No sistema de infotainment só se poden inserir CD/DVD estándar de 12 cm e tarxetas de memoria de 32 mm x 24 mm x 2,1 mm ou de 1,4 mm.

Os formatos de arquivo reproducibles da listaxe denominaranse no sucesivo "arquivos de audio". Un CD que conteña este tipo de arquivos de audio denomínase "CD de datos de audio". »

Válido para o modelo: Navi System Plus

Soporte de datos	Requisitos para a reprodución	
	Arquivos de audio	Arquivos de vídeo
Discos ópticos: – CD de audio (ata 80 min). – DVD de vídeo estándar e DVD de audio compatible con DVD. – CD-ROM, CD-R, CD-RW con datos de audio ata un máx. de 700 MB (megabyte) no sistema de arquivos ISO 9660 Level 1 e 2, Joliet ou ben UDF 1.02, 1.5, 2.01. – DVD+/-R/RW ata un máx de 4,7 GB e DVD de dobre capa ata un máx. de 8,5 GB no sistema de arquivos Joliet (só singlesession); UDF. **Tarxetas de memoria**: – SD e MMC no sistema de arquivos debe ser FAT12, FAT16, FAT32 ou ben VFAT (máx. 2 GB). – SDHC (máx. 32 GB) e SDXC (máx. 2 TB) nos sistemas de arquivos exFAT e NTFS. **Soporte de datos USB**: – Dispositivos con especificación conforme a USB 2.0 e 3.0. – Sistema de arquivos FAT16, FAT32, exFAT e NTFS. – iPods™[a], iPads™[a] e iPhones™[a] de diferentes xeracións. – Reprodutores MTP coas marcas comerciais “PlaysForSure” ou “ReadyForVista”. **Jukebox** (memoria SSD interna).	– Especificación Dixital Audio. – Arquivos MP2 (.mp2) e MP3 (.mp3) con taxas de transferencia de 32 ata 320 kbit/s ou taxa de transferencia variable. – Arquivos WAV (.wav). – Arquivos WMA (.wma) ata 10 mono/estéreo sen protección anticopia e taxas de transferencia de ata 384kbit/s. – Arquivos AAC (.m4a, .m4b y .aac) sen protección anticopia. – Arquivos OGG-Vorbis 1 (.ogg) con taxas de transferencia de ata 256kbit/s. – Arquivos FLAC (.flac). – Arquivos en contedor Matroska (.mka).	– Resolución máxima 720 x 576 píxel e 25-30fps (frames por segundo). – Formato MPEG-1 y MPEG-2 (.mpg, .mpeg, .m2ts, .avi e .mkv) cunha resolución máxima de 352x288 píxel. – Formato ISO MPEG-4 (.mp4, .m4v, .avi, .mov, .3gp e .mkv). – Formato MPEG-4 ASP DivX 4, 5 e 6 (.avi, .divx e .mkv). – Formato MPEG-4 Xvid (.avi e .mkv). – Formato MPEG-4 H.264: (.mp4, .m4v, .mov, .3gp, .avi, .m2ts, .mkv, .flv, .f4v e .webm). – Formato Windows Media Video 9 (.wmv, .asf, .mp4, .m4v, .mov, .3gp e .avi). – Formato MJPEG (.avi, .mov, .mp4 e .m4v). – Formato Theora (.ogv).
	– Listaxes de reprodución nos formatos M3U, PLS, ASX e WPL. – As listaxes de reprodución non deben exceder os 20 kB nin máis de 1000 entradas. – Nomes de arquivos e rutas que non superen os 256 caracteres. – En DVD un máximo de 1000 arquivos por medio e directorio. – En tarxetas de memoria un máximo de 4000 arquivos e un máximo de 1000 arquivos por directorio. – No Jukebox (SSD) un máximo de 3000 arquivos.	
AUX Reprodución de arquivos de audio a través da toma AUX-IN.	– A fonte de audio externa ten que cumprir unha serie de condicións para a reprodución ››› páx. 197.	
Reprodución de arquivos de audio a través de Bluetooth®[b].	– O reprodutor de medios externo debe ser compatible co perfil A2DP Bluetooth® ››› páx. 198.	
Reprodución de arquivos de audio a través de WLAN.	– A fonte de audio externa ten que cumprir unha serie de condicións para a reprodución ››› páx. 200	

[a] iPod™, iPad™ e iPhone™ son marcas comerciais protexidas de Apple Inc.

[b] Bluetooth® é unha marca rexistrada de Bluetooth® SIG, Inc.

Válido para o modelo: Media System Plus/Navi System

Soporte de datos	Requisitos para a reprodución de arquivos de audio
Discos ópticos: – CD de audio (ata 80 min). – CD-ROM, CD-R, CD-RW con datos de audio ata un máx. de 700 MB (megabyte) no sistema de arquivos ISO 9660 Level 1 e 2, Joliet ou UDF 1.02, 1.5, 2.01. **Tarxetas de memoria**: – SD e MMC no sistema de arquivos debe ser FAT12, FAT16, FAT32 ou VFAT (máx. 2 GB). – SDHC (máximo 32 GB) e SDXC (máximo 2 TB) nos sistemas de arquivos exFAT e NTFS. **Soporte de datos USB**: – Dispositivos con especificación conforme a USB 2.0 e 3.0. – Sistema de arquivos FAT16, FAT32, exFAT e NTFS. – iPods™[a], iPads™[a] e iPhones™[a] de diferentes xeracións. – Reprodutores MTP coas marcas comerciais “PlaysForSure” ou “ReadyForVista”.	– Especificación Dixital Audio. – Arquivos MP2 (.mp2) e MP3 (.mp3) con taxas de transferencia de 32 ata 320 kbit/s ou taxa de transferencia variable. – Arquivos WAV (.wav). – Arquivos WMA (.wma) ata 10 mono/estéreo sen protección anticopia e taxas de transferencia de ata 384kbit/s. – Arquivos AAC (.m4a, .m4b y .aac) sen protección anticopia. – Arquivos OGG-Vorbis 1 (.ogg) con taxas de transferencia de ata 256kbit/s. – Arquivos FLAC (.flac). – Listas de reprodución nos formatos M3U, PLS, ASX e WPL. – As listaxes de reprodución non deben exceder os 20 kB nin máis de 1000 entradas. – Nomes de arquivos e rutas que non superen os 256 caracteres. – En tarxetas de memoria un máximo de 4000 arquivos e un máximo de 1000 arquivos por directorio.
AUX Reprodución de arquivos de audio a través da toma AUX-IN.	– A fonte de audio externa ten que cumprir unha serie de condicións para a reprodución ››› páx. 197.
Reprodución de arquivos de audio a través de Bluetooth®[b].	– O reprodutor de medios externo debe ser compatible co perfil A2DP Bluetooth® ››› páx. 198.
Reprodución de arquivos de audio a través de WLAN.	– A fonte de audio externa ten que cumprir unha serie de condicións para a reprodución ››› páx. 200

[a] iPod™, iPad™ e iPhone™ son marcas comerciais protexidas de Apple Inc.

[b] Bluetooth® é unha marca rexistrada de Bluetooth® SIG, Inc.

Lea e teña en conta o manual de instrucións do soporte de datos externo.

Limitacións e indicacións

A sucidade, as altas temperaturas e os danos mecánicos poden facer que un soporte de datos sexa inutilizable. Teña en conta as indicacións do fabricante do soporte de datos.

As diferenzas de calidade entre os soportes de datos de diferentes fabricantes poden causar interferencias na reprodución.

Teña en conta as disposicións legais relativas aos dereitos de autor!

A configuración dun soporte de datos ou dos equipos ou programas empregados para a gravación pode facer que algunhas pistas ou soportes de datos non se poidan ler. En »

Internet, por exemplo, atopará información sobre a mellor forma de gravar arquivos de audio ou soportes de datos (taxa de compresión, etiqueta ID3, etc.).

A velocidade de lectura pode variar considerablemente dependendo do tamaño, o estado de uso (procesos de copia e eliminación), a estrutura dos cartafoles e o tipo de arquivos do soporte de datos utilizado.

As **listaxes de reprodución** só establecen unha certa orde de reprodución. Os arquivos **non** se gardan nelas. As listas de reprodución **non** se poden reproducir se os arquivos do soporte de datos **non** se gardan na ruta á que remite a listaxe de reprodución.

Unha portada só se poderá amosar cando o nome comece por "**Cover**", "**Folder**" ou "**Album**".

Aviso

- **Non utilice adaptadores de tarxetas de memoria, cables de prolongación USB nin hubs USB!**
- **CUPRA non asume ningunha responsabilidade pola deterioración ou perda de arquivos dos soportes de datos.**

Orde de reprodución de arquivos e cartafoles



Fig. 149 Exemplo da estrutura dun CD de datos de audio.

Os arquivos de audio ☐ almacenados nos soportes de datos a miúdo están organizados por cartafoles de arquivos ☐ e listas de reprodución ♪≡ para así establecer unha certa orde de reprodución.

Dependendo do nome que teñan no soporte de datos, as pistas, cartafoles e listas de reprodución ordenaranse por número e alfabeto.

A ilustración amosa un exemplo dun CD de datos de audio convencional, que contén pistas ☐, cartafoles ☐ e subcarpetas ››› **fig. 149**.

Neste caso as pistas reproduciranse deste xeito[1]:

1. Pista ① e ② no directorio raíz (Root) do CD
2. Pista ③ e ④ no **primeiro** cartafol **F1** no directorio raíz do CD
3. Pista ⑤ no **primeiro** subcarpetas **F1.1** do cartafol **F1**
4. Pista ⑥ na **primeira** subcarpeta **F1.1.1** da subcarpeta **F1.1**
5. Pista ⑦ no **segundo** subcarpeta **F1.2** da carpeta **F1**
6. Pista ⑧ e ⑨ no **segundo** cartafol **F2**

Aviso

- **A secuencia de reprodución pode modificarse seleccionando os diferentes modos de reprodución** ››› **páx. 191**.

[1] No menú **`Ajustes de Media`** ten que estar activa a función Mix/Repetir incluídas subcarpetas ››› **páx. 204**.

- **As listaxes de reprodución non se reproducen automaticamente, deben seleccionarse directamente no menú de selección de pistas** >>> **páx. 194**.

Menú principal MEDIA

Fig. 150 Menú principal MEDIA.

No menú principal *Media*, pódense seleccionar e reproducir diferentes fontes de Media.

- Prema a tecla do infotainment ⊙ para abrir o menú principal *Media* >>> **fig. 150**.

A última fonte Media seleccionada seguirá reproducíndose e no mesmo punto.

A fonte Media que se está a reproducir indícase na listaxe despregable ao premer o botón de función FUENTE >>> **fig. 150**.

Se non hai fonte Media dispoñible, amósase o menú principal *Media*.

Botóns de función do menú principal MEDIA

Botón de función: función	
FUENTE	Fonte de Media que se está a reproducir. Prema para seleccionar outra fonte de Media.
	JUKEBOX[a]: Disco duro interno (SSD) >>> **páx. 199**.
	CD/DVD: Reprodutor de CD e DVD[a] interno >>> **páx. 195**.
	TARJETA SD 1, TARJETA SD 2*: Tarxeta de memoria SD >>> **páx. 196**.
	USB 1, USB 2*: Soporte de datos externo conectado ao porto USB >>> **páx. 196**.
	AUX: Fonte de audio externa conectada á toma multimedia AUX-IN >>> **páx. 197**.
	AUDIO BT: Audio Bluetooth® >>> **páx. 198**.
	WLAN*: Fonte de audio externa conectada por WLAN >>> **páx. 200**
SELECCIÓN	Dependendo do nivel, listaxe de pistas, cartafoles ou fonte.
⏮ / ⏭	Cambio de pista no modo Media, ou ben avance/retroceso rápido.

Botón de función: función	
⏸	Detense a reprodución. O botón de función ⏸ cambia a ▷.
▶	Continúa a reprodución. O botón de función ▷ cambia a ⏸.
▶★[a]	Reproducir pistas similares. Créase unha listaxe de reprodución virtual na que se inclúen pistas de similar ritmo ao que se está a reproducir se está dispoñible mediante Gracenote®.
AJUSTES	Abre o menú **Ajustes de Media**.
REPETIR	Repítense todas as pistas que están no mesmo nivel de memoria que a pista que se está a reproducir nese momento. Se no menú **Ajustes de Media** está activa Mix/Repetir incluidas subcarpetas tamén se inclúen as subcarpetas.
REPETIR	Repetir a pista actual.
MIX	Reprodución aleatoria das pistas que están no mesmo nivel de memoria que a pista actual. Se no menú **Ajustes de Media** está activa Mix/Repetir incluidas subcarpetas tamén se inclúen os subcartafoles.

[a] Só dispoñible para o modelo Navi System Plus.

»

Indicacións e símbolos do menú principal de MEDIA

Indicación: Significado	
Ⓐ	Información do nome do intérprete, nome do álbum e título da canción.
	CD de audio: información das pistas se está dispoñible por medio de Gracenote®[a]. Se os datos non están dispoñibles, só se amosa **Pista** e o número correspondente á orde.
Ⓑ	Portada do álbum. O sistema prioriza a visualización do seguinte xeito: 1° Portada incrustada nos arquivos. 2° Imaxe no cartafol dos arquivos. 3° Imaxe fornecida pola base de datos Gracenote®[a] 4° Icono do dispositivo conectado.
	En caso de reproducir un arquivo de vídeo, ao premer a portada poderase reproducir a pantalla completa.
Ⓒ	O tempo de reprodución transcorrido e restante en minutos e en segundos.
RDS desactivado[b]	O servizo de datos por radio RDS está desactivado. O RDS pode activarse no menú **Ajustes de FM**.
TP[b]	A función TP está activa e pode sintonizarse..
TP[b]	Non hai ningunha emisora de información do tráfico dispoñible.

Indicación: Significado	
[b]	Non se pode sintonizar DAB.

[a] Gracenote® é un banco de datos dispoñible no disco duro do sistema de infotainment no que hai información almacenada das pistas de diversos artistas e álbums. Para que o usuario poida beneficiarse das funcionalidades que proporciona Gracenote®, as pistas requiren ter a información do artista e/ou do álbum (dispoñible só para o modelo: Navi System Plus.

[b] Depende do mercado e do equipo en cuestión.

Aviso

- **Ao inserir a fonte de media a reprodución non se iniciará automaticamente, o usuario terá que seleccionala. Ao extraela tampouco cambiará a fonte de media.**
- **Para poder visualizar diferentes portadas dentro dun mesmo álbum/cartafol, asegúrese de que as pistas conteñen diferente información do Artista ou do Álbum nos seus metadatos. De non ser así, só poderá visualizarse unha mesma portada para todas as pistas contidas no mesmo álbum/cartafol.**

Cambiar a fonte Media



Fig. 151 Modo MEDIA:cambiar fonte de media.

- Reduza o volume básico no sistema de infotainment.
- No menú principal *Media* prema o botón de función FUENTE ››› **fig. 151** e seleccione a fonte Media desexada.
- **O BEN:** no menú principal *Media* prema repetidas veces a tecla do infotainment ⊙ para ir pasando sucesivamente as fontes de Media dispoñibles.

Na ventá emerxente, as fontes de Media non seleccionables amósanse desactivadas (en cor gris).

Se selecciona de novo unha fonte de Media utilizada previamente, a reprodución continuará no lugar no que quedou interrompida.

Aviso

A fonte Media pódese cambiar na vista de *Lista de pistas*: seleccione `Media > Vista.`

Cambio de pista no menú principal MEDIA



Fig. 152 Menú principal MEDIA.

As pistas da fonte Media que se está a escoitar pódense pasar sucesivamente cos botóns de frecha.

Cos botóns de frecha **non** se pode saír dunha listaxe de reprodución, nin tampouco se pode comezar a reprodución dunha listaxe de reprodución. As dúas accións deben facerse manualmente dende o menú de selección de pista ››› **páx. 194**.

Control a través do menú principal MEDIA

Acción	Función
Prema brevemente o botón de función ⏮ unha vez.	Ao inicio da pista actual. Se a pista se reproduciu durante menos de 3 segundos, volve ao comezo da pista anterior.
Prema dúas veces seguidas brevemente o botón de función ⏮.	Se a pista se reproduciu durante máis de 3 segundos, volve ao inicio da pista anterior e dende a primeira pista pasa á última pista do soporte de datos reproducido.
Prema brevemente o botón de función ⏭ unha vez.	Á seguinte pista. Dende a última pista cambia á primeira pista do soporte de datos reproducido.
Manteña premido o botón de función ⏮.	Retroceso rápido.
Manteña premido o botón de función ⏭.	Avance rápido.
Deslizar o dedo horizontalmente sobre a pantalla.	Cambio á pista anterior/seguinte, respectando os mesmos tempos de reprodución que para cambiar pistas coas teclas ⏮ ou ⏭.

Selección dun álbum por portada

Fig. 153 Selección por portada.

Ao premer na portada actual ››› **fig. 152** ① amosaranse todas as portadas dos álbums dispoñibles na fonte Media activa ››› **fig. 153**.

É posible navegar por todos os álbums deslizando as portadas á dereita ou á esquerda ou usando a barra de desprazamento inferior horizontal ou usando o botón de axuste.

A vista da selección por portada péchase aproximadamente logo de 5 segundos de inactividade e amósase de novo o menú principal Media.

Selección dunha pista dunha lista de pistas



Fig. 154 Modo Media:listaxe de cartafoles dunha fonte Media.



Fig. 155 Modo Media:listaxe de pistas dunha fonte Media.

Abrir unha listaxe de pistas

- Prema no menú principal *MEDIA* o botón de función SELECCIÓN ››› **fig. 152** para abrir a listaxe de pistas. A pista que se está a reproducir amósase de xeito destacado ››› **fig. 155**.
- Busque na listaxe de pistas e prema a pista que desexes.

Se hai información da pista dispoñible, amósase a pista (nos CD de audio) ou o nome do arquivo (MP3) en lugar de **`Pista + núm.`**

Cadro xeral dos botóns de función na listaxe de pistas

Botón de función: función	
Ⓐ	Abre o menú **Fuentes**. Seleccione outra fonte Media premendo.
Ⓑ	Indica a fonte de Media que se está a explorar. Cando se preme, vai á raíz do dispositivo indicado na icona.
	JUKEBOX[a)]: Disco duro interno do sistema de infotainment (SSD) ››› **páx. 199**.
	CD/DVD: Reprodutor de CD e DVD[a)] interno ››› **páx. 195**.
	TARJETA SD 1, TARJETA SD 2*: Tarxeta de memoria SD ››› **páx. 196**.
	USB 1, USB 2*: Soporte de datos externo conectado ao porto USB ››› **páx. 196**.
	AUDIO BT: Reprodutor de Media externo conectado a través de Bluetooth® ››› **páx. 198**.
	AUX: Fonte de audio conectada á toma AUX-IN ››› **páx. 197**
	WLAN*: Fonte de audio externa conectada por WLAN ››› **páx. 200**
Ⓒ	Prema o botón de función para abrir o cartafol superior da fonte Media.
▶	Inicia a reprodución da primeira pista.

Botón de función: función

	Repetir todas as pistas.
	Repítense todas as pistas que están no mesmo nivel de memoria que a pista que se está a reproducir nese momento. Se no menú **Ajustes de Media** está activa Mix/Repetir incluidas subcarpetas tamén se inclúen as subcarpetas >>> **páx. 204**.
	Reprodución aleatoria.
	Inclúense todas as pistas que están no mesmo nivel de memoria que a pista que se está a reproducir nese momento. Se no menú **Ajustes de Media** está activa Mix/Repetir incluidas subcarpetas tamén se inclúen as subcarpetas >>> **páx. 204**.
CERRAR ×	Para pechar a listaxe de pistas.

a) Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus.

Aviso

As pistas, os cartafoles e as listaxes de reprodución tamén se poden seleccionar xirando o botón de axuste e reproducilas ou abrilas preméndoo.

Vista de banco de datos



Fig. 156 Modo Media:vista de banco de datos

Dentro da listaxe de pistas, prema na opción Mostrar la vista de base de datos. O contido da fonte Media actual amosarase clasificado por Listas de reprodución, Intérpretes, Álbumes, Géneros, Títulos e Vídeos >>> **fig. 154**.

Ao seleccionar un dos cartafoles Intérpretes, Álbumes ou Títulos aparece un botón de busca na parte superior dereita (lupa) que permite a busca dentro da categoría seleccionada >>> **páx. 161, Máscaras de entrada con teclado na pantalla**.

Para volver á vista de cartafoles, prema a opción Mostrar la vista de carpetas dentro do Menú SELECCIÓN.

Inserir ou expulsar un CD ou DVD

✓ O lector de DVD só está dispoñible para o modelo: Navi System Plus



Fig. 157 Rañuras para soportes de datos no portaluvas.

Durante a marcha, o condutor debe absterse de operar o equipo. Introduza ou cambie o soporte de datos antes de iniciar a marcha!

Pódense reproducir CD e DVD de audio e CD e DVD de datos de audio no lector de CD e DVD.

Inserir un CD ou DVD

- Insira un CD ou DVD na rañura >>> **fig. 157** ③ co lado impreso cara arriba ata que o equipo o introduza automaticamente.

Expulsar un CD ou DVD

- Prema a tecla ≙ ①.

»

• O CD ou DVD expúlsase e disponse de 10 segundos aprox. para retiralo.

Se non extrae o CD, despois de 10 segundos insírese de novo automaticamente por razóns de seguridade sen pasar ao modo CD.

CD ou DVD ilexible ou defectuoso

Se non se poden ler os datos dun CD ou DVD inserido ou se insire un CD ou DVD defectuoso, amósase o aviso correspondente na pantalla.

Dependendo do equipo, os CD ou DVD ilexibles expúlsanse automaticamente 3 veces e volven inserirse para iniciar outros tres intentos de lectura antes de que se amose a indicación.

Aviso

• Ao circular por calzadas en mal estado ou se hai fortes vibracións, poden producirse saltos na reprodución.

• Se a temperatura interna do equipo é demasiado alta, non se poderá inserir nin reproducir ningún CD ou DVD.

• Se despois de inserir varios CD ou DVD sempre se amosa un `erro no lector de CD ou DVF`, diríxase a un taller especializado.

Inserir ou expulsar unha tarxeta de memoria

En función do equipamento e do país, o vehículo pode ter unha ou dúas rañuras para tarxetas SD.

Inserir unha tarxeta de memoria

Introducir a tarxeta de memoria compatible coa esquina recortada primeiro e os contactos cara abaixo, na rañura ››› **fig. 157** ②, ata que encaste.

Extraer unha tarxeta de memoria

As tarxetas de memoria inseridas **teñen** que prepararse para a extracción.

• No menú principal *Media*, prema o botón AJUSTES para abrir o menú de **`Ajustes de Media`** ou ben prema a tecla do infotainment e logo prema Ajustes, para abrir o menú **`Ajustes do sistema`**.

• Prema o botón de función Retirar con seguridad. Aparece un menú despregable coas posibilidades: Tarjeta SD1, Tarjeta SD2*, USB1 e USB2*. Ao premer no botón de función correspondente, este pasa a estar inactivo.

• Prema a tarxeta de memoria introducida. A tarxeta de memoria “saltará” á posición de extracción.

• Extraia a tarxeta de memoria.

Soporte de datos externo conectado ao porto USB

Dependendo do equipamento e do país, o vehículo pode ter unha ou dúas conexións USB ››› **páx. 235**.

Cando se fala de soportes de datos externos neste manual, refírese a memorias USB que almacenan arquivos reproducibles, como, por exemplo, reprodutores MP3, iPods™ e memorias USB.

Só se amosan e reproducen arquivos de audio reproducibles. O resto dos arquivos son ignorados.

Para o resto de operacións con soporte de datos externo (cambio de pista, selección de pista e modos de reprodución) proceda como se describe nos capítulos correspondentes ››› **páx. 187**.

Indicacións e limitacións

A compatibilidade cos dispositivos Apple™ e outros reprodutores de Media depende do equipamento.

A través do porto USB disponse da tensión convencional de 5 volts dunha conexión USB.

Os discos duros externos de máis de 32 GB deben ser formatados para o sistema de arquivos FAT32 en determinadas circunstancias. Atopará programas e instrucións para este fin en Internet, por exemplo.

Teña en conta outras restricións e indicacións relativas aos requisitos para as fontes de Media.

iPod™, iPad™ e iPhone™

Dependendo do país e do equipamento poden conectarse iPods™, iPads™ ou iPhones™ a través do cable USB propio do dispositivo ao porto USB ⭠ do vehículo e utilizarse como fontes de audio.

Despois de conectar un iPod™, iPad™ ou iPhone™ represéntanse no nivel de selección superior as vistas de listaxes específicas do iPod™ (🗀**Listas de reproducción**, 🗀 **Intérpretes**, 🗀 **Álbumes**, 🗀 **Títulos**, 🗀 **Podcasts** etc.).

Posibles mensaxes de erro despois de conectar un soporte de datos externo

Mensaxe de erro	Causa e como proceder
A fonte non é compatible	Non é posible reproducir o soporte de datos externo ou a comunicación a través do cable adaptador usado.
	Comprobar a conexión e o funcionamento correcto do soporte de datos externo. Se é posible, actualice o software de soporte de datos externo.
O dispositivo non responde	Comunicación interrompida.
	Comprobar a conexión e o funcionamento correcto do soporte de datos externo.
Debido ao gran número de soportes de datos diferentes e de xeracións de iPod™, iPad™ e iPhone™ non se pode garantir que todas as funcións descritas se executen sen problemas.	

Finalizar a conexión

Os portadores de datos **deben** estar preparados para poder desconectalos.

- No menú principal *Media*, prema o botón **AJUSTES** para abrir o menú de **Ajustes de Media** ou ben prema a tecla do infotainment ▦ e logo prema **Ajustes**, para abrir o menú **Ajustes do sistema**.
- Prema o botón de función Retirar con seguridad. Aparece un menú despregable coas posibilidades: Tarjeta SD1, Tarjeta SD2*, USB1 e USB2*. Ao premer no botón de función correspondente, este pasa a estar inactivo.
- Agora poderase desconectar o operador de datos.

Aviso

- **Non conecte un reprodutor de Media externo ao mesmo tempo para a reprodución de música por Bluetooth® e a través do porto USB ⭠ co sistema de infotainment, xa que isto pode provocar limitacións na reprodución.**
- **Se o reprodutor externo é un dispositivo Apple™, non se poderá conectar simultaneamente por USB e Bluetooth®.**
- **Se non se recoñece unha fonte conectada, desconecte e volva conectar a fonte. Se non se poden reproducir os datos, mostrarase a indicación correspondente.**

Fonte de audio externa conectada á toma multimedia AUX-IN

Dependendo do equipamento e do país, pode haber unha toma multimedia AUX-IN ››› páx. 235. »

A fonte de audio externa conectada **non** se pode operar cos mandos do sistema de infotainment.

Conecte unha fonte de audio externa á toma multimedia AUX-IN

- Conecte a fonte de audio externa á toma multimedia AUX-IN.
- Inicie a reprodución na fonte externa de audio.
- Prema na pantalla principal MEDIA o botón de función FUENTE e seleccione AUX.

O **volume de reprodución** da fonte de audio externa debe adaptarse ao volume do resto das fontes de audio ››› **páx. 164**.

Particularidades do funcionamento dunha fonte de audio externa a través da toma multimedia AUX-IN

Operación	Efecto
Selección doutra fonte de audio no sistema de infotainment.	A fonte de audio externa segue a traballar en segundo plano.
Finalizar a reprodución na fonte de audio externa.	O sistema de infotainment permanece no menú **AUX**.
Retire o conector da toma multimedia AUX-IN.	O sistema de infotainment permanece no menú **AUX**.

Aviso

- **Lea e teña en conta o manual de instrucións do fabricante da fonte de audio externa.**
- **Se a fonte de audio externa se alimenta coa toma de corrente de 12 V do vehículo, poden producirse ruídos de interferencias.**

Conectar unha fonte de audio externa a través de Bluetooth®

No modo de son Bluetooth® , os ficheiros de son que se están a reproducir nun dispositivo conectado por Bluetooth pódense escoitar no sistema de entretemento.

Condicións

- A fonte de audio Bluetooth® ten que ser compatible co perfil A2DP Bluetooth®.
- No menú **Ajustes de Bluetooth®** ten que estar activa a función Audio Bluetooth (A2DP/AVRCP). Seleccione **Teléfono > Ajustes > Bluetooth**

Iniciar a transferencia de audio Bluetooth®

- Active a visibilidade Bluetooth® na fonte de audio Bluetooth® externa.
- Prema na pantalla principal MEDIA o botón de función FUENTE e seleccione Audio BT.
- Prema Buscar dispositivo nuevo para conectar unha fonte de audio Bluetooth® externa por primeira vez ››› **páx. 225**.
- **OU BEN:** Seleccione unha fonte de audio Bluetooth® da listaxe.
- Teña en conta as indicacións que se amosan na pantalla do sistema de infotainment e na pantalla de da fonte de audio Bluetooth® para o resto das operacións.

Pode que teña que iniciar a reprodución na fonte de audio Bluetooth® manualmente.

Cando se desconecta o dispositivo Bluetooth®, o sistema de infotainment permanece no modo Audio Bluetooth®.

Controlar a reprodución

O manexo de audio Bluetooth® usando o sistema de infotainment depende do dispositivo Bluetooth® conectado.

Aviso

- **Debido ao gran número de fontes de audio Bluetooth® diferentes existentes non se pode garantir que todas as funcións descritas se executen sen problemas.**
- **Os sons de advertencia e de servizo dunha fonte de audio Bluetooth® conectada, por exemplo, o son do teclado nun teléfono móbil, debe desconectarse para evitar posibles interferencias e anomalías no funcionamento.**

- **Para reproducir música, non vincule o reprodutor de medios externo simultaneamente ao Bluetooth® e á interface USB do sistema de infotainment, xa que isto pode xerar limitacións durante a reprodución.**
- **Dependendo do reprodutor externo conectado, o tempo de resposta do sistema pode variar.**
- **Se o reprodutor externo é un dispositivo Apple™, non se poderá conectar simultaneamente por USB e Bluetooth®.**

Jukebox (SSD)

✓ Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Fig. 158 Xestionar Jukebox

O "jukebox" atópase no disco duro do sistema de infotainment (SSD[1]).

Os arquivos de audio comprimidos (MP3 e WMA) e algúns arquivos de vídeo (Podcasts, AVI, etc.) poden importarse dende diferentes soportes de datos ao **jukebox** e reproducirse dende a mesma.

Os arquivos só se copiarán estando o motor en marcha. Está prohibida a copia de CD e DVD con protección anticopia.

Importar arquivos

- Prema no modo Media o botón de función AJUSTES e, a continuación, seleccione Gestionar jukebox.
- Prema o botón de función IMPORTAR.
- No menú **Seleccionar fuente** seleccione a fonte desexada.

Prepárase o soporte de datos. Esta operación pode durar uns segundos.

- Active as caixas de verificación á dereita dos arquivos ou cartafoles que se teñen que importar.
- Cando se activa Seleccionar todos importaranse todos os arquivos e cartafoles ao soporte de datos.
- Prema o botón de función IMPORTAR.

Conforme ao seleccionado importaranse os arquivos e cartafoles co nome indicado ao **Jukebox**.

Se non se dispón de información das pistas, os arquivos de audio depositáranse nos seguintes cartafoles:

CD de datos de audio

- **Álbum**
  - **Álbums descoñecidos**
    - **Título.mp3**[2]
- **Intérpretes**
  - **Intérpretes descoñecidos**
    - **Álbums descoñecidos**
      - **Título.mp3**[2]

Funcións e indicación do progreso durante a copia

Durante a copia, amósase unha animación e a porcentaxe de progreso na pantalla de importación. »

[1] Solid-State-Drive (SSD) é a denominación inglesa para disco duro de estado sólido.

[2] O nome e a extensión do arquivo son exemplos.

CD de datos de audio: Non é posible copiar e reproducir os arquivos ao mesmo tempo.

- Prema o botón de función Cancelar para terminar a importación da pista completa que se está a importar nese momento.
- Para obter información da importación, prema o botón de función Información.
- Prema o botón de función ATRÁS para pechar a pantalla de importación coa indicación de progreso.
- Ao terminar a importación de arquivos aparecerá un aviso.

Eliminar arquivos

- Prema no modo Media o botón de función AJUSTES e, a continuación, seleccione Gestionar Jukebox.
- Prema o botón de función ELIMINAR.
- Marque as caixas de verificación situadas á dereita dos arquivos ou cartafoles que se teñen que borrar.
- Cando se activa Seleccionar todos borraranse todos os arquivos e cartafoles ao soporte de datos.
- Prema o botón de función ELIMINAR. Conforme á selección, borraranse arquivos e cartafoles.
- Ao terminar o borrado de arquivos, aparecerá un aviso.
- Prema o botón de función ATRÁS para pechar o menú.

Abrir arquivos de audio e vídeo gardados

- Cambie o contido do **Jukebox** (SSD).

Ao gardar as pistas, almacénanse en diferentes categorías e listaxes conforme á información dispoñible.

As pistas gardadas poden consultarse e abrirse dende ditas listaxes segundo diferentes clasificacións.

Jukebox

- Listaxe de reprodución
- Intérprete
- Álbum
- Xénero musical
- Título
- Vídeo
- Arquivos non reproducibles (cando se importou un arquivo non soportado).

Aviso

- **Se o sistema de infotainment interrompe a copia, comprobe a capacidade do disco duro interno e o soporte de datos.**
- **Con motivo da lei dos dereitos de autor, antes do cambio de propietario do sistema de infotainment teranse que borrar, todos os arquivos gardados no jukebox.**
- **Cando se amosan arquivos en estado inactivo (cor gris) pode deberse a diferentes causas: arquivos que non se poden importar (por exemplo, imaxes), arquivos que xa existen en Jukebox ou que ocupan un tamaño maior ao dispoñible na memoria interna.**

Conectar unha fonte de audio externa a través de WLAN*

WLAN como fonte de audio, permite a conexión sen fíos entre unha fonte de audio externa e o sistema Infotainment.

Para usar esta conexión, é necesario que o dispositivo conectado teña unha aplicación compatible (App) co protocolo de comunicación UPnP (Universal Plug and Play).

Condicións

- Ter instalada unha aplicación compatible (UPnP) no dispositivo.
- Ter activa a opción **Habilitar conexión WLAN** que se atopa dentro da configuración da conexión sen fíos.
- Conectar o dispositivo móbil co sistema infotainment mediante unha clave de acceso xerada polo propio sistema. A vinculación debe facerse dende o dispositivo a conectar.

Iniciar a transferencia de audio WLAN

- Inicie a aplicación UPnP ou a aplicación para a reprodución da fonte de audio de WLAN.
- Prema na pantalla principal MEDIA o botón de función FUENTE e seleccione WLAN.
- Teña en conta as indicacións que se amosan na pantalla do sistema de infotainment e na pantalla da fonte de audio WLAN para o resto das operacións.

Controlar a reprodución

O uso de audio WLAN a través do sistema de infotainment depende do dispositivo WLAN conectado e da aplicación empregada.

Aviso

- **O sistema de Infotainment non proporciona unha conexión a Internet, só establece unha conexión sen fíos local entre o dispositivo móbil e devandito sistema.**
- **Mediante WLAN só pode garantir a conexión entre o dispositivo e o sistema de infotainment, o funcionamento depende da aplicación en si.**

Axustes WLAN

Para acceder aos axustes WLAN, o acendido debe estar conectado.

- Seleccione o menú principal Media premendo a tecla do Infotainment ⊙.
- Prema o botón de función AJUSTES para abrir o menú **Ajustes de Media**.
- Prema o botón de función WLAN, a continuación aparecerá o botón **Compartir conexión mediante WLAN** e un texto informativo sobre o uso da WLAN.
- Prema o botón de función **Compartir conexión mediante WLAN**, a continuación poderá **Habilitar conexión WLAN** e poderá acceder á **Configuración** da rede WLAN.
- Prema o botón de función **Configuración** para configurar a rede WLAN.

Botón de función: función
Habilitar conexión WLAN: Para acender/apagar a rede WLAN.
Nivel de seguridad: Coa codificación WPA2, xérase automaticamente unha clave de rede de 8 caracteres.
Clave de red: Clave de rede xerada automaticamente. Prema o botón de función para cambiar a clave de rede manualmente. A clave de rede debe ter polo menos 8 caracteres e un máximo de 63.
SSID: Nome da rede WLAN do sistema de infotainment.
No enviar nombre de red (SSID): Seleccione a caixa de verificación para desactivar a visibilidade da rede (WLAN).

Para gardar os cambios realizados na configuración do punto de acceso móbil, premer o botón GUARDAR.

Modo DVD de vídeo

✓ Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Fig. 159 Menú principal do modo DVD.



Fig. 160 Menú de mandos do modo DVD.

»

Código rexional dos DVD de vídeo

A miúdo, a reprodución dos DVD de vídeo está limitada a determinadas rexións (por exemplo, a Estados Unidos e Canadá) mediante os denominados “códigos rexionais”. Estes DVD só se poderán reproducir nos equipos que tamén estean codificados para a mesma rexión (zona).

O reprodutor de DVD do equipo está habilitado para ler o código rexional da zona para a cal o vehículo foi destinado orixinalmente.

Iniciar o modo de DVD

- Insira un DVD compatible no lector de DVD.

A lectura dos datos dun DVD pode tardar uns segundos.

Reprodúcese a “intro” (pequena secuencia inicial) do DVD de vídeo. A continuación amósanse os diferentes menús do DVD.

Manexar o menú dun DVD

- Prema a pantalla brevemente para activar os botóns de función no menú principal do *modo DVD* ››› **fig. 159**.

Botón de función: función	
FUENTE	Indicación e selección da fonte.

Botón de función: función	
MENÚ DVD	Para visualizar o menú de mandos e volver ao menú principal do DVD ››› **fig. 160**.
Ⓐ	Indicación dos capítulos.
Ⓑ	Indicación da duración da reprodución e do tempo de reprodución restante.
Ⓒ	◁: Desprazar a ventá do menú de mandos.
	⊟: Minimizar a ventá do menú de mandos.
	⊞: Maximizar a ventá do menú de mandos.
	⊠: Pechar o menú de mandos.
Ⓓ	Coas teclas con frecha pódese navegar polo menú do DVD. Confirme a selección premendo OK.
Ⓔ	Prémao para abrir o menú principal do DVD.
⏮ / ⏭	Para cambiar ao capítulo anterior ou ao seguinte.
⏸	Detense a reprodución. O botón de función ⏸ cambia a ▶.
▶	Continúa a reprodución. O botón de función ▶ cambia a ⏸.
AJUSTES	Neste menú atópanse os Axustes de vídeo (DVD).

Aviso

- **O formato do menú do DVD e as opcións de selección que ofrece son responsabilidade do fabricante do DVD.**
- **O comportamento diferente dalgunhas películas utilizándose do mesmo xeito é responsabilidade do fabricante do DVD.**
- **En ocasións poden xurdir problemas durante a reprodución de DVD copiados.**
- **Na pantalla do sistema de infotainment, só se visualiza a imaxe cando o vehículo está detido. Durante a marcha, desconéctase a pantalla (a imaxe), pero o audio segue activo.**

Axustes de vídeo (DVD)

✓ Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Estando no *Modo DVD* prema o botón de función AJUSTES e, a continuación, seleccione a opción Ajuste de vídeo (DVD).

Botón de función: función
Formato: Para seleccionar o formato de pantalla. Cando se selecciona **Automático** axústase automaticamente o formato ideal para a pantalla.
Canal de audio: Para seleccionar o idioma das indicacións acústicas.
Subtítulos: Para seleccionar o idioma dos subtítulos.

Botón de función: función
Introducir/modificar el PIN para protección infantil: Contrasinal para protección infantil.
Protección infantil: Para seleccionar o nivel de protección que quere asociarse á reprodución de DVD.

As opcións do menú de Ajustes de video (DVD) poden variar segundo o DVD ou o capítulo que se estea a reproducir.

Os idiomas da canle de audio e os subtítulos dispoñibles dependen do DVD inserido.

Todo ou parte do contido dun DVD de vídeo pode protexerse mediante un contrasinal (PIN) se o DVD permite a protección infantil. Ademais, pode escoller o nivel de restrición baseado na idade, sendo 1 o nivel menos restritivo (todos os públicos) e 8, o nivel máis restritivo (adultos).

Imaxes



Fig. 161 Menú principal Imaxes.

No menú principal *Imágenes* poden visualizarse arquivos de imaxe (por exemplo, fotos) por separado ou nunha presentación.

Os arquivos de imaxe deben almacenarse nun soporte de datos compatible.

- Prema a tecla do infotainment ▦ e, a continuación, seleccione o contexto **Imágenes**.
- Prema o botón de función FUENTE para seleccionar a fonte na que se atopan as imaxes en cuestión.

Botón de función: función	
FUENTE	Selección da fonte.
SELECCIÓN	Abre a listaxe dos arquivos de imaxes.

Botón de función: función	
⚐	A imaxe que se visualiza realizouse con localización GPS e, ao premer sobre ese botón de función, ábrese o menú do navegador para iniciar unha ruta cara a ese destino.
↺ / ↻	Rotar 90 ° a vista da imaxe cara á esquerda ou cara á dereita ou, simulando un compás, deslizando os dedos sobre a pantalla.
⤢	Restablecer a vista da imaxe.
❚❚	Para deter a reprodución dunha presentación. O botón de función ❚❚ cambia a ▶.
▶	Para continuar a reprodución dunha presentación. O botón de función ▶ cambia a ❚❚.
◁ / ▷	Cambio de imaxe **ANTERIOR** ou **SIGUIENTE**, ou ben, deslizando o dedo horizontalmente sobre a pantalla.
AJUSTES	Abra o menú Ajustes de imágenes.

Aumentar ou reducir a vista

- Deslice 2 dedos pola pantalla separándoos ou xuntándoos.
- **OU BEN:** xire o botón de axuste.

»

Requisitos para a visualización de imaxes

Arquivos de imaxe	Resolución máxima
BMP	4MP
JPEG	4MP (Progressive Mode)
JPG	64MP
GIF	4MP
PNG	4MP

Axustes das imaxes

Abrir o menú `Ajustes de imágenes`

- No menú principal *Imágenes* prema o botón de función AJUSTES.

Botón de función: función
Visualización de imágenes: Para axustar o formato de visualización da imaxe. **`Automática`**: As imaxes escalan ata o tamaño da pantalla (é posible que a imaxe non se vexa completa). **`Completa`**: As imaxes visualízanse completas na pantalla.
Duración de la visualización: Para axustar a duración da visualización das imaxes durante unha presentación.
Repetir presentación: A presentación activa repítese infinitamente.

Axustes Media

- Seleccione o menú principal *MEDIA* premendo a tecla do infotainment ⊙.
- Prema o botón de función AJUSTES para abrir o menú **`Ajustes Media`**.

Botón de función: función
Sonido: Ajustes do son ››› **páx. 164**.
Gestionar jukebox[a]: Para importar arquivos ao jukebox ou eliminar arquivos existentes ››› **páx. 199**.
Mix/Repetir incluidas subcarpetas: As subcarpetas están incluídos no modo de reprodución seleccionado ››› **páx. 187**.
Bluetooth®: Axustes do Bluetooth® ››› **páx. 233**
WLAN[a]: Axustes WLAN ››› **páx. 201**.
Ajustes de vídeo: Axustes para a reprodución de vídeos DVD ou de arquivos.
Retirar con seguridad: Para preparar soportes de datos externos para a súa extracción ou desconexión. Véxase tamén ››› **páx. 196, Inserir ou expulsar unha tarxeta de memoria** e ››› **páx. 196, Soporte de datos externo conectado ao porto USB** ⭠.
Emisora de tráfico (TP): A función TP (seguimento das emisoras de información do tráfico) está activa ››› **páx. 184**.

[a] Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus.

Navegación

Introdución

Información xeral

Mediante un sistema de satélites GPS (Global Positioning System) localiza a posición actual do vehículo. Os sensores do vehículo miden a distancia percorrida. Co material cartográfico detallado almacenado e de acordo coas indicacións viarias almacenadas neles, compáranse os valores de medición. Se hai, tamén se terán en conta os boletíns de tráfico á hora de calcular a ruta (guía ao destino dinámica ››› **páx. 213**). Con todos os datos dispoñibles, o sistema de infotainment calcula a ruta ideal para o destino.

Como destino pódese introducir un enderezo ou un destino especial como, por exemplo, unha estación de servizo ou un hotel.

As locucións da navegación e as representacións gráficas guiaranlle ata o seu destino.

Dependendo do país, algunhas funcións do sistema de infotainment non estarán dispoñibles na pantalla a partir dunha certa velocidade. Non se trata dun mal funcionamento, senón do cumprimento das disposicións legais.

PRECAUCIÓN

As locucións e representacións pódense diferenciar da situación actual (por exemplo, por datos obsoletos).

Indicacións para a navegación

Se o sistema de infotainment non recibe datos de satélites GPS (túneles, garaxes), a navegación continúa a través dos sensores do vehículo.

Posibles limitacións na navegación

Nas zonas que non están dixitalizadas ou con dixitalización incompleta (por exemplo, vías de sentido único e categorías de vías rexistradas de forma incompleta), o sistema de infotainment seguirá intentando facer posible a guía ao destino.

En caso de que falten ou estean incompletos os datos de navegación, pode que non sexa posible determinar a posición do vehículo con exactitude. Isto pode causar que a navegación non sexa tan exacta como de costume.

Área de navegación e actualidade dos datos de navegación

O deseño das vías está suxeito a modificacións continuas. Polo tanto, se os datos de navegación non están actualizados, poden cometerse erros ou imprecisións.

CUPRA recomenda actualizar os datos de navegación periodicamente.

Actualizar e utilizar os datos de navegación dunha tarxeta SD

✓ Só dispoñible para o modelo: Navi System

A tarxeta SD vén da fábrica colocada na rañura 2 para tarxetas SD.

Para poder aproveitar ao máximo todas as funcións, sempre serán necesarios os datos de navegación actuais válidos para este equipo.

Actualizar os datos de navegación

Os datos actuais de navegación poden descargarse de Internet en www.seat.com e almacenarse nunha tarxeta SD compatible co equipo.

Nos concesionarios de SEAT poden adquirirse tarxetas SD axeitadas.

O procedemento descríbese en Internet en www.seat.com.

Utilizar os datos de navegación

- Insira a tarxeta de memoria ››› **páx. 196**.
- Espere a que a indicación de comprobación desapareza.

Se a tarxeta de memoria introducida contén datos de navegación válidos, aparece o aviso: "**`A fonte inclúe a base de datos de navegación válido`**". Pode comezar a navegación.

Aviso

- **A tarxeta de memoria inserida debe prepararse para ser expulsada** **››› páx. 196**.
- **Sen a tarxeta SD non é posible a navegación.**
- **Non extraia a tarxeta de memoria mentres se están a utilizar os datos de navegación. A tarxeta de memoria podería quedar danada!**
- **A tarxeta de memoria de navegación non pode usarse como memoria para outros arquivos.**
- **CUPRA recomenda usar só as tarxetas SEAT orixinais. A utilización doutras tarxetas de memoria podería limitar o funcionamento.**

Actualizar e instalar os datos de navegación

✓ Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

O sistema de infotainment dispón dunha memoria de datos de navegación interna. Os »

datos de navegación necesarios xa están instalados no sistema.

Para poder aproveitar ao máximo todas as funcións do sistema de infotainment, sempre serán necesarios os datos de navegación actuais válidos para este equipo. Cando se utiliza unha versión obsoleta poden producirse erros durante a navegación.

Actualizar os datos de navegación

Para a actualización dos datos de navegación visite a nosa web: www.seat.com.

Os datos de navegación téñense que instalar tras a descarga. A navegación non é posible dende a tarxeta de memoria.

Instalar os datos de navegación

O proceso de instalación dura aproximadamente 2 horas.

Cando se apaga o sistema de infotainment, interromperase o proceso de instalación e proseguirá automaticamente cando se volva acender.

- Conecte o acendido.
- Introduza a tarxeta de memoria onde se atopan os datos de navegación ››› **páx. 196**.
- Prema a tecla do infotainment > **Ajustes> Información del sistema**.
- Prema **ACTUALIZAR** para importar os datos de navegación almacenados.
- Siga as indicacións que se amosan na pantalla.

Unha vez finalizada a instalación, pode retirar a tarxeta de memoria. A tarxeta de memoria debe estar lista para a extracción ››› **páx. 196**.

PRECAUCIÓN

Non extraia a tarxeta de memoria mentres se están a instalar os datos de navegación. A tarxeta de memoria podería resultar danada irreparablemente!

Aviso

- **A tarxeta de memoria da navegación non se pode utilizar como memoria para outros arquivos, o sistema infotainment non recoñecerá os arquivos gardados nela.**
- **CUPRA recomenda unha tarxeta de memoria CLASS10[1] para a utilización dos datos de navegación. A utilización doutras tarxetas de memoria podería limitar o funcionamento.**

Menú principal Navegación.

Fig. 162 Menú principal Navegación.

As funcións da navegación só se poden empregar se os datos de navegación da área pola que se circula están dispoñibles no sistema de infotainment.

A través do menú principal *Navegación* pódese seleccionar un destino novo, abrir un destino anterior ou un destino gardado e buscar os destinos especiais.

Abrir o menú principal Navegación

- Prema a tecla de infotainment para abrir o último menú que estaba aberto na navegación.

[1] Clase de velocidade dunha tarxeta SD.

• Se **non** se amosa o menú principal *Navegación*, prema de novo a tecla do infotainment, ata que se visualice o menú principal *Navegación*.

• **OU BEN:** Prema o botón de función para volver menú a menú ata o menú principal *Navegación*.

Botóns de función e indicacións do menú principal Navegación

Botón de función: función
Ⓐ A ventá adicional estase a amosar ››› pág. 211.
Ⓑ Indicacións e botóns de función da representación do mapa ››› pág. 212.
DEST. NOVO: Para introducir un destino novo ››› pág. 207.
RUTA: Durante unha guía ao destino ››› pág. 208.
MIS DESTINOS: Para activar ou xestionar destinos memorizados ››› pág. 209.
POI: Busca de destinos especiais (aparcadoiro, estacións de servizo e restaurantes) nunha zona de busca determinada ››› pág. 211.
VISTA: Modificar a representación do mapa ou activar ou desactivar a ventá adicional e amosar o POI ››› fig. 162 Ⓐ ››› pág. 211.
AJUSTES: Abre o menú **Ajustes de la navegación**.

Destino novo (introdución do destino)

Fig. 163 Pantalla de busca.

• No menú principal de *Navegación* prema o botón de función Destino nuevo.

• Prema o botón de función OPCIONES e seleccione o tipo de introdución de destino desexado (**Búsqueda**, **Dirección**, **POI** ou **En el mapa**).

• Mediante o control por voz*, cando se indica Poboación, rúa e número, sen pausas e, a continuación, a orde "Iniciar Guía" iniciarase unha ruta ao destino mencionado.

Busca

Busca de enderezos e Destinos Especiais (POI), introducíndoos mediante o teclado ››› fig. 163.

Para poboacións, códigos postais e destinos especiais é necesario introducir datos completos. Os destinos especiais tamén se poden buscar por nomes ou categorías. Complete o nome da poboación cando sexa necesario para delimitar a busca.

››› fig. 163	
Ⓐ	Prémao para abrir as teclas do cursor (◁, ▷), permite moverse sobre o texto.

Dirección

Ao ir restrinxindo a busca do enderezo dun destino, é **imprescindible ter en conta** que cada dato que se introduce vai limitando as seguintes posibilidades de selección.

Para introducir un enderezo, prema os botóns de función neste orde:

• **País**, **Población** (ou código postal), **Centro** (inicia a ruta ao centro da poboación indicada), **Calle**, **Número**, **Cruce**, **ÚLTIMOS DESTINOS**, **INICIAR** (inicia a guía ao destino seleccionado).

En el mapa

• Seleccione o destino no mapa ou introdúzao por coordenadas GPS e confirme con Aceptar.

Botón de función: función
Guardar: Garda o destino especial na memoria de destino ››› pág. 209.
Editar: Edita o destino ou introduce outro.

»

Botón de función: función
Opciones de ruta: Axustar as opcións da ruta, véxase **Ajustes de Navegación > Opciones de ruta**.
Iniciar: Inicia a guía ao destino especial seleccionado.

Despois de iniciar a guía ao destino

Fig. 164 Cálculo da ruta.

Ao iniciar a guía cara ao destino, calcúlase a ruta en función dos datos seleccionados no menú de **Opciones de ruta**.

Proponse tres **rutas alternativas** ››› **fig. 164**. Estas 3 rutas correspóndense coas opcións de ruta seleccionables: *Económica*, *Rápida* e *Corta*.

– **Ruta de cor azul:** Ruta económica.
– **Ruta de cor vermella:** Ruta máis rápida.
– **Ruta de cor laranxa:** Ruta máis curta ao destino, aínda que para iso se precise máis tempo.

• Seleccione a ruta desexada preméndoa.

O axuste dos criterios de ruta no menú de **Opciones de ruta** modifícase do xeito correspondente.

Se non se selecciona unha ruta, a guía cara ao destino comeza automaticamente despois de aprox. un minuto de acordo coa configuración seleccionada nas **Opciones de ruta**.

Despois de calcular a ruta, escóitase a primeira locución da navegación. Antes de xirar nun punto poden escoitarse ata 3 locucións da navegación.

• Prema o botón de axuste para escoitar a última indicación acústica da navegación.

As distancias indicadas dependen en gran medida do tipo de estrada e da velocidade á que se circula. Nas autoestradas, por exemplo, as locucións de navegación recíbense moito antes que no tráfico urbano.

Nas vías con varios carrís e bifurcacións, así como en rotondas, tamén se emiten as locucións de navegación correspondentes, por exemplo: “Abandone la rotonda en la segunda salida.”

Ao chegar ao destino, emitirase a locución de que se chegou ao “Destino”.

Se non se pode chegar ao destino exacto, emítese a locución de que chegou á “Zona del destino”.

Durante a **guía ao destino dinámica**, advírtese das incidencias de tráfico na ruta. Se a ruta se volve a calcular, emitirase unha locución adicional.

Mentres se escoita unha locución pode axustar o volume co botón ⏻.

Para outros axustes das locucións seleccione **Navegación> Ajustes> Locuciones de la navegación**.

Aviso

- **Se, durante a guía ao destino, pasouse un desvío e non pode dar a volta, continúe a marcha ata que o sistema de navegación ofreza unha ruta alternativa.**
- **A calidade das locucións e recomendacións depende dos datos de navegación dispoñibles e das retencións de tráfico que se recibiran.**

Ruta

No menú principal *Navegación* prema o botón de función Ruta.

O botón de función Ruta só se amosa cunha guía ao destino activa.

Botón de función: función
DETENER GUÍA: A guía ao destino é interrompida.
INTRODUCIR DESTINO: Para introducir un destino ou unha etapa nova ››› **páx. 207**.
ATASCO DELANTE: Para excluír un tramo da ruta. Para anular a exclusión, prema o botón de función Ruta e, a continuación, ANULAR ATASCO.
CAMBIAR RUTA[a]: Aparece o mapa da ruta ao destino calculada e, mantendo premido aparece e, mantendo premido sobre a ruta e arrastrando o dedo sobre devandito mapa, modifícase a ruta pola/polas estrada/s que se desexe, calculándose a nova ruta a continuación.
DETALLES DE LA RUTA: Visualización de información da ruta.

[a] Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Os meus destinos (memoria de destinos)

Fig. 165 Listaxe de rutas gardadas.

No menú **Mis destinos** pode seleccionar os destinos que gardou.

- No menú principal *Navegación* prema o botón de función Mis destinos.
- Seleccione o botón de función desexado: GUARDAR POSICIÓN, RUTAS, DESTINOS, ÚLTIMOS DESTINOS o DIRECCIÓN DE CASA.

Gardar posición

- Premendo o botón de función GUARDAR POSICIÓN gárdase a posición actual como **Destino con bandera** na memoria de destinos.

Para gardar a posición gardada permanentemente como **destino con bandera**, cambie o nome da posición na memoria de destinos. De non ser así, sobrescríbese a posición gardada cando garda de novo un destino con bandeira.

- Marque o **Destino con bandera** na memoria de destinos.
- Prema o botón de función Guardar.

Na máscara de entrada seguinte pode modificar o nome. Para gardar o destino, prema o botón de función .

Rutas

No modo **Ruta**, poden definirse varios destinos (destino final e etapas).

O **punto de partida** dunha ruta é sempre a localización actual do vehículo. O **destino** refírese ao punto final da ruta. As **etapas** alcánzanse antes de chegar ao destino.

- No menú principal de *Navegación* prema o botón de función Mis Destinos.
- Prema o botón de función RUTAS.

En caso de non ter ningunha ruta gardada ou querer crear unha ruta nova, prema a tecla de función Nueva Ruta e siga, a continuación, as indicacións como cun novo destino e posteriormente prema Guardar.

Premendo sobre una ruta gardada aparecerán os seguintes botóns de función: »

Botón de función: función
Eliminar: Para eliminar unha ruta gardada.
Editar: Para editar e gardar unha ruta.
Iniciar: Para iniciar a guía ao destino.

Botóns de función e indicacións do menú Nova ruta ou Editar

Botón de función ou indicación: función ou significado	
	Etapa.
	Destino.
...	Tempo estimado de chegada.
...	Distancia ao destino calculada.
...	Duración estimada da viaxe.
...	Distancia á etapa seguinte.

Prema sobre o destino para que se amosen os botóns de función	
	Borrar o destino.
	Para iniciar a guía directa ao destino seleccionado. Se omiten as etapas.
▷	Para abrir a vista detallada do destino en cuestión.

Botóns de función dispoñibles	
Nuevo destino	Engadir un novo destino
Destinos	Engadir un novo destino de **Os meus destinos**.
Guardar	Gardar o itinerario creado na memoria de itinerarios.
Iniciar	Iniciar a guía ao destino.
Calcular	Actualizar a distancia calculada e a hora de chegada estimada.[a)]
Detener	Deter a guía ao destino activa.[b)]
≡	Desprazar unha etapa ou o destino a outra posición na listaxe. Prema e arrastre para mover o destino.

a) Só se amosa cunha guía ao destino activa e cando se engadiu un destino ao itinerario.

b) Só se amosa cunha guía ao destino activa.

Últimos destinos

Listaxe dos últimos destinos.

Mis destinos

- Prema o botón de función Opciones e seleccione o botón de función desexado.

Botón de función: función
Memoria de destinos: Visualización dos destinos gardados manualmente e das vCards importadas ›› páx. 214, Importar vCards (tarxetas de visita dixitais).
Favoritos: Listaxe de destinos gardados como favoritos.
Contactos: Listaxe da axenda que ten un enderezo gardado (enderezo postal).

Enderezo de casa

Só pode gardar un enderezo ou unha posición como enderezo de casa.

Ao premer iniciarase unha guía ao enderezo de casa gardado.

Se aínda non se gardou un **enderezo de casa**, pódese asignar un.

Asigne o enderezo de casa por primeira vez:
Posición: Prémao para gardar a posición actual como enderezo de casa.
Dirección: Prémao para introducir o enderezo de casa manualmente.
Editar o enderezo de casa:
O enderezo de casa pódese editar no menú **Ajustes de la navegación > Administrar memoria**.

Destinos especiais (POI)



Fig. 166 Destino especial no mapa.

Os destinos especiais gardados na memoria divídense en diferentes categorías. Cada categoría de destinos especiais ten asignado un símbolo.

No menú **`Ajustes del mapa`** pode indicar que destinos especiais desexa amosar no mapa. Pódense seleccionar ata 10 categorías.

Seleccionar un destino especial no mapa

Botón de función: función	
1	Hai varios destinos especiais nesta zona. Prema o símbolo para que se abra a listaxe dos destinos especiais.
2	Único destino especial nesta zona. Prema o símbolo para abrir a vista detallada do destino especial.

Busca rápida dun destino especial

No menú principal, *Navegación*, prema o botón de función POI, aparecerán as tres categorías principais, ou mediante o teclado de destino novo, introduza o nome do destino especial a buscar ou Buscar en las cercanías prementeo dentro do mapa ›› **táboa da páx. 212**.

Vista

No menú principal *Navegación*, prema o botón de función Vista.

Botón de función: función	
2D	Representación do mapa en dúas dimensións (convencional).
3D	Representación do mapa en tres dimensións (vista de paxaro).
	Amósanse tamén os lugares de interese e os edificios coñecidos con detalles e en cor.
[a]	Amosar o destino no mapa.
[a]	Amosar o percorrido no mapa.
Auto / Día / Noite	Cambiar entre o formato diúrno e nocturno.
VENTANA ADICIONAL	Amosar a ventá adicional ›› **páx. 211**.

Botón de función: función	
POI	Amosa os destinos especiais

[a] Só se amosa cunha guía ao destino activa.

Ventá adicional

Fig. 167 Ventá adicional visualizada.

Na ventá adicional ›› **fig. 167** A aparecen as informacións que a continuación se detallan:

- Ao premer sobre o nome, desprégase o menú coas opcións:

Botón de función: función
Audio: Fonte de audio actual.
Brújula: Amosa un compás coa orientación e a posición actual do vehículo (nome da rúa).

»

Botón de función: función
Maniobra: Amósase a listaxe de manobras, POI ou TMC próximos na ruta e premendo sobre eles obtense información adicional.
RUTAS FRECUENTES[a]: Información sobre as rutas máis frecuentes do usuario.
Posición: Posición actual do vehículo en coordenadas e estado GPS (recepción satélite).

[a] Só se amosa sen guía a destino activa ou cunha guía de ruta preditiva activa.

Para pechar a ventá adicional, prema o botón de función ⊠.

En calquera momento da navegación cando se preme dentro do mapa, aparecerá un menú emerxente coas seguintes posibles funcións:

Botón de función: función	
Premendo sobre o mapa: Amosa os detalles do punto seleccionado, o nome da rúa ou as coordenadas	
Só en caso de premer enriba dunha icona no mapa:	
	POI: Nome do destino especial. (cando no mapa só aparece un)
	Grupo de POI: Máis POI (Cando se preme no mapa en varios POI agrupados)
	FAVORITO: Nome do favorito
	DIRECCIÓN DE CASA: Enderezo de casa.
Iniciar guía al destino: Inicia directamente a guía.	

Botón de función: función
Añadir etapa: Só con ruta activa.
Buscar en las cercanías: Entra no menú de busca pero só ao redor do punto seleccionado no mapa.
Inicio modo Demo (só con modo demo activo)

Representación do mapa

Fig. 168 Indicacións e botóns de función na representación do mapa.

Botóns de función e indicacións na representación do mapa

Para activar os botóns de función e , prema o botón de función .

Botón de función: función	
	Indicación da altitude actual.
	Para centrar a posición do vehículo no mapa.
	Centrar o destino no mapa. Só se amosará cando se selecciona *Mostrar destino en el mapa* ou *Mostrar recorrido en el mapa* ››› páx. 211.
	Cambiar a orientación do mapa (norte ou sentido de marcha). Só está dispoñible na representación en 2D.
	Escala do mapa. Para modificar a escala, xire o botón de axuste ou xunte ou separe dous dedos sobre a pantalla.
	Selecciona a escala automática. Se a función está activa, o símbolo represéntase en azul.
	Aumenta brevemente a escala do mapa (zoom). Nuns poucos segundos amósase de novo a escala seleccionada.
	Silenciar, repetir a última locución ou modificar o volume das locucións.

Sinais tráf.: En función do equipamento do vehículo amósanse os sinais de tráfico almacenados nos datos de navegación. Seleccione **Navegación > Ajustes > Mapa > Mostrar señales de tráfico.**

Boletíns de tráfico e guía dinámica ao destino (TRAFFIC)

Fig. 169 Boletíns de tráfico

O sistema de infotainment recibe boletíns de tráfico (TMC/TMCpro) de forma permanente nun **segundo plano** se na localización actual se sintoniza unha emisora de información do tráfico.

Os boletíns de tráfico amósanse no mapa con símbolos ››› **páx. 213**, **Boletíns de tráfico no mapa (selección)** e son necesarios para a guía ao destino dinámica ››› **páx. 213**, **Guía ao destino dinámica**.

Listaxe dos boletíns de tráfico dispoñibles

- Prema a tecla do infotainment e despois seleccione o contexto **Tráfico**.

Guía ao destino dinámica

Para que funcione a guía ao destino dinámica ten que estar activa a **Ruta dinámica** nas opcións de ruta.

Cando se recibe un boletín de tráfico que afecta á ruta pola que se está a circular, buscarase unha ruta alternativa se o sistema calcula que se pode gañar tempo.

Se, pola contra, coa ruta alternativa non se aforra tempo, continuarase pola ruta coa retención de tráfico. En ambos os dous casos, emitirase unha locución.

Pouco antes de chegar á retención de tráfico anunciada, indícase de novo.

Evitar un atasco seguindo as indicacións dun boletín de tráfico non sempre aforra tempo, por exemplo, cando as vías alternativas están colapsadas. A eficacia da navegación dinámica depende dos boletíns de tráfico recibidos.

O resto da ruta que hai que percorrer pode excluírse manualmente para provocar un novo cálculo da mesma ››› **páx. 208**.

Boletíns de tráfico no mapa (selección)

Símbolo: Significado
: Tráfico conxestionado
: Atasco

Símbolo: Significado
: Accidente
: Pavimento esvaradío (xeo ou neve)
: Pavimento esvaradío
: Perigo
: Obras
: Vento forte
: Rúa cortada ao tráfico

Durante a guía ao destino as incidencias de tráfico que **non** afectan á ruta calculada represéntanse en gris.

A extensión dunha retención de tráfico na ruta calculada está represéntase cunha liña vermella.

As incidencias que afecten ao trazado da ruta calculada e que provocaran que se calculara de novo a ruta, amósanse en cor laranxa.

A posición dun símbolo indica o inicio da retención cando se especifica con exactitude no boletín de tráfico.

Navegación preditiva



Fig. 170 Navegación preditiva

Ao activar a Navegación preditiva, o sistema detecta e memoriza en segundo plano as rutas que se fan de forma habitual sen que sexa unha ruta activa a destino.

Esta función non dispón de locucións de navegación agás que o usuario teña que escoitalas premendo o botón de axuste.

- Na pantalla principal do Menú de navegación, prema na ventá emerxente a tecla RUTAS FRECUENTES. Para visualizar as rutas habituais prema o botón Mostrar en mapa ›› fig. 170.

Importar vCards (tarxetas de visita dixitais)

Importar vCards á memoria de destinos

- Introduza o soporte de datos coas vCards gardadas ou conécteo co sistema de infotainment ›› páx. 187.
- No menú principal *Navegación* prema o botón de función AJUSTES.
- No menú **Ajustes de la navegación** prema o botón de función Importar destinos.
- Seleccione o soporte de datos coas vCards gardadas na listaxe.
- Prema Importar todas las vCards de la carpeta.
- Confirme o aviso de importación co botón de función OK.

As vCards gardadas estarán agora na memoria de destinos ›› páx. 209 .

Aviso

Por vCard só pode importar un enderezo. No caso das vCards que conteñan varios enderezos, só se importará o enderezo principal.

Navegación con imaxes

Fig. 171 Menú principal Imaxes.

Seleccionar unha imaxe e iniciar a guía ao destino

- Prema a tecla do infotainment e, a continuación, seleccione o contexto **Imágenes**.
- Prema o botón de función FUENTE ›› fig. 171 e seleccione o soporte de datos no que se atopan as imaxes gardadas.
- Se a imaxe que se visualiza se realizou con localización GPS, aparecerá o botón de función . Prémao para iniciar unha guía a destino.

Indicación dos sinais de tráfico

A indicación dos sinais de tráfico debe estar activa no menú de **Ajustes de la navegación** ›› páx. 215.

Se para a vía polo que se está a circular hai sinais de tráfico gardados nos datos de navegación, o sistema pode amosalos na representación do mapa (por exemplo, unha limitación de velocidade).

Teña en conta a actualidade dos datos de navegación e as limitacións do sistema de navegación ››› **páx. 204**!

Recoñecemento dos sinais de tráfico

Algúns vehículos dispoñen dunha cámara para o recoñecemento de sinais de tráfico. Se o vehículo dispón de recoñecemento de sinais de tráfico e está activo, os sinais de tráfico detectados polo sistema, así como a información adicional, amosaranse na representación do mapa.

Lea e teña en conta a información e as indicacións do sistema de recoñecemento dos sinais de tráfico ››› **páx. 74**.

Guía ao destino no modo Demo

Se o modo Demo está activo no menú **Ajustes de la navegación**, despois de iniciar a guía ao destino, ábrese unha ventá emerxente.

- Ao premer o botón de función Modo Demo, iníciase unha “guía ao destino virtual” cara ao destino introducido.
- Cando se preme o botón de función Normal, iníciase unha “guía ao destino real”.

O desenvolvemento e a operación dunha guía ao destino virtual é comparable ao dunha guía ao destino real.

A guía ao destino virtual repítese despois de chegar ao destino ficticio e comeza de novo dende o punto de partida, se **non se** interrompe antes.

Cando se fixa o punto de partida do modo Demo manualmente no menú **Ajustes de la navegación**, a guía ao destino virtual comeza dende esa posición.

Se o vehículo se pon en movemento, un punto de partida introducido manualmente sobrescríbese coa localización actual do vehículo.

Aviso

Desactive o modo Demo despois do uso, de non ser así, antes de iniciar as guías ao destino terá que seleccionarse sempre cando se teña que iniciar unha guía virtual ou unha normal.

Axustes da navegación

- No menú principal *Navegación* prema o botón de función AJUSTES.

Botón de función: función
Opciones de ruta: Para facer os axustes do cálculo da ruta.
Proponer 3 rutas alternativas: Despois de iniciar a guía ao destino, proponse 3 rutas alternativas ››› **páx. 208**.
Ruta: Selección do tipo de ruta.
Económica: Cálculo da ruta tendo en conta aspectos económicos.
Rápida: A ruta máis rápida ao destino.
Corta: A ruta máis curta ao destino, aínda que para iso se precise máis tempo.
Rutas máis frecuentes: Información sobre as rutas máis frecuentes do usuario.
Ruta dinámica: A guía ao destino dinámica actúa despois de recibir un TMC ››› **páx. 213**.
Evitar autopistas y autovías: As autoestradas quedarán excluídas no cálculo da ruta sempre que sexa posible.
Evitar ferris y trenes de vehículos: Os transbordadores e trens de vehículos non se terán en conta no cálculo da ruta sempre que sexa posible.
Evitar vías de peaje: As vías de peaxe quedarán excluídas no cálculo da ruta sempre que sexa posible. »

Botón de función: función

Evitar túneles: Os túneles quedarán excluídos no cálculo da ruta sempre que sexa posible.

Evitar vías de viñeta obligatoria: As vías de viñeta obrigatoria (adhesivo que certifica o pagamento da peaxe) quedarán excluídos no cálculo da ruta sempre que sexa posible.

Mostrar viñetas disponibles[a]: Para marcar as viñetas dispoñibles na listaxe (Evitar vías de viñeta obligatoria ten que estar activo).
As vías de viñeta obrigatoria para as que se marcou que se dispón de viñeta teranse en conta no cálculo da ruta.

Considerar remolque: Calcula a ruta e o tempo de chegada en función de si se equipa un remolque.

Mapa: Para realizar axustes para a representación do mapa.

Mostrar señales de tráfico: Os sinais de tráfico gardados nos datos de navegación para a vía pola que se está a circular amósanse durante a guía ao destino ››› **páx. 214**.

Recomendar carril: Durante unha guía para o destino hai unha indicación adicional que recomenda o carril ao circular e ao xirar en vías con varios carrís. Só se no banco de datos hai información sobre a zona pola que se está a circular.

Mostrar favoritos: Amósanse os destinos gardados como favoritos no mapa (★).

Ver destinos especiais (POI)

Seleccionar categorías para destinos especiales: Para seleccionar as categorías de destinos especiais que se amosan no mapa ››› **páx. 211**.

Botón de función: función

Mostrar logotipos de los destinos especiales: Visualización de logotipos das categorías de destinos especiais seleccionados (por exemplo, visualización dos logotipos das estacións de servizo).

Administrar memoria: Para facer axustes nos destinos gardados.

Ordenar contactos: Para seleccionar a orde secuencial de entradas da axenda rexistradas con enderezos (postais), véxase tamén ››› **páx. 209**.

Definir dirección de casa: Para asignar ou editar un enderezo de casa, véxase tamén ››› **páx. 210**.

Importar destinos (SD/USB): Para importar tarxetas de visita dixitais (vCards) na memoria de destinos ››› **páx. 214**.

Eliminar datos de usuario: Para borrar os destinos gardados (por exemplo, os **Últimos destinos** ou a **Memoria de destinos**).

Locuciones de la navegación: Para realizar axustes nas locucións da navegación.

Volumen: Para axustar o volume de recomendacións acústicas para a condución.

Atenuar vol. Entertainment (locuc. naveg.): Axustar o volume da fonte de audio activa durante os avisos de navegación.

Desactivar locuciones de navegación en llamada: Durante unha conversa telefónica non se emitirán recomendacións acústicas para a condución.

Aviso: Mis destinos especiales (POI): Aviso acústico ao achegarse a un destino especial.

Botón de función: función

Límites de velocidad: Amosa os límites de velocidade, en función da vía, do país polo que se circula.

Opciones de combustible: Para realizar os axustes relativos ao combustible.

Seleccionar la gasolinera preferida: A marca da estación de servizo seleccionada amósase con prioridade na busca de destinos especiais.

Aviso nivel de combustible: A advertencia de recargar combustible está activa.

Se o nivel de combustible chega á reserva, xérase un aviso correspondente que permite a busca de estacións de servizo.

Datos de la versión: Información sobre dos datos de navegación gardados.

Ajustes avanzados: Para facer axustes avanzados da navegación.

Indicación de la hora: Indicación ◷ durante a guía ao destino.

Hora de llegada: Amósase a hora estimada de chegada ao destino.

Duración: Amósase a duración da viaxe prevista ata o destino.

Barra de estado: Visualización ⊕ durante a guía ao destino.

Destino: Amósase a distancia calculada ata o destino.

Etapa siguiente: Amósase a distancia calculada ata a próxima etapa.

Botón de función: función
Aviso: Frontera del país atravesada: Indicación dos límites de velocidade do país en cuestión ao cruzar unha fronteira.
Modo Demo: Cando o modo Demo está activo e iníciase unha guía do destino, pódese iniciar unha guía virtual a destino introducido ››› páx. 215.
Definir o punto de partida do modo Demo: Se o modo Demo está activo e o vehículo está parado, pódese definir un punto de partida ficticio para a guía ao destino virtual.
Modo puntos del recorrido [b]: Para iniciar a navegación Offroad.

[a] Esta funcionalidade dependerá do país.

[b] Só dispoñible no modelo: Navi System Plus.

Navegación modo Offroad*[1]

Introdución

A navegación Offroad* é unha función para a condución campo a través que serve para orientarse nas "*zonas non dixitalizadas*" a velocidades moderadas.

Zonas non dixitalizadas son zonas sobre as que o sistema non ten información sobre as rúas ou o terreo. Non se detectan rúas, edificios ou límites naturais como montañas ou ríos, aínda que aparezan no mapa.

A navegación Offroad* non é apropiada para circular polas vías convencionais, xa que non se detectan as vías de sentido único, as entradas ás autoestradas ou similares.

Menú de Navegación Offroad

Fig. 172 Inicio Menú Navegación Offroad

No menú principal Navegación prema o botón de función **Ajustes**.

- Prema no menú o botón de función **Modo puntos recorrido**.
- Ábrese o menú Navegación Offroad ››› **fig. 172**.

Botóns de función do menú Navegación Offroad

Botón de función: función
GRABAR: Inicia a gravación dun itinerario Offroad.
MEMORIA: Abra unha listaxe para seleccionar un itinerario Offroad memorizado.
SALIR: Finaliza a navegación Offroad.

Gravar un itinerario Offroad

Fig. 173 Gravación dun itinerario Offroad

Un itinerario Offroad está formado por unha serie de *puntos de percorrido* memorizados. »

[1] Só dispoñible para o modelo: Navi System Plus

Iniciar a gravación

- No menú Navegación Offroad, prema na ventá emerxente o botón de función GRABAR.
- Na ventá emerxente, permítese ao usuario gravar o itinerario cun destino fixo ou iniciar a gravación da ruta sen indicar destino final.
- Comeza a gravación do traxecto percorrido.

As marcas **campo a través** poden rexistrarse indicando un punto do percorrido manual.

- No menú Navegación Offroad prema o botón de función AÑADIR PUNTO. Os puntos do itinerario definidos manualmente amósanse no mapa cunha marca.

Finalizar a gravación

- No menú Navegación Offroad, prema o botón de función DETENER GRABACIÓN.

Administrar os itinerarios Offroad memorizados

Fig. 174 Menú Navegación Offroad, itinerarios memorizados

- No menú Navegación Offroad, prema o botón de función MEMORIA.
- Se a houbese, abriríase unha listaxe de itinerarios Offroad memorizados.

Ao seleccionar un itinerario aparecerán as iconas ››› **fig. 174**:

- Exportar o itinerario a unha tarxeta SD.
- Editar o nome do itinerario.
- Borrar o itinerario.
- ▷ Cargar itinerario

Botón de función: función
IMPORTAR: Permite importar unha ruta Offroad en formato ".GPX".

Cargar itinerario Offroad

Ao seleccionar o itinerario Offroad, prema Play ▷, cargarase no sistema de Navegación o itinerario seleccionado.

Realizar un itinerario Offroad

Fig. 175 Modo guía ruta Offroad

Iniciar guía ao destino

- Cargue o itinerario Offroad memorizado.
- O sistema non detecta automaticamente a incorporación a unha ruta almacenada.

Axustes

Botón de función: función
INVERTIR: Inverte o sentido do itinerario Offroad memorizado.
PTO. CERCANO: Inicia o itinerario Offroad dende o punto máis próximo.

Botón de función: función

Iniciar: Inicia o itinerario Offroad completo.

Tras iniciar a guía ao destino, o equipo cambia á representación do mapa.

Deter a guía ao destino

- Prema a tecla OPCIONES da pantalla e, a continuación, prema Detener.

Finalizar a navegación con puntos do percorrido

- No menú Navegación Offroad prema o botón de función Salir.

⚠ ATENCIÓN

As características do terreo non se teñen en conta durante a guía ao destino. Vaia amodo e siga as indicacións para efectuar a manobra na medida do posible!

- **O sentido de marcha tendencial indícase en liña recta mediante frechas de dirección na ventá emerxente do Sistema de Infotainment** **›› fig. 175 Ⓐ**.

Aviso

Cando se está a gravar un itinerario Offroad, este se memorizará automaticamente cando se finaliza a navegación Offroad.

Menú Vehículo

Introdución ao manexo do menú Vehículo

Premendo a tecla do infotainment accederase ao menú principal coas seguintes opcións:

- VISTA
- RADIO ou MEDIA (para controlar a reprodución en modo radio ou media)
- HDC (amósase se está activo o asistente de descenso) **›› páx. 251**
- ANTERIOR-SIGUIENTE (para cambiar de pantalla)
- AJUSTES **›› páx. 84**

Coa tecla de función Vista pode acceder á seguinte información:

- CADRO DE INSTRUMENTOS **›› páx. 219**
- SPORT* **›› páx. 220**
- OFFROAD* **›› páx. 220**
- CONSUMIDORES **›› páx. 221**
- DATOS DE VIAXE **›› páx. 221**
- ECOTRAINER **›› páx. 222**
- ESTADO DO VEHÍCULO **›› páx. 223**

Cadro de instrumentos*

✓ Válido para vehículos equipados con Digital Cockpit

Fig. 176 Cadro de instrumentos

Premendo a tecla Cuadro de instrumentos pódese elixir entre as opcións de visualización e personalizar o cadro de instrumentos dixital (Digital Cockpit) **›› páx. 67**.

Vista Automática

Información prefixada en función do *Modo de Conducción*.

Vista Clásica

As agullas aparecen en toda a súa lonxitude.

Vistas 1, 2, 3

Personaliza a información que aparecerá no Cadro de instrumentos dixital. O usuario é quen determina cal delas desexa que se »

visualicen e en que orde o farán deslizando o dedo verticalmente sobre as esferas.

Dependendo da versión, as **Vistas** poden memorizarse saíndo do menú ou premendo a tecla Vista correspondente.

Sport*

Fig. 177 Menú SPORT

Fig. 178 Menú SPORT Cronómetro

- Prema a tecla do Infotainment.
- Prema a tecla de función VISTA e seleccione **SPORT**.

Cando se conta co equipamento correspondente, a información que aparece na opción Sport é a seguinte ›› **fig. 177**:

1. Potencia instantánea expresada en kW
2. Forzas G
3. Presión do turbo, expresada en bares (“bar”), quilopascais (“kPa”) ou en libras por polgada (“psi”). Prema a tecla Ajustes para modificar as unidades de presión ›› **páx. 163**
4. Temperatura do refrixerante
5. Temperatura del aceite

Só poderán aparecer 3 destas informacións simultaneamente, pero o usuario é o que determina cales delas desexa que se visualicen e en que orde o farán desprazando o dedo verticalmente sobre as esferas.

Se preme a tecla SIGUIENTE aparecerá o menú **Cronómetro** que se describe a continuación ›› **fig. 178**:

① Cronómetro analóxico.

② Iníciase unha nova cronometraxe premendo sobre a superficie do cronómetro dixital +.

③ Parar cronómetro/Tempo parcial.

④ O tempo do cronómetro analóxico detense durante 5 segundos. Despois de 5 segundos, o cronómetro analóxico amosa de novo o instante de tempo real.

⑤ Estatísticas/borrar última cronometraxe.

Offroad*

Fig. 179 Menú CAR Offroad.

- Prema a tecla do Infotainment.
- Prema a tecla de función VISTA e seleccione **OFFROAD**.

Cando se conta co equipamento correspondente, a información que aparece é a seguinte:

1. Compás
2. Ángulo de xiro das rodas de dirección.
3. Temperatura do líquido refrixerante.
4. Temperatura do aceite lubricante

Só poderán aparecer 2 destas informacións simultaneamente, pero o usuario é o que determina cales delas desexa que se visualicen e en que orde o farán desprazando o dedo verticalmente sobre as esferas.

Consumidores

Fig. 180 Consumidores de confort.

Accede á información referente ao estado dos consumidores principais de confort do vehículo. Visualízase mediante unha barra indicadora de consumo en l/h (gal/h).

Datos de viaxe

Fig. 181 Datos de viaxe.

A computadora de a bordo conta con 3 memorias. Nelas poderase visualizar: distancia, tempo, velocidade media, consumo medio e autonomía.

1. Desde la salida

Indicación e memorización dos valores do traxecto percorrido e do consumo dende a conexión do acendido ata a súa desconexión.

2. Dende a repostaxe

Indicación e memorización dos valores do traxecto percorrido e do consumo. Ao recargar combustible a memoria borrarase automaticamente.

3. Cálculo total

Na memoria rexístranse os valores dun número determinado de traxectos parciais, ata un total de 19 horas e 59 minutos ou 99 horas e 59 minutos, ou ben 1999,9 km (mi) ou 9.999 km (mi), dependendo do modelo do cadro de instrumentos.

Cando se alcanza un destes valores (dependendo da versión do cadro de instrumentos), a memoria bórrase automaticamente e volve a contabilizar a partir de 0.

Ecotrainer



Fig. 182 Menú CAR Ecotrainer.

Fig. 183 Símbolos do estilo de condución.

Abrir o Menú ECOTRAINER

- Co vehículo parado, prema a tecla do Infotainment.
- Prema a tecla de función VISTA e seleccione **ECOTRAINER**.

Informa sobre o estilo de condución propio. A información sobre o estilo de condución só se avalía e se amosa cando se circula marcha adiante.

Ø ECO puntos: indicación sobre o estilo de condución

Indica a eficiencia do estilo de condución dende a saída nunha escala de 0 a 100. Canto maior sexa o valor amosado, máis eficiente será o estilo de condución. Para ver máis información, prema sobre a representación. Amósase unha estatística dos últimos 30 minutos de marcha dende a saída. Se aínda non transcorreron 30 minutos de marcha, amósanse en gris os valores do último traxecto.

Ø l/100 km: Consumo medio de combustible

Amosa o consumo medio de combustible. O valor calcúlase tomando como referencia os quilómetros percorridos dende a saída. Para ver máis información, prema sobre a representación. Amósase unha estatística dos últimos 30 minutos de marcha dende a saída. Se aínda non transcorreron 30 minutos de marcha, amósanse en gris os valores do último traxecto.

Eco consellos: Consellos sobre como aforrar combustible

Premendo o botón de función ECO consejos pódense consultar os consellos sobre como aforrar combustible. Estes consellos só poden consultarse mentres o vehículo está parado.

Avaliación do estilo de condución eficiente

Na representación reflíctese mediante diferentes elementos a eficiencia do estilo de condución.

Indicación ››› fig. 182: Significado	
1	Á esquerda das columnas pódense ver distintos símbolos que informan sobre o estilo de condución actual ››› **táboa da páx. 223** .
2	A columna branca é unha indicación de onde comeza o gráfico de eficiencia (de esquerda a dereita). Amosa a posición da avaliación que se está a realizar actualmente.
3	Barras para ilustrar a aceleración. A posición do coche representa a aceleración. Se a velocidade é constante, o coche permanece na zona central. Se acelera ou frea, o coche móvese cara atrás ou cara adiante respectivamente.

Indicación ››› fig. 182: Significado	
4	Columnas para representar a eficiencia do estilo de condución. No horizonte, as columnas representan a eficiencia do estilo de condución retrospectivamente e móvense de esquerda a dereita cada 5 segundos aproximadamente. Canto maior sexa a altura das columnas, máis eficiente será o estilo de condución. A cor do ceo representa a media dos últimos 3 minutos. A cor cambia de gris (menos eficiente) a azul (máis eficiente).

Símbolos ››› fig. 183: Significado	
A	Condución previsora. Cando se realizan cambios bruscos de aceleración, a eficiencia do estilo de condución diminúe.
B	Recomendación de marcha.
C	A velocidade actual inflúe negativamente no consumo de combustible.
D	Estilo de condución ecolóxico.

Estado del vehículo

Fig. 184 Representación estándar:estado do vehículo.

Fig. 185 Representación estándar:estado do vehículo.

Ao premer a tecla de Estado del vehículo accédese á información referente ás mensaxes de **`Estado del vehículo`** e **`Sistema Start-Stop`**.

As mensaxes de **`Estado del vehículo`** veranse reflectidas ››› **fig. 184**, ademais de detallarse na súa tecla correspondente.

Segundo as partes afectadas por esas mensaxes, reflectiranse en diferentes cores (dependendo da súa importancia) na pantalla do vehículo.

Para acceder á pantalla de **`Sistema control neumáticos`** debe premer as teclas ANTERIOR ou SIGUIENTE.

Dende este mesmo menú, usando a tecla SET, memorízanse as presións dos pneumáticos.

Aviso

Os valores que aparecen nas figuras ››› fig. 180, ››› fig. 181, ››› fig. 184 e ››› fig. 185 son indicativos e poden variar dependendo do equipamento.

Teléfono

Información xeral

As funcións do Teléfono só son posible si hai un teléfono móbil conectado por Bluetooth ao sistema de infotainment ››› **páx. 225**.

Para iso, o teléfono debe ter a **función Bluetooth®** activada. »

As indicacións na pantalla dos menús do teléfono dependen do teléfono móbil que se utilice.

Use unicamente dispositivos Bluetooth® compatibles. Para máis información sobre os produtos Bluetooth® compatibles, consulte ao seu concesionario especializado CUPRA, calquera concesionario da rede SEAT ou en Internet.

Teña en conta o manual de instrucións do teléfono móbil e dos accesorios.

Cando se detecta un comportamento estraño entre o seu teléfono móbil e o sistema de infotainment, trate de reiniciar o móbil, apagándoo e acendéndoo de novo.

Algunhas funcións e axustes só se poden realizar co vehículo detido e non están dispoñibles en todos os teléfonos móbiles.

Cando o teléfono móbil está fóra de cobertura a recepción pode sufrir interferencias ou incluso pode interromperse a chamada.

A maioría dos dispositivos electrónicos están protexidos contra os sinais HF (alta frecuencia). Non obstante, nalgúns casos, os dispositivos electrónicos poden non estar protexidos contra os sinais HF do sistema de xestión do teléfono. Neste caso, poden producirse interferencias.

⚠ ATENCIÓN

Deben considerarse sempre as determinacións xerais, obrigatorias, legais e específicas do país para o manexo dos teléfonos móbiles no vehículo.

⚠ ATENCIÓN

Falar por teléfono e utilizar o sistema de xestión do teléfono mentres se conduce pode distraer a atención do tráfico e provocar un accidente.

- **En zonas con pouca cobertura, pode que se interrompan as chamadas ou que non se poidan efectuar, nin sequera a números de emerxencia.**

⚠ ATENCIÓN

Os teléfonos móbiles acendidos poden interferir e alterar o correcto funcionamento dun marcapasos cando se levan directamente sobre o mesmo.

- **Deberase manter unha distancia mínima de aprox. 20 centímetros entre as antenas do teléfono móbil e o marcapasos.**
- **Non se deberá levar o teléfono móbil acendido no peto do peito directamente sobre un marcapasos.**
- **Apague de inmediato o teléfono se sospeita que provoca interferencias.**

PRECAUCIÓN

O circular a gran velocidade, as malas condicións meteorolóxicas e da calzada, así como a intensidade do sinal da rede, poden repercutir negativamente na calidade de audio das chamadas telefónicas dentro do vehículo.

Aviso

- **Nalgúns países poden existir restricións en canto á utilización de dispositivos con tecnoloxía Bluetooth®. Para máis información ao respecto consulte ás autoridades locais.**
- **Se desexa conectar un teléfono móbil a través de Bluetooth®, consulte as advertencias de seguridade no manual de instrucións do mesmo. Utilice unicamente produtos Bluetooth® compatibles.**
- **A utilización do teléfono móbil no interior do vehículo pode provocar ruídos nos altofalantes.**
- **Pode ocorrer que algunhas redes non recoñezan todos os caracteres idiomáticos nin ofrezan todos os servizos.**

Lugares con normativas especiais

Na maioría dos casos, estes lugares están sinalizados, pero non sempre de forma clara. Algúns deles son, por exemplo:

- Zonas próximas a tubos e depósitos que conteñan produtos químicos.
- As cubertas inferiores de barcos e transbordadores.
- Zonas próximas aos vehículos propulsados con gas licuado (como o propano ou o butano).
- Zonas onde o aire contén elementos químicos ou partículas como a fariña, o po ou as partículas metálicas.
- Calquera outro lugar onde sexa obrigatorio apagar o motor do vehículo.

⚠ ATENCIÓN

Apague o teléfono móbil nos lugares con perigo de explosión! O teléfono móbil podería conectarse por si só á rede de telefonía móbil se perde a conexión Bluetooth® co sistema de xestión do teléfono.

PRECAUCIÓN

Nos lugares onde rexen normas especiais ou está prohibido o uso de teléfonos móbiles terán que permanecer sempre apagados tanto o teléfono como o sistema de xestión do teléfono. É posible provocar interferencias en equipos técnicos e médicos sensibles, podendo mesmo provocar un funcionamento anómalo ou unha avaría dos mesmos.

Bluetooth®

A tecnoloxía Bluetooth® permítelle conectar un teléfono móbil ao sistema de xestión do teléfono do seu vehículo. Para iso é necesario que a vinculación entre ambos se faga previamente.

Algúns teléfonos móbiles Bluetooth® conéctanse automaticamente ao conectar o acendido se xa antes se establecera unha conexión. Para iso debe estar activada a función Bluetooth® do mesmo e non debe haber ningunha conexión Bluetooth® con outros dispositivos.

As conexións Bluetooth® son gratuítas.

Bluetooth® é unha marca rexistrada de Bluetooth® SIG, Inc.

Perfís Bluetooth®

Cando un teléfono móbil está conectado co sistema de xestión do teléfono ten lugar un intercambio de datos por medio dalgún dos perfís Bluetooth®.

- **Perfil mans libres (HFP):** co perfil HFP as chamadas poden ser xestionadas a través do sistema de infotainment.
- **Perfil de audio (A2DP):** Este perfil permite a transmisión de audio con calidade estéreo. Pode requirir a conexión doutros perfís para a xestión e control da reprodución.
- **Perfil de descarga de axenda telefónica (PBAP):** Permite descargar os contactos da axenda do teléfono móbil.
- **Perfil de mensaxería (MAP):** Permite a descarga e sincronización das mensaxes curtas (SMS).

Aviso

Os tons das teclas e de aviso do teléfono móbil deberían estar desconectados. Se é necesario, desconecte o auricular do teléfono móbil que desexe conectar co sistema.

Vincular e conectar un teléfono móbil co sistema de infotainment

Para poder manexar un teléfono móbil a través do sistema de infotainment, é necesario vincular **unha vez** ambos os dispositivos.

Pola súa seguridade, deberá realizarse a vinculación co vehículo detido. Nalgúns países non existe posibilidade de realizar co vehículo en marcha.

Condicións

- O acendido está conectado.
- A **función Bluetooth®** do teléfono móbil e do sistema de infotainment ten que estar activa e visible.

»

• O **bloqueo das teclas** do teléfono móbil ten que estar desactivado.

Teña en conta o manual de instrucións do teléfono móbil.

Durante o proceso de vinculación, é necesario introducir datos a través do teclado do teléfono móbil.

Iniciar a vinculación do teléfono móbil

• Prema a tecla de infotainment ✆> **Buscar teléfono**> **Resultados**.

OU BEN:

• Prema a tecla de infotainment ✆> **Ajustes**> **Seleccionar teléfono móvil** > **Resultados**.

OU BEN:

• Prema a tecla do infotainment ✆> **Ajustes** > **Bluetooth** > **Buscar dispositivos** > **Resultados**.

OU BEN:

• Realice a conexión dende o menú de axustes do propio teléfono móbil.

O nome do seu sistema de infotainment amosarase na pantalla principal *Teléfono* e poderá editalo a través do menú **Ajustes de Bluetooth**.

O proceso de busca pode durar ata 1 minuto.

Unha vez finalizada a busca amósanse en pantalla os nomes dos dispositivos de Bluetooth® atopados.

• Seleccione o dispositivo Bluetooth® que desexe conectar. Pode que teña que introducir datos adicionais.

• Introduza e confirme a través do teléfono móbil o código PIN, tal como se indica na pantalla do sistema de infotainment.

• Cando se reciben máis peticións de vinculación de perfís Bluetooth® no teléfono móbil, asegúrese de respondelas.

OU BEN:

• Compare o código PIN que se amosa na pantalla co que se amosa no teléfono móbil. Se coincide, terase que confirmar en **ambos os** dispositivos.

Agora, o sistema de infotainment e o teléfono móbil estarán conectados entre si.

Cando o emparellamento finalizou correctamente, amósase o menú principal do *Teléfono*. A axenda de contactos, as listaxes de chamadas e as mensaxes SMS almacenadas no teléfono móbil cargaranse unha vez que se aceptaran todas as peticións no teléfono móbil. Unha vez finalizada a descarga, os datos están dispoñibles no sistema de infotainment.

Vinculación e conexión de teléfonos móbiles

Ao sistema de infotainment poden vincularse ata 20 teléfonos móbiles, pero o número de conexións simultáneas varía:

• *Media System Plus / Navi System*: simultaneamente dous teléfonos móbiles conectados ao perfil mans libres e un deles como audio Bluetooth®.

• *Navi System Plus*: simultaneamente dous teléfonos móbiles conectados ao perfil mans libres e un deles ou un terceiro como audio Bluetooth®.

Ao acender o sistema de infotainment, establécese a conexión co último teléfono móbil conectado. Se non se pode establecer a conexión con devandito teléfono móbil, o sistema intenta establecer unha conexión co seguinte teléfono da listaxe de dispositivos emparellados.

O alcance **máximo** da conexión é de aprox. **10 metros**. A conexión interromperase cando se supere esta distancia. A conexión restablécese **automaticamente,** tan pronto como se atope de novo o equipo ao alcance do Bluetooth®.

Cando se alcanza o número máximo de dispositivos ligados e se desexa vincular outro

máis, o sistema o substituirá automaticamente polo menos recente. Se desexa substituílo por outro, o usuario deberá borralo previamente. Para isto:

- Prema o botón de función **AJUSTES** estando no contexto do teléfono.
- Prema o botón de función **Ajustes de Bluetooth > Dispositivos emparejados**.
- Na listaxe de dispositivos vinculados, prema a tecla de función 🗑 despois o teléfono móbil a borrar e, a continuación, prema **Borrar** para confirmar o proceso.

⚠ ATENCIÓN

Non conecte a vinculación e conexión do teléfono móbil mentres conduce. Existe perigo de accidente!

Aviso

Asegúrese de que no seu teléfono móbil non haxa ningunha petición pendente de aceptar. Neste caso, poderían bloquearse algunhas funcionalidades do menú Teléfono.

Menú principal Teléfono

Fig. 186 Menú principal Teléfono.

Asignación a un perfil de usuario

A axenda, as listaxes de chamadas e as teclas de marcación rápida asígnanse a un perfil de usuario e quedan almacenados no sistema de xestión do teléfono. Esta información estará dispoñible cada vez que se conecte o teléfono móbil.

Tras a primeira conexión, poden transcorrer algúns minutos para que os datos do teléfono móbil vinculado estean dispoñibles no sistema. Ao volver conectar o teléfono móbil a axenda actualízase automaticamente.

Se estando conectado modificáronse entradas da axenda do teléfono móbil, pódese iniciar unha actualización manual da axenda no menú **Ajustes del perfil de usuario**.

A xestión de teléfonos permite almacenar un máximo de 4 perfís para teléfonos móbiles. Se desexa vincular un teléfono móbil máis, substituirase polo perfil de usuario menos recente.

Botóns de función do sistema de xestión de teléfono

- Prema a tecla do infotainment ✆ para acceder ao menú principal *Teléfono*.

Botón de función: función	
①	Nome do teléfono móbil conectado. Faga clic na icona á esquerda para conectar outro teléfono móbil.
②	Teclas de marcación rápida, favoritos da axenda do teléfono conectado.
③	Cambiar ao outro teléfono conectado ao perfil mans libres. Só visible ao ter á vez 2 teléfonos conectados como mans libres.
MARCAR N.º	Abrir o teclado numérico ››› páx. 229.
CONTACTOS	Abrir a axenda do teléfono conectado.
SMS	Abrir o menú das mensaxes curtas (SMS).
LLAMADAS	Abrir as listaxes de chamadas do teléfono móbil conectado ››› páx. 231.
AJUSTES	Abrir o menú **Ajustes de teléfono**.

Indicacións e símbolos do sistema de xestión do teléfono

Fig. 187 Chamada activa

Fig. 188 Multi-conferencia.

Indicación: Significado ››› fig. 187	
Ⓐ	Nome do operador de telefonía móbil do aparello conectado.

Indicación: Significado ››› fig. 187	
Ⓑ	Número de teléfono ou do nome gardado. Se o nome gardado na axenda ten asignada unha foto, pode amosarse: seleccione **`Teléfono > Ajustes > Perfil usuario > Ver imágenes de contacto`***.
	Para **aceptar** unha chamada.
	Para **finalizar** unha chamada. **OU BEN:** Para **rexeitar** unha chamada entrante.
	Para silenciar ou volver activar o sinal de chamada durante unha chamada entrante.
	Para silenciar o micrófono durante unha chamada activa e para volver activalo.
	Retense a chamada activa. Mentres a chamada estea retida, o oínte non escoitará a conversa. Para reactivala, prema o botón de aceptar chamada . Para rexeitala, prema o botón rexeitar .
	Prema para engadir un participante á chamada activa.
	Estado de carga do teléfono móbil conectado.
	Intensidade do sinal de telefonía móbil que se recibe.

Múltiples chamadas

O sistema de xestión de telefonía permite ao usuario interactuar con un máximo de tres chamadas en pantalla.

Só unha das chamadas pode estar activa.

Multi-conferencia

O usuario pode mesturar varias chamadas nunha única facendo unha conferencia a partir do botón . Para iso debe haber un mínimo de dúas chamadas. Unha vez iniciada a conferencia, o usuario pode engadir ata un máximo de 5 participantes.

Unha vez establecida a conferencia, o usuario pode consultar a listaxe de participantes premendo sobre a imaxe de multi-conferencia ››› **fig. 188** Ⓒ.

Dependendo do dispositivo móbil, poderá colgarse a chamada dun participante da conferencia ou excluílo desta manténdoo nunha chamada independente.

⚠ ATENCIÓN

Lembre que o condutor non debería manipular o teléfono móbil mentres conduce.

Aviso

As funcionalidades de multi chamadas e multi-conferencia están suxeitas aos servizos asociados coa tarxeta SIM do usuario.

Menú Introducir número de teléfono.

Fig. 189 Menú Introducir número de teléfono.

• No menú principal *Teléfono* prema o botón de función MARCAR N.°.

Introducir número de teléfono

• Introduza un número de teléfono co teclado. Prema o botón de función para realizar unha chamada.

Seleccionar un contacto da listaxe

• Introduza as letras iniciais do contacto. Na listaxe de contactos aparecen as entradas dispoñibles.

• Seleccione o contacto desexado para realizar a chamada.

Introducir o prefixo do país

• Prema o botón de función **0** durante aprox. 2 segundos para engadir o signo +.

Llamada de asistencia

• Prema a tecla de función para obter axuda en caso de avaría.

Llamada de información

• Prema a tecla de función para obter información sobre a marca CUPRA e os servizos adicionais contratados.

Chamar ao buzón de voz

• Prema o botón de función para facer a chamada.

• **OU BEN:** Prema o botón de función aprox. 2 segundos para realizar a chamada.

Aviso

• **As chamadas de asistencia e información poden implicar un custo adicional no seu consumo telefónico.**

• **Os servizos de Asistencia e Información poderían non funcionar correctamente, por exemplo, se o vehículo e a operadora do teléfono móbil conectado son de diferente país. En caso de non poder utilizar estes servizos, póñase en contacto cun taller autorizado de CUPRA.**

Menú Agenda (contactos)



Fig. 190 Menú Contactos.



Fig. 191 Máscara de busca.

Unha vez feito o primeiro emparellamento pode levar un tempo ata que os datos da »

axenda[1] do móbil vinculado estean dispoñibles no sistema de infotainment. Dependendo do volume de datos que se teña que transferir, o proceso pode tardar varios minutos. Pode ser necesario confirmar a transmisión de datos no teléfono móbil.

A axenda tamén pode consultarse mentres se mantén unha conversa telefónica.

Se o nome gardado na axenda ten asignada unha foto, pode amosarse na listaxe ao lado do nome. Para facelo, debe estar activada a opción Ver imaxes de contactos no contexto **Axustes de teléfono** e o seu teléfono móbil debe soportar esta funcionalidade (comprobe a listaxe de compatibilidade) ››› **pág. 233, Axustes de teléfono**.

No menú principal *Teléfono* prema o botón de función Contactos para acceder á axenda de contactos.

Seleccionar un contacto da listaxe

- Busque na listaxe e prema sobre o contacto desexado para realizar a chamada.
- **OU BEN:** Se o contacto ten varios números, prema primeiro sobre o contacto e logo prema sobre o número desexado para realizar a chamada.

Buscar un contacto na máscara de busca

- Prema o botón de función Buscar ››› **fig. 190** para abrir a máscara de busca.
- Introduza o nome do contacto que está a buscar na máscara ››› **fig. 191**. Mentres se van introducindo os caracteres, amósase un contacto no campo de entrada.
- O número de resultados coincidentes amósase á dereita do campo de entrada. Prema o botón de función para pasar á listaxe.
- Busque na listaxe e prema sobre o contacto desexado para realizar a chamada.

Abrir a vista detallada dun contacto.

- Prema o botón de función ▷ ››› **fig. 190** situado xunto á entrada na listaxe de contactos.

Na vista detallada amósanse todos os números de teléfono e, no seu caso, o enderezo rexistrado para o contacto en cuestión.

Ler o nome do contacto

- Prema o botón de función 🔊 na listaxe detallada para que o sistema de operación por voz reproduza o nome do contacto.

Chamar a un contacto

- Prema o número de teléfono desexado na lista detallada para facer a chamada.
- Prema a icona ✎ para editar o número antes de chamar.

Enviar SMS a un contacto

- Prema o botón de función ✉ na listaxe detallada.

Iniciar a guía ao destino ao enderezo dun contacto[2]

Cando se gardaron os datos do enderezo do contacto, pódese iniciar a guía ao destino ao enderezo do contacto.

- Prema os datos do enderezo na vista detallada para iniciar a guía ao destino.

Aviso

Se edita un número antes de chamar, non se gardará na axenda senón que se usará só para a chamada.

---

[1] Dependendo do dispositivo, só se cargan os contactos da memoria do teléfono.

[2] Válido para Navi System e Navi System Plus.

Menú Mensajes cortos (SMS)



Fig. 192 Menú Mensajes cortos (SMS).

Se o teléfono móbil conectado ao perfil HFP soporta tamén o perfil de SMS, aparecerá un novo botón de función na esquina superior esquerda do seu menú *Teléfono*, que lle permitirá recibir, ver e enviar mensaxes SMS a través do sistema de infotainment.

O correcto funcionamento das funcións anteriormente mencionadas dependerá da compatibilidade do teléfono móbil conectado.

Botóns de función do menú SMS

- Prema no menú principal *Teléfono* o botón de función SMS.

Botón de función: función	
Nuevo SMS	Para escribir e enviar unha SMS (inclúe a posibilidade de acceder a modelos de texto predefinidos).
Bandeja de entrada	Para abrir o cartafol das SMS recibidas.
Bandeja de salida	Para abrir o cartafol da bandexa de saída. Aquí gárdanse as SMS que aínda non se enviaron.
Enviados	Para abrir o cartafol das SMS enviadas.
Borradores	Para seleccionar unha mensaxe gardada e non enviada.
Enviar datos de contacto	Para enviar os datos dun contacto da listaxe de contactos.

Posibles botóns de función dos submenús

Botón de función: función	
LEER	Para que o sistema de operación por voz reproduza o texto da SMS.
Opciones	Abra o menú **Opciones**.
Responder con plantilla	Para seleccionar un modelo de texto dunha listaxe.
Eliminar SMS actual	A SMS elimínase do cartafol **Bandea de entrada**.
Número de teléfono	Amósase o número de teléfono do remitente.

Botón de función: función	
REENVIAR	Para reenviar unha SMS.
RESPONDER	Para responder a unha SMS entrante.
Introducir número	Para inserir un número de teléfono ou para seleccionar un destinatario da listaxe de contactos.
	Prema o botón de función Destinatarios para seleccionar varios destinatarios.
Destinatarios	Para seleccionar varios destinatarios da listaxe de contactos.
Borrar	Para borrar unha SMS.

Menú Llamadas (listaxes de chamadas)

Fig. 193 Menú Listas de llamadas.

- Prema no menú principal *Teléfono* o botón de función Llamadas.
- Prema o botón de función FILTRO.
- Seleccione a listaxe de chamadas que desexe: Todas las llamadas, Llamadas perdidas, Llamadas ou Llamadas recibidas.

Se un número de teléfono está gardado na axenda, na listaxe de chamadas amósase o nome gardado amósase no canto do número.

Se o nome gardado na axenda ten asignada unha foto, pode amosarse na listaxe de chamadas xunto ao nome >>> **páx. 233**.

Indicacións posibles no menú Llamadas

Indicación:	Significado
	Llamadas perdidas: Chamadas perdidas e non atendidas.
	Llamadas: Números marcados.
	Llamadas recibidas: Chamadas recibidas.

Aviso

A dispoñibilidade das listaxes de chamadas depende do teléfono móbil que se utilice.

Teclas de marcación rápida

Fig. 194 Acceso rápido á axenda.

Ás teclas de marcación rápida >>> **fig. 194** ① pódeselles asignar respectivamente un número de teléfono da axenda.

Se o nome almacenado na axenda ten asignada unha foto, pode amosarse na tecla de marcación rápida >>> **páx. 233**.

Todas as teclas de marcación rápida teñen que editarse manualmente e estarán asignadas a un perfil de usuario. Poderanse engadir ata 12 contactos nas teclas de marcación rápida.

Asignar as teclas de marcación rápida

- No menú principal *Teléfono* prema unha tecla de marcación rápida **libre**.
- Seleccione o contacto desexado da listaxe. Se o contacto seleccionado ten varios números de teléfono, seleccione o número que desexe.

Editar teclas de marcación rápida asignadas

- *Manteña premida* no menú principal *Teléfono* unha tecla de marcación rápida **ocupada** ata que se abra o menú *Contactos*.
- Seleccione o contacto desexado da listaxe. Se o contacto seleccionado ten varios números de teléfono, seleccione o número que desexe.
- Para pechar o menú *Contactos* sen aplicar os cambios, prema o botón de función ATRÁS.

Borrar teclas de marcación rápida asignadas

- Os números de teléfono gardados nas teclas de marcación rápida pódense borrar no menú **Ajustes del perfil de usuario** > **Administrar favoritos** >>> **páx. 233**.

Efectuar unha chamada cunha tecla de marcación rápida

- *Prema brevemente* no menú principal *Teléfono* unha tecla de marcación rápida **asignada** para chamar ao número de teléfono memorizado nela.

Aviso

Os contactos almacenados nas teclas de marcación rápida NON se actualizan automaticamente. Cando se modifica un contacto memorizado nunha tecla de marcación rápida no teléfono móbil, deberá asignarse de novo a tecla de marcación rápida.

Axustes de teléfono

No menú principal *Teléfono* prema o botón de función AJUSTES.

Botón de función: función
Modo privado: O modo privado só se pode activar durante unha chamada activa. Co modo privado desactivado (por defecto), o audio da chamada xestiónase a través do vehículo. Co modo privado activado, o audio da chamada xestiónase a través do teléfono móbil.
Seleccionar teléfono móvil: Seleccione da listaxe o teléfono móbil que se conectará ao perfil de mans libres co sistema de infotainment. **OU BEN:** Prema Buscar teléfono para conectar un teléfono móbil novo.
Bluetooth®: Abre o menú **Ajustes de Bluetooth®** ›› páx. 233.
Perfil de usuario: Abre o menú **Ajustes del perfil de usuario** ›› páx. 233.

Aviso

Algúns teléfonos requiren reiniciarse para descargar de novo os últimos contactos engadidos.

Axustes de Bluetooth®

No menú principal *Teléfono* prema o botón de función AJUSTES e, a continuación, prema o botón de función Bluetooth®.

Botón de función: función
Bluetooth®: Prémao para desactivar o Bluetooth®. Desconéctanse todas as conexións activas.
Visibilidad: Activación e desactivación da visibilidade Bluetooth®. Visible: A visibilidad Bluetooth® está activa. Oculto: A visibilidade Bluetooth® está desactivada. A visibilidade Bluetooth® ten que estar activa para o emparellamento externo dun dispositivo Bluetooth® co sistema de infotainment. Ao ter un dispositivo Bluetooth® audio activo e reproducindo, a visibilidade autoaxústase como **Oculto** automaticamente.
Nombre: Visualización ou cambio do nome do Bluetooth® do sistema de infotainment. Este nome será o que se amosará a outros dispositivos Bluetooth®.
Dispositivos emparejados: Visualización dos dispositivos emparellados. Para desconectar e conectar dispositivos Bluetooth® e perfís Bluetooth®.
Buscar dispositivos: Busca dos dispositivos Bluetooth® visibles que se atopen no alcance do sistema de infotainment. O alcance **máximo** é de aprox. **10 metros**.
Audio Bluetooth® (A2DP/AVRCP): Cando hai que conectar unha fonte de audio externa a través do Bluetooth® co sistema de infotainment, esta función debe estar activa ›› páx. 198.

Axustes do perfil de usuario

No menú principal *Teléfono* prema o botón de función AJUSTES e, a continuación, prema o botón de función Perfil de usuario.

Botón de función: función
Administrar favoritos: Editar as teclas de marcación rápida. **Tecla de marcación rápida ocupada**: Prémaa para eliminar o número gardado. **Tecla de marcación rápida libre**: Prémaa para gardar un número da axenda na tecla de marcación rápida.
Número del buzón de voz: Para introducir ou cambiar o número da caixa de correo de voz.
Ordenar por: Para definir a orde de aparición das entradas da axenda (**Nombre** e **Apellido** ou viceversa).
Importar contactos: Prémao para importar a axenda do teléfono conectado ou para actualizar a axenda importada.

»

Botón de función: función

Recordatorio: No olvide el teléfono móvil: Se xa hai unha conexión Bluetooth® activa cun teléfono móbil, aparece a mensaxe "**No olvide su teléfono móvil**" ao desconectar o acendido.

Ver imágenes de contactos[a]: Se os contactos da axenda telefónica se gardaron cunha foto, esta pode amosarse nas teclas de marcación rápida, nas listaxes de chamadas e na axenda.

[a] Dependendo do teléfono móbil.

Aviso

Algúns teléfonos requiren reiniciarse para descargar de novo os últimos contactos engadidos.

Multimedia

Entrada USB/AUX-IN

Fig. 195 Consola central:entrada USB/AUX-IN.

Fig. 196 Parte posterior consola central:conectores USB.

En función do equipamento e do país, o vehículo pode dispor de diferentes tipos de conexión USB/AUX-IN.

A entrada USB/AUX-IN atópase na zona do portaobxectos da consola central dianteira ››› **fig. 195**.

En función do equipamento e do país, o vehículo pode dispor tamén de conectores USB con función **exclusivamente de carga ou toma de corrente**.

Estas entradas USB atópanse na parte posterior da consola, entre os asentos anteriores ››› **fig. 196**.

Connectivity Box* / Wireless Charger*

Fig. 197 Na consola central:aloxamento para a conexión do teléfono móbil.

A Connectivity Box incorpora diversas funcionalidades que axudarán ao uso do seu dispositivo móbil.

Estas son a "*Carga sen fíos / Wireless Charger*" e o "*Amplificador de sinal / Mobile Signal Amplifier*".

O Wireless Charger incorpora unicamente a funcionalidade de "*Carga sen fíos / Wireless Charger*".

"Carga sen fíos / Wireless Charger"

A "*Carga sen fíos / Wireless Charger*" permite que ao seu dispositivo móbil con tecnoloxía Qi[1] cargarse sen fíos. »

[1] A tecnoloxía Qi permítelle cargar o seu teléfono móbil sen fíos.

Para cargar o teléfono sen fíos:

- Deposite o seu dispositivo móbil no centro do aloxamento coa pantalla cara arriba ››› fig. 197 ››› ⚠.

Asegúrese de que non haxa obxectos entre o aloxamento e o teléfono móbil.

O teléfono móbil comezará a cargarse automaticamente. Para máis información de se o seu dispositivo móbil soporta a tecnoloxía Qi, revise o manual de uso do seu teléfono móbil ou ben visite a web de CUPRA.

"Amplificador de sinal/ Mobile Signal Amplifier"

O "*amplificador de sinal / Mobile Signal Amplifier*" permítelle reducir a radiación no vehículo e dispor dunha mellor recepción.

Por motivos de seguridade, é aconsellable emparellar a radio e o dispositivo móbil mediante Bluetooth® e colocalo na base da Connectivity Box para poder dispor dunha mellor recepción sen necesidade de manipular o teléfono móbil.

Para establecer conexión coa antena externa do vehículo:

- Deposite o seu dispositivo móbil no centro do aloxamento coa pantalla cara arriba ››› fig. 197 ››› ⚠.

Asegúrese de que non haxa obxectos entre o aloxamento e o teléfono móbil.

Automaticamente o seu teléfono estará en disposición de usar a función da antena externa.

⚠ ATENCIÓN

- **O teléfono móbil pode quentarse debido á carga sen fíos. Téñao en conta á hora de collelo e retíreo con coidado.**
- **Non debe haber ningún obxecto metálico nin doutro tipo entre o teléfono móbil e o aloxamento para evitar que a funcionalidade da Connectivity Box se vexa afectada.**

Aviso

- **O seu dispositivo móbil debe ser compatible co estándar de interface Qi de carga por inducción para o seu correcto funcionamento.**
- **O tempo de carga e a temperatura varía dependendo do dispositivo utilizado.**
- **A capacidade de carga máxima é de 5W.**
- **A tecnoloxía Qi non permite cargar máis dun dispositivo móbil simultaneamente.**
- **Non se pode garantir unha mellora na recepción se hai máis dun teléfono móbil na base.**
- **Para un correcto funcionamento da carga sen fíos, aconséllase manter o motor en marcha.**
- **Cando un teléfono con tecnoloxía Qi se conecte mediante USB, a carga realizarase a través do medio que cada fabricante determinara.**

Condución

Arranque e condución

Arrancar e parar o motor

Botón de acendido e arranque



Fig. 198 Na parte inferior da consola central:botón de arranque.

O motor ponse en marcha cun botón de arranque (Press & Drive). Para iso, debe haber unha chave válida dentro do habitáculo na zona dos asentos dianteiros ou traseiros ou na consola central.

En vehículos co sistema Keyless Access ››› **páx. 91**, tamén se pode poñer en marcha o motor se a chave está no maleteiro.

Abrindo a porta do condutor **ao saír do vehículo** actívase o bloqueo electrónico da columna de dirección se o acendido está desconectado.

Conectar ou desconectar o acendido manualmente

Se só desexa conectar o acendido (sen arrancar o motor), prema brevemente unha vez o botón de arranque **sen pisar** o pedal do freo nin o do embrague ››› ⚠.

O texto do botón START ENGINE STOP escintila simulando o latexo dun corazón cando o sistema está predisposto para a conexión ou desconexión do acendido.

Desconexión automática do acendido

Se o condutor se afasta do vehículo levando consigo a chave e deixando o acendido conectado, o acendido non se desconecta automaticamente. O acendido desconéctase premendo a tecla de bloqueo do mando a distancia 🔒 ou premendo a superficie sensora na asa da porta ››› **fig. 73**.

Desconexión automática do acendido en vehículos con sistema Start-Stop

O acendido do vehículo desconéctase automaticamente cando o vehículo está detido e o apagado automático do motor está activo se:

- o cinto de seguridade do condutor non está abrochado,
- o condutor non pisa ningún pedal,
- Ábrese a porta do condutor.

Tras a desconexión automática do acendido, se a luz de cruzamento ≡D está acendida, a luz de posición permanece acendida durante aprox. 30 minutos (se a batería ten suficiente carga). Se o condutor bloquea o vehículo ou apaga a luz manualmente, apágase a luz de posición.

Función para volver poñer o motor en marcha

Se unha vez parado o motor non se detecta ningunha chave no interior do vehículo, só dispoñerase de 5 segundos para volver a poñelo en marcha. Aparecerá unha advertencia ao respecto na pantalla do cadro de instrumentos.

Transcorrido este tempo non se poderá volver poñer o motor en marcha se non hai unha chave válida no interior do vehículo.

⚠ ATENCIÓN

Ao conectar o acendido, *non* pise o pedal do freo ou o pedal do embrague, pois de ser así, o motor poderíase poñer en marcha inmediatamente.

⚠ ATENCIÓN

Cando se utilizan as chaves do vehículo de forma neglixente ou sen prestar a debida »

atención, pódense provocar accidentes e lesións graves.

- Ao saír do vehículo, non deixe ningunha chave deste no seu interior. De non ser así, un neno ou unha persoa non autorizada podería bloquear o vehículo, poñer o motor en marcha ou conectar o acendido e accionar así algún equipamento eléctrico.

Aviso

- Antes de abandonar o vehículo, desconecte sempre o acendido e, dado o caso, teña en conta as indicacións na pantalla do cadro de instrumentos.
- Se o vehículo permanece moito tempo co motor parado e co acendido conectado, pode que a batería do vehículo se descargue e non se poida poñer o motor en marcha.
- Se durante a fase STOP preme o botón START ENGINE STOP, desconéctase o acendido e o botón escintila.
- Se aparece a indicación na pantalla do cadro de instrumentos "Sistema Start-Stop desactivado: Arrancar el motor manualmente" o botón START ENGINE STOP escintilará.

Poñer o motor en marcha

- Mova a panca do selector á posición **P** ou **N**.
- Pise o freo e mantéñao pisado ata que o motor arranque.
- Prema o botón de arranque ›› fig. 198 sen pisar o acelerador. Para que o motor arranque, debe haber unha chave válida no vehículo. Tras arrancar o motor, a iluminación do botón START ENGINE STOP cambia a iluminación fixa, indicando que o motor está a arrancar.
- Unha vez estea en marcha o motor, solte o botón de arranque.
- Se o motor non se pon en marcha, interrompa o intento e repítao transcorrido 1 minuto aproximadamente. Se é necesario, realice un arranque de emerxencia ›› páx. 240.

ATENCIÓN

Non arranque nunca o motor en recintos pechados, xa que existe perigo de intoxicación.

- Un dos gases de escape do motor é o monóxido de carbono, un gas tóxico, incoloro e inodoro cuxa inhalación pode ocasionar a morte. O monóxido de carbono pode provocar a perda do coñecemento e, a causa diso, a morte.

ATENCIÓN

Non saia do vehículo deixando o motor en marcha, especialmente se ten unha marcha engrenada. O vehículo podería, de súpeto, poñerse en movemento ou podería suceder algo estraño que provocara danos, incendio ou lesións graves.

ATENCIÓN

Non utilice nunca aerosois para arranque en frío, pois poderían estoupar ou causar un aumento repentino do réxime do motor e correríase o risco de sufrir lesións.

PRECAUCIÓN

- O motor de arranque ou o motor poden resultar danados se durante a marcha se intenta arrancar o motor ou se, inmediatamente despois de apagalo, se arranca de novo.
- Co motor frío, evite réximes elevados de revolucións, non pise a fondo o acelerador e non someta o motor a grandes esforzos, xa que podería resultar danado.

Nota sobre o medio ambiente

Non quente o motor facéndoo funcionar co vehículo parado. Emprenda a viaxe de inmediato conducindo suavemente. Desta forma o motor alcanza antes a súa temperatura de servizo e redúcense as emisións de gases.

Aviso

- **Ao arrancar o motor, desconéctanse temporalmente os principais consumidores eléctricos.**
- **Cando se arranca co motor frío pode que aumente a rumorosidade brevemente. Isto é normal e carece de importancia.**

Apagar o motor

- Deteña o vehículo completamente ››› ⚠.
- Mova a panca do selector á posición **P**.
- Conecte o freo de estacionamento electrónico.
- Prema brevemente o botón de arranque ››› **fig. 198**.

Desconexión de emerxencia

Se o motor non se apaga tras premer brevemente o botón de arranque, terase que levar a cabo unha desconexión de emerxencia:

- Prema o botón de arranque dúas veces no transcurso de 3 segundos ou prémao unha vez por máis de 1 segundo ››› ⚠ **en Botón de acendido e arranque da páx. 237**.

⚠ ATENCIÓN

Non apague nunca o motor mentres o vehículo estea en movemento. Isto podería provocar a perda do control do vehículo, accidentes e lesións graves.

- **Os airbags e os pretensores dos cintos non funcionan cando o acendido está desconectado.**
- **O servofreo non funciona co motor apagado. Por iso, co motor apagado, tense que pisar con máis forza o pedal do freo para frear o vehículo.**
- **A dirección asistida non funciona co motor apagado. Co motor apagado, necesítase máis forza para xirar o volante.**
- **Cando se desconecta o acendido, o bloqueo da columna de dirección podería activarse e non se podería controlar o vehículo.**

⚠ ATENCIÓN

Ao abandonar o vehículo leve sempre a chave consigo. Isto é de especial importancia se permanecen nenos no vehículo, xa que poderían pór o motor en marcha ou accionar equipamentos eléctricos (p. ex., alzavidros eléctricos), co conseguinte perigo de accidente.

PRECAUCIÓN

- **Cando se detén e o sistema Start-Stop* apaga o motor, o acendido permanece conectado. Antes de abandonar o vehículo, asegúrese de que o acendido está desconectado, pois de non ser así a batería descargarase.**
- **Cando se conduciu co motor a un réxime elevador durante moito tempo, o motor podería sobrequentarse ao apagalo. Para evitar danar o motor, deixe que funcione durante uns dous minutos en punto morto antes de detelo.**

Aviso

Despois de parar o motor e tamén co acendido desconectado, é posible que o ventilador do radiador siga funcionando durante un máximo de 10 minutos. Tamén é posible que se acenda de novo en caso de que a temperatura do líquido refrixerante aumente debido á calor acumulada debaixo do van motor ou que este se quente aínda máis debido á unha prolongada exposición á radiación solar.

Inmobilizador electrónico

O inmobilizador electrónico impide que unha persoa non autorizada arranque o vehículo.

Na chave hai un chip que desactiva o inmobilizador electrónico automaticamente cando se introduce a chave na pechadura.

O inmobilizador electrónico actívase automaticamente en canto se extrae a chave da »

pechadura de acendido. Nos vehículos con sistema de peche e arranque sen chave "Keyless Access", a chave do vehículo ten que atoparse fóra deste.

Se na pantalla do cadro de instrumentos aparece a seguinte mensaxe: **SAFE**, non é posible poñer en marcha o vehículo.

Por este motivo, o seu vehículo só se poderá poñer en marcha cunha chave orixinal CUPRA codificada correctamente.

Aviso

Só se pode garantir un perfecto funcionamento do vehículo cando se utilizan chaves orixinais CUPRA.

Función de arranque de emerxencia

Fig. 199 Á dereita da columna de dirección::arranque de emerxencia

Se non se detecta ningunha chave válida no habitáculo, haberá que realizar un arranque de emerxencia. Na pantalla do cadro de instrumentos aparecerá unha indicación ao respecto. Este pode ser o caso cando a pila da chave do vehículo estea moi gastada:

- Inmediatamente despois de premer o botón de arranque, manteña a chave do vehículo xunto ao lado dereito da columna de dirección ››› **fig. 199**, o máis preto posible do logo *Kessy*.
- O acendido conéctase automaticamente e, dado o caso, o motor ponse en marcha.

Indicacións para o condutor na pantalla do cadro de instrumentos

`Pise el freno`

Esta indicación aparece en vehículos con cambio automático cando o condutor non pisa o pedal de freo ao arrancar o motor.

`Seleccione N o bien P`

Esta indicación visualízase ao arrancar ou parar o motor en caso de que a panca selectora do cambio automático non se atope nas posicións **P** ou **N**. O motor só se pode arrancar e parar nestas posicións.

`Colocar P; el vehículo puede desplazarse; las puertas pueden cerrarse únicamente en P`

Esta indicación para o condutor visualízase por motivos de seguridade, xunto cun sinal acústico de advertencia se, tras apagar o motor, a panca selectora do cambio automático non está na posición **P**. Posicione a panca selectora en **P**, xa que, de non ser así, o vehículo podería moverse.

`Cambio: ¡palanca selectora en posición de marcha!`

Esta indicación para o condutor visualízase cando, ao abrir a porta do condutor, a panca selectora non se atopa en **P**. Adicionalmente, soa un zunido. Posicione a panca selectora en **P**, xa que, de non ser así, o vehículo podería moverse.

`Acendido conectado`

Esta indicación para o condutor visualizarase, xunto ao son dun zunido, cando se abra a porta do condutor co contacto acendido.

Función "My Beat"

Para vehículos con chave de confort existe a función "My Beat". Esta función ofrece unha indicación adicional do sistema de arranque do vehículo.

Ao acceder ao vehículo, o botón de arranque ››› **fig. 198** escintila para chamar a atención sobre el.

Coa conexión/desconexión do acendido, a iluminación do botón de arranque escintila. Co acendido desconectado, despois duns segundos, apágase o botón de arranque.

Co motor arrancado, a iluminación do botón de arranque permanece fixa, indicando que o motor está en marcha. O tempo transcorrido entre que o usuario arranca o motor mediante o botón de arranque e o cambio de iluminación de escintilante a fixa dependerá das características de cada motorización. Ao parar o motor mediante o botón de arranque, este volverá a escintilar.

En vehículos **con sistema Start-Stop**, a función "My Beat" tamén ofrece información adicional:

- Cando o motor se para durante a fase de Stop, a iluminación do botón de arranque permanece con iluminación fixa, xa que aínda que o motor estea parado, o sistema Start-Stop está activo.
- Cando o motor non se pode arrancar de novo mediante o sistema Start-Stop, ››› **páx. 241**, e necesita ser arrancado manualmente, o botón de arranque escintilará, indicando esa situación.

Sistema Start-Stop

Indicadores de control

Ⓐ	**Ilumínase**
	O sistema Start-Stop está dispoñible, o apagado automático do motor está activo.

Ⓐ	**Ilumínase**
	O sistema Start-Stop non está dispoñible ou foi desconectado.

Indicacións para o condutor na pantalla do cadro de instrumentos

`Sistema Start-Stop desactivado. Arranque o motor manualmente`

Esta indicación para o controlador visualízase o sistema Start-Stop **non** pode arrancar o motor de novo.

`Sistema Start-Stop: ¡Anomalía! Función no disponible`

Existe unha anomalía no sistema Start-Stop. Acuda a un taller para que emenden a avaría.

Descrición e funcionamento

O sistema Start-Stop pódelle axudar a aforrar combustible e reducir as emisións de CO_2.

No modo de parada/arranque, o motor apagarase automaticamente cando o vehículo se deteña ou se atope en fase de detención. O acendido permanece conectado. Cando o requira, o motor volve poñerse en marcha automaticamente.

Nesta situación a iluminación do botón START ENGINE STOP permanece fixa.

Ao conectar o acendido, o sistema Start-Stop actívase automaticamente.

No sistema Easy Connect pódese consultar máis información sobre o sistema Start-Stop: premendo a tecla > **`Vista`** > **`Estado del vehículo`**.

Parar e arrancar o motor

- Free ata que estea parado e manteña o pé no pedal do freo ou active o sistema Auto Hold* para que o vehículo permaneza freado. O motor deterase. En pantalla aparecerá o indicador Ⓐ. Pódese deter o motor antes de parar completamente (aproximadamente 7 ou 2 km/h segundo a caixa de cambios do vehículo).
- Cando retire o pé do pedal de freo, o motor arrancará de novo. O indicador apágase. En vehículos con sistema Auto Hold*, cando este se atopa activo, o motor non arranca se retira o pé do pedal de freo. O arranque ten lugar ao pisar o pedal do acelerador. »

Requisitos básicos para o modo de parada/arranque

- A porta do condutor ten que estar pechada.
- O condutor debe levar o cinto abrochado.
- O capó está pechado.
- O motor alcanzou a temperatura de servizo.
- A marcha atrás non está engrenada.
- O vehículo non se atopa nunha pendente pronunciada.

O motor non se apaga por varios motivos

Antes de parar o vehículo, o sistema verifica que se cumpran certas condicións. O motor **non** se apaga, por exemplo, nas seguintes situacións:

- O motor aínda non alcanzou a temperatura para o modo de parada/arranque.
- Non se alcanzou a temperatura seleccionada no climatizador.
- A temperatura interior é moi alta/baixa.
- Tecla de función de desconxelación activada ››› **páx. 145**.
- A axuda de aparcamento* está conectada.
- A batería está moi descargada.
- O volante está moi xirado ou ben se está a xirar.
- Se hai perigo de embazarse.
- Tras engrenar a marcha atrás.
- En caso de pendente moi pronunciada.

Na pantalla do cadro de instrumentos visualízase ⊘; adicionalmente, no sistema de información para o condutor*, START ⊘ STOP.

O motor arranca por si mesmo

Cando estea parado, o modo normal do sistema pode ser interrompido nas seguintes situacións. O motor vólvese a poñer en marcha sen que o condutor interveña.

- A temperatura interior é diferente da que se seleccionou no climatizador.
- Tecla de función de desconxelación activada ››› **páx. 145**.
- O freo pisouse varias veces consecutivas.
- A batería está demasiado descargada.
- Gran consumo eléctrico.

Información adicional relativa ao cambio automático

O motor apágase coa panca selectora nas posicións **P**, **D**, **N** e **S** así como en modo Tiptronic. Coa panca selectora en **P**, o motor permanecerá apagado tamén cando retire o pé do freo. Para que o motor se poña de novo en marcha, deberá pisar o acelerador ou ben engrenar outra gama de marchas e soltar o freo.

Se coloca a panca selectora en **R** cando está parado, o motor poñerase de novo en marcha.

Cambie de **D** a **P** para evitar que o motor se poña accidentalmente en marcha ao pasar por R.

Información adicional relativa a vehículos con Adaptive Cruise Control (ACC)

Nos vehículos con ACC o motor volve arrancar, baixo determinadas circunstancias, se o sensor de radar detecta que o vehículo precedente reinicia a marcha.

⚠ ATENCIÓN

- **Non pare nunca o motor antes de que o vehículo se deteña por completo. O funcionamento dos freos e da dirección non quedarán garantidos completamente. Necesitará máis forza para manobrar o volante ou para frear. Podería sufrir un accidente e ata lesións graves.**
- **Para evitar lesións, asegúrese de que o sistema Start-Stop está desconectado cando se traballe no compartimento do motor** **››› páx. 243.**

ⓘ PRECAUCIÓN

O sistema Start-Stop debe desconectarse sempre que se vadeen zonas inundadas **››› páx. 257.**

Aviso

Desconexión automática

A regulación do limitador de velocidade desconéctase automaticamente:

- Cando o sistema detecta un fallo que podería afectar negativamente ao funcionamento do limitador.
- Cando se dispara o airbag.

⚠ ATENCIÓN

Tras o seu uso, desconecte o limitador de velocidade para evitar que se regule a velocidade sen que así o desexe.

- **O limitador de velocidade non exime ao condutor da súa responsabilidade de circular á velocidade adecuada. Non conduza a gran velocidade se non é necesario.**
- **Utilizar o limitador de velocidade con condicións climáticas adversas é perigoso e pode provocar accidentes graves. Use o limitador de velocidade só cando o estado da calzada e as condicións meteorolóxicas e do tráfico o permitan.**
- **Cando se circula por unha pendente pronunciada, o limitador de velocidade non** »

pode limitar a velocidade do vehículo. Esta pode aumentar. Neste caso, free e reduza a marcha.

PRECAUCIÓN

No caso da desconexión automática por fallos do sistema, por motivos de seguridade, o limitador só se desconecta completamente cando o condutor deixa de pisar o acelerador ou o desconecta conscientemente.

Aviso

- **Existen diferentes versións de cadros de instrumentos, de aí que poidan variar as indicacións da pantalla.**
- **Se ao desconectar o acendido estaba conectado o regulador de velocidade (GRA), o control de cruceiro adaptativo (ACC) ou o limitador de velocidade, ao conectar o acendido os asistentes conectaranse pero só o limitador de velocidade manterá a última velocidade programada.**

Manexar o limitador de velocidade coa panca dos intermitentes



Fig. 209 Na panca dos intermitentes:teclas para manexar o limitador de velocidade.

Conectar

- Desprace o mando ››› **fig. 209** ① á posición **ON** e prema a tecla ②.

Está memorizada a última velocidade programada. Aínda non ten lugar a regulación.

Activar o limitador de velocidade

- Durante a marcha, prema a tecla ››› **fig. 209** ③ pola zona **SET/–**.

Memorízase a velocidade actual como a velocidade máxima.

Axustar a velocidade programada

Pódese axustar a velocidade coa tecla ››› **fig. 209** ③:

- Prema brevemente pola zona **RES/+** para aumentar a velocidade en pasos pequenos de 1 km/h (1 mph).
- Manteña premida pola zona **RES/+** para aumentar ininterrompidamente en pasos de 10 km/h (5 mph).
- Prema brevemente pola zona **SET/–** para reducir a velocidade en pasos pequenos de 1 km/h (1 mph).
- Manteña premida pola zona **SET/–** para reducir ininterrompidamente en pasos de 10 km/h (5 mph).

A velocidade limítase ao valor programado.

Desconectar o limitador de velocidade

- Desprace o mando ››› **fig. 209** ① á posición **OFF**.

O sistema desconéctase.

Desactivar temporalmente

Se desexa desactivar temporalmente o limitador de velocidade, por exemplo, para adiantar, desprace o mando ››› **fig. 209** ① á posición **CANCEL** ou prema a tecla ②.

Despois do adiantamento, pódese activar o limitador de velocidade coa velocidade previamente programada premendo a tecla ››› **fig. 209** ③ pola zona **RES/+**.

Manexar o limitador de velocidade coa terceira panca



Fig. 210 Á esquerda da columna da dirección:teclas para manexar o limitador de velocidade.

Conectar

• Desprace a panca cara ao volante á posición **ON**.

Está memorizada a última velocidade programada. Aínda non ten lugar a regulación.

Activar o limitador de velocidade

• Durante a marcha, prema a tecla **SET** ››› **fig. 210** ①.

Memorízase a velocidade actual como a velocidade máxima.

Axustar a velocidade programada

Pódese axustar a velocidade programada:

• Desprace a panca ao punto de presión **RESUME** para aumentar a velocidade en pasos pequenos de 1 km/h (1 mph).

• Desprace a panca cara arriba **SPEED+** para aumentar en pasos de 10 km/h (5 mph).

• Prema a tecla **SET** ››› **fig. 210** ① para reducir a velocidade en pasos pequenos de 1 km/h (1 mph).

• Mova a panca cara abaixo **SPEED–** para reducir en pasos de 10 km/h (5 mph).

Para modificar ininterrompidamente a velocidade programada, prema a panca na dirección **SPEED+** ⊕ ou **SPEED–** ⊖ e mantéñaa premida. A velocidade limítase ao valor programado.

Desconectar o limitador de velocidade

• Sitúe a panca na posición **OFF**.

O sistema desconéctase.

Desactivar temporalmente

Se desexa desactivar temporalmente o limitador de velocidade, por exemplo, para adiantar, desprace a panca cara ao punto de presión **CANCEL** ou prema a tecla ››› **fig. 210** ②.

Despois do adiantamento, pódese activar o limitador de velocidade coa velocidade previamente programada levando a panca ao punto de presión **RESUME**.

Sistema de asistencia á freada de emerxencia (Front Assist)*

Introdución ao tema

Fig. 211 Na pantalla do cadro de instrumentos:indicacións de preaviso.

O obxectivo do sistema é tentar evitar colisións frontais contra obxectos que se atopan na traxectoria do vehículo ou minimizar as súas consecuencias.

Dependendo de varios factores e do crítico da situación, o sistema actúa de xeito gradual. Primeiro avisa ao condutor e, en caso de que a súa reacción non se produza ou sexa insuficiente, activa unha freada autónoma de emerxencia.

A función está orientada a evitar colisións contra vehículos estacionados ou circulando no mesmo carril e sentido e contra peóns e ciclistas que crucen transversalmente a »

traxectoria do vehículo ou circulen no mesmo carril e sentido. **Pode non activarse noutras situacións de perigo** ››› ⚠.

O Front Assist está activo entre 4 km/h (2,5 mph) e 250 km/h (156 mph). Dependendo de varias condicións, omítense algunhas das funcións descritas a continuación para optimizar o comportamento do sistema.

O Front Assist é unha asistencia á condución que en ningún caso pode substituír a atención do condutor.

Advertencia da distancia de seguridade

Se o sistema detecta que se circula demasiado preto do vehículo precedente, avisará ao condutor con esta indicación na pantalla do cadro de instrumentos.

O momento da advertencia varía en función do comportamento do condutor e basicamente da velocidade.

Preaviso (advertencia previa)

Se o sistema detecta unha posible colisión co vehículo ou obxecto precedente, advirte ao condutor mediante un sinal acústico e unha indicación na pantalla do cadro de instrumentos ››› **fig. 211**.

O momento de advertencia varía en función da situación do tráfico e do comportamento do condutor. Ao mesmo tempo, o vehículo prepárase para unha posible freada de emerxencia ››› ⚠.

Advertencia crítica

Se o condutor non reacciona ante o **preaviso**, o sistema pode intervir de forma activa nos freos e provocar unha breve freada para avisar ao condutor do inminente perigo de colisión.

Freada automática

Se o condutor tampouco reacciona ante a **advertencia crítica**, o sistema pode iniciar unha freada autónoma de emerxencia, mediante o aumento progresivo da freada en función do crítico da situación.

Asistencia á freada de emerxencia do condutor

O sistema pode detectar que o condutor non está a accionar o freo con forza suficiente para evitar a colisión. Neste caso, incrementarase a intensidade da freada.

O sistema non pode impedir a colisión nalgúns casos, aínda que pode minimizar significativamente as súas consecuencias mediante unha redución da velocidade e da enerxía no impacto.

⚠ ATENCIÓN

Teña en conta as advertencias de seguridade ››› ⚠ en Indicadores de control e de advertencia da páx. 83.

⚠ ATENCIÓN

O Front Assist non pode salvar os límites impostos polas leis físicas nin substituír ao condutor á hora de manter o control do vehículo e reaccionar ante unha posible situación de emerxencia.

⚠ ATENCIÓN

Tras un aviso de emerxencia de Front Assist, preste inmediatamente atención á situación e tente evitar a colisión segundo proceda.

- **Se o Front Assist non funciona como se describe neste capítulo (por exemplo, se intervén varias veces de xeito innecesario), desconécteo. Acuda a un taller especializado para que revisen o sistema. CUPRA recomenda acudir a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.**
- **Adapte a velocidade e a distancia de seguridade ao vehículo precedente en función das condicións de visibilidade, climatolóxicas, da calzada e do tráfico.**
- **O Front Assist non pode evitar por si mesmo accidentes e lesións graves.**

- **En situacións de marcha complexas, o Front Assist pode advertir e intervir nos freos sen que sexa necesario.**
- **Se o funcionamento do Front Assist está minguado debido á sucidade ou ao desaxuste do sensor radar, pode que o sistema emita advertencias innecesarias e interveña nos freos inoportunamente.**
- **O Front Assist non reacciona ante animais, nin vehículos que se crucen ou se aproximen en dirección contraria polo mesmo carril.**
- **O Front Assist non reacciona perante os peóns que circulen en dirección contraria polo mesmo carril.**
- **Como condutor, ten que estar sempre preparado para retomar o control do vehículo.**

Aviso

- **Cando o Front Assist está conectado, as indicacións da pantalla doutras funcións poderían ocultarse.**
- **Cando o Front Assist provoca unha freada, o pedal do freo está "máis duro".**
- **As intervencións automáticas nos freos do Front Assist poden interromperse pisando o embrague, o acelerador ou movendo o volante.**
- **O Front Assist pode desacelerar o vehículo ata detelo por completo. Non obstante, o sistema de freos non detén o vehículo de forma permanente. Pise o pedal de freo!**
- **Se o Front Assist non funciona como se describe neste capítulo (por exemplo, se intervén varias veces de forma innecesaria), desconécteo.**

Sensor de radar



Fig. 212 No parachoques dianteiro:sensor de radar.

No parachoques dianteiro vai montado un sensor de radar para captar a situación do tráfico ››› **fig. 212 ①**.

A visibilidade do sensor de radar pódese ver reducida por sucidade ou por influencias ambientais, como choiva ou néboa. Neste caso o Front Assist non funciona. Na pantalla do cadro de instrumentos aparece a seguinte mensaxe: **`Front Assist: ¡Sensor sin visibilidade!`** Limpe o sensor de radar ››› ❗.

Cando o sensor de radar volva funcionar correctamente, o Front Assist volverá estar dispoñible. A mensaxe desaparecerá da pantalla.

O funcionamento do Front Assist pódese ver afectado en caso de forte reflexión inversa do sinal de radar. Isto pode ocorrer, por exemplo, nun aparcamento pechado ou debido á presenza de obxectos metálicos (por exemplo, quitamedos ou placas utilizadas nas obras).

A zona situada diante e arredor do sensor de radar non se deberá cubrir con adhesivos, faros adicionais ou similares, xa que isto podería influír negativamente no funcionamento do Front Assist.

En caso de reparación inadecuada do frontal do vehículo ou de realizar modificacións estruturais, o funcionamento do Front Assist pode verse afectado. Por esta razón, CUPRA recomenda acudir a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.

PRECAUCIÓN

Se ten a impresión de que o sensor de radar está danado ou se desaxustou, desconecte o Front Assist. Deste xeito evitará posibles »

situacións de perigo causadas por un funcionamento inadecuado do sistema. Neste caso, encargue que o axusten.

- O sensor pode desaxustarse se recibe algún golpe. Isto pode prexudicar a eficacia do sistema ou provocar a súa desconexión.
- Para a reparación do sensor de radar requírense coñecementos e ferramentas especiais. Por esta razón, CUPRA recomenda acudir a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.
- Unha matrícula ou un portamatrículas na parte dianteira cunhas dimensións que excedan o espazo destinado á matrícula, ou unha matrícula mal colocada, pode provocar un mal funcionamento do radar.
- Retire a neve cun cepillo e o xeo preferentemente cun aerosol antixeo sen disolventes.

Manexo do sistema de asistencia á freada de emerxencia (Front Assist)



Fig. 213 Na pantalla do cadro de instrumentos:indicación de Front Assist desactivado.

O Front Assist actívase cando se conecta o acendido.

Cando o Front Assist está desactivado, tamén o están a función de **preaviso** e a **advertencia de la distancia**.

CUPRA recomenda deixar o Front Assist activado. Excepcións ››› **páx. 267, Desactivar o Front Assist temporalmente nas seguintes situacións.**

Activar e desactivar o Front Assist

Co acendido conectado, o Front Assist pódese activar e desactivar como segue:

- Seleccione a opción de menú correspondente coa tecla dos sistemas de asistencia ao condutor ››› **páx. 81**.
- **OU BEN:** mediante o sistema Easy Connect coa tecla > **AJUSTES> Asistencia al condutor** ››› **páx. 84**.

Cando o Front Assist está desactivado no cadro de instrumentos aparecerá a indicación ››› **fig. 213**.

Activar ou desactivar o preaviso (advertencia previa)

O **preaviso** pode activarse ou desactivarse no sistema Easy Connect mediante a tecla > **AJUSTES > Asistencia ao conductor** ››› **páx. 84**.

O sistema mantén o axuste realizado a próxima vez que se conecte o acendido.

CUPRA recomenda ter a advertencia de preaviso activada.

Dependendo do sistema de infotainment do vehículo, pode adaptarse a función de **preaviso** nos seguintes modos:

- Anticipado
- Medio
- Retardado
- Desactivado

CUPRA recomenda circular coa función en modo “Medio”.

Activar ou desactivar a advertencia da distancia

A advertencia da distancia pódese activar ou desactivar no sistema Easy Connect mediante a tecla > **AJUSTES** > **Asistencia ao conductor** ››› **páx. 84**.

O sistema mantén o axuste realizado a próxima vez que se conecte o acendido.

CUPRA recomenda ter a advertencia da distancia activada.

Desactivar o Front Assist temporalmente nas seguintes situacións

Nas seguintes situacións é recomendable desactivar Front Assist a causa das limitacións deste sistema:

- Cando se remolque o vehículo.
- Cando o vehículo se atope nun banco de probas de rolos.
- Cando o sensor de radar estea avariado.
- Se o sensor de radar recibe algún golpe violento.
- Se intervén varias veces innecesariamente.
- Cando se tapa o sensor de radar temporalmente con algún accesorio.
- Cando se vaia cargar o vehículo nun transporte.

Limitacións do sistema

Fig. 214 Na pantalla do cadro de instrumentos:indicación da auto-calibración inicial do sistema.

O Front Assist ten certas limitacións propias do sistema. Así, baixo certas circunstancias, algunhas reaccións poden resultar inoportunas dende o punto de vista do condutor. Polo tanto, hai que estar sempre atento para intervir, se fose preciso.

As seguintes condicións poden provocar que o Front Assist non reaccione ou o faga demasiado tarde:

- Durante os primeiros instantes de condución tras conectar o acendido, a causa da autocalibración inicial do sistema. Durante ese período, amósase unha icona de estado ››› **fig. 214**.
- Se o Front Assist está desactivado ou avariado.
- Se o sensor de radar está sucio ou tapado.
- Ao tomar curvas pechadas ou traxectorias complexas.
- Cando se pisa o acelerador a fondo.
- Cando se desconectou o ASR ou se activou o ESC no modo **Sport** ››› **páx. 296**.
- Se o ESC está a regular.
- Se varias luces de freo do vehículo ou do remolque enganchado electricamente están avariadas.
- Se hai obxectos de metal como, por exemplo, quitamedos ou placas usadas nas obras.
- Se o vehículo circula marcha atrás.
- En caso de nevada ou choiva forte.
- No caso de vehículos estreitos como, por exemplo, as motocicletas.
- No caso de vehículos que circulen desaliñados.
- No caso de vehículos que se crucen.
- En caso de vehículos que se aproximen en sentido contrario.
- A carga e os accesorios doutros vehículos que sobresaian dos lados, cara atrás ou cara arriba dos mesmos.

Control adaptativo de velocidade (ACC - Adaptive Cruise Control)*

Introdución ao tema



Fig. 215 Zona de detección.

O ACC **é unha ampliación da función de regulación de velocidade do vehículo (GRA)** ›››.

Permite ao condutor programar unha velocidade de cruceiro entre 30 km/h (20 mph) e 210 km/h (130 mph) e seleccionar a distancia desexada con respecto ao vehículo precedente.

O ACC adapta a velocidade de cruceiro do vehículo, mantendo unha distancia de seguridade co vehículo precedente, se o houbera, en función da velocidade.

Cando o vehículo se sitúa detrás doutro, o ACC reduce a velocidade para igualala coa do vehículo precedente mantendo a distancia axustada. Se o vehículo precedente acelera, o ACC fai acelerar o vehículo ata alcanzar, como máximo, a velocidade programada.

Se o vehículo vai equipado con cambio automático, o ACC pode frealo **ata detelo por completo** ante un vehículo que se detén.

Recoméndase incrementar o nivel de distancia cando a calzada está mollada.

Solicitude da intervención do condutor

O ACC está suxeito a certas limitacións propias do sistema. É dicir, en certas circunstancias o condutor terá que regular a velocidade e a distancia respecto a outros vehículos.

Neste caso, na pantalla do panel de instrumentos *indicaráselle que interveña* premendo o freo e soará unha advertencia acústica ››› **páx. 269**.

⚠ ATENCIÓN

A tecnoloxía que incorpora o ACC non pode salvar os límites propios do sistema nin os impostos polas leis físicas. Cando se utiliza de forma neglixente ou involuntaria, pódese provocar un accidente e ocasionar lesións graves. O sistema non pode substituír a atención do condutor.

- **Adapte sempre a velocidade e a distancia de seguridade ao vehículo precedente en función das condicións de visibilidade, climatolóxicas, da calzada e do tráfico.**
- **Non use o ACC en caso de mala visibilidade, en tramos escarpados, con moitas curvas ou esvaradíos.**
- **Non utilice o ACC campo a través ou en vías sen pavimentar. O ACC foi previsto só para o seu uso en vías pavimentadas.**
- **O ACC non reacciona ao achegarse a un obstáculo fixo, como por exemplo, o final dun atasco, un vehículo avariado ou un vehículo detido fronte a un semáforo.**
- **O ACC só reacciona ante as persoas cando se dispón de sistema de detección de peóns. Ademais, o sistema non reacciona ante animais ou vehículos que estean a cruzar ou que veñan en dirección contraria polo mesmo carril de circulación.**
- **Se o ACC non reduce a velocidade o suficiente, free o vehículo inmediatamente.**
- **No caso de circular con roda de emerxencia, o ACC podería chegar a desconectarse automaticamente. Desconecte o sistema ao iniciar a marcha.**
- **Se o vehículo se segue desprazando involuntariamente tras a solicitude da intervención do condutor, free o vehículo.**
- **Se na pantalla do cadro de instrumentos se *solicita a intervención do condutor*, regule a distancia.**

- **O condutor ten que estar preparado para acelerar ou frear en calquera momento.**

Aviso

- **Se o ACC non funciona como se describe neste capítulo, non o utilice ata que sexa revisado nun taller especializado. Por esta razón, CUPRA recomenda acudir a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.**
- **A velocidade máxima con ACC activada está limitada a 210 km/h (130 mph).**
- **Cando o ACC estea activado, pode que se escoiten ruídos estraños durante a freada provocados polo sistema de freos.**

Símbolos na pantalla do cadro de instrumentos e indicadores de control

A redución da velocidade por parte do ACC para manter a distancia co vehículo precedente non é suficiente.

Free! Pise o pedal do freo! Requirimento da intervención do condutor.

O ACC non está dispoñible actualmente.

Co vehículo detido, apague o motor e vólvao a poñer en marcha. Realice unha comprobación visual do sensor de radar ››› **fig. 217**. Se segue sen estar dispoñible, acuda a un taller especializado para que revisen o sistema.

Símbolo de cor verde

O ACC está activo.
Detectouse un vehículo que circula por diante. O ACC regula a velocidade e a distancia respecto ao vehículo precedente.

Símbolo de cor gris

O ACC está inactivo (Standby).
Detectouse un vehículo que circula por diante. Non se regula a velocidade nin a distancia respecto ao vehículo precedente.

Símbolo de cor verde

O ACC está activo.
Non se detectou ningún vehículo diante.

Símbolo de cor gris

O ACC está inactivo (Standby).
Non se detectou ningún vehículo diante.

Ao conectar o acendido ilumínanse brevemente algúns indicadores de advertencia e de control a modo de comprobación. Ao cabo duns segundos, apáganse.

⚠ ATENCIÓN

Teña en conta as advertencias de seguridade ››› ⚠ en Indicadores de control e de advertencia da páx. 83.

Indicacións na pantalla



Fig. 216 Na pantalla do cadro de instrumentos: A ACC inactivo (Standby). B ACC activo.

Indicacións na pantalla ››› **fig. 216**:

1. Vehículo precedente detectado. O ACC non está activo e non regula a velocidade.

»

② Distancia respecto ao vehículo precedente. O ACC non está activo e non regula distancia.

③ Vehículo precedente detectado. O ACC está activo e regula a velocidade.

④ Nivel de distancia 2 programado polo condutor.

⑤ O ACC está activo e regula a distancia en función da velocidade.

Aviso

Cando o ACC está conectado, as indicacións da pantalla do cadro de instrumentos poden quedar ocultas por avisos doutras funcións, por exemplo, unha chamada entrante.

Sensor de radar



Fig. 217 No parachoques dianteiro:sensor de radar.

No parachoques dianteiro vai montado un sensor de radar para captar a situación do tráfico ››› **fig. 217** ①.

A visibilidade do sensor de radar pódese ver reducida por sucidade ou por influencias ambientais, como choiva ou néboa. Neste caso, o control adaptativo de velocidade (ACC) non funciona. Na pantalla do cadro de instrumentos aparece a seguinte mensaxe: **ACC: ¡Sensor sin visibilidad!** Se fose necesario, limpe o sensor de radar ››› ❗.

Cando o sensor de radar volva funcionar correctamente, o ACC volverá estar dispoñible. A mensaxe da pantalla apagarase e o ACC poderá activarse de novo.

O funcionamento do ACC pódese ver afectado en caso de forte reflexión inversa do sinal de radar. Isto pode ocorrer, por exemplo, nun aparcamento pechado ou debido á presenza de obxectos metálicos (por exemplo, quitamedos ou placas utilizadas nas obras).

A zona situada diante e arredor do sensor de radar non se deberá cubrir con adhesivos, faros adicionais ou similares, posto que isto podería influír negativamente no funcionamento do ACC.

En caso de reparación inadecuada do frontal do vehículo ou de realizar modificacións estruturais, o funcionamento do ACC podería verse afectado. Por esta razón, CUPRA recomenda acudir a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.

PRECAUCIÓN

Se ten a impresión de que o sensor de radar está danado ou desaxustado, desconecte o ACC. Deste xeito, pode evitar posibles danos. Neste caso, encargue que o axusten.

- **O sensor pode desaxustarse se recibe algún golpe. Isto pode prexudicar a eficacia do sistema ou provocar a súa desconexión.**
- **Para a reparación do sensor de radar requírense coñecementos e ferramentas especiais. Por esta razón, CUPRA recomenda acudir a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede de SEAT.**
- **Unha matrícula ou un portamatrículas na parte dianteira cunhas dimensións que excedan o espazo destinado á matrícula, ou unha matrícula mal colocada, pode provocar un mal funcionamento do radar.**
- **Retire a neve cun cepillo e o xeo preferentemente cun aerosol antixeo sen disolventes.**

Manexo do ACC



Fig. 218 Á esquerda da columna da dirección:terceira panca para manexar o control adaptativo de velocidade.



Fig. 219 Á esquerda da columna da dirección:terceira panca para manexar o control adaptativo de velocidade.

Cando o ACC está conectado, no cadro de instrumentos ilumínase o indicador de control verde e na pantalla amósase a velocidade programada e o estado do ACC ››› **fig. 216**.

Que axustes se poden realizar no ACC?

- Conectar e activar o ACC ››› **páx. 271**.
- Programar a velocidade ››› **páx. 271**.
- Programar o nivel de distancia ››› **páx. 271**.
- Desconectar e desactivar o ACC ››› **páx. 272**.
- Axustar o nivel de distancia por defecto ao inicio da condución ››› **páx. 272**.
- Axustar o perfil de condución ››› **páx. 272**.
- Condicións nas que o ACC non reacciona ››› **páx. 272**.

Conectar e activar o ACC

Para conectar e activar o ACC, tense que ter en conta a posición da panca do cambio, a velocidade do vehículo e a posición da terceira panca do ACC.

- A palanca do cambio debe situarse na posición **D** ou **S**. A velocidade debe ser superior a 30 km/h (18 mph) aprox.
- Para activar o ACC mova a terceira panca á posición **ON** ››› **fig. 218** ①. Neste momento o ACC non está activo nin hai velocidade programada.
- A continuación, prema a tecla **SET** ››› **fig. 219** Ⓑ ou desprace a panca á posición **RESUME** ››› **fig. 218** ②. Neste momento actívase o ACC, prográmanse a velocidade e a distancia. A imaxe do cadro pasará a modo *Activo* ››› **fig. 216** B.

Co ACC activo, o vehículo circula a unha velocidade e distancia programadas respecto ao vehículo precedente. Tanto a velocidade como a distancia poden modificarse en calquera momento.

Programar a velocidade

- Para programar a velocidade, mova a terceira panca cara arriba ⊕ ou abaixo ⊖ ata a velocidade desexada ››› **fig. 216** ⑥. O axuste da velocidade realízase en intervalos de 10 km/h (6 mph).
- En caso de que desexe incrementar a velocidade en intervalos de 1 km/h (0,6 mph), desprace a panca cara á posición **RESUME** ››› **fig. 218** ② ou para diminuíla prema a tecla **SET** ››› **fig. 219** Ⓑ.

A velocidade programada pode modificarse co vehículo detido ou durante a condución.

Programar o nivel de distancia

- Para aumentar ou reducir o nivel de distancia, desprace a tecla Ⓐ cara á dereita ou á esquerda ››› **fig. 219**.

Na pantalla do cadro de instrumentos modifícase o nivel de distancia seleccionado ››› **fig. 216** ④. Pódese escoller entre 5 niveis de distancia. CUPRA recomenda o nivel 3. A »

distancia programada pode modificarse co vehículo detido ou durante a condución ›››.

Desconectar e desactivar o ACC

- Para desconectar ACC, mova a panca á posición **OFF** (fixa) ››› **fig. 218** ⓪. Neste momento aparece o texto **ACC desactivado** e a función queda completamente desactivada.

Se non desexa desconectar o ACC senón pasalo de forma temporal a modo inactivo (Standby), desprace a terceira panca á posición **CANCEL** ③ ou pise o pedal do freo.

Se o vehículo está parado e se abre a porta do condutor, tamén pasa a modo inactivo (Standby).

Axuste o nivel de distancia por defecto ao inicio da condución

Cando a calzada estea mollada, deberase seleccionar unha distancia maior con respecto ao vehículo precedente que cando estea seca ›››.

No sistema Easy Connect, pode pre-seleccionarse o nivel de distancia ao conectar o ACC entre: Moi curta, Curta, Media, Longa e Moi longa mediante a tecla > **AJUSTES> Asistencia al conductor** ››› **páx. 84**.

Axustar o perfil de condución

O perfil de condución seleccionado pode influír no comportamento de aceleración e freado do ACC ››› **páx. 253**.

As seguintes condicións poden provocar que o ACC non reaccione:

- Se o acelerador está pisado.
- Se non hai ningunha marcha engrenada.
- Se o ESC está a regular.
- Se o condutor non leva o cinto de seguridade abrochado.
- Se varias luces de freo do vehículo ou do remolque enganchado electricamente están avariadas.
- Se o vehículo circula marcha atrás.
- Cando se circula a máis de 210 km/h (130 mph).

Indicacións para o condutor

ACC no disponible

- O sistema xa non pode seguir garantindo unha detección segura de vehículos, polo que se desactiva. O sensor está desaxustado ou danado. Diríxase a un taller especializado para que reparen a avaría.

ACC y Front Assist: non disponibles de momento. Sensor sin visibilidad

- Esta indicación visualízase se a visibilidade do sensor de radar está minguada debido a forte bruma ou suciedade. Limpe o sensor ››› **fig. 217**.

ACC: no disponible de momento. Pendiente excesiva

- Superouse a pendente máxima da calzada, polo que non se pode garantir un funcionamento seguro do ACC. Non se pode activar o ACC.

ACC: sólo disponible en D, S o M

- Seleccione a posición da panca selectora **D/S** ou M.

ACC: freno de estacionamiento accionado

- O ACC desactívase cando se acciona o freo de estacionamento. O ACC volver estar dispoñible tras quitar o freo de estacionamento.

ACC: actualmente no disponible. Intervención control estabilización

- A indicación visualízase cando o control electrónico de estabilización (ESC) entra en regulación. Neste caso, o ACC desactívase automaticamente.

ACC: ¡Intervenga!

• A indicación visualízase se, ao poñerse en movemento nunha lixeira pendente, o vehículo se despraza cara atrás a pesar de estar activado o ACC. Pise o freo para evitar que o vehículo poida moverse/chocar con outro vehículo.

ACC: régimen del motor

• Esta indicación visualízase cando o ACC acelera ou frea e o condutor non sobe nin baixa de marcha a tempo, o que supón superar ou non alcanzar o réxime de revolucións admisible. O ACC desactívase. Un avisador soa a modo de advertencia.

Puerta abierta

• Co vehículo parado e a porta aberta non se pode activar o ACC.

⚠ ATENCIÓN

Existe perigo de colisión por alcance cando se reduce a distancia con respecto ao vehículo precedente e a diferenza de velocidade entre ambos os dous vehículos é tan grande cá redución da velocidade por parte do ACC non é suficiente. Neste caso, tense que frear inmediatamente!

• É posible que o ACC non poida detectar correctamente todas as situacións.

• Pisar o acelerador pode facer que o ACC non interveña para frear. A aceleración do condutor ten prioridade fronte á intervención do regulador de velocidade ou do control de cruceiro.

• Estea sempre preparado para frear o vehículo en calquera momento.

• Observe as disposicións do país correspondente relativas á distancia mínima obrigatoria respecto ao vehículo precedente.

• É perigoso activar a regulación e retomar a velocidade programada se as condicións da calzada, do tráfico ou meteorolóxicas non o permiten. Perigo de accidente!

Aviso

• A velocidade programada bórrase ao desconectar o acendido ou o ACC.

• Cando se desconecta a regulación antipatinaxe en aceleración (ASR) ou se activa o ESC en Modo Sport* (››› páx. 84), o ACC desconéctase automaticamente.

• Nos vehículos con sistema Start-Stop, o motor apágase durante a fase de detención do ACC e volve poñerse en funcionamento para iniciar a marcha.

Función para evitar adiantamentos pola dereita



Fig. 220 Na pantalla do cadro de instrumentos:ACC activo, vehículo detectado pola esquerda

O ACC dispón dunha función para evitar adiantamentos pola dereita.

Se á esquerda do vehículo circula outro a menor velocidade, este represéntase na pantalla ››› **fig. 220**.

Para evitar un adiantamento pola dereita, o sistema frea o vehículo e, en función da velocidade, evitará o adiantamento. O condutor pode interromper a intervención do ACC pisando o acelerador. A pouca velocidade a función está inactiva para maior confort na situación de caravana ou tráfico urbano.

Desactivar o ACC temporalmente en determinadas situacións

Nas seguintes situacións, deberase desactivar o control ACC debido ás limitacións do sistema ›››⚠:

- En adiantamentos, curvas pechadas ou estradas de montaña, rotondas, carrís de aceleración ou desaceleración ou tramos en obras e así evitar que o sistema acelere para alcanzar a velocidade programada.
- Cando atravese un túnel, xa que o seu funcionamento podería verse afectado.
- Cando outros vehículos vaian máis lentos polo carril esquerdo. Neste caso, adiantaríase pola dereita aos vehículos que circulan máis lentamente por outros carrís.
- En caso de choiva intensa, nevada ou néboa, pois podería ocorrer que non se detectase o vehículo precedente.

⚠ ATENCIÓN

Se o ACC non se desconecta nas situacións descritas, poden producirse accidentes e lesións graves.

- **Desconecte sempre o ACC en situacións críticas.**

Aviso

Se non se desconecta o ACC nas situacións descritas, pódense cometer infraccións legais.

Situacións especiais de marcha



Fig. 221 A Vehículo nunha curva. B Motociclista circulando por diante fóra do radio de acción do sensor de radar.



Fig. 222 C Cambio de carril dun vehículo. D Vehículo xirando e outro detido.

O ACC ten certas limitacións propias do sistema. Algunhas reaccións, baixo determinadas circunstancias, poden resultar inesperadas ou efectuarse a destempo dende o punto de vista do condutor. Polo tanto, hai que estar sempre atento para intervir, se fose preciso.

As seguintes situacións esixen a máxima atención:

Inicio da marcha tras unha fase de detención (só vehículos con cambio automático)

Tras dunha fase de detención, o ACC pode iniciar a marcha en canto o vehículo

precedente se volve a poñer en movimento ››› ⚠.

Adiantamentos

Cando se acende o intermitente para iniciar un adiantamento, o ACC acelera o vehículo automaticamente e reduce a distancia respecto ao vehículo precedente.

Cando se cambia ao carril de adiantamento e o ACC non detecta ningún vehículo por diante, acelera ata alcanzar a velocidade programada.

A aceleración do sistema pódese interromper en todo momento premendo o freo ou empuxando a terceira panca cara a posición CANCEL ››› **fig. 218** ③.

Nas curvas

Ao entrar ou saír dalgunhas curvas pode que o sensor de radar deixe de captar o vehículo que circula por diante ou que reaccione ante un vehículo no carril contiguo ››› **fig. 221** A. É posible que o vehículo free innecesariamente ou deixe de reaccionar ante o vehículo que vai diante. Neste caso, o condutor ten que intervir acelerando ou interromper a freada premendo o freo ou empuxando a terceira palanca á posición. CANCEL ››› **fig. 218** ③.

Condución por túneles

Ao atravesar túneles, a función do sensor de radar pode quedar limitada. Desconecte o ACC nos túneles.

Vehículos estreitos ou que circulan desaliñados

O sensor de radar só pode detectar vehículos estreitos ou vehículos que circulen desalineados cando estes entren no seu radio de alcance ››› **fig. 221** B. Nestes casos, free vostede mesmo se é necesario.

Vehículos con cargas e accesorios especiais

A carga e os accesorios especiais doutros vehículos que sobresaian polos laterais, cara atrás ou pola parte superior dos mesmos, pode que queden fóra do radio de alcance do ACC. CUPRA recomenda desconectalo.

Cambios de carril doutros vehículos

Os vehículos que cambien ao carril propio a pouca distancia do vehículo só poderán ser detectados cando entren no radio de alcance dos sensores. Como consecuencia, o ACC tardará máis en reaccionar ››› **fig. 222** C. Free vostede mesmo se é necesario.

Vehículos detidos

O ACC non detecta durante a marcha os obxectos fixos, como poden ser o final dun atasco ou vehículos avariados.

Se un vehículo detectado polo ACC xira ou se afasta e diante do mesmo atópase un vehículo parado, o ACC non reaccionará ante el ››› **fig. 222** D. Free vostede mesmo se é necesario.

Vehículos que circulan en sentido contrario e vehículos que se cruzan

O ACC non reacciona ante vehículos que se aproximen en sentido contrario nin ante vehículos que se crucen.

Obxectos metálicos

Obxectos de metal como quitamedos ou placas utilizadas nas obras, poden confundir ao sensor de radar e provocar reaccións equivocadas do ACC.

Factores que poden afectar ao funcionamento do sensor de radar

Se o funcionamento do sensor de radar se vira afectado debido a choiva intensa, néboa, neve ou barro, o ACC desactívase temporalmente. Aparecerá unha mensaxe ao respecto. Se é necesario, limpe o sensor ››› **fig. 217**.

»

Cando o sensor de radar volva funcionar correctamente, o ACC volverá estar dispoñible. A mensaxe apagarase e o ACC poderá activarse de novo.

En caso de forte reflexión inversa do sinal de radar, por exemplo, nun aparcamento pechado, pode que o funcionamento do ACC se vexa afectado. CUPRA recomenda desconectalo.

Condución con remolque

Cando se circula con remolque, o ACC regula con menor dinamismo.

Freos sobrequentados

Se os freos se quentan excesivamente, por exemplo, en descensos longos e moi pronunciados, pode que o ACC se desactive temporalmente. Aparecerá unha mensaxe ao respecto. Neste caso, non se poderá activar o control de cruceiro.

Unha vez baixado o suficiente a temperatura dos freos, poderá activarse de novo o control de cruceiro. A mensaxe desaparecerá. Se a mensaxe **ACC non dispoñible** permanece acendido durante bastante tempo, significa que hai unha avaría. Acuda a un taller especializado. CUPRA recomenda acudir a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.

⚠ ATENCIÓN

Cando non se fai caso ao aviso Pise o freo, o vehículo podería desprazarse e chocar contra o vehículo precedente. Antes de reiniciar a marcha, comprobe que a vía está libre. É posible que o sensor de radar non detecte obstáculos que puideran atoparse na vía. Isto pode provocar un accidente e graves lesións. En caso necesario, pise o freo.

Sistema de aviso de saída do carril (Lane Assist)*

Introdución ao tema



Fig. 223 No parabrisas:área de campo visual do sistema de aviso de saída do carril.

Cunha cámara no parabrisas, o sistema de aviso de saída do carril detecta posibles liñas divisorias do carril. Cando o vehículo se achega accidentalmente a unha liña divisoria detectada, o sistema avisa ao condutor cun *movemento de dirección correctivo*. Con isto inténtase non só alertar ao condutor senón tamén manter o vehículo no interior do carril. Este movemento pódese sobrerregular en calquera momento.

Cos intermitentes acendidos non se produce ningún aviso, posto que o sistema de aviso de saída do carril entende que desexa cambiar de carril.

Indicador de control

Ilumínase en amarelo

Sistema de aviso de saída do carril activado e pero non dispoñible.
O sistema non pode recoñecer con exactitude o carril.
Consulte páx. 278, Sistema de aviso de saída do carril non dispoñible (o indicador de control ilumínase de cor amarelo).

Ilumínase en verde

Sistema de aviso de saída do carril activado e dispoñible.

Ilumínase en amarelo

Erro no sistema de detección de saída de carril. Acuda a un taller especializado para solucionar a anomalía.

Ao conectar o acendido ilumínanse brevemente algúns indicadores de advertencia e de control a modo de comprobación. Ao cabo duns segundos, apáganse.

⚠ ATENCIÓN

Teña en conta as advertencias de seguridade **>>> ⚠ en Indicadores de control e de advertencia da páx. 83.**

Indicacións na pantalla do cadro de instrumentos



Fig. 224 Na pantalla do cadro de instrumentos:indicación na pantalla do sistema de aviso de saída do carril (exemplo 1).



Fig. 225 Na pantalla do cadro de instrumentos:indicación na pantalla do sistema de aviso de saída do carril (exemplo 2).

Indicacións na pantalla

- **fig. 224** A: O sistema está activado, pero non dispoñible, ben por non alcanzar a velocidade mínima ou ben porque non recoñece as liñas de carril.
- **fig. 224** B: O sistema está activado e dispoñible, ten as dúas liñas do carril recoñecidas. Neste momento non está a corrixir a traxectoria.

»

– **fig. 225** C: O sistema está a traballar, a liña resaltada ① indica que hai risco de superar a liña do carril involuntariamente e está a actuar sobre a dirección para corrixir a traxectoria.

– **fig. 225** D: As dúas liñas resaltadas ① e ② acéndense á vez cando temos as dúas liñas de carril recoñecidas e a función de Guiado adaptativo no carril está activada.

Modo de funcionamento

Vibración do volante

As seguintes situacións poden provocar a vibración do volante e requiren asumir activamente a condución por parte do condutor:

- Cando o valor necesario de asistencia de xiro na dirección, para manter o vehículo dentro do carril, supera o valor operativo máximo de funcionamento do sistema.
- Se o sistema deixa de visualizar as liñas do carril mentres está a asistir na dirección.

Conectar ou desconectar o sistema de aviso de saída do carril

- Seleccione a opción de menú correspondente coa tecla dos sistemas de asistencia ao condutor ››› **páx. 81**.
- **OU BEN:** mediante o sistema Easy Connect coa tecla > **AJUSTES**> **Asistencia al condutor** ››› **páx. 84**.

Lane Assist con guiado adaptativo no carril

A función de **Guiado Adaptativo en el carril** intenta guiar a traxectoria do vehículo polo centro do carril.

En caso de que exista unha tendencia do condutor a manter o vehículo lixeiramente desprazado do centro do carril, o guiado adáptase ás preferencias do condutor.

- A función **Guiado adaptativo en el carril** actívase/desactívase no sistema Easy Connect mediante a tecla > **AJUSTES** ››› **páx. 84**.

Autodesactivación: o sistema de aviso de saída do carril pódese desactivar por si mesmo en caso de que exista unha avaría do sistema. O indicador de control desaparece.

Función Hands-Off

En ausencia de actividade de volante, o sistema alerta ao condutor mediante avisos acústicos e unha mensaxe de texto no panel de instrumentos pedíndolle facerse cargo activamente da dirección.

Se o condutor non reacciona a isto, o sistema avisa ademais mediante unha pequena sacudida de freado e, en caso de dispoñer dela, activa a función Emergency Assist ››› **páx. 281**.

En vehículos sen Emergency Assist, a función de guiado de carril desactivarase tras os correspondentes avisos ao condutor.

O sistema de aviso de saída do carril está activo pero non está dispoñible (o indicador de control ilumínase de cor amarelo)

- Cando a velocidade non supere os 65 km/h (38 mph).
- Cando o sistema de aviso de saída do carril non detecta as liñas divisorias da propia calzada. Por exemplo, en caso de sinais que indican obras ou en caso de neve, sucidade, humidade ou contraluz.
- Cando o radio dunha curva é demasiado pequeno.
- Cando non se ve ningunha marca de calzada.
- Cando a distancia ata a próxima marca de calzada é demasiado grande.
- Cando o sistema non detecta ningún movemento claro e activo de dirección durante longo tempo.
- Temporalmente en estilos de condución moi dinámicos.
- Se o intermitente está activado.
- Co control de estabilidade ESC no modo Sport ou desactivado.

BSD Plus (Lane Assist con Asistente de ángulo morto)*

A función BSD Plus conséguese mediante a activación das funcións Lane Assist e BSD ››› pág. 283. Neste caso, a función Lane Assist amplía as súas funcións do seguinte modo:

No caso de que o condutor inicie unha manobra de desprazamento de carril se hai un vehículo no seu ángulo morto:

- O indicador escintila no retrovisor correspondente aínda que non se puxera o intermitente.
- O volante vibra para alertar ao condutor do risco de colisión.
- Aplícase un par de xiro correctivo na dirección para devolver o vehículo ao interior do seu carril.

Desconexión do sistema de aviso de saída do carril nas seguintes situacións

Nas seguintes situacións, desconecte o sistema de aviso de saída do carril a causa dos límites do sistema:

- Cando se require unha maior atención por parte do condutor.
- Cunha condución deportiva.
- En condicións climatolóxicas desfavorables.
- En vías en mal estado.
- En zonas onde hai obras.

⚠ ATENCIÓN

A tecnoloxía intelixente do sistema de aviso de saída do carril non pode salvar os límites impostos polas leis físicas e da propia natureza do sistema. Un uso descoidado ou incontrolado do sistema de aviso de saída do carril pode causar accidentes e graves lesións. O sistema non pode substituír a atención do condutor.

- **Adecúe sempre a velocidade e a distancia de seguridade cos vehículos precedentes ás condicións de visibilidade, condicións meteorolóxicas, o estado da calzada e ao tráfico.**
- **Teña as mans sempre no volante para estar a punto para xirar en calquera momento.**
- **O sistema de aviso de saída do carril non detecta todas as marcas das calzadas. As calzadas, estruturas da calzada ou obxectos en mal estado poden detectarse erroneamente como marcas de calzada baixo determinadas circunstancias do sistema de aviso de saída do carril. Nestas situacións, desconecte inmediatamente o sistema de aviso de saída do carril.**
- **Observe as indicacións do cadro de instrumentos e actúe segundo os requirimentos.**
- **Observe sempre atentamente a contorna do vehículo.**
- **Cando a zona de visualización da cámara se ensucia, se cubre ou resulta danada, o funcionamento do sistema de aviso de saída do carril pode verse afectado.**

PRECAUCIÓN

Para non influír no funcionamento do sistema, débense ter en conta os seguintes puntos:

- **Limpar regularmente a zona de visión da cámara e mantela limpa, sen neve e sen xeo ››› fig. 223.**
- **Non cubrir a zona de visión da cámara.**
- **Comprobe que a zona de visión da cámara do parabrisas non teña danos.**

Aviso

- **O sistema de aviso de saída do carril desenvolveuse soamente para conducir en estradas de chan firme.**
- **Cando o sistema de aviso de saída de carril non funciona tal como se describe neste capítulo, non o utilice e acuda a un taller especializado.**
- **En caso de avaría do sistema, vaia a un taller especializado para que o revisen.**

Asistente para atascos

Descrición e funcionamento

O asistente para atascos axuda ao condutor a manter o vehículo no seu carril e a circular en caravana en caso de retencións ou tráfico lento.

O asistente para atascos é unha función adicional do asistente de aviso de saída do carril (Lane Assist) ››› **páx. 276** e combina as funcións deste coas de control adaptativo de velocidade (ACC) ››› **páx. 268**. Por iso, lea detidamente sen falta estes dous capítulos e teña en conta as limitacións dos sistemas e as indicacións sobre os mesmos.

Funcionamento do asistente para atascos

O asistente para atascos pode manter, a unha velocidade por debaixo dos 60 km/h (40 mph), unha distancia (temporal) axustada previamente polo condutor con respecto ao vehículo que circula por diante e axudar a permanecer no carril ››› ⚠.

Para iso, o sistema controla automaticamente o acelerador, o freo e a dirección, desacelera o vehículo en caso necesario **ata detelo por completo** ante un vehículo que se deteña e volve reiniciar automaticamente cando o vehículo precedente avance.

O asistente de atascos foi deseñado soamente para ser utilizado en autoestradas e estradas anchas. Por iso, non o utilice nunca no tráfico urbano.

Requisitos técnicos para utilizar o asistente para atascos

- O *Asistente de saída de carril* debe estar activado: tecla 🚘 > **`AJUSTES`** > **`Asistencia al conductor`** > **`Sistema de aviso de salida del carril (Lane Assist)`** ››› **páx. 84**.
- O *Guiado adaptativo en el carril* debe estar activado: tecla 🚘 > **`AJUSTES`** > **`Asistencia al conductor`** > **`Sistema de aviso de salida del carril (Lane Assist)`**
- O Control adaptativo de velocidade (ACC) ten que estar conectado e activo ››› **páx. 271**.
- A velocidade deberá ser inferior a 60 km/h (38 mph).

O asistente para atascos non está activo (o indicador de control do asistente de aviso de saída do carril (Lane Assist) acéndese en amarelo)

- Se deixa de cumprirse algunha das condicións citadas na **páx. 280, Requisitos técnicos para utilizar o asistente para atascos**.
- Se deixa de cumprirse algunha das condicións necesarias para o funcionamento do asistente de aviso de saída do carril (Lane Assist) ››› **páx. 276**.
- Se deixa de cumprirse algunha das condicións necesarias para o funcionamento do control adaptativo de velocidade (ACC) ››› **páx. 268**.

Situacións nas que hai que desconectar o asistente para atascos

Debido ás limitacións do sistema, o asistente para atascos deberase desconectar sempre nas seguintes situacións:

- Cando sexa necesaria unha gran atención por parte do condutor.
- Cando se conduza con estilo moi deportivo.
- Cando as condicións climatolóxicas sexan adversas, p. ex., en caso de neve ou choiva intensa.
- Cando se circule por estradas en mal estado.
- En tramos de obras.
- En desprazamentos urbanos.

⚠ ATENCIÓN

A tecnoloxía intelixente que incorpora o asistente para atascos non pode salvar os límites impostos polas leis físicas e unicamente funciona dentro dos límites do sistema. Se o sistema para atascos se utiliza de forma neglixente ou involuntaria, poden producirse accidentes e lesións graves. O

sistema non pode substituír a atención do condutor.

- **Sempre axuste a velocidade e a distancia de seguridade con respecto ao vehículo anterior segundo as condicións de visibilidade, climatolóxicas, da calzada e do tráfico.**
- **Non utilice o asistente para atascos en desprazamentos urbanos.**
- **Non utilice o asistente para atascos en caso de mala visibilidade, como, por exemplo, en caso de neve, xeo, choiva ou grava solta, nin en tramos escarpados ou escorregadizos nin en vías inundadas.**
- **Non utilice nunca o asistente para atascos campo a través nin en vías que non sexan de piso firme. O asistente para atascos foi previsto só para o seu uso en estradas pavimentadas.**
- **O asistente para atascos non reacciona ante persoas ou animais, nin ante vehículos que se crucen transversalmente ou que se aproximen en dirección contraria polo mesmo carril.**
- **Se o asistente para atascos non reduce a velocidade o suficiente, free o vehículo inmediatamente co pedal do freo.**
- **Se o vehículo se segue desprazando sen que se desexe tras a solicitude da intervención do condutor, free o vehículo co pedal do freo.**
- Unha matrícula ou un portamatrículas na parte dianteira cunhas dimensións que excedan o espazo destinado á matrícula ou unha matrícula que estea curvada ou deformada pode facer que:
  - xurdan falsas detecciónes,
  - os sensores perdan visibilidade.
  - cancelación da manobra de aparcamento ou aparcamento defectuoso.
- Se un dos sensores de ultrasóns se avaría, desactívase a zona correspondente a ese grupo de sensores (anterior ou posterior) e non se pode activar ata rectificar a avaría. En calquera caso, os sensores do outro parachoques poderán utilizarse con toda normalidade. En caso de existir algunha avaría no sistema acuda a un taller especializado. CUPRA recomenda acudir para iso a un concesionario especializado CUPRA ou a calquera concesionario da rede SEAT.

Aviso

- Para garantir o bo funcionamento do sistema, manteña os sensores de ultrasóns do parachoques limpos, sen neve nin xeo, e non os cubra con adhesivos ou outros obxectos.
- Algunhas fontes de ruído, como o asfalto rugoso e o lastrado, e o ruído doutros vehículos poden inducir ao sistema de aparcamento asistido ou ao ParkPilot a emitir avisos erróneos.
- Para familiarizarse co sistema e as súas funcións, CUPRA recomenda practicar o uso do sistema de aparcamento asistido nun lugar sen demasiado tráfico ou nun aparcamento.

Descrición do sistema de aparcamento asistido

Fig. 233 Na parte superior da consola central:tecla para conectar o sistema de aparcamento asistido.

Os compoñentes do sistema aparcamento asistido son os sensores de ultrasóns localizados nos parachoques dianteiro e traseiro, »

a tecla P ›› fig. 233 para conectar e desconectar o sistema e as indicacións na pantalla do cadro de instrumentos.

Condicións necesarias para aparcar

- A regulación antipatinaxe en aceleración (ASR) debe estar conectada ›› páx. 296.
- Velocidade ao pasar a carón do espazo de aparcamento (aparcamento en liña): non sobrepasar os **40 km/h (25 mph)** aprox.
- Velocidade ao pasar ao carón do espazo de aparcamento (aparcamento en batería): non sobrepasar os **20 km/h (12 mph)** aprox.
- Manter unha distancia de entre **0,5 e 2,0 metros** ao pasar a carón do espazo de aparcamento.
- Lonxitude do espazo (estacionamento en liña): **lonxitude do vehículo + 0,8 metros**.
- Anchura do espazo (estacionamento de batería): **ancho do vehículo + 0,8 metros**.
- Non exceda de **7 km/h (4 mph)** aprox. cando se aparca.

Condicións necesarias para desaparcar (só para aparcamento en liña)

- A regulación antipatinaxe en aceleración (ASR) debe estar conectada ›› páx. 296.
- Lonxitude do espazo: **lonxitude do vehículo + 0,5 metros**.
- Non exceda unha velocidade de **7 km/h (4 mph)** aprox. ao desaparcar.

Terminación prematura ou interrupción automática das manobras para aparcar ou desaparcar

O sistema de aparcamento asistido interrompe as manobras para aparcar ou desaparcar cando ocorre un dos seguintes casos:

- Prémese a tecla P.
- Supérase unha velocidade duns 7 km/h (4 mph).
- O condutor agarra o volante.
- A manobra de aparcamento non remata no transcurso de aprox. 6 minutos dende a activación da dirección automática.
- Hai unha avaría no sistema (o sistema non está dispoñible temporalmente).
- O ASR está desconectado.
- A ASR ou o ESC interveñen regulando.
- Ábrese a porta do condutor.

Para reiniciar a manobra é necesario que non se dea ningún destes casos e que volva a premer a tecla P.

Particularidades

O sistema de aparcamento asistido está suxeito a certas limitacións inherentes ao sistema. Por este motivo, por exemplo, non é posible aparcar ou percorrer curvas pechadas con el.

Ao aparcar e desaparcar, escóitase un sinal breve que lle pide ao condutor que engrene a marcha atrás ou adiante (segundo o caso). En manobras sucesivas, o asistente indica o cambio de marcha ao condutor como moi tarde cando aparece o sinal acústico continuo (obxecto presente a ≤30 cm) no Park Pilot.

Cando o sistema de aparcamento asistido xira o volante co vehículo detido, na pantalla do cadro de instrumentos aparece adicionalmente o símbolo ⊘. Manteña pisado o freo mentres o símbolo permaneza no cadro de instrumentos para que as rodas xiren co vehículo parado. Deste xeito o sistema precisará menos manobras para completar o aparcamento.

Condución con remolque

O sistema de aparcamento asistido non se pode conectar se o dispositivo de remolque montado en fábrica ›› páx. 319 está conectado electricamente a un remolque.

Despois de cambiar unha roda

Se, despois de cambiar unha roda, o vehículo deixa de aparcar ou desaparcar correctamente, pode que a circunferencia da roda nova sexa diferente e que o sistema teña que adaptarse a ela. Esta adaptación é automática e ten lugar durante a marcha. Dar voltas lentamente, en ambas direccións e a velocidade reducida (20 km/h [12 mph]) durante

uns minutos pode contribuír a este proceso de adaptación ››› ⚠ en Introdución ao tema da páx. 298.

Seleccionar un modo de aparcamento

Fig. 234 Na pantalla do cadro de instrumentos:visualización do sistema de aparcamento asistido con visualización reducida.



Fig. 235 Na pantalla do cadro de instrumentos:indicación dos modos de aparcamento.

O aparcadoiro asistido dispón de 3 modos de aparcamento:

- A Aparcamento en liña marcha atrás.
- B Aparcamento en batería marcha atrás.
- C Aparcamento en batería marcha adiante.

Seleccionar un modo de aparcamento cun paso previo por diante do espazo

Despois de activar o sistema de aparcamento asistido e logo de detectar un espazo de aparcamento, proponse un modo de aparcamento na pantalla do cadro de instrumentos. O sistema de aparcamento asistido selecciona automaticamente o modo de aparcamento. O modo seleccionado amósase na pantalla do cadro de instrumentos ››› fig. 234. Tamén se amosa a visualización reducida doutros modos de aparcamento posibles ››› fig. 235. Se o modo seleccionado polo sistema non se corresponde co modo desexado, pódese seleccionar outro modo premendo de novo a tecla P ››› fig. 233.

- As condicións necesarias deben cumprirse para aparcar co sistema de aparcamento asistido ››› páx. 300.
- Prema a tecla P.
- Cando o sistema está conectado, ilumínase un indicador de control na tecla P. Ademais, na pantalla do cadro de instrumentos amósase o modo de aparcamento seleccionado e na visualización reducida amósase outro modo de aparcamento ao que se pode cambiar.
- Active o intermitente correspondente ao lado da calzada no que se aparcará. Na pantalla do cadro de instrumentos amósase o lado correspondente da calzada. De forma predeterminada, se non activa o intermitente, aparca á dereita no sentido da circulación.
- Se é necesario, prema de novo a tecla P para cambiar ao seguinte modo de aparcamento.
- Unha vez que cambie a todos os modos de aparcamento posibles, se preme de novo a tecla P, desactívase o sistema.

»

- Se é necesario, prema de novo a tecla P para volver activar o sistema.
- Siga as indicacións que se amosan na pantalla do cadro de instrumentos mentres presta atención ao tráfico e pasa co vehículo a carón do espazo de aparcamento.

Caso especial de espazo de aparcamento en batería para aparcar cara adiante sen paso previo por diante

- As condicións necesarias deben cumprirse para aparcar co sistema de aparcamento asistido ››› **páx. 300**.
- Diríxase marcha adiante cara ao espazo de aparcamento sen deixar de prestar atención ao tráfico e deteña o vehículo.
- Prema a tecla P *unha vez*.
- Cando o sistema está conectado, ilumínase un indicador de control na tecla P. Ademais, o modo de aparcamento que se selecciona sen visualización reducida amósase na pantalla do cadro de instrumentos.
- Solte o volante ››› ⚠ **en Introdución ao tema da páx. 299**.

Aparcar co sistema de aparcamento asistido



Fig. 236 Na pantalla do cadro de instrumentos:aparcar en liña. A Atopar un espazo de aparcamento. B Posición para aparcar. C Manobrar.



Fig. 237 Na pantalla do cadro de instrumentos:aparcar en batería. A Atopar un espazo de aparcamento. B Posición para aparcar. C Manobrar.

① Indicación de circular marcha adiante
② Vehículo propio
③ Vehículo aparcado
④ Espazo de aparcamento detectado
⑤ Indicación de aparcar
⑥ Indicación de pisar o pedal di freo
⑦ Barra de progreso

As condicións necesarias deben cumprirse para aparcarse co sistema de aparcamento asistido ››› **páx. 300** e debe seleccionarse o modo de aparcamento ››› **páx. 301**.

Aparcar

- Mire na visualización da pantalla do cadro de instrumentos se detecta o espazo como "axeitado" e se alcanzou a posición correcta para aparcar ››› **fig. 236** B ou ››› **fig. 237** B.

O espazo considerarase "axeitado" se na pantalla do cadro de instrumentos aparece a indicación de aparcar ⑤.

- Deteña o vehículo e, despois dunha breve pausa, engrene a marcha atrás.
- Solte o volante ››› ⚠ **en Introdución ao tema da páx. 299**.
- Teña en conta a seguinte mensaxe: **`Dir. autom. activa. Vigile su alrededor`**. »

Mentres vixía ao seu redor, acelere con precaución, ata un máximo de 7 km/h (4 mph). Durante a manobra de aparcamento, o sistema **só** se fai cargo da dirección. **Como condutor, debe acelerar, embragar, se é necesario, cambiar de marcha e frear.**

- Retroceda ata que soe o sinal continuo do ParkPilot; **OU BEN:** retroceda ata que na pantalla do cadro de instrumentos apareza a indicación de dar marcha adiante ››› **fig. 236** C ou ››› **fig. 237** C; **OU BEN:** retroceda ata que na pantalla do cadro de instrumentos apareza a mensaxe **`Park Assist finalizado`**. A barra de progreso ⑦ indica a distancia a percorrer ››› **páx. 304**.
- Prema o pedal do freo ata que o sistema de aparcamento asistido complete os xiros do volante; **OU BEN:** ata que se apague o símbolo ⊘ na pantalla do cadro de instrumentos.
- Engrene a 1ª marcha.
- Vaia marcha adiante ata que soe o sinal continuo do ParkPilot; **OU BEN:** vaia marcha adiante ata que na pantalla do cadro de instrumentos apareza a indicación de dar marcha atrás. O sistema de aparcamento asistido dirixe o vehículo marcha adiante e marcha atrás ata centralo no espazo ››› **fig. 236** C ou ››› **fig. 237** C.
- Para lograr un resultado óptimo, espere ao final de cada manobra a que sistema de aparcamento asistido remate de xirar o volante. A manobra de aparcamento remata cando aparece unha mensaxe ao respecto na pantalla do cadro de instrumentos e, se é necesario, escóitase un sinal acústico.

Barras de progreso

A barra de progreso ››› **fig. 236** ⑦ e ››› **fig. 237** ⑦ amosa simbolicamente na pantalla do cadro de instrumentos a distancia relativa que aínda se vai percorrer. Canto maior sexa a distancia, máis chea está a barra de progreso. Ao circular marcha adiante, o contido da barra de progreso diminúe cara arriba e, ao circular marcha atrás, diminúe cara abaixo.

Aviso

Se durante o aparcamento a manobra finaliza antes de tempo, o resultado pode non ser óptimo.

Desaparcar co sistema de aparcamento asistido (só no caso de espazos en liña)



Fig. 238 Na pantalla do cadro de instrumentos:desaparcar dun espazo en liña.

① Vehículo aparcado
② Vehículo propio con marcha atrás engrenada
③ Barra de progreso para indicar a distancia aínda por percorrer
④ Indicación da manobra proposta para desaparcar

Desaparcar (aparcamento en liña)

As condicións necesarias deben cumprirse para desaparcar co sistema de aparcamento asistido ››› **páx. 300**.

• Prema a tecla P ››› **fig. 233**. Cando o sistema está conectado, ilumínase un indicador de control na tecla P.

• Active o intermitente correspondente ao lado da calzada polo que sairá do espazo de aparcamento.

• Engrene a marcha atrás.

• Solte o volante ››› ⚠ **en Introdución ao tema da páx. 299**. Teña en conta a seguinte mensaxe: **`Dir. autom. activa. Vigile su alrededor`**. Mentres vixía ao seu redor, acelere con precaución, ata un máximo de 7 km/h (4 mph). Ao desaparcar, o sistema **só** se fai cargo da dirección. **Como condutor, debe acelerar, embragar, se é necesario, cambiar de marcha e frear.**

• Retroceda ata que soe o sinal continuo del ParkPilot; **O BEN:** vaia marcha atrás ata que na pantalla do cadro de instrumentos apareza a indicación de dar marcha adiante. A barra de progreso ››› **fig. 238** ③ indica a distancia a percorrer ››› **páx. 304**.

• Prema o pedal do freo ata que o sistema de aparcamento asistido complete os xiros do volante; **OU BEN:** prema o pedal do freo ata que se apague o símbolo ⊘ na pantalla do cadro de instrumentos.

• Vaia marcha adiante ata que soe o sinal continuo do ParkPilot; **OU BEN:** vaia marcha adiante ata que na pantalla do cadro de instrumentos apareza a indicación de dar marcha atrás. O sistema de aparcamento asistido dirixe o vehículo marcha adiante e marcha atrás ata que se poida sacar do espazo.

• O vehículo pode sacarse do espazo cando aparece unha mensaxe ao respecto na pantalla do cadro de instrumentos e, se é necesario, escóitase un sinal acústico. Fágase cargo da dirección co ángulo de xiro axustado polo sistema de aparcamento asistido.

• Tendo en conta o tráfico, saia do espazo de aparcamento.

Intervención automática do sistema de aparcamento asistido nos freos

O sistema de aparcamento asistido axuda ao condutor a intervir automaticamente nos freos en determinados casos.

O condutor sempre é responsable de frear a tempo ››› ⚠.

Intervención automática nos freos para evitar superar a velocidade permitida

Para evitar superar a velocidade permitida de aprox. 7 km/h (4 mph) ao aparcar e desaparcar, pode producirse unha intervención automática nos freos. Logo da intervención automática nos freos, pode continuar coas manobras para aparcar ou desaparcar.

Só hai unha intervención automática nos freos por cada intento de aparcamento ou desaparcamento. Se supera de novo os 7 km/h (4 mph), a operación correspondente interrómpese.

Intervención automática nos freos para reducir danos

Dependendo de certas condicións, o sistema de aparcamento asistido pode frear automaticamente o vehículo diante dun obstáculo accionando e mantendo accionado brevemente o pedal do freo ››› ⚠. A continuación, o condutor ten que pisar o pedal do freo.

Unha intervención automática nos freos para reducir danos fai que finalice a manobra de aparcamento.

⚠ ATENCIÓN

A intervención automática nos freos do sistema de aparcamento asistido nunca deberá inducir a correr ningún risco que comprometa a seguridade. O sistema non pode substituír a atención do condutor.

• O sistema de aparcamento asistido está suxeito a certas limitacións inherentes ao sistema. Nalgunhas situacións, é posible que a intervención automática nos freos só funcione de xeito limitado ou que non funcione en absoluto.

• Estea sempre preparado para frear o vehículo vostede mesmo.

• A intervención automática nos freos remata despois de 1,5 segundos aprox. A continuación, free vostede mesmo o vehículo.

Sistemas de axuda ao aparcar e manobrar (Park Pilot)

Introdución ao tema

Estes sistemas de asistencia axúdanlle ao aparcar ou manobrar:

– **Axuda de aparcamento Plus**. É un asistente que avisa de xeito visual e acústico sobre os obstáculos detectados *diante* e *detrás* do vehículo ››› **páx. 307**.

– **Axuda de aparcamento posterior**. É un asistente acústico e óptico que avisa sobre os obstáculos detectados *detrás* do vehículo ››› **páx. 311**.

⚠ ATENCIÓN

- **Preste atención, mirando directamente, ao tráfico e ao redor do vehículo. Os sistemas de asistencia non substitúen a atención do condutor. A responsabilidade recae sempre no condutor.**
- **Os sensores teñen zonas mortas nas que non poden detectar persoas nin obxectos. Preste atención especial aos nenos e aos animais.**
- **Manteña sempre o control visual sobre o contorno do vehículo: utilice tamén os retrovisores.**

ⓘ PRECAUCIÓN

As funcións da Axuda de aparcamento pódense ver afectadas por diversos factores que poden provocar danos:

- **Baixo certas circunstancias, o sistema non detecta ou amosa certos obxectos:**
  - **Cadeas, lanzas de remolque, barras, valos, postes e árbores finas.**
  - **Obxectos que están por riba dos sensores, como o beiril dunha parede.**
  - **Obxectos con certas superficies ou estruturas, como valos de malla de arame ou neve en po.**
- **Algunhas superficies de obxectos e pezas de roupa non poden reflectir os sinais dos sensores de ultrasóns. O sistema non pode detectar correctamente eses obxectos ou as persoas que leven esas pezas de roupa.**
- **Os sinais dos sensores poden verse afectados por fontes de son externas. Isto podería impedir a detección da presenza de persoas ou obxectos.**
- **Cando os sistema lle avisou sobre a proximidade dun obstáculo baixo, podería ocorrer que, ao seguir achegándose, ese obstáculo baixo desapareza do alcance de medición, polo que non seguirá avisándolle da súa presenza. En certas circunstancias, non se detectan obxectos como bordos altos, que poderían danar os baixos do vehículo.**
- **Se ignora a primeira advertencia da Axuda de aparcamento, o vehículo podería sufrir danos considerables.**
- **Os danos na grella do radiador, parachoques, paso de roda e baixos do vehículo poden modificar a orientación dos sensores. Isto pode afectar o funcionamento da axuda de aparcamento. Faga revisar o funcionamento nun taller especializado.**
- **Unha matrícula ou un portamatrículas cunhas dimensións que excedan o espazo destinado á matrícula ou unha matrícula que estea curvada ou deformada poden facer que se xeren falsas detecciónes ou que os sensores perdan visibilidade.**

ⓘ Aviso

- **A visualización na pantalla Easy Connect amósase cunha lixeira demora temporal.**
- **En situacións concretas, o sistema pode avisar mesmo se non se atopa ningún obstáculo na zona detectada;**
  - **chans rugosos, lastrados ou con herbas moi altas,**
  - **fontes externas de ultrasóns, como outros vehículos equipados con sistemas de ultrasóns,**
  - **choivas, nevadas intensas, sarabia ou gases de escape densos,**
  - **se a matrícula non está perfectamente pegada á superficie do parachoques,**
  - **en cambios de rasante.**
- **Para garantir o bo funcionamento, manteña os sensores limpos, libres de neve e**

xeo e non os cubra con adhesivos ou outros obxectos.

- **Se limpa con equipos de alta presión ou vapor os sensores, non apunte directamente a eles máis que brevemente e sempre mantendo unha distancia superior a 10 cm.**
- **Certos accesorios montados na parte anterior do vehículo, como por exemplo un portamatrículas publicitario, poden minguar o funcionamento da Axuda de aparcamento.**
- **Recomendámoslle que practique aparcando nunha zona sen tráfico.**
- **Pode modificar o volume e o ton dos sinais e das indicacións** **›››** **páx. 312****.**
- **Teña en conta as indicacións para a condución con remolque** **›››** **páx. 312****.**

Axuda de aparcamento Plus*

Descrición



Fig. 239 Visualización de axuda ao aparcamento na pantalla do sistema Easy Connect.

A **Ayuda de aparcamiento Plus** asiste o condutor mediante avisos visuais e acústicos sobre obxectos detectados diante e detrás do vehículo.

Os parachoques levan sensores integrados. Cando detectan un obstáculo, o indican mediante sinais acústicos e no sistema Easy Connect **›››** **fig. 239**.

En caso de acercarse a un obstáculo, pódese saber se é da parte dianteira ou traseira do vehículo elixindo distintas frecuencias sonoras.

O alcance de medición aproximado dos sensores é de:

Ⓐ 1,20 m

Ⓑ 1,60 m

Ⓒ 0,90 m

A medida que se achegue ao obstáculo, aumentará a frecuencia dos sinais acústicos. A uns 0,30 m o sinal será constante: detéñase!

Cando se mantén a separación, o volume do aviso redúcese logo duns 4 segundos.

Para poder visualizar toda a periferia do vehículo, ten que mover o vehículo uns metros cara adiante ou cara atrás. Deste xeito escanearanse as áreas que faltan e amósase a presenza de obstáculos nas zonas laterais do vehículo Ⓒ.

Particularidades do ParkPilot con visualización periférica

Nas seguintes situacións ocúltase automaticamente a área escaneada no lateral do vehículo:

- Cando se abre unha porta do vehículo.
- Se o ASR está desconectado.
- Cando a ASR ou o ESC están regulando.
- Se o vehículo permanece detido por máis de 3 minutos aprox.

Operación da Axuda de aparcamento



Fig. 240 Consola central:tecla de axuda de aparcamento (dependendo das versións).

Conexión e desconexión manual da Axuda de aparcamento

- Prema a tecla P *unha vez*.

Desconexión manual da visualización da Axuda de aparcamento (os sinais acústicos permanecen activos)

- Prema unha tecla de menú principal do sistema de infotainment montado de fábrica.
- **OU BEN**: prema o botón de función **ATRÁS** ↩.

Conexión automática da Axuda de aparcamento

- Engrene a marcha atrás.
- **OU BEN**: se circula cara adiante a unha velocidade inferior a 15 km/h (9 mph) e atopa un obstáculo, este detéctase cando está a menos de 95 cm. aprox. Se a conexión automática está activada, amósase unha visualización reducida ››› **fig. 241**.
- **OU BEN**: se o vehículo se despraza cara atrás.

Desconexión automática da Axuda de aparcamento

- Sitúe a panca selectora en **P**.
- **OU BEN**: circule a máis de 15 km/h (9 mph) cara adiante.

Supresión temporal do son da Axuda de aparcamento

- Prema o botón de función 🔇.

Cambio da visualización reducida ao modo de pantalla completa

- Engrene a marcha atrás.
- **OU BEN**: prema sobre a figura do coche da súa visualización reducida.

Cambio á imaxe do asistente de marcha atrás (Rear View Camera "RVC")

- Engrene a marcha atrás.
- **OU BEN**: prema o botón de función **RVC**.

Ao conectar o sistema escoitarase un breve sinal de confirmación e iluminarase o símbolo da tecla.

Activación automática

Fig. 241 Indicación en miniatura da activación automática

Ao conectarse automaticamente a **Axuda de aparcamento Plus** visualízanse a figura do vehículo e os segmentos na pantalla ››› **fig. 241**.

Só funciona cada vez que se reduza por primeira vez a velocidade por baixo dos 15 km/h (9 mph).

Cando se desactiva mediante a tecla P, para que se active de novo automaticamente, deberá realizarse unha das seguintes accións:

- Desconectar e volver conectar o acendido.
- **OU BEN**: circular cara adiante a máis de 15 km/h (9 mph) aprox.
- **OU BEN**: poñer e quitar a panca da posición **P**.

• **O BEN**: conectar e desconectar a activación automática no sistema Easy Connect.

A activación automática da axuda de aparcamento pódese conectar e desconectar no sistema Easy Connect ››› **páx. 84**:

• Conecte o acendido.

• Seleccione: tecla do infotainment > **AJUSTES > Aparcar y maniobrar**.

• Seleccione **Activación automática**. Se a caixa está marcada ☑, a función está conectada.

Cando se activou de xeito automático, só se emitirá un aviso acústico cando os obstáculos de diante se atopen a menos de 50 cm. aprox.

PRECAUCIÓN

A conexión automática da Axuda de aparcamento só funciona se circula moi lentamente. Se o estilo de condución non se adapta ás circunstancias, pode provocar un accidente e causar lesións graves.

Segmentos da indicación visual



Fig. 242 Visualización de axuda ao aparcamento na pantalla do sistema Easy Connect.

A indicación óptica dos segmentos funciona do seguinte xeito:

– **Segmentos brancos:** o obstáculo está a máis de 30 cm aprox., fóra da traxectoria ou no sentido contrario da marcha. Tamén se amosan cando temos activado o freo de estacionamento electrónico.

– **Segmentos amarelos:** os obstáculos están dentro da traxectoria do vehículo e a máis de 30 cm aprox. de distancia.

– **Segmentos vermellos:** os obstáculos atópanse a unha distancia inferior a 30 cm aprox.

Ademais, unha estela amarela sinalará a traxectoria prevista en función do xiro do volante.

Cando o obstáculo estea no sentido do vehículo, escoitarase o correspondente aviso acústico.

Cando se visualice o penúltimo segmento, terase alcanzado a zona de colisión. Na zona de colisión, os obstáculos están representados en vermello, tamén aqueles que están fóra do percorrido. Detéñase! ››› ⚠ **en Introdución ao tema da páx. 306**, ››› ❗ **en Introdución ao tema da páx. 306** !

No caso de que o vehículo estea equipado co sistema Top View Camera, a indicación visual da axuda de aparcamento aparecerá dependendo da vista seleccionada no sistema Top View Camera.

Axustar as indicacións e os sinais acústicos

As indicacións e os sinais acústicos axústanse no Easy Connect* ››› **páx. 84**.

Activación automática

☑ **on** – ☐ **off**.

Volume dianteiro*

Volume na parte dianteira e lateral.

Axustes/agudeza de son dianteiro*

Ton do son na parte dianteira.

»

Volume traseiro*

Volume na parte traseira.

Axustes/agudeza de son traseiro*

Ton do son na parte traseira.

Atenuar volume

Coa axuda de aparcamento conectada, reducirase o volume da fonte de audio segundo a opción escollida.

Mensaxes de erro

Se no cadro de instrumentos aparece unha mensaxe dun erro ou avaría na Axuda de aparcamento existe unha anomalía.

Se non desaparece a anomalía antes de desconectar o acendido, a próxima vez que conecte a axuda de aparcamento, non se indicará.

En caso de avaría dun sensor posterior, só se amosarán os obstáculos na área Ⓐ ››› **fig. 239**. En caso de avaría dalgún sensor dianteiro, só se amosarán os obstáculos na área Ⓑ. Amósase o símbolo ⚠.

Recomendamos acuda a un taller especializado para que reparen a avaría.

Condución con remolque



Fig. 243 Visualización da Axuda de aparcamento na pantalla con remolque enganchado.

Nos vehículos con enganche para remolque montado de fábrica, cando o remolque estea conectado, os sensores posteriores non se activarán ao engrenar a marcha atrás ou premer a tecla P, polo que non se indicarán nin na pantalla nin mediante sinais acústicos os posibles obxectos na parte traseira e aos lados do vehículo.

Na pantalla só se amosarán os obxectos detectados na parte dianteira e ocultarase a visualización da traxectoria.

Función freada en manobra*

✓ Só válido con Axuda de aparcamento Plus

A función de freada de emerxencia serve para minimizar o dano de posibles colisións.

Dependendo do equipamento, se a Axuda de aparcamento está activa, a función de freada en manobra activa a freada de emerxencia cando se detecta un obstáculo con perigo de colisión na traxectoria, en calquera dos sentidos da marcha.

A función non freará se a activación da Axuda de aparcamento débese a unha activación automática. Para o seu funcionamento, a velocidade de manobra debe estar entre 2,5-10 km/h (1,5-6 mph) para a zona dianteira e entre 1,5-10 km/h (1-6 mph) para a zona traseira.

Tras unha intervención, a función de freada ao manobrar está inactiva no mesmo sentido da marcha durante 5 metros. Despois de cambiar a marcha ou logo de cambiar a panca selectora de posición, a función queda de novo activa. Aplícanse as limitacións da Axuda de aparcamento.

A función freada en manobra axústase no sistema Easy Connect coa tecla > **AJUSTES > Aparcar y maniobrar**.

- ☑ **on** – permite o uso da función freada en manobra.
- ☐ **off** – non permite o uso da función freada en manobra.

Supresión temporal da freada de emerxencia

- Ao desactivar a función coa tecla de **Frenado de maniobra** que aparece na pantalla de **Ayuda de aparcamiento** do sistema Easy Connect.
- Ao abrir algunha das portas do coche, maleteiro ou capó.

Axuda de aparcamento posterior*

Descrición

A **axuda de aparcamento posterior** é un asistente acústico e óptico que avisa sobre obstáculos que se atopen *detrás* do vehículo.

O parachoques posterior ten sensores integrados. Cando detectan un obstáculo, o indican mediante sinais acústicos e visualmente no sistema Easy Connect.

No caso de que se teña instalado o sistema Top View Camera*, a axuda ao aparcamento posterior avisará acusticamente dos obxectos que se atopen nas proximidades da parte posterior do vehículo e na pantalla do Easy Connect aparecerá a imaxe do Top View Camera*, que xa da unha imaxe real dos obxectos situados ao redor do vehículo.

Teña espacial coidado de que os sensores non queden cubertos por adhesivos, residuos, sucidade e similares, xa que isto podería afectar o funcionamento do sistema. Instrucións de limpeza ››› **páx. 365**.

O alcance de medición aproximado dos sensores posteriores é de:

Zona lateral: 0,60 m

Zona central: 1,60 m

A medida que se achegue ao obstáculo, aumentará a frecuencia dos sinais acústicos. A uns 0,30 m o sinal será constante: detéñase! ››› ⚠ **en Introdución ao tema da páx. 306**, ››› ❗ **en Introdución ao tema da páx. 306**!

Cando se mantén a separación, o volume do aviso redúcese logo duns 4 segundos.

Operación da Axuda de aparcamento

Conexión da Axuda de aparcamento

- Engrene a marcha atrás.

Desconexión da Axuda de aparcamento

- Sitúe a panca selectora en **P**, **N** ou **D** (para cambio automático) ou quite a marcha atrás (para cambio manual).

Se a panca está axustada a **N** ou **D**, o sistema permanecerá activo durante aproximadamente 8 segundos antes de apagar. Durante ese tempo, a Axuda de aparcamento desactivarase se:

- a panca selectora colócase en **P**
- **OU BEN**, o vehículo acelera máis de 15 km/h (9 mph) cara adiante.

En caso de que teña instalado o sistema Top View Camera*, a axuda de aparcamento posterior desactivarase inmediatamente cando se desengrene a marcha atrás.

Desconexión manual da visualización da Axuda de aparcamento (os sinais acústicos permanecen activos)

- Prema unha tecla de menú principal do sistema de infotainment montado de fábrica.
- **OU BEN**: prema o botón de función **ATRÁS** ⮌.

Supresión temporal do son da Axuda de aparcamento

- Prema o botón de función 🔇. En caso de que teña instalado o sistema Top View Camera*, non poderá usar a supresión temporal do son da Axuda de aparcamento.

Cambio da visualización reducida ao modo de pantalla completa

- Engrene a marcha atrás.
- **OU BEN**: en vehículos equipados con asistente de marcha atrás (Rear View Camera »

"RVC") prema sobre a icona do coche da visualización reducida.

Cambio á imaxe do asistente de marcha atrás (Rear View Camera "RVC")

- Engrene a marcha atrás.
- **OU BEN**: prema a icona de función **RVC** .

Axustar as indicacións e os sinais acústicos

As indicacións e os sinais acústicos axústanse no Easy Connect* >>> **páx. 84**.

- **`Volumen trasero`***: volume na área posterior.
- **`Axustes/agudeza de son traseiro`***: ton do son na parte traseira.
- **`Atenuar volumen`**: coa axuda do aparcamento conectada, reducirase o volume da fonte de audio segundo a opción escollida.

Mensaxes de erro

Se no cadro de instrumentos aparece unha mensaxe dun erro ou avaría na Axuda de aparcamento existe unha anomalía.

Se non desaparece a anomalía antes de desconectar o acendido, a próxima vez que conecte a axuda de aparcamento, non se indicará.

Se algún sensor está avariado, na pantalla do Easy Connect amósase o símbolo ⚠.

Recomendamos acuda a un taller especializado para que reparen a avaría.

Dispositivo para remolque

Nos vehículos con enganche para remolque montado na fábrica, cando o remolque estea conectado, a Axuda de aparcamento non se activará ao engrenar a marcha atrás.

Segmentos da indicación visual



Fig. 244 Visualización de axuda ao aparcamento na pantalla do sistema Easy Connect.

Coa axuda dos segmentos na parte traseira do vehículo, pódese estimar a distancia aos obstáculos.

A indicación óptica dos segmentos funciona do seguinte xeito:

- **Segmentos brancos:** o obstáculo está a máis de 30 cm aprox., fóra da traxectoria ou no sentido contrario da marcha. Tamén se amosan cando temos activado o freo de estacionamento electrónico.
- **Segmentos amarelos:** os obstáculos están dentro da traxectoria do vehículo e a máis de 30 cm aprox. de distancia.
- **Segmentos vermellos:** os obstáculos atópanse a unha distancia inferior a 30 cm aprox.

Cada vez que o obstáculo estea no sentido de marcha do vehículo, escoitarase o correspondente aviso acústico.

A medida que o vehículo se achegue a un obstáculo, os segmentos amosaranse máis preto do vehículo. A máis tardar, cando se visualice o penúltimo segmento, terase alcanzado zona de colisión. Na zona de colisión, os obstáculos están representados en vermello (tamén aqueles que están fóra do percorrido). Non siga retrocedendo >>> ⚠ **en Introdución ao tema da páx. 306**, >>> ❗ **en Introdución ao tema da páx. 306**!

En caso de que estea equipado con cámara Top View*

A visualización de segmentos non se amosa cando o vehículo incorpora Cámara de visión superior*.

A Axuda de aparcamento avisará de forma acústica dos obxectos que se atopen nas

inmediacións da parte posterior do vehículo, e na pantalla teremos a imaxe da Top View Camera*, que xa da unha imaxe real dos obxectos situados ao redor do vehículo.

Sistema de visión periférica (Top View Camera)*

Introdución ao tema

Usando 4 cámaras, o sistema xera unha representación que se amosa na pantalla do sistema de infotainment. As cámaras están situadas na grella do radiador, nos retrovisores exteriores e no portón traseiro.

As funcións e representacións do sistema de visión periférica poden variar dependendo de se o vehículo ten ParkPilot ou non.

⚠ ATENCIÓN

A imaxe das cámaras non permite calcular con precisión a distancia á que se atopan os obstáculos (persoas, vehículos, etc.), polo que o seu uso podería causar accidentes e lesións graves.

- **As lentes das cámaras aumentan e deforman o campo visual e os obxectos aparecen na pantalla de xeito diferente e inexacto.**
- **Non se poden amosar algúns obxectos ou só de xeito pouco claro, por exemplo, os postes ou as reixas finas, debido á resolución da pantalla ou se as condicións de luz son insuficientes.**
- **As cámaras teñen zonas mortas nas que non poden captar persoas nin obxectos.**
- **A lente das cámaras deberá manterse limpa, libre de neve e xeo, e non se deberá cubrir.**

⚠ ATENCIÓN

A tecnoloxía intelixente que incorpora o sistema de visión periférica (Top View Camera*) non pode salvar os límites impostos polas leis físicas e só funciona dentro dos límites do sistema. O maior confort que proporciona o sistema de visión periférica non deberá inducir nunca a correr ningún risco que comprometa a seguridade. Cando se usa de forma neglixente ou involuntaria, poden producirse accidentes e lesións graves. O sistema non pode substituír a atención do condutor.

- **Adapte a velocidade e o estilo de condución ás condicións de visibilidade, climatolóxicas, da calzada e do tráfico.**
- **Non se distraia do tráfico coas imaxes que se amosan na pantalla.**
- **Manteña sempre o control do contorno do vehículo, xa que as cámaras non detectan nenos pequenos, animais ou determinados obxectos en todas as situacións.**
- **A incorporación dun portamatrículas pode interferir nas vistas que se amosan na pantalla, xa que é posible que se reduza o campo de visión das cámaras.**
- **É probable que o sistema non poida representar claramente todas as zonas.**

ⓘ PRECAUCIÓN

- **As imaxes da cámara na pantalla son só bidimensionais. Por falta de profundidade espacial, os obxectos que sobresaian ou as cavidades que estean na calzada, por exemplo, só se ven con dificultade ou non se aprecian en absoluto.**
- **En certas circunstancias, a cámara non capta obxectos como, por exemplo, barras, valos, postes ou árbores finas, que poderían causar danos no vehículo.**
- **O sistema amosa as liñas e caixas auxiliares independentemente do arredor do vehículo, non se realiza ningunha detección de obxectos. O condutor ten que valorar por si mesmo se o vehículo cabe no espazo de aparcamento.**

ⓘ PRECAUCIÓN

Para garantir o bo funcionamento do sistema, manteña as cámaras limpas, libres de neve e xeo, e non as cubra con adhesivos ou outros obxectos.

- **Nunca use un produto de conservación abrasivo para limpar as lentes das cámaras.**
- **Nunca use auga morna ou quente para eliminar a neve ou o xeo das lentes da**

»

cámara. De non ser así, as lentes poderían verse danadas.

Sistema de visión periférica



Fig. 245 Visualización do sistema de visión periférica:perspectiva aérea.

Pode elixir entre catro vistas diferentes:

Ⓐ Área da cámara dianteira
Ⓑ Área da cámara dereita
Ⓒ Zona de cámara traseira
Ⓓ Área da cámara esquerda

Botóns de función **fig. 245**:

✕ Saír da representación actual.

Axustar a visualización: brillo, contraste e cor.

Vistas tridimensionais

Dependendo do equipamento: conectar e desconectar o son do ParkPilot.

Combinando as imaxes de todas as cámaras xérase a perspectiva aérea ››› **fig. 245**. A perspectiva aérea pódese seleccionar premendo sobre o *vehículo* dentro da zona.

Premendo sobre as diferentes áreas ››› **fig. 245** Ⓐ a Ⓓ da perspectiva aérea ou da perspectiva aérea reducida, pódese seleccionar a vista correspondente.

Condicións necesarias para o uso do sistema de visión periférica

- As portas e o portón traseiro deben estar pechados.
- A imaxe debe ser fiable e clara. Así, por exemplo, a lente da cámara deberá estar limpa.
- A área ao redor do vehículo debe ser visualizada de forma clara e completa.
- A área para aparcar ou manobrar debe ser unha superficie plana.
- O vehículo **non** debe cargarse moito na parte traseira.
- O condutor ten que estar familiarizado co sistema.
- O vehículo non deberá presentar ningún dano pola zona das cámaras. Un taller especializado deberá revisar o sistema se a posición ou o ángulo de montaxe das cámaras cambiou, por exemplo, despois dunha colisión na parte traseira.

Particularidades

As imaxes das cámaras do sistema de visión periférica son só bidimensionais. Debido á falta de profundidade espacial, é difícil ou imposible apreciar na pantalla as depresións que poden estar no chan, os obxectos que sobresaen do chan ou as pezas que sobresaen doutros vehículos.

Situacións nas que os obxectos ou outros vehículos amósanse máis preto ou máis distantes na pantalla do que realmente están:

- Se pasa dunha superficie plana a unha pendente.
- Se vai dunha pendente a unha superficie plana.
- Se o vehículo está moi cargado na parte traseira.
- Se o vehículo se achega a obxectos que sobresaen. Estes obxectos poden estar fóra do ángulo de visibilidade das cámaras.

Condución con remolque

O sistema de visión periférica oculta na zona da cámara traseira todas as liñas auxiliares de orientación cando o dispositivo de remolque montado de fábrica está conectado electricamente cun remolque ››› **páx. 319**.

Aviso

Para familiarizarse co sistema e as súas funcións, CUPRA recomenda practicar a operación do sistema de visión periférica nun lugar sen demasiado tráfico ou nun aparcamento.

Conectar e desconectar



Fig. 246 Consola central:tecla para activar/desactivar manualmente o sistema de visión periférica cando se combina co sistema de aparcamento asistido (A) ou co sistema Park Pilot traseiro (B).

Conexión manual

- Prema *unha vez* a tecla ››› **fig. 246**.

Na pantalla do sistema de infotainment amósase a perspectiva aérea ››› **fig. 245**. Se preme a tecla circulando a máis de 15 km/h (9 mph), non se amosará a imaxe.

Conexión automática

- Engrene a marcha atrás.
- **OU BEN:** O vehículo vai cara atrás.

Amósase a vista da imaxe da cámara detrás do vehículo no modo de aparcamento en batería coa perspectiva aérea reducida.

Desconexión manual

- Prema *de novo* a tecla ››› **fig. 246**.
- **OU BEN:** prema unha tecla do sistema de infotainment montado de fábrica, por exemplo, a tecla .
- **OU BEN:** prema o botón de función ✕.

Desconexión automática

- Circule marcha adiante a máis de aprox. 15 km/h (9 mph).
- **OU BEN:** desconecte o acendido. O menú do sistema de visión periférica deixa de visualizar de inmediato.

Vistas do sistema de visión periférica (modos)



Fig. 247 Visualización na pantalla do sistema de visión periférica:A Cámara dianteira: vista campo a través. B Cámara traseira: vista campo a través.

- Dependendo do equipamento: conectar e desconectar o son do ParkPilot.
- ▷ Amosar a visualización reducida.
- ◁ Ocultar a visualización reducida.
- ✕ Saír da visualización do sistema de visión periférica.
- Axustar a visualización: brillo, contraste e cor.

»

A vista seleccionada amósase no lado dereito da pantalla. Na perspectiva aérea reducida que se visualiza no lado esquerdo, aparece a vista enmarcada en amarelo. Ademais, na marxe dereita da imaxe amósanse as posibles opcións de menú e as vistas (os denominados “modos”) da cámara en cuestión. A vista (modo) que estea activa nese momento aparece resaltada.

A perspectiva aérea reducida pode ocultarse premendo no símbolo ◁ e así pode amosar a vista seleccionada en toda a pantalla.

As liñas vermellas que se amosan indican unha distancia de aprox. 40 cm respecto ao vehículo.

Vistas da perspectiva aérea (vista de pasaro)

Modo principal:

Represéntase o vehículo e o medio máis próximo visto dende arriba. Dependendo do equipamento, tamén se pode amosar a visualización da traxectoria de ParkPilot.

Vistas tridimensionais:

Represéntase o vehículo e o seu medio visto dende arriba.

Represéntase o vehículo e o medio visto dende arriba en oblicuo.

Represéntase o vehículo e o medio visto oblicuamente.

Ao pasar o dedo pola pantalla do sistema de infotainment na dirección das frechas pode cambiarse o ángulo de visión nas vistas tridimensionais do vehículo e os seus arredores.

Vista da cámara dianteira (vista dianteira)

Tráfico transversal. Esta visualización axuda a vixiar o tráfico á esquerda, diante e dereita do vehículo e pode utilizarse, por exemplo, para saír de garaxes ou de saídas estreitas.

Aparcar en batería. Amósase a zona diante do vehículo. Como axuda, visualízanse liñas de orientación.

Campo a través. Amósase a zona situada directamente diante do vehículo vista dende arriba. Por exemplo, nunha pendente para ver a área directamente diante do vehículo.

Vistas da cámara lateral (vista lateral)

Lados dereito e esquerdo. Represéntanse as zonas situadas directamente ao lado do vehículo vistas dende arriba para poder rodear os posibles obstáculos con máis precisos.

/ Amósase o lateral do condutor e o do acompañante vistos dende arriba. Isto fai posible a visualización dos ángulos mortos ao longo do vehículo.

Vistas da cámara traseira (vista traseira)

Aparcar en batería. Amósase a zona situada detrás do vehículo. Como orientación, visualízanse liñas auxiliares.

Aparcar en liña. Amósase a zona situada directamente detrás do vehículo. As caixas e as liñas auxiliares de cor serven de orientación.

Campo a través ou función de enganchar un remolque. Represéntase a parte traseira do vehículo.

Nos vehículos con dispositivo de remolque montado de fábrica, amósanse liñas auxiliares semicirculares de cor verde e vermella. As liñas auxiliares indican a distancia respecto ao dispositivo de remolque. A distancia entre as liñas auxiliares (verdes e vermella) é de aprox. 30 cm A liña auxiliar de cor laranxa indica, segundo a rotación do volante, a dirección precalculada do dispositivo de remolque.

Tráfico transversal. Esta visualización axuda a vixiar o tráfico á esquerda, detrás e á dereita do vehículo e pode ser usado, por exemplo, para saír de garaxes ou de saídas estreitas.

Asistente de marcha atrás (Rear View Camera)*

Advertencias de operación e seguridade

⚠ ATENCIÓN

- O asistente de marcha atrás non permite un cálculo preciso da distancia á que se atopan os obstáculos nin pode exceder os límites propios do sistema, polo que o seu uso podería chegar a provocar accidentes e lesións graves cando se usa con neglixencia ou sen o coidado axeitado. O condutor debe vixiar sempre o contorno para garantir a condución segura.
- A lente da cámara aumenta e deforma o campo visual, e os obxectos poden observarse dun xeito diferente á realidade. Tamén se deforma a percepción das distancias.
- Debido á resolución da pantalla ou ás condicións de luz, algúns obxectos poderían non amosarse ou facelo de forma borrosa. Teña coidado cos postes, valos, reixas ou árbores de pequeno espesor, que poderían chegar a danar o vehículo sen ser apreciados na pantalla.
- O asistente de marcha atrás ten zonas mortas nas que pode non visualizar persoas nin obxectos. Manteña sempre o contorno do vehículo baixo control.
- Manteña a lente da cámara limpa, libre de neve e xeo, e non a cubra.
- O sistema non pode substituír a atención do condutor. Supervise sempre a manobra de aparcamento, e o contorno do vehículo.
- Non se distraia do tráfico coas imaxes que se amosan na pantalla.
- As imaxes son só bidimensionais. Os obxectos que sobresaen ou as cavidades da calzada, por exemplo, poderían apreciarse con dificultade ou non apreciarse en absoluto.
- A carga do vehículo modifica a representación das liñas de orientación ››› fig. 249. O ancho que representan estas, diminúe co nivel de carga. Preste atención ao contorno cando están cargados o interior ou o maleteiro.
- Nas situacións seguintes, obxectos ou outros vehículos amósanse máis preto ou máis lonxe do que realmente están. Preste especial atención:
  - Se pasa dunha superficie plana a unha pendente e viceversa.
  - Se o vehículo está moi cargado.
  - Se o vehículo achégase a obxectos que non estean sobre a superficie ou que sobresaian do seu soporte. Pódense deixar fóra do ángulo da cámara ao circular marcha atrás.

Aviso

- É importante poñer especial coidado e atención cando o condutor aínda non está familiarizado co sistema.
- O asistente de marcha atrás non está dispoñible se o portón traseiro está aberto.

Instrucións de uso



Fig. 248 Na asa do portón traseiro:localización da cámara do asistente para marcha atrás.

Unha cámara integrada na asa do portón traseiro axuda ao condutor ao aparcar ou manobrar marcha atrás ››› fig. 248.

A imaxe da cámara visualízase xunto a unhas liñas de orientación proxectadas na pantalla do sistema Infotainment. Na parte inferior obsérvase parte do parachoques que servirá de referencia ao condutor. »

Axustes do asistente de marcha atrás

O asistente de marcha atrás ofrece ao usuario a posibilidade de realizar axustes de *brillo*, *contraste* e *cor* da imaxe.

Para facer estes axustes:

- Deteña o vehículo nun lugar seguro sen desconectar o acendido nin o sistema de infotainment.
- Poña o freo de estacionamento.
- Engrene a marcha atrás.
- Prema o botón de función que aparece na pantalla.
- Faga os axustes desexados premendo os botóns de función –/+ ou movendo o botón desprazable.

Condicións necesarias para aparcar e manobrar co asistente de marcha atrás

Nos seguintes casos, non se deberá usar o sistema:

- Se non se amosa unha imaxe fiable ou se está deformada ou se a lente está sucia.
- Se a zona situada detrás do vehículo visualízase de forma incompleta.
- Se o vehículo está moi cargado.
- Se a posición da cámara cambiou despois dunha colisión na parte traseira. Encargue a un taller especializado que revise o sistema.

Familiarizarse co sistema

Para familiarizarse co sistema, as liñas de orientación e a súa función, CUPRA recomenda practicar nun lugar sen demasiado tráfico ou nun aparcamento cando haxa boas condicións climatolóxicas e de visibilidade.

Limpar a lente da cámara

Manteña a lente da cámara limpa e libre de neve e xeo:

- Humedeza a lente cun produto de limpeza de vidro regular que conteña alcohol e límpea cun pano seco.
- Retire a neve cun cepillo de man.
- Retire o xeo cun aerosol antixeo.

PRECAUCIÓN

- **Nunca utilice un produto abrasivo para limpar a lente da cámara.**
- **Nunca use auga morna ou quente para eliminar a neve ou o xeo da lente da cámara.**

Aparcar e manobrar co asistente de marcha atrás



Fig. 249 Visualización na pantalla do sistema Easy Connect:liñas de orientación.

Significado das liñas de orientación

››› fig. 249

1. **Liñas laterais:** prolongación do vehículo (aprox. no seu ancho total) sobre a calzada.
2. **Final das liñas laterais:** aprox. 2 metros detrás do vehículo sobre a calzada.
3. **Liña intermedia:** aprox. 1 m detrás do vehículo sobre a calzada.
4. **Liña horizontal vermella:** distancia de seguridade de aprox. 40 cm na parte traseira do vehículo sobre a calzada.

Conexión e desconexión do sistema

- O asistente de marcha atrás conéctase cando se dá o contacto ao engrenar a marcha atrás.
- O sistema desconéctase 8 segundos despois de desengrenar a marcha atrás e logo de quitar o contacto.
- Cando se supera a velocidade de 15 km/h (9 mph) coa marcha atrás engrenada a cámara deixará de emitir imaxe.

En combinación co sistema de Axuda ao aparcamento Plus ››› **páx. 307** a imaxe da cámara deixará de amosarse ao desengrenar a marcha atrás, pasando a visualizarse a información óptica proporcionada polo sistema de axuda ao aparcamento.

Tamén existe a posibilidade de ocultar a imaxe do axudante de marcha atrás:

- Premendo na pantalla unha das teclas do sistema de infotainment.
